

Estudo do mercado laboral

Provincia

2003

PONTEVEDRA

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais
Dirección Xeral de Formación e Colocación
Instituto Galego das Cualificacións

Coordinación:

Maria Luisa Mallo Fernández
Reyes Gámez Guardiola

Elaboración proxecto e documentación:

Marta Bermúdez de Santiago
Ricardo Fernández López
Rosa Fernández Fernández
Esther Sánchez González
Mª Belén Yáñez Barge
Victoria Otero Fernández
Gonzalo Picola Alonso
Mª José Sánchez Mariño
Diego Loureda Couceiro
Mª Jesús Iglesias Ferreiro

Análise e redacción final:

CIDADANIA Rede de Aplicacións Sociais S.Coop.Galega

Dep. legal: C-511-2000

ISSN: 1695-4173

Imprime:

Tórculo Artes Gráficas, S.A.
Pol. Ind. del Tambre
Santiago de Compostela

Índice

1.- INTRODUCCIÓN	5
2.- CONTIDO	9
3.- METODOLOXÍA E FONTES DE INFORMACIÓN:	17
3.1.- Metodoloxía	19
3.2.- Fontes de información e outros aspectos metodolóxicos	19
3.2.1.- Perfil sociodemográfico	19
3.2.2.- Tecido	19
3.2.3.- Demandas	20
3.2.4.- Ofertas	21
3.2.5.- Contratos	21
3.3.- Definicións e taxas	21
4.- CONTEXTO PROVINCIAL DO MERCADO LABORAL:	25
4.1.-Perfil sociodemográfico	27
4.1.1.- Poboación activa provincial. Evolución	27
4.1.2.- Poboación ocupada provincial. Evolución	28
4.1.3.- Poboación parada provincial. Evolución	30
4.2.- Tecido empresarial	31
4.2.1.- Tecido empresarial provincial	31
4.2.2.- Evolución anual	32
4.3.- Demandas de emprego provinciais	36
4.3.1. Demandantes galegos por provincia	36
4.3.2. Demandantes parados. Evolución	37
4.3.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego..	38
4.3.4. Demandantes de emprego por sexo e idade	38
4.3.5. Demandantes por nivel académico	40
4.3.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego	41
4.3.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia	42
4.3.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego	43
4.3.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego	43
4.4.- Ofertas	44
4.4.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución	44

4.4.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica.....	45
4.4.3. Perfil básico das ofertas.....	47
4.4.4. Análise ocupacional das ofertas	48
4.5.- Contratos	50
4.5.1. Número de contratos no ámbito provincial	50
4.5.2. Contratación provincial segundo o sexo e a idade	51
4.5.3. Contratación provincial segundo os sectores económicos.....	53
4.5.4. Tipoloxía da contratación laboral.....	55
4.5.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral.....	57
4.5.6. Ocupacións máis contratadas.....	59
5.- ANÁLISE DO MERCADO LABORAL COMARCAL:	61
A Paradanta	63
Caldas	89
O Baixo Miño	115
O Condado.....	141
Deza	171
O Morrazo	197
O Salnés	225
Pontevedra	251
Tabeirós-Terra de Montes	277
Vigo	305



capítulo

1

Introducción

1

Introdución

Para facilitar a posta en marcha de accións de emprego e formación por parte das entidades e organismos implicados nesta tarefa que resultan necesarias para o conxunto da nosa sociedade, é fundamental coñecer a estrutura e o comportamento do mercado de traballo.

Por este motivo, é preciso elaborar un instrumento de consulta que nos achegue a coñecer co maior detalle posible as características das principais variables que determinan o mercado laboral na nosa Comunidade Autónoma, é dicir, da oferta, da demanda, da contratación da forza de traballo, así como do tecido empresarial.

Ese é o propósito deste libro, que confiamos que constitúa unha valiosa fonte de análise do noso contorno para poder coñecer a realidade laboral e chegar así a transformala.

O informe do mercado laboral é elaborado ano a ano polo Observatorio das Ocupacións, servizo do INSTITUTO GALEGO DAS CUALIFICACIÓNS, adscrito á súa vez á Dirección Xeral de Formación e Colocación, da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais. Este observatorio, creado a través do Decreto 93/1999, do 8 de abril, actúa como un instrumento de traballo dirixido ao servizo público de emprego de Galicia e as institucións e profesionais que desenvolven a súa actividade no ámbito do emprego, a orientación e a formación profesional. Ten como función principal a de coñecer o funcionamento do mercado de traballo, proporcionando información axeitada para o deseño das políticas de formación profesional. En consecuencia, este informe é obxecto prioritario do seu labor.

Con respecto a edicións precedentes o formato da obra é similar en canto á estruturación da información, aínda que se introducen certas modificacións na súa presentación gráfica e incorpórase ou suprímese algún indicador debido ás modificacións producidas na información das diversas fontes manexadas.

A centralidade do ámbito comarcal na presente obra cobra suma importancia ao considerar a escaseza de estudos oficiais que descendan a un nivel inferior ao provincial. Como consecuencia, é previsible que se converta nunha ferramenta de extraordinaria utilidade tanto para o conxunto da Administración pública como para os profesionais que traballan no eido da formación e do emprego.

Os obxectivos que se tentan cubrir con esta publicación son os seguintes:

- ▶ Facilitar datos representativos das principais variables que configuran o mercado laboral nas 53 comarcas e en cada unha das catro provincias da Comunidade Autónoma galega, tanto desde o punto de vista cuantitativo como cualitativo.
- ▶ Amosar a evolución temporal experimentada no ámbito xeográfico comarcal ou provincial, fundamentalmente en certos parámetros concretos escollidos segundo a súa utilidade ou dispoñibilidade.

- Permitir a comparación entre cada unha das comarcas, así como entre o conxunto das catro provincias galegas, seleccionándose apartados que posibilitan comprobar as diverxencias entre as tendencias do ámbito local e da Comunidade Autónoma galega.

Non obstante, os tres obxectivos enunciados máis arriba pódense agrupar nunha pretensión xeral: *a de informar da realidade sociolaboral galega dende a valoración que se pode extraer do servizo público de emprego da nosa Comunidade Autónoma para facilitar o deseño e a programación axeitada de accións de emprego e formación.*

capítulo

2

Contido

2 Contido

En cada volume provincial, o OBSERVATORIO DAS OCUPACIÓNS realiza dous **niveis de análise** diferentes; un en clave provincial e outro en clave comarcal:

Un primeiro nivel provincial corresponde ao apartado cuarto do informe, e denomínase CONTEXTO PROVINCIAL DO MERCADO LABORAL. Este nivel contén unha análise descritiva dos seguintes cinco bloques temáticos: a poboación, o tecido empresarial, as demandas, as ofertas e os contratos. A primeira epígrafe só se desenvolve neste ámbito, debido á carencia de información desagregada no ámbito comarcal. Para establecer un marco comparativo que permita contextualizar as variables na dimensión espacial e temporal, expóñense varias referencias a nivel autonómico ao longo do texto.

Un segundo nivel refírese ao apartado quinto do informe denominado ANÁLISE DO MERCADO LABORAL COMARCAL, no que se presenta a selección de datos máis representativos do mercado de traballo en cada unha das comarcas da provincia. En consecuencia, nesta epígrafe inclúense as variables de: tecido empresarial, as demandas, as ofertas e os contratos, complementados con comentarios locais e provinciais, e evolutivos naqueles casos en que houbo dispoñibilidade de datos ou en que se considerou oportuno para establecer puntos de referencia, comparacións e desviacións tanto temporais como xeográficas. A diferenza doutros anos, por primeira vez introdúcese o epígrafe de tecido empresarial no ámbito comarcal, establecendo deste xeito un contexto máis completo do mercado de traballo de cada zona.

Para completar a caracterización do contido deste informe, móstranse a continuación uns breves comentarios dos diferentes bloques temáticos nel analizados:

Perfil sociodemográfico

A necesidade dunha análise sociodemográfica que amose as características da poboación activa e a súa composición vén determinada polo obxectivo prioritario deste estudo, que é o de presentar un informe da situación na que se atopa o tecido social e produtivo da nosa Comunidade. Este achegamento dende o punto de vista do contexto sociolaboral constitúe un dos eixes sobre os que se artella a estrutura do informe do mercado laboral.

Baixo o nome de perfil sociodemográfico, inclúese unha análise da información poboacional procedente da *Enquisa de poboación activa*, e móstranse as variables poboacionais básicas correspondentes á totalidade do territorio da Comunidade Autónoma, e de maneira desagregada en cada unha das catro provincias que integran o territorio galego.

Non obstante, nas anteriores edicións do *Informe do mercado laboral* non se recollían os novos datos producidos polas modificacións das que foi obxecto a *Enquisa de poboación activa* durante o ano 2002. As variacións foron de carácter metodolóxico e afectaron á medi-

ción dos parámetros do universo da mostra, aos criterios de extrapolación dos resultados da mostra a nivel global, así como á delimitación conceptual da figura de parado. Como resultado destas variacións, prodúcense cambios na información poboacional para os diferentes anos, optándose no presente estudo pola introdución dos novos valores xurdidos como consecuencia da reforma metodolóxica da enquisa.

Os ámbitos de análise seguen sendo iguais aos de edicións anteriores; así, aparecen datos referidos ao conxunto de Galicia e ás catro provincias, recollendo series anuais para os últimos seis anos. A información recollida está referida á poboación activa, á poboación ocupada e á poboación parada, segmentada segundo diversos factores, como o sexo, a idade ou o sector económico, estando en función da dispoñibilidade actual desa información nos diferentes niveis territoriais.

Tecido empresarial

O estudo do tecido empresarial constitúe unha síntese de datos sobre empresas e traballadores nos diferentes sectores produtivos, coa finalidade de obter un coñecemento xeral da estrutura empresarial dos diversos ámbitos territoriais.

Unha das variacións con respecto aos informes de anos precedentes é a inclusión deste nivel de análise no ámbito comarcal debido á dispoñibilidade actual desta información, manténdose a mesma descrición empresarial para as catro provincias galegas e o conxunto da Comunidade Autónoma. A comparación entre os diferentes ámbitos permite captar as desviacións que se producen tanto no ámbito provincial como comarcal.

Os datos analizados son os seguintes: número de empresas, autónomos e traballadores por conta allea nos diferentes sectores económicos e a súa evolución ao longo dos cinco últimos anos.

A presentación dos datos estruturouse seguindo unha serie constante a través de táboas e gráficos, con comentarios anexos baseándose en dous parámetros:

- *Tecido empresarial*: número de empresas, traballadores por conta allea e traballadores autónomos por sectores económicos do CNAE nas comarcas, provincias e no conxunto da Comunidade Autónoma galega.
- *Evolución anual*: datos evolutivos do número de empresas, traballadores por conta allea e autónomos nos catro sectores económicos principais a través dos cinco últimos anos.

Demandas

O concepto de demanda é un termo de uso común para un gran número de profesionais, pero con diferente significado segundo o ámbito tratado. Neste documento se adopta a acepción utilizada pola Administración autonómica, referíndose así unha demanda á solicitude de emprego por parte dun traballador, sexa ou non parado en sentido estrito, e unha oferta é a petición de currículos por parte dun empresario para cubrir un ou varios postos de traballo.

Feita esta aclaración, cabe sinalar que o estudo da demanda do informe do mercado laboral consiste na análise do perfil básico dos demandantes de emprego, é dicir, da caracterización do prototipo máis común de demandante existente en **Galicia** co propósito de coñecer os grupos de persoas que precisan de maior atención á hora de propiciar a súa entrada ou promoción no mercado laboral.

Así, o estudo da demanda centra a súa incidencia sobre aspectos concretos do perfil dos demandantes parados e non parados, como son: a idade, o tipo de actividade económica da que proveñen, a súa situación laboral, o nivel académico, o sexo, o tempo de busca de emprego ou as ocupacións máis demandadas.

A análise estableceuse sobre a combinación dos diferentes parámetros e fundamentalmente no ámbito comarcal e provincial, engadindo tamén algunha referencia ao eido local e autonómico. Por outra banda, engadíronse datos evolutivos provenientes da estatística de paro rexistrado do servizo público de emprego para posibilitar a comparación temporal destes.

Os resultados preséntanse nunha dobre análise, provincial e comarcal, agrupando os datos obtidos nas seguintes táboas:

- ▮ Demandantes por concello na análise comarcal ou demandantes por provincia e por comarca no caso da análise provincial.
- ▮ Evolución dos demandantes parados -do ano 1999 ao 2003-.
- ▮ Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego.
- ▮ Demandantes de emprego por sexo e de idade.
- ▮ Demandantes por nivel académico.
- ▮ Demandantes parados por tempo de busca de emprego.
- ▮ Demandantes por sectores económicos de procedencia.
- ▮ As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego.
- ▮ Perfil tipo dos demandantes de emprego.

En cada unha das táboas establécese tamén, como se indicou anteriormente, unha comparación cos valores medios provinciais -análise comarcal- ou autonómicos -análise provincial-, considerando como significativas aquelas desviacións maiores de 5 puntos porcentuais.

Ofertas

No informe do mercado laboral, as ofertas de emprego refírense ás peticións de currículos por parte das entidades empresariais xestionadas nas oficinas de emprego e ás tramitadas a través dos centros colaboradores.

O estudo das ofertas estrutúrase fundamentalmente por comarcas e provincias, realizando unha serie de análises comparativas sintetizadas nos seguintes puntos:

- ▮ Ofertas totais rexistradas. Evolución. Estudo do reparto das ofertas entre os distintos concellos que compoñen a comarca e a evolución destes nos anos comprendidos entre 1999 e 2003. Inclúense variacións medias e interanuais.
- ▮ Ofertas segundo os sectores de actividade económica. Reflíte o reparto das ofertas por concellos e sectores económicos, tanto en termos absolutos como relativos con respecto ao conxunto da comarca. Posteriormente afóndase no reparto subsectorial dentro de cada comarca. A continuación efectúase unha análise da evolución de ofertas por sectores económicos nos anos do período 1999-2003.
- ▮ Perfil básico das ofertas:

Sexo: Estúdanse os requirimentos de homes ou mulleres nos sectores económicos que interpoñen as súas ofertas nas entidades colaboradoras do servizo público de emprego e consideran ese requisito como unha característica que se debe ter en conta á hora de cubrir a súa demanda empresarial. Cómpre indicar que estes requisitos só se refliten nas ofertas rexistradas nas entidades colaboradoras do servizo público de emprego, pois non se dispón de información sobre este extremo nos restantes ámbitos de emprego da Comunidade galega.

Niveis académicos: Téñense en conta tamén os requirimentos de determinados estudos para cumprir coas necesidades expresadas polos empresarios.

De calquera xeito, en moitas comarcas o número de ofertas das que se fala é moi baixo, polo que as conclusións sacadas ao respecto deben ser tomadas como indicadores de tendencias que se dan no conxunto das ofertas de cada ámbito territorial analizado.

■ Análise ocupacional:

Preséntanse as ocupacións máis representativas polo número de ofertas recollidas nas entidades colaboradoras do servizo público de emprego nos últimos cinco anos. Nalgunhas ocasións cóntase con poucas ofertas nos anos analizados, o que motiva a aparición de ocupacións que teñen un número de ofertas pouco representativas.

Tamén se mostran na última táboa as ocupacións máis representativas polo número de ofertas recollidas nas oficinas de emprego do servizo público de emprego nos últimos cinco anos.

Contratos

A análise dos contratos ofrece unha visión integral das contratacións da Comunidade Autónoma durante o ano 2003 procedentes das oficinas de emprego do servizo público de emprego galego.

A finalidade perseguida con este estudo é a de caracterizar un apartado importante do mercado laboral, o contractual, facilitando información relevante sobre o seu comportamento no eido da nosa Comunidade Autónoma. Esta caracterización componse de seis apartados que inclúen, se é o caso, valoracións das evolucións anuais dos anos 1999 ao 2003, ambos incluídos:

■ O número de contratos no ámbito comarcal e municipal.

Comparación do número de contratos recollidos nos distintos concellos con respecto á súa comarca, destacándose aqueles que presentan un maior peso porcentual. Análise da evolución do número de contratos no ámbito comarcal e municipal durante os últimos cinco anos.

■ A contratación comarcal segundo o sexo e a idade.

Analízase a contratación comarcal do 2003 atendendo á súa distribución por homes e mulleres agrupados en cinco intervalos de idade. Así mesmo, inclúense dúas análises comparativas do acontecido nos últimos cinco anos con respecto á contratación masculina e feminina, e ademais á contratación segundo intervalos de idade.

■ A contratación comarcal segundo os sectores económicos.

Clasificación dos contratos por sectores económicos, afondando no subsector da industria e no sector servizos. Tamén se inclúen aquí as variables de sexo e idade e a evolución da contratación por sectores/subsectores económicos.

■ Tipoloxía da contratación laboral.

Distribución da contratación segundo o tipo de contrato, o sexo e a idade, distribución da contratación segundo o tipo de contrato e os sectores económicos, e a evolución do número de contratos segundo a súa tipoloxía.

■ Os grandes grupos de ocupación na contratación comarcal.

Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo, incluíndo a análise pormenorizada do volume contractual, así como comentarios sobre a evolución temporal para cada grupo e sexo.

■ As ocupacións máis contratadas.

Análise das 10 ocupacións máis contratadas en cada comarca no 2003. Tamén se inclúe un breve estudo das ocupacións máis destacadas no período 1999-2003.

Introdúcese para as análises evolutivas o cálculo de taxas, tanto interanuais como variacións medias, realizado do xeito explicado no apartado “definicións e taxas” incluído dentro do punto 3, Metodoloxía e fontes de información.

Metodología e fontes de información

capítulo

3

3

Metodoloxía e fontes de información

3.1.- METODOLOXÍA:

A información presentada no informe do mercado laboral é consecuencia dun importante traballo de análise e explotación de datos, ademais dunha investigación previa para determinar o tipo de categorías máis interesantes para observar o comportamento do mercado de traballo.

Deste xeito, a elaboración do estudo do mercado laboral seguiu dous procesos básicos:

- ▶ Determinación das variables máis adecuadas para caracterizar o mercado de traballo e, dentro de cada variable, os aspectos destacables pola súa representatividade.
- ▶ Explotación da información obtida directamente das bases de datos, depurando e contrastando os resultados.

3.2.- FONTES DE INFORMACIÓN E OUTROS ASPECTOS METODOLÓXICOS:

A continuación, co obxecto de lle garantir ao usuario do *Informe do mercado laboral* a súa correcta interpretación, expónse unha breve descrición das bases de datos utilizadas nos diferentes bloques temáticos e das especificacións metodolóxicas concretas realizadas en certos apartados desta publicación.

3.2.1.- Perfil sociodemográfico:

A información utilizada neste apartado procede da *Enquisa de poboación activa*, do Instituto Galego de Estatística. Dado que as definicións e a metodoloxía están contidas na EPA que publica este instituto, pensouse non reproducila para non ser reiterativos. Como xa se comentaba no apartado de contidos, os cambios metodolóxicos introducidos na EPA no ano 2002 produciu un cambio nos valores das series contempladas no presente estudo, polo que se optou por reflectir estes últimos en detrimento dos valores procedentes da anterior EPA.

3.2.2.- Tecido empresarial

A información utilizada neste estudo orixínase a partir da información obtida da Tesourería Xeral da Seguridade Social, que constitúe, por unha banda, o rexistro de traballadores por conta allea e por conta propia nos diferentes réximes da Seguridade Social, xeral e específicos e, por outra banda, o rexistro de empresas a través das denominadas contas de cotización.

O motivo de utilizar esta base de datos como fonte de información deriva da súa elevada fiabilidade, xa que a Tesourería Xeral da Seguridade Social inclúe todos os datos dos traballadores que exercen unha actividade laboral de xeito legal, ao ser obrigatoria a alta na Seguridade Social como requisito previo para a incorporación ao emprego, e porque ademais considera a totalidade dos sectores económicos e tamén ten en conta datos de diferentes anos que posibilitan realizar estudos evolutivos. Ademais, a partir deste ano, dispónse por primeira vez para a elaboración deste estudo da información desagregada a un nivel comarcal, a diferenza do que ocorría en edicións precedentes.

Como limitación, cabe sinalar que a información relativa ás empresas, ao provir de contas de cotización, pode aparecer inflada, razón que obriga a obrar con cautela á hora de extraer conclusións. En concreto, unha empresa pode ter abertas varias contas de cotización por diferentes motivos: por ter sedes en diferentes provincias, polo que neste caso aparecerá unha conta de cotización por provincia; por ter contratos para a formación; por exercer diferentes actividades; por realizar contratos a tempo parcial de menos de 12 horas semanais, que, aínda que xa non se poden formalizar, na actualidade mantéñense nalgúns empresas nas que se estableceron anteriormente; por ter contratado un axente de comercio; ou por contratar artistas esporadicamente.

Por outra banda, na Tesourería da Seguridade Social existen datos de empresas e traballadores non asignados a un sector concreto ou a unha provincia concreta, ou a ambos, que constitúen unha segunda limitación da citada base de datos. Estes “descoñecidos” asúmense, no primeiro caso, no epígrafe de “outros servizos” da provincia e de Galicia; no segundo caso, en Galicia no seu sector correspondente; e no terceiro caso, en “outros servizos” en Galicia.

3.2.3.- Demandas:

A información utilizada no estudo da demanda provén das bases de datos do servizo público de emprego.

Dentro dos demandantes distínguense parados dos non parados segundo a Orde ministerial do 11 de marzo de 1985, pola que se establecen criterios estatísticos para a medición do paro rexistrado. Deste xeito, enténdese que o paro rexistrado constitúe o total da demanda de emprego en alta rexistrada pola Oficina de Emprego existente o último día de cada mes. Segundo esta orde, exclúense do concepto de paro rexistrado, por exemplo, os demandantes de pluriemprego, mellora de emprego, que participan en traballos de colaboración social, que solicitan emprego conxuntural, estudantes, etc.

No que respecta á situación laboral dos demandantes, existe un apartado nos demandantes non parados, que se chama xenericamente “resto dos demandantes”, no que se inclúen as seguintes categorías:

- ▮ Con redución da xornada por modificación das condicións de traballo.
- ▮ Demandante doutro emprego adicional, pluriemprego.
- ▮ Demandante de emprego conxuntural, menos de tres meses.
- ▮ Demandante de emprego só en domicilio.
- ▮ Demandante de emprego só no estranxeiro.
- ▮ Demandantes inscritos participantes na selección nun posto concreto.
- ▮ Demandantes de autoemprego exclusivamente.
- ▮ Demandantes de formación ocupacional
- ▮ Demandantes para servizos externos ao servizo público de emprego.

3.2.4.- Ofertas:

O Observatorio Ocupacional segue a traballar este ano coa totalidade das ofertas rexistradas tanto nos centros colaboradores como nas oficinas de emprego. O período de análise deste estudo é de cinco anos comprendidos entre 1999 e 2003, facendo referencia ás ofertas recollidas nas 53 comarcas en nas catro provincias, o que permite acceder a unha maior cantidade de variables de interese analítico.

3.2.5.- Contratos:

A base de datos utilizada para caracterizar os contratos foi a que serve de soporte á sección de contratos das oficinas de emprego do servizo público de emprego de Galicia.

O período de análise concrétese en cinco anos comprendidos entre 1999 e 2003, ambos inclusive, período que consideramos axeitado para poder realizar un estudo evolutivo que ofrezca datos de interese.

Outra característica significativa deste apartado é que, a diferenza dos restantes bloques temáticos tratados neste informe, a súa análise ocupacional inclúe tanto os nove grandes grupos ocupacionais como a análise das ocupacións concretas. En relación con estas últimas, os códigos de identificación empregados son os da Clasificación Nacional de Ocupacións do INEM.

No que respecta aos distintos apartados analizados, cómpre realizar unha puntualización referida ao apartado 5.4.4, tipoloxía da contratación laboral, que recolle dentro do apartado "outros" a seguinte contratación: xubilación especial aos 64 anos, minusválidos centros especiais, colectivos de exclusión social e outros non especificados.

3.3.- DEFINICIÓN E TAXAS:

As **taxas** utilizadas nos diferentes apartados do estudo do mercado laboral son as seguintes:

- **Variación interanual (v.a.):** É igual ao número de ofertas do ano x menos as do ano anterior x-1, dividido polo número de ofertas do x-1 e multiplicado por 100.

É dicir, a variación entre os anos 99/00 obteríase do seguinte xeito:

$$\% \text{ Var. interanual }_{99-00} = (O_{00} - O_{99} / O_{99}) \times 100$$

Calculáramos o crecemento acadado nun ano con respecto ao ano anterior.

- **Variación media anual (v.m.a.):** Obtense da fórmula do interese composto. Se lle chamamos O_{2003} e O_{1999} ao número de ofertas dos anos 2003 e 1999, respectivamente, podemos expresar a fórmula da variación media anual do xeito seguinte¹:

$$\% \text{ VMA} = \left(\sqrt[4]{O_{2003} / O_{1999}} - 1 \right) \times 100$$

(a raíz é a que resulta de restarlle 1 ao número de anos dos que se pretende calcular a media, neste caso $5-1=4$, o que implica unha *raíz cuarta*)

Obteríamos desta forma o crecemento medio acadado nos cinco anos estudados².

¹ Cando os datos referentes ao primeiro ano da serie son igual a cero, non podemos calcular a variación descrita, xa que o resultado da fórmula toma un valor fóra de rango. Nestes casos optouse por non poñer ningún tipo de valor ou referencia.

² Os exemplos citados fan referencia á parte das ofertas, aínda que serían igualmente válidos para explicar os outros apartados deste informe.

► CLASIFICACIÓN DAS RAMAS DE ACTIVIDADE ECONÓMICA:

A clasificación da actividade económica usada neste estudo baséase no CNAE 93, con varios niveis de desagregación *ad hoc*.

Co propósito de facer unha clasificación sinxela e, ao mesmo tempo, significativa de todos os sectores económicos, estruturáronse a partir das seccións do CNAE 93 en sete subsectores e, posteriormente, agrupáronse en catro grandes sectores económicos para simplificar a comprensión das táboas e gráficos. Deste xeito, nalgúns apartados aparecen táboas cos sectores e noutros aparecen táboas cos sectores e subsectores.

SECTOR ECONÓMICO	SUBSECTOR ECONÓMICO
PRIMARIO	Agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca
SECUNDARIO	Industria
	Electricidade, gas e auga
CONSTRUCCIÓN	Construción
SERVIZOS	Comercio, hostalería e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores e artigos persoais e de uso doméstico
	Transporte, almacenamento e comunicacións
	Outros servizos

No derradeiro apartado, baixo o epígrafe de “outros servizos”, encóntranse representadas as seguintes actividades: a intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugamento, servizos empresariais, administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria, educación e actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais, outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade, servizos persoais, fogares que empregan persoal doméstico e organismos extraterritoriais. Tamén se inclúen aqueles datos, escasos en número, dos que se descoñece o sector económico concreto ao que pertencen.

Séguese mantendo os gráficos de sectores para a industria e os servizos cunha desagregación maior que a sinalada na táboa anterior, co propósito de conseguir máis información nestas actividades que son piares económicos da maioría das economías locais galegas.

En realidade, trátase de subseccións *ad hoc* elaboradas a partir do seguinte nivel de desagregación das subseccións CNAE que se denomina, segundo esta terminoloxía, como “división”. Esta clasificación foi realizada polo Observatorio baseándose en criterios de importancia de actividades industriais e de servizos na nosa Comunidade Autónoma, co propósito de establecer un equilibrio entre a facilidade de manexo da clasificación e, ao mesmo tempo, a maior cantidade de información extraíble en ambas as dúas actividades económicas.

A continuación relaciónanse dúas táboas co resultado desta desagregación:

CÓDIGO CNAE	DESCRIPCIÓN DAS DIVISIÓNS CNAE	SUBSECCIÓNS AD HOC NA INDUSTRIA
10	extracción e aglomeración de antracita, hulla, lignito e turba	OUTRAS INDUSTRIAS
11	extracción de crus de petróleo e gas natural	
12	extracción de minerais de uranio e torio	
13	extracción de minerais metálicos	
14	extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos	
15	industria de produtos alimenticios e bebidas	ALIMENTACIÓN
17	industria téxtil	TÉXTIL E CONFECCIÓN
18	industria da confección e da peletería	OUTRAS INDUSTRIAS
19	preparación, curtido e acabado do coiro; fabricación de artigos de marroquinería e viaxe	
20	industria de madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	MADEIRA
21	industria do papel	OUTRAS INDUSTRIAS
22	edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	
23	coquerías, refino de petróleo e tratamento de combustibles nucleares	
24	industria química	
25	fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	
26	fabricación doutros produtos minerais non metálicos	FABRICACIÓN DE PRODUTOS MINERAIS NON METÁLICOS
27	metalurxia	METALURXIA E FABRICACIÓN DE PRODUTOS METÁLICOS
28	fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	
29	industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	OUTRAS INDUSTRIAS
30	fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos	
31	fabricación de maquinaria e material eléctrico	
32	fabricación de material electrónico; fabricación de equipo e aparellos de radio	
33	fabricación de equipos e instrumentos médico-cirúrxicos, de precisión, óptica e relojería	
34	fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	FABRICACIÓN DE MATERIAL TRANSPORTE
35	fabricación doutro material de transporte	OUTRAS INDUSTRIAS
36	fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	
37	reciclaxe	SERVIZOS DE AUTOMOCIÓN
50	venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	
51	comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	COMERCIO EXCEPTO AUTOMOCIÓN
52	comercio polo miúdo, agás comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	
55	hostalería	HOSTALERÍA
60	transporte terrestre; transporte por tubos	TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS
61	transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores	
62	transporte aéreo e espacial	
63	actividades anexas aos transportes: actividades de axencias de viaxes	
64	correos e telecomunicacións	

CÓDIGO CNAE	DESCRIPCIÓN DAS DIVISIÓNS CNAE	SUBSECCIÓNS AD HOC NOS SERVIZOS
65	intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións	OUTROS SERVIZOS
66	seguros e plans de pensións, agás seguridade social obrigatoria	
67	actividades auxiliares da intermediación financeira	
70	actividades inmobiliarias	ACTIVIDADES INMOBILIARIAS E SERVIZOS EMPRESARIAIS
71	alugamento de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos	
72	actividades informáticas	
73	investigación e desenvolvemento	
74	outras actividades empresariais	AA.PP.
75	administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria	
80	educación	EDUCACIÓN
85	actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS
90	actividades de saneamento público	SERVIZOS Á COMUNIDADE
91	actividades asociativas	
92	actividades recreativas, culturais e deportivas	
93	actividades diversas de servizos persoais	
95	fogares que empregan persoal doméstico	OUTROS SERVIZOS
99	organismos extraterritoriais	

► GRUPOS DE IDADE

Séguese mantendo a clasificación en intervalos de idade establecidos no estudo do mercado laboral do ano anterior. A única excepción a esta división é a que se produce no apartado de perfil sociodemográfico no ámbito provincial, debido a que a información procedente da EPA emprega catro intervalos de idade en vez de cinco.

A distribución en cinco intervalos posibilita unha maior homoxeneidade dos grupos de idade, no sentido de incluír todos o mesmo número de anos, fornecendo a información en relación con este parámetro, xa que nos anos anteriores observouse que a meirande parte das ofertas, contratos e demandas correspondían ao grupo de mediana idade.

Contexto Provincial do mercado laboral

capítulo

4

4

Contexto provincial do mercado laboral

4.1.- PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO

4.1.1.- Poboación activa provincial. Evolución:

	Media anual						Variación media 98-03
	1998	1999	2000	2001	2002	2003	
De 16 a 19 anos	12,3	11,8	13,3	10,7	10,8	9,1	-5,77
De 20 a 24 anos	46,3	46,3	47,5	44,1	43,2	44,8	-0,66
De 25 a 54 anos	305,4	308,7	316,5	309,3	321,9	334,1	1,82
De 55 e máis anos	37,4	38,8	41,3	46,6	44,6	48,2	5,19
Total	401,3	405,6	418,5	410,7	420,3	436,2	1,68

TÁBOA 1: Poboación activa total da provincia de Pontevedra por idade. Miles de persoas.

	Media anual						Variación media 98-03
	1998	1999	2000	2001	2002	2003	
Home	229,2	233,0	237,9	234,0	240,5	248,0	0,97
Muller	172,2	172,6	180,5	176,6	179,8	188,1	0,87
Total	401,3	405,6	418,5	410,7	420,3	436,2	0,92

TÁBOA 2: Poboación activa total da provincia de Pontevedra por sexo. Miles de persoas.

A poboación activa total da provincia de Pontevedra no ano 2003 ascende a cerca de 436.200 persoas; esta cifra supón un valor superior ao que se observaba en 1998, dando como resultado unha variación anual media de 1,68%. Con respecto ao 2002, tamén se produce un ascenso, cunha variación interanual de 3,76%.


Segundo a idade da poboación, nos tramos inferiores prodúcese un descenso para o conxunto do período, sobre todo entre os traballadores que teñen entre 16 e 19 anos (variación media de -5,77%). Pola contra, no segmento de idade máis numeroso -o comprendido entre os 25 e 54 anos- hai un crecemento do 1,82%. Ademais, coa excepción do tramo temporal comprendido entre 2000-2001, en todo os anos se produce un incremento neste intervalo de idade.

No que respecta ao sexo, tanto nas mulleres como nos homes hai un comportamento positivo na súa evolución. Agás no tramo 2000-2001, no resto de anos prodúcese un crecemento sostido nos dous sexos, sendo similar nos dous sexos -variación media anual do 0,97% nas mulleres e 0,87% nos homes-.

TÁBOA 3: Taxa de actividade da provincia de Pontevedra por sexo.

	%					
	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Home	63,7	64,1	65,4	64	65,5	66,5
Muller	43,4	43,3	44,4	42,8	43,1	45,2
Total	53,1	53,2	54,3	52,8	53,6	55,3

GRÁFICO 1: Evolución da taxa de actividade segundo sexo.



A taxa de actividade é bastante máis alta nos homes ca nas mulleres en todos os anos do período comprendido entre 1998 e 2003. As diferenzas entre as dúas taxas apenas presentan variacións realmente significativas, aumentando para ambos os dous sexos ata chegar a un valor no 2003 de 66,5% para as homes e 45,2% para as mulleres.

4.1.2.- Poboación ocupada provincial. Evolución

TÁBOA 4: Poboación ocupada total da provincia de Pontevedra por sectores económicos. Miles de persoas.

	Media anual						Variación media 98-03
	1998	1999	2000	2001	2002	2003	
Primario	48,4	50,7	43,5	42,3	39,8	36,0	-5,75
Secundario	71,7	72,9	75,4	81,8	88,5	87,5	4,06
Construción	31,7	38,1	46,1	42,7	41,0	43,9	6,73
Servizos	172,3	173,0	186,3	192,2	193,3	206,2	3,66
Total	324,1	334,6	351,3	359,1	362,6	373,6	2,88

O comportamento positivo que se amosaba na evolución da poboación activa da provincia de Pontevedra volve a reiterarse cando falamos da poboación ocupada. Ademais, en todos os anos, sen excepción, prodúcese un incremento con respecto ao valor do ano anterior, sendo a variación media anual dun 2,88%. A excepción do sector primario, que a partir do ano 1999 comeza a descender paulatinamente, o resto de sectores teñen un comportamento positivo durante o período analizado.

Non obstante, as evolucións son dispares, xa que o sector servizos medra consecutivamente todos os anos dunha forma modesta pero sostida -cunha variación media de 3,66%-, en tanto que no secundario crece ata o ano 2002, para decrecer levemente no último ano (variación interanual de -1,13%). Por último, o da construción medra de maneira notable ata o ano 2000, e decrece despois ata 2002; finalmente recupérase no ano 2003. Como resultado disto, acada a variación media anual máis alta de todos os sectores 6,73%-.

	Media anual						Variación media 98-03
	1998	1999	2000	2001	2002	2003	
Home	201,3	207,6	213,6	214,9	220,9	224,8	2,23
Muller	122,8	127,0	137,7	144,2	141,7	148,7	3,90
Total	324,1	334,6	351,3	359,1	362,6	373,6	2,88

TÁBOA 5: Poboación ocupada total da provincia de Pontevedra por sexo. Miles de persoas.

	%					
	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Home	55,9	57,1	58,7	58,8	60,1	60,3
Muller	31	31,9	33,9	34,9	34	35,7
Total	42,8	43,9	45,6	46,1	46,2	47,3

TÁBOA 6: Taxa de ocupación da provincia de Pontevedra por sexo.




GRÁFICO 2: Evolución da taxa de ocupación segundo o sexo.

Tomando a distribución da poboación ocupada segundo o sexo, pódese observar o comportamento positivo tanto nos homes como nas mulleres ao longo de todos os anos comprendidos entre 1998 e 2003 -variación media de 2,23% e 3,90%, respectivamente-, coa excepción de 2002, onde descende o número de ocupados de sexo feminino. Con todo, o balance en números absolutos é algo máis positivo para as mulleres que para os homes.

Por outra parte, esta evolución positiva tamén se reflite nas taxas de ocupación de homes e mulleres. O comportamento é moi similar, pois se a distancia entre as taxas de ocupación en 1999 era de 24,9 puntos en favor dos homes, en 2003 esa distancia é de 24,6 puntos. Así, a taxa de ocupación para o conxunto de Pontevedra pasa de ser en 1999 o 42,8% da poboación activa ao 47,3% en 2003.

4.1.3. Poboación parada provincial. Evolución

TÁBOA 7: Poboación parada total da provincia de Pontevedra por sexo. Miles de persoas.


	Media anual						Variación media 98-03
	1998	1999	2000	2001	2002	2003	
Home	27,9	25,4	24,3	19,2	19,6	23,2	-3,62
Muller	49,4	45,6	42,8	32,4	38,1	39,4	-4,42
Total	77,3	71,0	67,2	51,6	57,7	62,6	-4,13

A redución do número de parados durante o período obxecto de estudo apréciase en maior medida ata o ano 2001, empezando a aumentar de novo a partir deste ano. Non obstante, tomando a variación media como un indicador de balance do período no seu conxunto, obsérvase un decrecemento, -4,13%. Esta situación repítese para ambos os sexos, dun xeito máis marcado para as mulleres (-4,42%, -3,62% para os homes). Cómpre destacar que o incremento do número de parados é máis forte para os homes no tramo 2002-2003 -variación interanual de 18,37%-, en tanto que nas mulleres prodúcese entre 2001 e 2002 -17,59%-.

TÁBOA 8: Taxa de poboación parada da provincia de Pontevedra por sexo.

	%					
	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Home	12,2	10,9	10,2	8,2	8,2	9,3
Muller	28,7	26,4	23,7	18,4	21,2	21
Total	19,3	17,5	16	12,6	13,7	14,4

GRÁFICO 3: Evolución da taxa de poboación parada segundo o sexo.



Como consecuencia do comentado anteriormente, as taxas de poboación parada seguen unha tendencia descendente ata o ano 2001, dándose un comportamento análogo nos dous sexos. A partir deste ano volven a aumentar as taxas, se ben non acadan os valores dos anos comprendidos entre 1998 e 2000. Ademais, as distancias entre homes e mulleres en relación coa súa taxa de parados acúrtanse neste período -en 2003 hai unha diferenza de 11,7 puntos, en tanto que en 1998 era de 16,5 puntos-.

4.2.- TECIDO EMPRESARIAL

4.2.1.- Tecido empresarial provincial. Situación actual

		EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
SECTORES		N.º	%	N.º	%	N.º	%
PONTEVEDRA	SECTOR PRIMARIO	2.588	6,65	31.184	11,40	644	1,11
	Agricultura e pesca	2.588	6,65	31.184	11,40	644	1,11
	SECTOR SECUNDARIO	4.347	11,16	60.512	22,12	5.345	9,17
	Industria	4.302	11,05	59.759	21,84	5.313	9,12
	Electricidade	45	0,12	753	0,28	32	0,05
	SECTOR CONSTRUCCIÓN	5.612	14,41	30.212	11,04	8.766	15,04
	Construcción	5.612	14,41	30.212	11,04	8.766	15,04
	SECTOR SERVIZOS	26.397	67,78	151.703	55,44	43.516	74,68
	Comercio e hostalería	13.327	34,22	56.599	20,69	28.879	49,56
	Transporte e comunicacións	1.888	4,85	13.281	4,85	4.264	7,32
	Outros servizos	11.182	28,71	81.823	29,90	10.373	17,80
	TOTAL	38.944	100,00	273.611	100,00	58.271	100,00

TÁBOA 9: Número e porcentaxe de empresas, traballadores e autónomos da provincia de Pontevedra por sector económico.

O sector servizos é o maioritario, tanto no que se refire a volume de empresas, como a número de traballadores e de autónomos. Tanto é así, que nel se circunscriben o 67,78% das empresas, seguíndolle a unha notable distancia o da construción -14,41%- e o secundario -11,16%-. No ámbito subsectorial, destaca o de comercio e hostalería, con máis da terceira parte das empresas, e o de outros servizos -28,71%-. No que respecta ao secundario, o subsector da industria centraliza case en exclusiva o número de empresas do sector, mentres que o da electricidade ten un peso marxinal.

A importancia do sector servizos tamén se visualiza no número de traballadores, se ben a un nivel un pouco menor que no caso anterior, ao dar ocupación ao 55,44%. Máis de 2 de cada 10 traballadores sitúanse no sector secundario, en tanto que un 11,04% están no da construción. A maior importancia no ámbito subsectorial tena o de outros servizos, seguido por industria e por comercio e hostalería.

Os traballadores autónomos concéntranse claramente no sector servizos -74,68%-, estando practicamente a metade deles no subsector de comercio e hostalería. A unha notable distancia colócase o sector da construción e o secundario.

O sector primario rexistra valores moi baixos en relación cos outros sectores, destacando máis no número de traballadores -11,4%-, cun papel máis marxinal en canto ao volume de empresas e autónomos.


Por outra parte, a provincia de Pontevedra é a segunda en importancia no conxunto das catro provincias galegas en canto ao número de empresas, traballadores e autónomos.

4.2.2.- Evolución anual

TÁBOA 10: Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	2.399	2.484	3.256	3.112	2.588
Agricultura e pesca	2.399	2.484	3.256	3.112	2.588
SECTOR SECUNDARIO	4.364	4.336	4.373	4.347	4.347
Industria	4.321	4.291	4.327	4.303	4.302
Electricidade	43	45	46	44	45
SECTOR CONSTRUCCIÓN	4.876	5.014	5.229	5.328	5.612
Construción	4.876	5.014	5.229	5.328	5.612
SECTOR SERVICIOS	22.808	23.439	24.440	25.382	26.397
Comercio e hostalería	11.852	12.143	12.549	12.894	13.327
Transporte e comunicacións	1.668	1.695	1.788	1.852	1.888
Outros servizos	9.288	9.601	10.103	10.636	11.182
TOTAL	34.447	35.273	37.298	38.169	38.944
TOTAL GALICIA	100.964	102.801	106.985	108.025	107.839

GRÁFICO 4: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.



Como se pode apreciar de xeito gráfico, fronte aos contrastes producidos no sector primario, o resto de sectores teñen un crecemento moderado con variacións interanuais relativamente modestas nos diferentes intervalos temporais que configuran o período 1999-2003. Así, se no sector primario hai unha variación interanual de 31,08% no tramo 2000-2001 e de -16,84% no 2002-2003, os máximos valores acadados polos resto de sectores sitúanse lonxe destas cifras, debido a que o sector da construción, cun 5,33% entre 2002 e 2003, sitúase nun segundo lugar en niveis de crecemento, en tanto que só descende levemente o secundario no tramo 1999-2000.

No tocante ao sector maioritario en números absolutos, ten unha variación media anual do 3,72%, medrando por riba desta cifra o subsector de outros servizos -4,75%-. Durante todo o período danse cifras de variación interanuais moi próximas á variación media, tendo un comportamento similar o resto de subsectores.




GRÁFICO 5: Número de empresas da industria segundo as actividades. Ano 2003.




Gráfico 6: Número de empresas dos servizos segundo as actividades. Ano 2003.


Centrándonos nos servizos e no subsector industrial, habería que comentar a distribución segundo as actividades para o ano 2003. Na industria cobra un maior peso a de outras industrias -supoñendo o 31,33% do total deste subsector-, a de metalurxia e fabricación de produtos metálicos -16,95%- e a de alimentación -15,78%-; o 35,94% restante repártese entre o resto de actividades.

Tres de cada dez empresas dos servizos dedícanse a actividades de comercio; a unha notable distancia sitúanse as empresas de hostalería, de outros servizos e de actividades inmobiliarias -co 13,51%, 12,99% e 12,59%, respectivamente-.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	35.415	34.636	33.199	31.838	31.184
Agricultura e pesca	35.415	34.636	33.199	31.838	31.184
SECTOR SECUNDARIO	53.906	57.013	57.927	60.558	60.512
Industria	53.126	56.258	57.169	59.803	59.759
Electricidade	780	755	758	755	753
SECTOR CONSTRUCCIÓN	25.379	27.015	29.182	29.697	30.212
Construción	25.379	27.015	29.182	29.697	30.212
SECTOR SERVICIOS	126.618	134.992	142.189	146.363	151.703
Comercio e hostalería	46.032	49.470	51.977	54.041	56.599
Transporte e comunicacións	11.555	12.197	12.701	13.163	13.281
Outros servizos	69.031	73.325	77.511	79.159	81.823
TOTAL PONTEVEDRA	241.318	253.656	262.497	268.456	273.611
TOTAL GALICIA	691.374	716.572	739.025	755.537	767.739

TÁBOA 11: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

GRÁFICO 7: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.



Os maiores aumentos no número de traballadores ao longo do período 1999-2003 danse no sector servizos e no da construción, xa que analizando as variacións medias o primeiro acada un valor de 4,62% e o segundo de 4,45%; a estes dous séguelles de preto o secundario -2,93%-. Porén, o sector primario decrece en todos os anos que comprende este período, resultando unha variación media de -3,13%.

Analizando por anos, tanto o sector servizos como o da construción acadan os maiores niveis de crecemento durante os anos comprendidos entre os anos 1999-2001, tendo no tramo 2000-2001 unhas variacións interanuais de 6,61% e 6,45%, respectivamente. A partir deste ano, os seus ritmos de crecemento son un pouco máis modestos. A evolución do sector secundario é máis descontinua, pois tende a aumentar o número de traballadores en maior medida nos tramos 1999-2000 e 2001-2002 -variación interanual de 5,76% e 4,54%-, tendendo ao estancamento nos tramos restantes. No sector primario os ritmos de decrecemento son continuos ao longo do período, agudizándose entre os anos 2000 e 2002.

No ámbito subsectorial destaca o crecemento do comercio e hostalería -variación media de 5,3%-, sobre todo no ano 1999-2000 -variación interanual de 7,47%-, tendo unha evolución máis discreta os outros dous subsectores dos servizos.

TÁBOA 12: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	392	448	478	571	644
Agricultura e pesca	392	448	478	571	644
SECTOR SECUNDARIO	5.158	5.288	5.313	5.269	5.345
Industria	5.125	5.259	5.283	5.240	5.313
Electricidade	33	30	31	29	32
SECTOR CONSTRUCCIÓN	6.886	7.278	7.719	8.211	8.766
Construción	6.886	7.278	7.719	8.211	8.766
SECTOR SERVIZOS	39.886	40.723	41.136	42.041	43.516
Comercio e hostalería	27.470	27.711	27.783	28.134	28.879
Transporte e comunicacións	4.310	4.312	4.267	4.277	4.264
Outros servizos	8.106	8.700	9.086	9.630	10.373
TOTAL PONTEVEDRA	52.322	53.737	54.646	56.092	58.271
TOTAL GALICIA	159.865	163.524	165.320	167.163	172.814




GRÁFICO 8: Variación interanual del número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.

Como se pode observar no gráfico anterior, tanto o sector servizos como o da construción seguen unha tendencia alcista no número de autónomos, se ben cun nivel de intensidade diferente. Así, o primeiro ten unhas variación interanuais en torno ao 2%, subindo algo máis no 2002-2003 -3,51%-, resultando unha variación media de 2,2%, en tanto que o da construción móvese en valores de variación interanual do 6%, dando un valor resumo para o conxunto do período de 6,22%.

A pesar de ter un menor número de traballadores no conxunto dos sectores, o primario experimenta o maior crecemento e oscilacións. No conxunto do período acada unha variación media de 13,21%, incrementando en maior medida o seu volume de autónomos durante 1999-2000 e 2001-2002. O sector secundario é o que ten uns ritmos de crecemento menores, chegando a descender levemente entre 2001 e 2002.

No ámbito subsectorial destacan o de agricultura e pesca e mais o de outros servizos. Hai que sinalar o leve descenso producido no de transporte e comunicación variación media de -0,27%; en tanto que no de comercio, que ten o maior número de autónomos, os ritmos de crecemento son levemente inferiores aos producidos no conxunto dos servizos.


4.3.- DEMANDAS DE EMPREGO

4.3.1. Demandantes galegos por provincia

TÁBOA 13: Distribución provincial dos demandantes da Comunidade galega.

	PARADOS		NON PARADOS		TOTAL	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
A Coruña	66.035	41,97	30.470	39,11	96.505	41,02
Lugo	16.497	10,49	8.285	10,63	24.782	10,53
Ourense	18.440	11,72	10.472	13,44	28.912	12,29
Pontevedra	56.365	35,82	28.679	36,81	85.044	36,15
TOTAL	157.337	100,00	77.906	100,00	235.243	100,00

GRÁFICO 9: Distribución dos demandantes galegos por provincias.



Pontevedra é a segunda provincia de Galicia en número de demandantes, tras A Coruña; esta situación tamén se reproduce tanto para os que están en situación de desemprego como para os que non. Non obstante, obsérvase que a diferenza entre estas dúas provincias é menor no caso dos demandantes non parados -2,3 puntos a favor da Coruña- que no dos parados -6,15 puntos-.

Ademais, o número de demandantes desempregados case duplica ao dos non parados, representando o 66,59% do total.

TÁBOA 14: Distribución comarcal dos demandantes da provincia de Pontevedra.

	PARADOS		NON PARADOS		TOTAL	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
A Paradanta	679	1,20	391	1,36	1.070	1,26
Caldas	2.150	3,81	948	3,31	3.098	3,64
O Baixo Miño	2.914	5,17	1.375	4,79	4.289	5,04
O Condado	2.504	4,44	1.084	3,78	3.588	4,22
O Deza	1.205	2,14	760	2,65	1.965	2,31
O Morrazo	4.981	8,84	2.872	10,01	7.853	9,23
O Salnés	7.609	13,50	3.439	11,99	11.048	12,99
Pontevedra	6.379	11,32	3.534	12,32	9.913	11,66
Tabeirós-Terra de Montes	1.334	2,37	667	2,33	2.001	2,35
Vigo	26.610	47,21	13.609	47,45	40.219	47,29
TOTAL PROVINCIAL	56.365	100,00	28.679	100,00	85.044	100,00

A comarca de Vigo ten case a metade de demandantes da provincia de Pontevedra, cunhas porcentaxes semellantes tanto para os parados como para os non parados. A unha notable distancia sitúanse tres comarcas: O Salnés -12,99%-, Pontevedra -11,66%- e O Morrazo -9,23%-. No caso dos demandantes non parados, Pontevedra sitúase por riba do Salnés, se ben cunha diferenza moi pequena.

4.3.2. Demandantes parados. Evolución

	PARADOS PROVINCIA	VARIACIÓN INTERANUAL %	PROVINCIA/TOTAL COMUNIDADE %
1999	50.401		35,40
2000	49.858	-1,08	35,06
2001	49.062	-1,60	35,46
2002	53.210	8,45	35,23
2003	56.367	5,93	35,83

TÁBOA 15: Evolución dos demandantes parados.




GRÁFICO 10: Evolución dos demandantes parados da provincia de Pontevedra.

No conxunto da provincia de Pontevedra hai unha redución leve do número de demandantes ata o ano 2001, aumentando a partir de 2002 -variación interanual de 8,45%- e continuando con esta progresión en 2003.

Esta evolución é moi semellante á producida no ámbito de Galicia, o que se explica pola evolución do peso específico da provincia no conxunto da Comunidade Autónoma debido á súa estabilidade ao longo do período.

TÁBOA 16: Situación laboral dos demandantes.

4.3.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	9.710	11,42	11,80
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	46.655	54,86	55,08
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	3.245	3,82	4,05
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	10.493	12,34	12,55
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	4.936	5,80	5,10
	En expediente de regulación de emprego	1.092	1,28	1,54
	Demandantes de mellora de emprego	5.949	7,00	6,61
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	2.456	2,89	2,70
	Resto de demandantes	508	0,60	0,57
	TOTAL	85.044	100,00	100,00

O 54,86% dos demandantes da provincia de Pontevedra son parados que tiveron emprego anteriormente. A forte presenza deste colectivo fai que o resto de situacións laborais teñan unha posición marxinal; así, só o 12,34% son demandantes non parados con emprego anterior e o 11,42% son parados sen emprego anterior.

Da comparativa entre o nivel provincial e o autonómico, apenas se aprecian diferenzas significativas, sendo os colectivos comentados anteriormente os máis representativos para os dous ámbitos territoriais.

4.3.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 17.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	PROVINCIA N.º	HOMES %	MULLERES %	PROVINCIA %	COMUNIDADE %
Menos de 26 anos	4.577	6.320	10.897	8,12	11,21	19,33	18,04
26 a 35 anos	6.504	10.922	17.426	11,54	19,38	30,92	29,92
36 a 45 anos	4.033	8.089	12.122	7,16	14,35	21,51	21,78
46 a 55 anos	3.600	6.216	9.816	6,39	11,03	17,42	17,78
56 e máis anos	3.076	3.028	6.104	5,46	5,37	10,83	12,48
TOTAL PROVINCIA	21.790	34.575	56.365	38,66	61,34	100,00	35,82
TOTAL COMUNIDADE	63593	93744	157.337	40,42	59,58	35,82	100,00

A maioría dos demandantes parados da provincia de Pontevedra son mulleres -61,34%-, e un de cada dous ten menos de 36 anos. Atendendo aos grupos de idade segundo o xénero, obsérvase que son as mulleres comprendidas entre os 26 e os 45 anos as que obteñen porcentaxes máis altas -19,38% e 14,35%-, seguidas dos homes que teñen entre 26 e 35 anos -11,54%-.

A similitude dos valores segundo o sexo e a idade na provincia con respecto a Galicia é a nota máis característica da comparación entre ambas. Así, tamén nesta última predominan os menores de 36 anos -46,70%- e as mulleres -60,71%- , aínda que con respecto á idade acaden valores un pouco máis baixos.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	PROVINCIA N.º	HOMES %	MULLERES %	PROVINCIA %	COMUNIDADE %
Menos de 26 anos	2.355	3.096	5.451	8,21	10,80	19,01	18,88
26 a 35 anos	2.705	5.398	8.103	9,43	18,82	28,25	27,82
36 a 45 anos	1.898	4.192	6.090	6,62	14,62	21,24	20,46
46 a 55 anos	1.786	3.387	5.173	6,23	11,81	18,04	17,48
56 e máis anos	2.036	1.826	3.862	7,10	6,37	13,47	15,36
TOTAL PROVINCIA	10.780	17.899	28.679	37,59	62,41	100,00	100,00
TOTAL COMUNIDADE	30.612	47.294	77.906	39,29	60,71	36,81	100,00

TÁBOA 17.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

A importancia do sexo feminino dentro dos demandantes non parados tamén é unha nota característica da provincia de Pontevedra; así, un 62,41% son mulleres -1,7 puntos por riba do valor no ámbito galego-. Así mesmo, vólvese a producir a concentración de demandantes non parados entre os menores de 36 anos -47,26%-, se ben en relación cos parados acadan valores algo menores. De feito, a porcentaxe de maiores de 45 anos -31,51%- é lixeiramente superior que no caso dos demandantes parados -28,25%-.

Igual que sucedía anteriormente, obsérvanse poucas diferenzas nas distribucións porcentuais por idade entre o ámbito provincial e o autonómico.





GRÁFICO 11: Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.

Observando o conxunto de demandantes, o grupo preeminente é o de 26 a 35 anos, que representa o 30,02%, seguido polo de 36 a 45 anos, 21,41%. Tamén é destacable que para todos os grupos de idade os parados se sitúen por riba dos non parados.

GRÁFICO 12: Distribución proporcional do total de demandantes por sexo.



As mulleres acadan porcentaxes maiores tanto entre os demandantes parados como entre os non parados. Non obstante, obsérvase que a distancia entre mulleres e homes é maior entre os parados -40,66% mulleres fronte ao 25,62% de homes-, que entre os non parados -21,05% fronte ao 12,67%-.

4.3.5. Demandantes por nivel académico

TÁBOA 18.1: Distribución dos demandantes parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	PROVINCIAL %	COMUNIDADE %
Ata certificado de escolaridade*	17.119	30,37	32,81
Titulación de ensinanza obrigatoria	22.483	39,89	32,57
Formación profesional	3.490	6,19	6,20
BUP/Bacharelato superior/COU	6.722	11,93	14,65
Titulados universitarios	5.119	9,08	12,07
Outras titulacións	1.432	2,54	1,70
TOTAL	56.365	100,00	100,00

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

Un 39,89% dos demandantes parados só teñen unha titulación de ensino obrigatorio, en tanto que un 30,37% non chegan a acadar ese nivel. A bastante distancia destes dous últimos sitúanse os que teñen bacharelato e títulos universitarios -11,93% e 9,08%, respectivamente-.

Con respecto a Galicia, a provincia presenta uns valores máis altos entre os demandantes parados con ensinanza obrigatoria -7,32 puntos máis-, e menores nos de bacharelato e universitarios -2,72 e 2,99 puntos menos, respectivamente-.

TÁBOA 18.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico

	VALOR ABSOLUTO	PROVINCIAL %	COMUNIDADE %
Ata certificado de escolaridade	9.362	32,64	32,81
Titulación de ensinanza obrigatoria	10.127	35,31	32,57
Formación profesional	1.732	6,04	6,20
BUP/Bacharelato superior/COU	3.954	13,79	14,65
Titulados universitarios	3.009	10,49	12,07
Outras titulacións	495	1,73	1,70
TOTAL	28.679	100,00	100,00

Entre os demandantes non parados hai que destacar a analoxía que se produce na distribución por niveis académicos entre o ámbito provincial e autonómico. Pódese observar na táboa anterior que só hai unha maior porcentaxe de Pontevedra entre os que contan con ensino obrigatorio -35,31% fronte ao 32,57%-, en tanto que o resto de valores son moi similares.

Ademais, hai que sinalar que a gran maioría dos non parados, igual que sucede cos parados, teñen estudos obrigatorios ou non chegan a ter ese nivel, representando conxuntamente o 67,95% na provincia e o 65,38% en Galicia. A continuación estarían os que contan con estudos de bacharelato, seguidos dos universitarios. Por último, habería que destacar a porcentaxe relativamente baixa dos que teñen formación profesional, tanto no ámbito provincial como no galego.

4.3.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	6,62	1,04	0,46	8,12
	Mulleres	7,65	1,92	1,64	11,21
26 a 35 anos	Homes	8,18	1,88	1,48	11,54
	Mulleres	10,39	3,06	5,93	19,38
36 a 45 anos	Homes	4,46	1,10	1,59	7,16
	Mulleres	6,39	2,03	5,93	14,35
46 a 55 anos	Homes	3,18	0,86	2,34	6,39
	Mulleres	3,44	1,28	6,31	11,03
Máis de 55 anos	Homes	1,47	0,80	3,19	5,46
	Mulleres	1,04	0,51	3,83	5,37
% PROVINCIAL		52,82	14,49	32,69	100,00
% COMUNIDADE		49,55	14,73	35,72	100,00

TÁBOA 19: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

A maioría dos demandantes parados da provincia de Pontevedra levan menos de 6 meses buscando emprego, en tanto que os que levan máis dun ano representan o 32,69%; a certa distancia están os demandantes que levan buscando emprego entre seis meses e un ano -14,49%-. A prevalencia das mulleres como demandantes recóllese para todos os intervalos de tempo de busca de emprego, se ben se reflite en maior medida entre as paradas de longa duración -un 23,63% son mulleres, fronte a un 9,06% de homes-, diferenza que é menor no caso das que son de curta duración -28,91% mulleres, 23,91% homes-.

En todos os tramos de idade a situación máis frecuente é a de levar buscando emprego menos de seis meses, agás para o caso dos que teñen máis de 55 anos, onde prevalece a situación de desempregado de longa duración -7,02%-.

Comentando a distribución segundo a segmentación de sexo e idade, predominan os demandantes que levan menos de un semestre en situación de busca de emprego, coa excepción das mulleres de máis de 46 anos e os homes de máis de 55 anos, onde acadan maiores porcentaxes os parados de longa duración.

4.3.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia


TABOA 20: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS			NON PARADOS		
	Provincial N.º	Provincial %	Comunidade %	Provincial N.º	Provincial %	Comunidade %
Sector primario	1781	3,16	2,53	1.051	3,66	3,21
Sector secundario	10.851	19,25	17,05	5.369	18,72	17,02
Construcción	5.594	9,92	12,36	2.041	7,12	8,22
Sector servizos	28.533	50,62	50,55	15.784	55,04	55,23
Sen actividade previa	9.606	17,04	17,50	4.434	15,46	16,32
TOTAL	56.365	100,00	100,00	28.679	100,00	100,00

A maioría dos demandantes proceden do sector servizos, situación que se produce tanto entre os parados como nos non parados, e tanto no ámbito provincial como no autonómico.


Deixando á marxe aqueles demandantes que non tiñan unha actividade previa consignada, o seguinte sector con maior representación de demandantes é o secundario, seguido da construción. Neste sector é onde se aprecia algunha diferenza significativa entre Pontevedra e Galicia, xa que un 19,25% dos demandantes parados da provincia proceden del, mentres que esta porcentaxe é do 17,05% para a Comunidade Autónoma de Galicia.

GRÁFICO 13: Demandantes parados na industria.



As actividades de alimentación, outras industrias e fabricación de material de transporte concentran o 66% dos demandantes parados do subsector da industria, en tanto que a de téxtil e metalurxia concentran o 13% e o 11%.

GRÁFICO 14: Demandantes parados nos servizos.



Case a metade -45%- dos demandantes parados dos servizos proceden de actividades inmobiliarias e de comercio. Preto dos seus valores sitúase hostalería -19%-, seguida a maior distancia por administracións públicas -11%-. O 25% restante distribúese nas outras seis actividades sinaladas.

4.3.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

	VALOR ABSOLUTO	PROVINCIAL %	COMUNIDADE %
Dependente de comercio, en xeral	7.920	9,31	8,91
Empregado administrativo, en xeral	7.623	8,97	8,95
Peón da ind. manufactureira, en xeral	6.311	7,42	5,26
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	6.022	7,08	7,42
Camareiro, en xeral	2.657	3,12	2,78
Cecedor de peixes e mariscos	2.175	2,56	0,93
Albanel	1.828	2,15	2,5
Cociñeiro, en xeral	1.525	1,79	1,65
Peón da construción de edificios	1.489	1,75	2,5
Auxiliar de clínica	1.323	1,56	1,51

TÁBOA 21: Ocupacións máis demandadas.

4.3.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL PROVINCIAL TIPO	PERFIL AUTONÓMICO TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Titulación ensinanza obrigatoria	Titulación ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Dependente de comercio	Empregado administrativo

TÁBOA 22: Perfil máis representativo.

4.4. OFERTAS

4.4.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

TÁBOA 23: Número de ofertas por comarcas. Ano 2003.

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
A Paradanta	375	1,14
Caldas	507	1,55
O Baixo Miño	910	2,77
O Condado	797	2,43
O Deza	1.170	3,57
O Morrazo	1.414	4,31
O Salnés	3.688	11,24
Pontevedra	11.684	35,62
Tabeirós-Terra de Montes	778	2,37
Vigo	11.482	35,00
TOTAL PROVINCIAL	32.805	100,00

TOTAL OFERTAS COMUNIDADE: 86.737

PROVINCIA/COMUNIDADE AUTÓNOMA: 37,82%

A gran maioría das ofertas da provincia de Pontevedra proceden de dúas comarcas: Pontevedra e Vigo, nas que se concentra o 70,62% do total. Cunha posición máis marxinal sitúanse O Salnés e O Morrazo.

En relación co nivel autonómico, Pontevedra é a provincia cun maior número de ofertas, situándose lixeiramente por riba da Coruña.

TÁBOA 24: Evolución das ofertas por comarcas. Ano 2003.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
A Paradanta	346	298	326	279	375	-13,87	9,40	-14,42	34,41	2,03
Caldas	388	459	490	864	507	18,30	6,75	76,33	-41,32	6,92
O Baixo Miño	657	703	637	862	910	7,00	-9,39	35,32	5,57	8,48
O Condado	572	593	635	904	797	3,67	7,08	42,36	-11,84	8,65
O Deza	1.153	1.363	1.731	1.250	1.170	18,21	27,00	-27,79	-6,40	0,37
O Morrazo	1.087	1.968	1.382	1.731	1.414	81,05	-29,78	25,25	-18,31	6,80
O Salnés	1.885	3.854	3.391	3.440	3.688	104,46	-12,01	1,45	7,21	18,27
Pontevedra	6.241	6.167	10.539	11.526	11.684	-1,19	70,89	9,37	1,37	16,97
Tabeirós-Terra de Montes	800	754	809	846	778	-5,75	7,29	4,57	-8,04	-0,69
Vigo	9.148	12.978	12.248	14.249	11.482	41,87	-5,62	16,34	-19,42	5,85
TOTAL PROVINCIAL	22.277	29.137	32.188	35.951	32.805	30,79	10,47	11,69	-8,75	10,16
TOTAL COMUNIDADE	68.959	88.809	83.590	86.941	86.737	28,79	-5,88	4,01	-0,23	5,90

En termos netos, a evolución do número de ofertas da provincia é positivo, destacando en maior medida que o crecemento medio da comunidade galega. Se a primeira ten unha variación media do 10,16%, a segunda alcanza unha cifra máis modesta -5,9%-. Os niveis de crecemento son constantes en todos os intervalos anuais do período comprendido entre 1999 e 2002; non así para o tramo 2002-2003, onde se produce unha recesión. En cambio, Galicia ten un decrecemento nos tramos 2000-2001 e 2002-2003, aínda que este último é case inapreciable; no resto de intervalos prodúcese un crecemento, pero sempre a niveis inferiores aos da provincia.




GRÁFICO 15: Evolución do número de ofertas por comarca.

Dada a importancia cuantitativa no número de ofertas de Vigo e Pontevedra, o resto de comarcas da provincia foi agrupado para poder visualizar graficamente as diferentes evolucións.

Na comarca de Vigo os ritmos de crecemento son moi similares aos que se producían para Galicia: descende entre 2000-2001 e 2002-2003 -variación interanual de -19,42%-, e aumenta en 1999-2000 -41,87%- e 2002-2003, dando como resultado unha variación media anual de 5,85%. Pontevedra, coa excepción do intervalo 1999-2000, crece no seu número de ofertas en todos os tramos temporais, e ten como balance unha variación maior que en Vigo. No resto de concellos tende a haber un incremento notable entre o ano 1999 e 2000, para posteriormente estabilizar o número de ofertas.

4.4.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica


	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
A Paradanta	0	0,00	22	0,62	70	1,16	280	1,23
Caldas	3	0,81	73	2,05	101	1,68	330	1,44
O Baixo Miño	15	4,07	45	1,26	126	2,09	723	3,16
O Condado	22	5,96	93	2,61	246	4,09	436	1,91
O Deza	19	5,15	259	7,27	376	6,25	516	2,26
O Morrazo	27	7,32	83	2,33	328	5,45	976	4,27
O Salnés	30	8,13	452	12,69	468	7,78	2.738	11,98
Pontevedra	199	53,93	1.076	30,20	1.901	31,60	8.507	37,22
Tabeirós-Terra de Montes	4	1,08	66	1,85	176	2,93	532	2,33
Vigo	50	13,55	1.394	39,12	2.223	36,96	7.815	34,20
TOTAL PONTEVEDRA	369	100,00	3.563	100,00	6.015	100,00	22.853	100,00
TOTAL COMUNIDADE	1.200		8.245		15.548		61.728	

TÁBOA 25: Distribución das ofertas por comarcas e sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación coa provincia.

Considerando a procedencia comarcal das ofertas segundo os sectores, a comarca de Pontevedra ten un maior peso no sector primario -53,93%- e nos servizos -37,22%-. No caso dos sectores secundario e da construción, esta posición de liderado ocúpaa a comarca de Vigo -39,12% e 36,96%, respectivamente-. Hai que sinalar que en calquera dos sectores analizados, a conxunción da comarca de Vigo e Pontevedra capitaliza máis do 60% das ofertas da provincia.


Por outra banda, a comarca do Salnés ocupa a terceira posición en todos os sectores en canto a número de ofertas, sendo destacable o peso da comarca do Deza no secundario e no da construción, e a do Morrazo no primario.

GRÁFICO 16: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.




Sete de cada dez ofertas realizadas na provincia de Pontevedra proveñen do sector servizos; cun 20% sitúase a continuación o da construción, e co 9% o secundario.

Gráfico 17: Distribución porcentual das ofertas na industria.



A metade das ofertas procedentes da industria concéntranse nas actividades de alimentación e de outras industrias; a continuación, un 26% das ofertas estarían dentro das de metalurxia e téxtil; para o resto de actividades as porcentaxes son similares.

GRÁFICO 18: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



Malia a distribución dispersa entre as diferentes actividades que compoñen o sector servizos, cabe comentar a maior presenza das ofertas vinculadas ás administracións públicas, á hostalería, ás actividades inmobiliarias e ao comercio.

	Nº DE OFERTAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	710	185	218	594	369
Secundario	2.996	3.996	3.673	4.167	3.563
Construción	4.595	5.923	6.698	6.227	6.015
Servizos	13.975	19.033	21.597	24.958	22.853
Sen actividade previa	1	0	2	5	5
TOTAL PROVINCIA	22.277	29.137	32.188	35.951	32.805
TOTAL COMUNIDADE	68.959	88.809	83.590	86.941	86.737

TÁBOA 26: Evolución das ofertas por sectores económicos.

Os sectores que medran en número de ofertas durante o período 1999-2003 son o de servizos, construción e secundario, que obteñen unhas variacións medias de 13,08%, 6,96% e 4,43%, respectivamente. O único que experimenta unha recesión durante o período analizado é o primario, -15,09%.

A evolución do número de ofertas é distinta segundo cada sector; os servizos aumentan notablemente ata o ano 2002, para decrecer en 2003, un retroceso que no caso da construción comeza no ano 2002. Pola súa banda, o secundario aumenta nos tramos 1999-2000 e 2001-2002 e decrece nos restantes. O primario descende marcadamente no primeiro, variación interanual do -73,94%, e no último intervalo, medrando nos intermedios.

4.4.3. Perfil básico das ofertas





GRÁFICO 19: Ofertas por sexo da provincia de Pontevedra.

Unha porcentaxe mínima do conxunto de ofertas presentadas no Servizo Público de Emprego Galego establecía como requirimento o sexo á hora de solicitar traballadores, ascendendo a un 13,42% do total. Dentro deste conxunto de ofertas e facendo unha diferenciación segundo o sector, obsérvase que no secundario e, sobre todo, no da construción predomina a solicitude de homes. En cambio no de servizos teñen un papel preponderante as mulleres, debido sobre todo á puxanza das actividades de hostalería e, en menor medida, comercio e servizos á comunidade.

GRÁFICO 20: Ofertas por nivel académico da provincia de Pontevedra.



A maioría das ofertas -55,52%- solicitan un determinado nivel académico para poder acceder ao posto de traballo. Porén, este dato perde significación cando dentro deste conxunto de ofertas un 70,66% só solicitan dos potenciais traballadores que teñan un certificado de escolaridade, en tanto que só un 13,25% requiren bacharelato, formación profesional ou titulacións universitarias. Estes maiores niveis de formación son solicitados polas actividades da administración pública, actividades inmobiliarias e en educación, se ben na primeira actividade tamén se concentran notablemente aquelas ofertas que só solicitan certificado de escolaridade.

4.4.4. Análise ocupacional das ofertas

TÁBOA 27: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

	1999	2000	2001	2002	2003
Axente comercial - Vendedor	858	1.832	1.209	1.219	1.265
Camareiro - Barman	368	955	1.027	1.102	1.027
Albanel	462	1.279	1.722	1.097	920
Peón de albanel - Peón de obras públicas	121	600	627	621	506
Encofrador	95	441	536	362	379
Cociñeiro - Grelleiro - Pizzeiro - Pranchista	100	303	278	347	358
Dependente	84	268	386	384	307
Empregado do fogar	64	90	87	256	304
Axudante de cociña	113	350	258	279	299
Perruqueiro	23	171	284	289	259

As ocupacións de axente comercial, camareiro e albanel son as máis ofertadas nos centros colaboradores da provincia de Pontevedra, destacando a forte presenza de ocupacións vinculadas ao sector servizos e da construción. O balance para o conxunto do período é positivo para todas as ocupacións contempladas na táboa anterior. Aínda que se produce un pequeno descenso no último ano, destaca o crecemento das ofertas vinculadas ás ocupacións de perruqueiro e camareiro, sobre todo a partir do ano 2000.

	1999	2000	2001	2002	2003
Peón da industria manufactureira	1.029	1.398	3.531	3.759	3.625
Albanel	2.356	1.762	1.841	1.694	1.695
Estibador	48	6	67	1.835	1.142
Camareiro	781	595	836	921	911
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	483	530	583	687	886
Peón da construción de edificios	604	728	806	684	879
Empregado administrativo	378	342	570	662	512
Cocedor de peixes e mariscos	103	383	407	482	429
Clasificador-repartidor correspondencia	531	758	898	342	395
Dependente de comercio	376	381	328	420	391

TÁBOA 28: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

As ocupacións de peón da industria manufactureira e a de albanel teñen un maior número de ofertas xestionadas a través das oficinas de emprego. É moi destacable a forte presenza que cobra na actualidade a ocupación de estibador, a pesar do descenso do último ano, pois de ter unha posición marxinal ata o ano 2001 pasa a acadar a terceira posición. Ao longo do período tamén é notable o crecemento das ofertas de peón da industria manufactureira, así como as de cocedor de peixes e mariscos. Non sucede o mesmo coa de albanel, que tende a perder peso específico con respecto aos valores que tiña en 1999.

4.5. CONTRATOS

4.5.1. Número de contratos no ámbito provincial

TÁBOA 29: Número de contratos na provincia de Pontevedra por comarcas. Ano 2003.

	CONTRATOS N.º	PROVINCIAL %
A Paradanta	1.240	0,44
Caldas	5.261	1,87
O Baixo Miño	8.330	2,95
O Condado	4.886	1,73
O Deza	7.157	2,54
O Morrazo	26.896	9,54
O Salnés	37.829	13,42
Pontevedra	26.384	9,36
Tabeirós-Terra de Montes	2.656	0,94
Vigo	161.313	57,21
TOTAL PONTEVEDRA	281.952	100
TOTAL COMUNIDADE	714.881	39,44

Na provincia de Pontevedra realizáronse durante o ano 2003 un total de 281.952 contratos, o que supuxo un 39,44% do total dos contratos realizados en Galicia. Esta porcentaxe sitúa esta provincia por detrás da Coruña, pero por riba dos valores de Lugo e Ourense.

O potencial económico da comarca de Vigo ten o seu reflexo nos altos niveis de contratación acadados dentro da provincia, 57,21%, situándose moi por baixo destes niveis as comarcas do Salnés, O Morrazo e Pontevedra.

TÁBOA 30: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
A Paradanta	1.298	1.305	1.136	1.027	1.240	0,54	-12,95	-9,60	20,74	-1,14
Caldas	4.821	5.320	5.484	5.453	5.261	10,35	3,08	-0,57	-3,52	2,21
O Baixo Miño	5.973	6.748	6.413	7.705	8.330	12,98	-4,96	20,15	8,11	8,67
O Condado	4.723	4.867	4.574	4.637	4.886	3,05	-6,02	1,38	5,37	0,85
O Deza	5.652	6.050	6.926	6.996	7.157	7,04	14,48	1,01	2,30	6,08
O Morrazo	24.818	26.217	19.992	26.119	26.896	5,64	-23,74	30,65	2,97	2,03
O Salnés	30.821	35.124	29.767	35.671	37.829	13,96	-15,25	19,83	6,05	5,26
Pontevedra	27.803	27.071	30.097	27.727	26.384	-2,63	11,18	-7,87	-4,84	-1,30
Tabeirós-Terra de Montes	3.055	2.709	2.801	2.682	2.656	-11,33	3,40	-4,25	-0,97	-3,44
Vigo	160.030	169.362	162.785	159.416	161.313	5,83	-3,88	-2,07	1,19	0,20
TOTAL PROVINCIA	268.994	284.774	269.975	277.433	281.952	5,87	-5,20	2,76	1,63	1,18
TOTAL COMUNIDADE	657.517	689.007	672.023	689.927	714.881	4,79	-2,46	2,66	3,62	2,11

Os niveis de crecemento da provincia son máis baixos que os da Comunidade Autónoma; a súa variación media para o período é de 1,18%, case un punto menos que en Galicia. Con todo, a evolución temporal é moi semellante, xa que crece en todos os intervalos, coa excepción do tramo 2000-2001, onde sofre un retroceso máis agudo -variación interanual de -5,2%- que na comunidade, -2,46%.

De todas as comarcas da provincia, só hai tres que decrezan en número de contratos: Tabeiros-Terra de Montes, Pontevedra e A Paradanta, que obteñen variacións medias negativas. No resto prodúcese unha tendencia ao crecemento, destacando neste aspecto O Baixo Miño -variación media anual de 8,67%-, O Deza -6,08%- e O Salnés -5,26%-.

Retomando as dúas comarcas máis representativas en volume de contratación, obsérvase que O Salnés segue a tendencia evolutiva da provincia ao crecer en todos os intervalos, salvo no comprendido entre 2000 e 2001, se ben ao longo do período obtén valores relativos máis altos. En cambio, Vigo medra a niveis semellantes aos da comarca nos tramos 1999-2000 e 2002-2003 e decrece nos intermedios, amosando uns valores de crecemento medio moi discretos para o período analizado.

4.5.2. Contratación provincial segundo o sexo e a idade

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	57.869	39.587	97.456	20,52	14,04	34,56
De 26 a 35 anos	51.020	46.712	97.732	18,10	16,57	34,66
De 36 a 45 anos	29.831	23.940	53.771	10,58	8,49	19,07
De 46 a 55 anos	16.789	9.596	26.385	5,95	3,40	9,36
Máis de 55 anos	4.805	1.803	6.608	1,70	0,64	2,34
TOTAL PONTEVEDRA	160.314	121.638	281.952	56,86	43,14	100,00
TOTAL COMUNIDADE	389.968	324.913	714.881	54,55	45,45	100,00

TÁBOA 31: Distribución da contratación provincial segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

A contratación na provincia é eminentemente masculina -56,86%-, reproducíndose esta situación para todos os tramos de idade contemplados. Ademais, a porcentaxe sinalada sitúase lixeiramente por riba do valor acadado no ámbito galego -54,55%-.


Sen grandes diferenzas entre eles, os intervalos de idade menores de 36 anos acadan as maiores porcentaxes en canto a volume de contratación, supoñendo o 69,22% do total. No resto de tramos tende a descender a contratación segundo aumenta a idade, situación que tamén se reproduce para ambos os sexos. Non obstante, hai que sinalar que mentres para os homes prevalece en número de contratos o intervalo de menores de 26 anos, no caso das mulleres resulta ser o tramo que vai dos 26 aos 35 anos.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA 99-03
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
Homes	164.174	172.840	156.345	162.740	160.314	5,28	-9,54	4,09	-1,49	-0,59
Mulleres	104.820	111.934	113.630	114.693	121.638	6,79	1,52	0,94	6,06	3,79
TOTAL CONTRATOS	268.994	284.774	269.975	277.433	281.952	5,87	-5,20	2,76	1,63	1,18

TÁBOA 32: Evolución do número de contratos da provincia segundo o sexo. Período 1999-2003.

A pesar do seu maior volume, os contratos realizados a homes tenden a descender no conxunto do período, variación media de -0,59%; presentando un comportamento negativo entre 2002 e 2003, e, sobre todo, no tramo 2000-2001, variación interanual de -9,54%. Pola contra, a contratación feminina ten unha evolución positiva ao aumentar todos os anos do período, resultando unha variación media de 3,79%.

GRÁFICO 21: Evolución da distribución da contratación provincial segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores porcentuais.



A evolución positiva da contratación de mulleres pódese comprobar a través da distribución porcentual dos contratos segundo o xénero. Se en 1999 a distancia entre homes e mulleres era de 22,06 puntos a favor dos primeiros, esa diferenza redúcese a 13,72 puntos en 2003. Esta redución progresiva só se interrompe no ano 2002, onde o crecemento da contratación masculina é maior que a feminina.

TÁBOA 33: Evolución do número de contratos da provincia segundo a idade. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	97.574	104.985	96.750	93.389	97.456	7,60	-7,84	-3,47	4,35	-0,03
De 26 a 35 anos	94.371	98.819	96.697	100.371	97.732	4,71	-2,15	3,80	-2,63	0,88
De 36 a 45 anos	48.647	52.017	49.047	52.180	53.771	6,93	-5,71	6,39	3,05	2,54
De 46 a 55 anos	23.062	23.191	21.792	24.801	26.385	0,56	-6,03	13,81	6,39	3,42
Máis de 55 anos	5.340	5.762	5.689	6.692	6.608	7,90	-1,27	17,63	-1,26	5,47
TOTAL CONTRATOS	268.994	284.774	269.975	277.433	281.952	5,87	-5,20	2,76	1,63	1,18

Nos intervalos de idade máis novos, que contan cun maior volume de contratación, prodúcese os niveis de crecemento máis modestos. No caso dos suxeitos menores de 26 anos, hai practicamente un estancamento, xa que as perdas producidas entre o ano 2000 e 2002 son compensadas coas subas producidas nos outros anos.

Aínda que os niveis de decrecemento son algo máis baixos, os que teñen entre 26 e 35 anos tamén teñen unha evolución descontinua, pois alternan subas e baixas na contratación entre os diversos anos, e obteñen unha variación anual positiva moi modesta -0,88%-. Nos tramos comprendidos entre os 36 e os 55 anos prodúcese un crecemento en todos os anos do período, con excepción do tramo comprendido entre 2000 e 2001. Polo que respecta aos maiores de 55 anos, experimentan a maior suba do período -variación media de 5,47%-, debido sobre todo ao crecemento experimentado entre 2001 e 2002.

4.5.3. Contratación provincial segundo os sectores económicos

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	9.371	3,32
Agricultura e pesca	9.371	3,32
SECTOR SECUNDARIO	38.512	13,66
Industria	38.384	13,61
Electricidade	128	0,05
SECTOR CONSTRUCCIÓN	32.344	11,47
Construcción	32.344	11,47
SECTOR SERVICIOS	201.725	71,55
Comercio e hostalería	52.147	18,49
Transporte e comunicacións	39.788	14,11
Outros servizos	109.790	38,94
TOTAL CONTRATOS	281.952	100,00

TÁBOA 34: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.

Sete de cada dez contratos realizados na provincia proceden do sector servizos. Así mesmo, o sector secundario e o da construción obteñen porcentaxes similares -13,66% e 11,47%, respectivamente-; o primario ten un papel marxinal.

Entre os diferentes subsectores destaca en niveis de contratación o de outros servizos -38,94%- e o de comercio e hostalería -18,49%-, seguidos do de transporte e o da industria.





GRÁFICO 22: Distribución porcentual da contratación na industria.

Dentro do subsector da industria, hai que destacar a maior presenza en canto ao número de contratos das actividades de alimentación e fabricación de material de transporte -27% e 22%, respectivamente-. Un 31% da contratación procede da suma das actividades de outras industrias e metalurxia.

GRÁFICO 23: Distribución porcentual da contratación nos servizos.



Dentro das actividades comprendidas en servizos, hai que sinalar a maior concentración en actividades inmobiliarias -26%- e transporte e comunicacións -20%-. Cunhas porcentaxes próximas entre si, habería tamén que mencionar as de comercio, sanidade e hostalería.

TÁBOA 35: Distribución porcentual da contratación provincial segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		Menos de 26 anos	IDADE			
	Homes	Mulleres		De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e mais
SECTOR PRIMARIO	2,66	0,67	0,58	0,97	1,01	0,65	0,11
Agricultura e pesca	2,66	0,67	0,58	0,97	1,01	0,65	0,11
SECTOR SECUNDARIO	8,05	5,61	4,87	4,78	2,37	1,24	0,40
Industria	8,02	5,60	4,85	4,76	2,36	1,24	0,40
Electricidade	0,04	0,01	0,01	0,02	0,01	0,00	0,00
SECTOR CONSTRUCCIÓN	10,90	0,57	3,82	3,50	2,32	1,44	0,40
Construción	10,90	0,57	3,82	3,50	2,32	1,44	0,40
SECTOR SERVIZOS	35,25	36,30	25,30	25,42	13,37	6,03	1,43
Comercio e hostalería	6,98	11,52	8,17	6,11	2,71	1,15	0,36
Transporte e comunicacións	11,92	2,19	4,47	3,99	3,33	1,79	0,53
Outros servizos	16,35	22,59	12,67	15,32	7,33	3,08	0,54
TOTAL CONTRATOS	56,86	43,14	34,56	34,66	19,07	9,36	2,34

Atendendo á segmentación segundo o sexo e a idade por sectores, tanto nos homes como nas mulleres a contratación realízase en maior medida no sector servizos, sendo lixeiramente superior a porcentaxe de mulleres -36,3% fronte ao 35,25% dos homes-. Porén, no resto de sectores tende a predominar a contratación masculina, sobre todo no que se refire ao sector da construción e, en menor medida, no secundario.

No que respecta aos diferentes subsectores que compoñen os servizos, hai que sinalar que nos de comercio e outros servizos predominan as mulleres sobre os homes, situación inversa á que se produce no de transporte e comunicacións.

En todos os tramos de idade prevalece a presenza na contratación do sector servizos. Salvo no caso dos maiores de 46 anos, onde cobra maior importancia o da construción, para o resto das idades o segundo sector en importancia é o secundario. Para todas as idades o subsector máis representativo é o de outros servizos, seguido do de comercio e hostalería para os menores de 46 anos e do de transporte para os maiores desta idade.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
SECTOR PRIMARIO	9.804	8.809	3.910	9.412	9.371	-10,15	-55,61	140,72	-0,44	-1,12
Agricultura e pesca	9.804	8.809	3.910	9.412	9.371	-10,15	-55,61	140,72	-0,44	-1,12
SECTOR SECUNDARIO	50.891	55.707	46.772	45.835	38.512	9,46	-16,04	-2,00	-15,98	-6,73
Industria	50.805	55.569	46.635	45.684	38.384	9,38	-16,08	-2,04	-15,98	-6,77
Electricidade	86	138	137	151	128	60,47	-0,72	10,22	-15,23	10,45
SECTOR CONSTRUCCIÓN	29.853	29.553	31.478	31.027	32.344	-1,00	6,51	-1,43	4,24	2,02
Construcción	29.853	29.553	31.478	31.027	32.344	-1,00	6,51	-1,43	4,24	2,02
SECTOR SERVICIOS	178.446	190.702	187.815	189.452	201.725	6,87	-1,51	0,87	6,48	3,11
Comercio e hostalería	43.980	48.016	49.305	52.348	52.147	9,18	2,68	6,17	-0,38	4,35
Transporte e comunicacións	38.911	41.425	33.950	37.881	39.788	6,46	-18,04	11,58	5,03	0,56
Outros servizos	95.555	101.261	104.560	99.223	109.790	5,97	3,26	-5,10	10,65	3,53
TOTAL CONTRATOS	268.994	284.774	269.975	277.433	281.952	5,87	-5,20	2,76	1,63	1,18

TABOA 36: Evolución da contratación provincial segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.

No sector servizos e no da construción a evolución da contratación é neta-mente positiva para o conxunto do período 1999-2003, ao obteren variacións medias do 3,11% e 2,02%, respectivamente. O sector da construción descende algo no tramo 1999-2000 e 2001-2002, aumentando nos outros dous; en cambio nos servizos só descende no comprendido entre 2000 e 2001.

Polo que respecta aos outros dous sectores, ambos descenden no conxunto do período, dunha maneira máis drástica o secundario, variación media de -6,73%. Tanto o sector secundario como o primario só experimentan crecemento na contratación nun intervalo, que é manifestamente máis alto no caso do segundo -variación interanual de 140,72% entre 2001 e 2002-.

Dadas as súas magnitudes en números absolutos, cómpre destacar a evolución positiva de comercio e hostalería e de outros servizos, que teñen un crecemento sostible ao longo do período. Non ocorre o mesmo con transporte, debido a que sofre un descenso entre o ano 2000 e 2001, o que condiciona o seu baixo nivel de crecemento.

4.5.4. Tipoloxía da contratación laboral




GRÁFICO 24: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.

Atendendo aos diferentes tipos de contratos, na provincia de Pontevedra o 74% son indefinidos a tempo completo. A temporalidade na contratación refórzase se temos en conta que un 17% máis son temporais a tempo parcial. A conxunción dos dous tipos de contrato indefinido só supoñen un 4%, en tanto que os de prácticas alcanzan un 3%.

TABOA 37: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	Máis de 55 anos
Indefinido	2,23	1,22	0,65	1,26	0,75	0,61	0,19
Indefinido tempo parcial	0,26	0,56	0,26	0,29	0,14	0,09	0,03
Temporal	45,13	28,85	24,02	26,25	15,00	7,11	1,61
Temporal tempo parcial	6,06	11,16	7,14	6,02	2,63	1,03	0,40
Prácticas/Formación	1,66	1,08	2,27	0,35	0,08	0,04	0,01
Outros	1,51	0,28	0,23	0,50	0,48	0,48	0,10
TOTAL CONTRATOS	56,86	43,14	34,56	34,66	19,07	9,36	2,34

Na contratación temporal a tempo completo predominan claramente os homes sobre as mulleres -45,13% fronte ao 28,85%-. Esta tendencia invértese nos temporais a tempo parcial, nos que é máis frecuente a contratación de mulleres -11,16%- que dos homes -6,06%-. No referente aos contratos indefinidos, aínda que o seu peso específico é marxinal para os dous sexos, destaca certa maior presenza entre os homes.

En todos os grupos de idade predomina a contratación temporal a tempo completo, seguida pola que se realiza a tempo parcial. A contratación indefinida a tempo completo realízase en maior medida entre os suxeitos que con-
tan entre 26 e 35 anos -1,26%-.

TABOA 38: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

	PRIMARIO	SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS			
	Agr.,Gand.	Industr.	Electric.		Construc.	Comerc.	Transp.	Outros
Indefinido	0,68	0,49	0,00	0,49	0,38	0,89	0,36	0,65
Indefinido tempo parcial	0,01	0,07	0,00	0,08	0,02	0,40	0,04	0,27
Temporal	2,49	11,12	0,04	11,16	10,00	10,33	13,24	26,76
Temporal tempo parcial	0,09	1,39	0,00	1,39	0,46	6,04	0,44	8,80
Prácticas/Formación	0,02	0,51	0,00	0,51	0,61	0,81	0,03	0,77
Outros	0,03	0,03	0,00	0,03	0,00	0,03	0,00	1,69
TOTAL CONTRATOS	3,32	13,61	0,05	13,66	11,47	18,49	14,11	38,94

A clara preponderancia da contratación temporal afecta por igual a todos os sectores, sobre todo na que se realiza a tempo completo, se ben destaca o sector servizos -50,33%-, debido sobre todo ao seu maior volume contractual.

É destacable que, se un 17,22% da contratación é temporal a tempo parcial, un 15,28% dela se concentre no sector servizos. Con respecto a este último tipo de contratos, inflúe decisivamente o peso dos subsectores de comercio e outros servizos, que concentran o 14,84% desta.

TABOA 39: Evolución da contratación provincial segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	18.030	16.592	18.388	17.508	9.731	-7,98	10,82	-4,79	-44,42	-14,29
Indefinido tempo parcial	1.729	2.266	2.111	3.921	2.289	31,06	-6,84	85,74	-41,62	7,27
Temporal	196.503	212.250	190.431	193.991	208.600	8,01	-10,28	1,87	7,53	1,50
Temporal tempo parcial	39.924	39.790	41.777	45.185	48.554	-0,34	4,99	8,16	7,46	5,01
Prácticas/Formación	8.235	8.308	7.490	7.552	7.735	0,89	-9,85	0,83	2,42	-1,55
Outros	4.573	5.568	9.778	9.276	5.043	21,76	75,61	-5,13	-45,63	2,48
TOTAL CONTRATOS	268.994	284.774	269.975	277.433	281.952	5,87	-5,20	2,76	1,63	1,18

Exceptuando os contratos indefinidos a tempo completo e os de prácticas, as outras clases experimentan unha evolución positiva ao longo do período 1999-2003. Entre os primeiros hai que sinalar o forte decrecemento experimentado no último ano, variación interanual de -44,42%, en tanto que nos segundos os ritmos de crecemento son tan baixos que non dan contrarrestado a regresión producida entre 2000 e 2001.

Pola contra, os contratos indefinidos a tempo parcial, con excepción do último intervalo e o comprendido entre 2000-2001, presentan fortes crecementos, dando como resultado unha variación media anual de 7,27%. Dentro dos temporais, medra en maior medida a contratación a tempo parcial -variación media de 5,01%-, cun crecemento en todos os intervalos, salvo no comprendido entre 1999 e 2000. En cambio nos realizados a tempo completo o descenso producido entre 2000 e 2001 condiciona os seus niveis de crecemento, alcanzando unha modesta variación media anual de 1,5%.

4.5.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	TOTAL CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	524	0,16
HOMES	356	0,11
MULLERES	168	0,05
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	28.211	8,80
HOMES	11.501	3,59
MULLERES	16.710	5,21
3. Técnicos e profesionais de apoio	14.533	4,53
HOMES	8.209	2,56
MULLERES	6.324	1,97
4. Empregados de tipo administrativo	23.217	7,24
HOMES	6.577	2,05
MULLERES	16.640	5,19
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	45.662	14,24
HOMES	12.418	3,87
MULLERES	33.244	10,37
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	5.621	1,75
HOMES	4.436	1,38
MULLERES	1.185	0,37
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufacturera, construción e minería	42.867	13,37
HOMES	32.314	10,08
MULLERES	10.553	3,29
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	33.635	10,49
HOMES	29.410	9,17
MULLERES	4.225	1,32
9. Traballadores non cualificados	87.682	27,35
HOMES	55.093	17,18
MULLERES	32.589	10,16
TOTAL CONTRATOS	281.952	100,00
TOTAL HOMES	160.314	56,86
TOTAL MULLERES	121.638	43,14

TÁBOA 40: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

Segundo a clasificación dos contratos segundo os nove grandes grupos de ocupación, é destacable que un 65,45% da contratación se concentre en:

- Traballadores non cualificados, cunha proporción do 27,35%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, 14,24%.

- Artesáns, traballadores cualificados industria manufactureira (13,37%).
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores (10,49%).

Facendo fincapé no xénero da contratación, as ocupacións máis destacadas son as seguintes:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados -17,18%. • Artesáns, traballadores cualificados industria manufactureira -10,08%. • Operadores de instalacións e maquinaria -9,17%. • Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -3,87%.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -10,37%. • Traballadoras non cualificados -10,16%. • Técnicas profesionais, científicas e intelectuais -5,21%. • Empregadas de tipo administrativo -5,19%.

En seis dos nove grandes grupos predomina a contratación dos homes sobre a das mulleres; no obstante, nos tres restantes estas últimas teñen un papel preponderante:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais e protección e vendedores de comercio, 6,5 puntos máis que os homes.
- Empregados de tipo administrativo, 3,14 puntos de diferenza.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais, 1,62 puntos de distancia.

No referente á evolución no período comprendido entre 1999 e 2003, todos os grupos experimentan unha evolución positiva, agás no caso de:

- Artesáns, traballadores da industria manufactureira, que acada unha variación media anual de -3,1%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, variación media de -1,11%.
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca, -0,15%.

Entre os crecementos máis notables nas contratacións, hai que sinalar os seguintes grupos:

- Dirección de empresas e administracións públicas, se ben o volume de contratos é moi baixo en comparación co resto de grupos, que ten unha variación media de 8,36%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais, variación media anual de 8,18%.
- Técnicos e profesionais de apoio, variación de 7,87%.

A contratación de mulleres só diminúe no grupo de artesáns-traballadoras da industria manufacteira variación media de -8,42%, aumentando notablemente nos grupos de dirección de empresas e técnicas profesionais, 14,72% e 9,69%, respectivamente.

Pola contra, a contratación de homes redúcese escasamente en cinco dos nove grupos:

- Traballadores non cualificados, -1,83%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, -1,4%.
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca, -1,3%.
- Artesáns, traballadores cualificados industria manufacteira, -0,98%.

Os crecementos máis notables prodúcense nos grupos de técnicos profesionais, científicos e intelectuais -variación media de 6,17%- e dirección de empresas -5,9%-.

4.5.6. Ocupacións máis contratadas

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO MASCUL. ¹
		N.º	%	N.º	%	N.º	%	
97000011	Peón da industria manufacteira	39.357	12,27	28.161	17,57	11.196	9,20	71,55
85420223	Estibador	15.245	4,75	14.729	9,19	516	0,42	96,62
42100010	Empregado administrativo	13.696	4,27	3.869	2,41	9.827	8,08	28,25
50200018	Camareiro	13.320	4,15	5.007	3,12	8.313	6,83	37,59
53300010	Dependente de comercio	12.968	4,04	2.472	1,54	10.496	8,63	19,06
71100016	Albanel	12.377	3,86	12.156	7,58	221	0,18	98,21
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador	10.213	3,19	1.558	0,97	8.655	7,12	15,26
98000050	Mozo carga-descarga, almacén	10.135	3,16	8.443	5,27	1.692	1,39	83,31
96020014	Peón da construción de edificios	6.194	1,93	5.938	3,70	256	0,21	95,87
86300016	Condutor de camión	4.964	1,55	4.807	3,00	157	0,13	96,84
TOTAL CONTRATOS		138.469	43,19	87.140	54,36	51.329	42,20	62,93

TÁBOA 41: As dez ocupacións máis contratadas na provincia de Pontevedra. Ano 2003.

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

Un 43,19% do total da contratación da provincia de Pontevedra concéntrase en dez ocupacións, cunha proporción maior no caso dos homes que no das mulleres.

A ocupación máis contratada é a de peón da industria manufacteira, cun 12,27% do total de contratacións, situándose a certa distancia o resto de ocupacións, con porcentaxes moi similares entre si. Atendendo ás diferenzas segundo sexo, obsérvase que para os homes destacan en maior medida as ocupacións de peón da industria manufacteira, estibador, e albanel. En cambio para as mulleres, ademais de peón da industria manufacteira, habería que sinalar a de dependenta de comercio e a de empregada administrativa.

Un indicador que nos permite ver a importancia do xénero á hora da contratación é o ratio de masculinidade; así, observando as ocupacións que acadan un valor por riba do 70% para sinalar o seu carácter masculino, habería que sinalar as seguintes:

- Albanel, 98,21%.
- Condutor de camión, 96,84%.
- Estibador, 96,62%.
- Peón da construción de edificios, 95,87%.
- Mozo carga-descarga, 83,31%.

Tomando como referencia un valor por baixo do 30% na ratio para sinalar un maior peso feminino da contratación nas ocupacións, habería que sinalar as seguintes:

- Mozo/Muller limpeza, limpador, 15,26%.
- Dependenta de comercio, 19,06%.
- Empregada administrativa, 28,25%.

TÁBOA 42: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
97000011	Peón da industria manufactureira	36.442	44.842	44.011	44.087	39.357
85420223	Estibador	14.271	12.886	7.093	13.394	15.245
42100010	Empregado administrativo	13.457	14.195	15.142	15.124	13.696
50200018	Camareiro	12.451	13.215	12.703	13.128	13.320
53300010	Dependente de comercio	10.789	12.668	13.019	12.913	12.968
71100016	Albanel	12.212	11.481	11.859	11.742	12.377
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador	9.099	9.402	9.179	9.748	10.213
98000050	Mozo carga-descarga, almacén	11.523	13.533	14.027	9.187	10.135
96020014	Peón da construción de edificios	6.486	5.836	6.663	5.623	6.194
86300016	Condutor de camión	4.861	4.667	5.476	5.513	4.964
97000084	Peón da industria metalúrxica	6.694	8.342	6.908	7.209	4.187
81700024	Operario cadea automatizada montaxe	5.496	11.294	7.095	5.845	4.612
78010194	Limpador-preparador peixe para conserva	7.295	2.736	1.249	820	1.446


Atendendo á evolución das dez ocupacións máis contratadas, hai que sinalar a saída desta lista das ocupacións de peón da industria metalúrxica, operario de cadea automatizada de montaxe e limpador-preparador de peixe para conserva. As dúas primeiras saen da lista neste último ano debido aos seus importantes descensos en número de contratos, en cambio a última xa non figuraba desde o ano 2000. En cambio, neste último ano entrarían a de peón da construción de edificios e a de condutor de camión.

A ocupación de peón da industria manufactureira, malia ser a máis contratada, descende en volume respecto ao ano anterior, igual que sucede na de empregado administrativo. En cambio, a de estibador experimenta un forte crecemento a partir dos valores mínimos acadados en 2001.

Análise do mercado laboral nas comarcas

capítulo

5



Comarca da Paradanta



5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

Na comarca da Paradanta rexístranse un total de 307 empresas, das cales a maior parte concéntranse no sector servizos, que representa o 61,24% do total de empresas. Por outra parte, o subsector de comercio e hostalería ten un peso substancial, xa que supón o 36,81% do conxunto. O seguinte sector máis numeroso é o secundario, co 19,54%, seguido da construción, co 16,29%.

En canto ao número de traballadores na comarca, o sector servizos segue rexistrando a porcentaxe máis alta en conxunto, chegando ao 39,66%. Malia todo, debemos ter en conta que no ámbito subsectorial é a industria a que presenta a porcentaxe de traballadores máis alta, co 23,61%. O segundo sector en importancia é o secundario (23,84%), seguido de preto polo primario, co 21,9%.


Case 3 de cada 4 autónomos da comarca circunscribíense no sector servizos, representando un 55,04% o subsector de comercio e hostalería. A unha notable distancia sitúase o sector da construción, co 16,96% do total de autónomos.

5.1.2. Evolución anual

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	112	116	98	64	9
Agricultura e pesca	112	116	98	64	9
SECTOR SECUNDARIO	48	50	59	60	60
Industria	47	48	57	58	57
Electricidade	1	2	2	2	3
SECTOR CONSTRUCIÓN	57	50	49	51	50
Construción	57	50	49	51	50
SECTOR SERVIZOS	174	166	165	172	188
Comercio e hostalería	86	101	100	100	113
Transporte e comunicacións	18	18	17	16	14
Outros servizos	70	47	48	56	61
TOTAL	391	382	371	347	307

TÁBOA 1: Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.




sófre un retraemento, aínda que moito menos acusado, amosando unha variación negativa do 3,22% no período de referencia. A maior variación neste sector prodúcese no período 1999-2000, onde a variación interanual chega a ser do -12,28%.

Só dous sectores medran, o secundario e de servizos, nos que se produce un aumento do número de empresas. No sector dos servizos recóllese o maior valor no subsector do comercio e hostalería, que, a diferenza dos outros subsectores de servizos, aumenta nunha proporción considerable -variación media de 1999 ao 2003 do 7,06%-. Pola contra, no sector secundario obsérvase unha variación media do 5,74%; cómpre sinalar que este é o segundo sector que maior número de empresas presenta, 60 empresas no ano 2003.

TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	371	378	358	389	374
Agricultura e pesca	371	378	358	389	374
SECTOR SECUNDARIO	211	300	361	381	407
Industria	210	298	359	379	403
Electricidade	1	2	2	2	4
SECTOR CONSTRUCCIÓN	235	182	236	231	249
Construción	235	182	236	231	249
SECTOR SERVIZOS	611	527	570	593	677
Comercio e hostalería	193	218	209	230	271
Transporte e comunicacións	54	71	73	47	44
Outros servizos	364	238	288	316	362
TOTAL	1.428	1.387	1.525	1.594	1.707

GRÁFICO 2: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.



mente para o conxunto do período, presentando unha tendencia descontinua o sector primario e o da construción.

O único subsector que mostra unha tendencia regresiva é o de transporte e comunicacións, que dende o ano 2001, no que logra os maiores valores de referencia, decrece considerablemente, segundo se aprecia na variación interanual do 2001-2002, que é do -35,62%. Tamén acada valores menores o subsector de outros servizos, aínda que se observa unha tendencia á recuperación a partir de 2000.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	8	11	11	14	15
Agricultura e pesca	8	11	11	14	15
SECTOR SECUNDARIO	32	35	37	42	42
Industria	32	35	37	42	42
Electricidade	0	0	0	0	0
SECTOR CONSTRUCCIÓN	75	85	91	89	106
Construción	75	85	91	89	106
SECTOR SERVIZOS	351	389	449	459	462
Comercio e hostalería	257	288	338	349	344
Transporte e comunicacións	55	57	61	59	60
Outros servizos	39	44	50	51	58
TOTAL	466	520	588	604	625

TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

A nota característica da evolución dende 1999 ata 2003 para o conxunto de traballadores autónomos é o seu aumento en todos os sectores; o subsector de comercio e hostalería é o motor do conxunto, pese a producirse unha pequena redución dende o ano 2002 ao 2003, xa que aumenta en todo o período un 7,56%.

Tanto o sector secundario como o de servizos tenden a medrar de forma notable durante o período 1999-2002, para practicamente estancarse no último tramo; en cambio, o da construción ten un crecemento moi notable nos dous primeiros tramos e no último, mentres que descende entre 2001 e 2002.




GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello


TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Cañiza	299	159	458
Arbo	180	109	289
Crecente	100	55	155
O Covelo	100	68	168
TOTAL	679	391	1.070

% comarca/provincia - PARADOS 1,20

% comarca/provincia - NON PARADOS 1,36

GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.



Do total de demandantes na comarca da Paradanta, o 63,46% atópanse en situación de desemprego, sendo os concellos de Arbo e A Cañiza os que rexistran o maior número. Segundo a distribución por concellos, é A Cañiza o que presenta o maior número de demandantes parados e non parados, con 458, que vén representar o 42,80% do total. O seguinte é o concello de Arbo, que conta co 27%. En todos os concellos o número de demandantes parados é maior que o de non parados.

En relación coa provincia de Pontevedra, a comarca da Paradanta representa o 1,2% do total de demandantes parados da provincia, unha porcentaxe que aumenta levemente para os non parados, 1,36%.

5.2.2. Evolución dos demandantes parados

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	682	663	681	669	679
VARIACIÓN INTERANUAL %		-2,79	2,71	-1,76	1,49
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	1,35	1,33	1,39	1,26	1,20

O conxunto de demandantes parados diminúe escasamente no ano 2003 - 679 demandantes- en relación co ano 1999 -682 demandantes-. A evolución deste colectivo presenta unha tendencia cíclica estable con diminucións e aumentos moi similares se temos en consideración a evolución que se representa no gráfico 5. Así, os leves descenso dun ano son corrixidos polos aumentos do seguinte.

No conxunto da provincia de Pontevedra a porcentaxe de demandantes parados que presenta a comarca da Paradanta é do 1,20% para o ano 2003, que diminúe en relación aos anos anteriores.




GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	128	11,96	11,42
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	551	51,50	54,86
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	38	3,55	3,82
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	156	14,58	12,34
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	65	6,07	5,80
	En expediente de regulación de emprego	2	0,19	1,28
	Demandantes de mellora de emprego	109	10,19	7,00
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	16	1,50	2,89
	Resto de demandantes	5	0,47	0,60
TOTAL		1.070	100,00	100,00

TÁBOA 6: Situación laboral dos demandantes

Dos dous tipos de demandantes, parados e non parados, máis do 50% deles atópase na situación laboral de desemprego, pero que xa tivo algún tipo de emprego anterior. Este grupo de demandantes da comarca da Paradanta, pese a estar por debaixo da media provincial, mantén uns valores similares -51,50% comarcal e 54,86% provincial-.

O seguinte colectivo que presenta valores máis altos é o de demandantes non parados con emprego anterior, co 14,58% de representación, que neste caso, á inversa do anterior, supera á media provincial nun 2,24%. Séguelle por orde o grupo de parados sen emprego anterior e con dispoñibilidade inmediata, co 11,96%, seguido dos non parados que buscan unha situación de mellora de emprego, co 10,19%. O 11,77% restante repártese no resto de grupos.

A característica fundamental é a da semellanza entre a relación provincial e a comarcal, presentando mínimas diferenzas entre un ámbito e o outro.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	50	55	7,36	8,10	15,46	19,33
26 a 35 anos	97	98	14,29	14,43	28,72	30,92
36 a 45 anos	62	79	9,13	11,63	20,77	21,51
46 a 55 anos	74	43	10,90	6,33	17,23	17,42
56 e máis anos	75	46	11,05	6,77	17,82	10,83
TOTAL COMARCA	358	321	52,72	47,28	100,00	1,20
TOTAL PROVINCIA	21.790	34.575	38,66	61,34	1,20	100,00

Na comarca da Paradanta, ao revés do que sucede na provincia, é maioritaria a presenza dos homes entre os demandantes parados -52,72% fronte ao 38,66% da provincia-. Tanto no colectivo de homes como no de mulleres, a maior concentración de demandantes dáse no tramo de idade de 26 a 35 anos -14,29 e 14,43 respectivamente-. Por outra banda, a menor concentración de demandantes nos homes dáse no tramo de idade de menores de 26 anos, co 7,36%, a diferenza das mulleres, nas que se produce no tramo de idade máis alto, co 6,77%.

En relación coa provincia, obsérvase unha maior proporción de demandantes de maior idade -un 34,46% teñen máis de 45 anos, 6,21 puntos máis que na provincia-.

TÁBOA 7.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	38	30	9,72	7,67	17,39	19,01
26 a 35 anos	27	67	6,91	17,14	24,04	28,25
36 a 45 anos	40	59	10,23	15,09	25,32	21,24
46 a 55 anos	35	31	8,95	7,93	16,88	18,04
Máis de 55 anos	43	21	11,00	5,37	16,37	13,47
TOTAL COMARCA	183	208	46,80	53,20	100,00	1,36
TOTAL PROVINCIA	10.780	17.899	37,59	62,41	1,36	100,00

No caso de demandantes non parados, o número de mulleres supera ao dos homes, representando o 53,20% do conxunto deste tipo de demandantes. Na distribución por sexo e idade, no caso das mulleres temos o maior número de demandantes no tramo de idade de 26 a 35 anos, co 17,14%, mentres que no caso dos homes é no tramo de idade de máis de 55 anos, co 11,00%. En relación cos datos provinciais, o número de demandantes é maior que o provincial no caso dos homes -46,80% sobre 37,59%- , sendo nas mulleres á inversa - 53,20% na comarca fronte ao 62,41% provincial-.

Segundo a distribución por tramos de idade, o menor número de demandantes atópase en ambos os dous casos, provincial e comarcal, no segmento de maiores de 55 anos, e o maior número de demandas corresponde ao tramo comprendido entre os 26 e 35 anos.

No gráfico 6 conséntase que en todos os segmentos de idade predominan os demandantes parados sobre os non parados, excepto entre os que teñen 26 anos e 45 anos.




GRÁFICO 6: Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.

Podemos observar que o número de demandantes parados é maior nos homes que nas mulleres; no caso dos demandantes non parados, a relación é á inversa.




GRÁFICO 7: Distribución porcentual do total de demandantes parados por sexo.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	274	40,35	30,37
Titulación de ensinanza obrigatoria	312	45,95	39,89
Formación profesional	36	5,30	6,19
BUP/Bacharelato superior/COU	36	5,30	11,93
Titulados universitarios	19	2,80	9,08
Outras titulacións	2	0,29	2,54
TOTAL	679	100,00	100,00

TÁBOA 8.1: Distribución dos demandantes parados por nivel académico.

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

A maior parte dos demandantes parados da comarca, o 86,3%, atópase nos niveis académicos máis baixos: ensinanza obrigatoria e inferiores. O valor máis alto de demandantes está no nivel da ensinanza obrigatoria, cun 45,95%, superando a porcentaxe provincial, que é do 39,89%. O mesmo sucede cos estudos inferiores ao nivel obrigatorio, onde a porcentaxe comarcal do 40,35% volve a ser superior á provincial case nun 10%. O menor nivel de formación con respecto á provincia obsérvase tamén ao concentrar as porcentaxes dos niveis formativos superiores como formación profesional, bacharelato e universitarios -na comarca acada un 13,4%, fronte ao 27,2% da provincia-.

TÁBOA 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	160	40,92	32,64
Titulación de ensinanza obrigatoria	168	42,97	35,31
Formación profesional	22	5,63	6,04
BUP/Bacharelato superior/COU	32	8,18	13,79
Titulados universitarios	9	2,30	10,49
Outras titulacións	0	0,00	1,73
TOTAL	391	100,00	100,00

Igual que no caso de demandantes parados, os sectores que comprenden a maior parte dos non parados concéntranse nos sectores de nivel académico máis baixo, albergando o 83,89% do total. O maior número de demandantes está no nivel de ensinanza obrigatoria -42,97%-, que supera a porcentaxe provincial nun 7,66%, seguido do nivel de estudos inferior, cun 40,92%, superando a porcentaxe provincial nun 8,28%. A porcentaxe dos que contan con maior nivel de formación é do 16,11%, 14 puntos menos que o valor acadado pola provincia.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	6,77	0,29	0,29	7,36
	Mulleres	5,45	1,33	1,33	8,10
26 a 35 anos	Homes	10,60	2,21	1,47	14,29
	Mulleres	7,36	1,77	5,30	14,43
36 a 45 anos	Homes	5,30	1,03	2,80	9,13
	Mulleres	4,42	2,36	4,86	11,63
46 a 55 anos	Homes	5,74	1,18	3,98	10,90
	Mulleres	1,77	0,59	3,98	6,33
Máis de 55 anos	Homes	2,95	1,18	6,92	11,05
	Mulleres	1,62	0,59	4,57	6,77
% COMARCAL		51,99	12,52	35,49	100,00
% PROVINCIAL		52,82	14,49	32,69	100,00

A maior parte dos demandantes son homes de 26 a 35 anos que levan menos de seis meses na procura de emprego -10,60%-, seguido das mulleres do mesmo rango, co 7,36% do total de demandantes parados. Pola contra, dos demandantes parados con máis dun ano nesta situación a maior porcentaxe de homes está no tramo de idade de máis de 55 anos, co 6,92%; no caso das mulleres está no tramo de 26 a 35 anos, co 5,30%.

Hai que sinalar que entre os parados de menos de 6 meses predominan os homes -31,36%- sobre as mulleres -20,62%-, situación inversa á producida entre os demandantes de longa duración -15,46% homes, 20,04% mulleres-.

Da comparación cos datos provinciais é de destacar a analoxía que se produce na distribución por tempo de busca de emprego entre estes dous ámbitos territoriais.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	22	3,24	3,16	27	6,91	3,66
Sector secundario	88	12,96	19,25	68	17,39	18,72
Construcción	156	22,97	9,92	54	13,81	7,12
Sector servicios	285	41,97	50,62	191	48,85	55,04
Sen actividade previa	128	18,85	17,04	51	13,04	15,46
TOTAL	679	100,00	100,00	391	100,00	100,00

TÁBOA 10: Demandantes por actividade económica.

Na comarca da Paradanta o sector que maior número de demandantes parados rexistra é o de servizos, que engloba o 41,97% do total, estando a porcentaxe en relación coa provincial 8 puntos por debaixo. O próximo sector, en maior número de demandantes -22,97%-, é o da construción, que presenta un valor notablemente maior que o da provincia, 13,05 puntos por riba.

No caso de demandantes non parados, o sector primordial, e que aglutina case o 50% das demandas, é o de servizos, tamén 6 puntos por debaixo da porcentaxe provincial aproximadamente. O sector da construción de novo volve a estar por riba da media provincial -13,81% sobre 7,12%-, se ben neste caso este sector pasa ao terceiro lugar en beneficio do sector secundario.

Os datos en conxunto, sacando algunhas excepcións, evidencian un certo paralelismo na distribución sectorial entre os dous colectivos de demandantes.

Dentro da industria podemos observar tres niveis de demanda: o primeiro corresponde a alimentación, que representa un 32% das demandas deste subsector; o segundo nivel está constituído polas actividades de téxtil e confección, outras industrias e a de metalurxia e fabricación de produtos metálicos, que oscilan entre o 16% da primeira e o 13% do último. O terceiro nivel, por similitude porcentual engloba as de fabricación de material de transporte, fabricación de produtos minerais non metálicos e madeira.




GRÁFICO 8: Demandantes parados na industria.

Dentro dos servizos son as actividades de hostalería e a das administracións públicas as que maior número de demandantes presentan, cun 42% do total -22% e 20%, respectivamente-. Seguindo nesta orde, sitúase despois o apartado de actividades inmobiliarias e servizos empresariais, co 17%, seguido de actividades de comercio, co 10%. Por último están o resto de actividades, con porcentaxes similares, que oscilan entre o 3% e o 7%.




GRÁFICO 9: Demandantes parados nos servizos.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 11: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Peón da ind. manufactureira, en xeral	168	15,70	7,42
Peón da construción de edificios	92	8,60	1,75
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	90	8,41	7,08
Empregado administrativo, en xeral	70	6,54	8,97
Empregada de fogar	62	5,79	0,52
Albanel	62	5,79	2,15
Dependente de comercio, en xeral	48	4,49	9,31
Camareiro, en xeral	39	3,64	3,12
Cociñeiro, en xeral	17	1,59	1,79
Encofrador	16	1,50	0,33

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Homes	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Titulación Ensinanza Obrigatoria	Titulación Ensinanza Obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Peón da industria manufactureira	Dependente de comercio

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Crecente	21	5,60
Arbo	10	2,67
A Cañiza	325	86,67
O Covelo	19	5,07
TOTAL COMARCA	375	100,00

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	32.805
COMARCA/PROVINCIA:	1,14

Temos que subliñar o forte predominio do concello da Cañiza sobre o resto, xa que rexistra o 86,67% do conxunto de postos de traballo ofertados. En segundo lugar sitúanse Crecente e O Covelo, con porcentaxes próximas ao 5%. Do total de ofertas da provincia, as desta comarca representan o 1,14%.


	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
Arbo	5	5	1	10	10	0,00	-80,00	900,00	0,00	18,92
A Cañiza	334	277	297	253	325	-17,07	7,22	-14,81	28,46	-0,68
Crecente	2	0	15	1	21			-93,33	2000,0	80,01
O Covelo	5	16	13	15	19	220,00	-18,75	15,38	26,67	39,62
TOTAL COMARCA	346	298	326	279	375	-13,87	9,40	-14,42	34,41	2,03
TOTAL PROVINCIA	22.277	29.137	32.188	35.951	32.805	30,79	10,47	11,69	-8,75	10,16

TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

Entre os anos 1999-2003, a tendencia no número de ofertas promovidas pode considerarse como progresiva en todos os concellos, a excepción da Cañiza, que ten 9 ofertas menos que en 1999, aínda que despois de 2002 presenta unha variación interanual do 28,46% en relación co ano 2003. O resto de concellos amosan unha variación media no período positiva, chegando nalgúns casos ao 80,01%, como é o concello de Crecente, se ben conta con valores absolutos discretos.

A pesar de todo, a variación media para o conxunto da comarca é dun 2,03%, bastante por debaixo da provincial, que chega ata o 10,16%. A diferenza do que sucede na provincia de Pontevedra, que presenta unha diminución interanual para os anos 2002-2003 do -8,75%, a comarca da Paradanta mostra a variación máis alta para os anos 2002-2003, chegando case ao 35%, se ben, ao contrario que na provincia, prodúcense retrocesos entre o 1999-2000 e 2001-2002.

GRÁFICO 10: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.



Considerando conxuntamente o resto de concellos, pode observarse o leve repuntamento que se produce no 2003, en tanto que se visualizan as oscilacións da Cañiza durante o período.


5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica.

TÁBOA 15: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Arbo	0	0	1	4,55	0	0	9	3,21
A Cañiza	0	0	21	95,45	57	81,43	244	87,14
Crecente	0	0	0	0	1	1,43	20	7,14
O Covelo	0	0	0	0	12	17,14	7	2,50
TOTAL COMARCA	0	0	22	100,00	70	100,00	280	100,00
TOTAL PROVINCIA	369		3.563		6.015		22.853	


Tendo en conta que é o concello da Cañiza o que aglutina máis do 85% das ofertas, o sector máis representativo, no mesmo concello, é o de servizos co 87,14% das ofertas da comarca, seguido de construción e secundario nesta orde, co 81,43% e 95,45%, respectivamente. Tamén poderíamos destacar a presenza relativa dos servizos en Crecente, co 7,14% do total de ofertas da comarca, e no Covelo na construción, co 17,14% do seu total.

GRÁFICO 11: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.



Temos que destacar neste caso a presenza maioritaria, co 75% das ofertas, do sector servizos, seguido polo sector da construción, co 19%, e por último o secundario, co 6%.

GRÁFICO 12: Distribución porcentual das ofertas na industria.



Realizando unha análise do subsector da industria, a metade das ofertas recóllense na actividade da alimentación, seguida pola de metalurxia e fabricación de produtos metálicos, co 40% do total do conxunto.

No subsector servizos, a prevalencia de ofertas na administración pública supera amplamente aos outros sectores, co 67% do total do conxunto. O 33% restante repártese de xeito disperso entre as restantes actividades.




GRÁFICO 13: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	2	0	1	13	0
Secundario	16	36	59	26	22
Construción	98	77	38	41	70
Servizos	230	185	227	199	280
Sen actividade	0	0	1	0	3
TOTAL COMARCA	346	298	326	279	375
TOTAL PROVINCIA	22.277	29.137	32.188	35.951	32.805

TÁBOA 16: Evolución das ofertas por sectores económicos.

O sector produtivo que máis evoluciona é o dos servizos, que incrementa o número de ofertas dende 1999 ata 2003 en 50 -variación media do 5,04%-; se ben o que presenta a variación media máis alta neste período é o secundario, co 8,29%.

O sector servizos presenta unha evolución irregular, oscilando entre os descenso dos tramos 1999-2000, variación interanual -19,57%, e 2001-2002, e as subas de 2000-2001 e 2002-2003 -40,70%-; en cambio, na construción hai un descenso forte nos dous primeiros intervalos temporais, para ir recuperándose nos dous seguintes.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

Tan só o 3,73% do total de ofertas tiñan o sexo como un dos seus requisitos. O sector servizos, que é o maioritario, presenta ofertas para ambos os dous colectivos: 6 para os homes e 5 para as mulleres.

Un 60,8% das ofertas requiren un determinado nivel académico, se ben o 72,8% destas céntranse primordialmente na solicitude de certificado escolar, destacando aquí as ofertas procedentes das administracións públicas.




GRÁFICO 14: Ofertas por sexo segundo o sector económico da comarca.




GRÁFICO 15: Ofertas por nivel académico da comarca.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

TÁBOA 17.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

	1999	2000	2001	2002	2003
Albanel	6	10	11	11	24
Peón de albanel/Peón de obras públicas	3	6	0	4	13
Administrativo	1	0	3	4	6
Camareiro - Barman	0	1	4	3	5
Axente comercial / Vendedor	0	4	3	10	4
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	0	1	2	2	4
Axudante de cociña	2	3	0	4	4
Mecánica do automóbil	0	0	3	1	2
Auxiliar administrativo	0	1	2	3	2
Dpdo. en relacións laborais / Graduado social	0	0	0	2	2

As ocupacións máis ofertadas son as de albanel e peón de albanel, que mostran unha tendencia progresiva. Por outra banda está a ocupación de axente comercial, que presenta un valor de ofertas alto no ano 2002 -10 ofertas-, pasando a ter catro ofertas no 2003.

TÁBOA 17.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

	1999	2000	2001	2002	2003
Peón da ind. manufactureira, en xeral	62	83	34	21	36
Traballador retén incendios forestais	0	0	7	19	18
Albanel	103	38	38	17	14
Peón da construción de edificios	7	11	35	8	14
Téc. de protección civil	0	0	14	12	13
Empregado administrativo, en xeral	2	10	10	4	12
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	1	16	4	11	9
Xardineiro, en xeral	12	2	2	8	9
Bañista-socorrista	3	3	4	2	9
Peón dos camiños	0	0	0	5	9

As dúas ocupacións maiormente ofertadas polas oficinas de emprego son as de peón da industria manufactureira e traballador retén de incendios forestais. Cómpre destacar o forte descenso de ofertas na ocupación de albanel, cunha variación media de -39,28%, e o xurdimento e consolidación neste período da ocupación de técnico de protección civil.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
A Cañiza	616	49,68
Arbo	307	24,76
Crecente	106	8,55
O Covelo	211	17,02
TOTAL COMARCA	1.240	100,00
TOTAL PROVINCIA	281.952	0,44

TÁBOA 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

Do total de contratos rexistrados, case o 50% dos realizados circunscribíense ao concello da Cañiza e case o 25% ao concello de Arbo. O 25% restante repártense entre O Covelo e Crecente. Realizando unha suma de todos os contratos da Paradanta, os 1.240 contratos efectuados supoñen o 0,44% dos realizados na provincia de Pontevedra.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
A CAÑIZA	612	793	636	593	616	29,58	-19,80	-6,76	3,88	0,16
ARBO	236	222	186	209	307	-5,93	-16,22	12,37	46,89	6,80
CRECENTE	153	89	117	94	106	-41,83	31,46	-19,66	12,77	-8,77
O COVELO	297	201	197	131	211	-32,32	-1,99	-33,50	61,07	-8,19
TOTAL COMARCA	1.298	1.305	1.136	1.027	1.240	0,54	-12,95	-9,60	20,74	-1,14
TOTAL PROVINCIA	268.994	284.771	269.975	277.433	281.952	5,87	-5,20	2,76	1,63	1,18

TÁBOA 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

Tras o descenso continuado nos anos 2001 e 2002 na comarca da Paradanta, no 2003 recupérase o número de contratacións, acadando un valor lixeiramente inferior ao de 1999, pero que se distancia da tendencia mantida en anos anteriores. A variación media para o período de 1999-2003 presenta unha porcentaxe do -1,14%, por debaixo da provincial, que reflite un lixeiro aumento na contratación, co 1,18%.

Os concellos de Arbo e A Cañiza amosan unha variación media positiva, alcanzando o primeiro o maior valor cun 6,80%. Por outra banda, os concellos de Crecente e O Covelo presentan os dous variacións medias decrecentes, en torno ao -8%.

O único ano en que se rexistra un crecemento en todos os concellos é en 2003, no que destacan os concellos do Covelo e Arbo, que amosan un crecemento considerablemente elevado. Polo que respecta ao concello con maior volume de contratación, A Cañiza, aumenta notablemente entre 1999 e 2000 -ao contrario que o resto de concellos-, para decrecer nos dous intervalos posteriores e volver a aumentar no último.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

TÁBOA 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	252	148	400	20,32	11,94	32,26
De 26 a 35 anos	220	143	363	17,74	11,53	29,27
De 36 a 45 anos	164	93	257	13,23	7,50	20,73
De 46 a 55 anos	129	37	166	10,40	2,98	13,39
Máis de 55 anos	42	12	54	3,39	0,97	4,35
TOTAL COMARCA	807	433	1240	65,08	34,92	100,00
TOTAL PROVINCIAL	160314	121638	281952	56,86	43,14	100,00

Atendendo á distribución por sexos, máis do 65% dos contratos fánelles aos homes, existindo unha tendencia a decrecer a contratación a medida que se aumenta en idade.

Se temos en conta a relación do número de contratacións comarcais coas provinciais, na Paradanta a contratación nos homes supera case nun 10% a mesma porcentaxe para a provincia, dándose a relación inversa para as mulleres, que mostran unha porcentaxe provincial do 43,14% fronte ao 34,92% comarcal.

Segundo a distribución por idade, apréciase unha tendencia de regresión na contratación a medida que se incrementa a idade dos demandantes. Temos que dicir que o 32,26% dos contratos se lles fan a menores de 26 anos, seguidos do seguinte colectivo, de 26 a 35 anos, co 29,27% e logo o colectivo de 36 a 45, co 20,73%.

No caso dos homes, o perfil do máis contratado é o de menor de 26 anos, que representa o 20,32% da contratación, seguido do de persoas de 26 a 35 anos; entre estes dous colectivos representarían o 38,06% do total de contratos realizados. Pola contra, no caso das mulleres, o colectivo máis contratado volve a ser o de menos de 26 anos; neste caso entre os dous colectivos inferiores representarían o 23,47% da contratación, estando practicamente 15 puntos porcentuais por debaixo dos homes. Ademais, se un 13,79% dos contratados maiores de 46 anos son homes, esta proporción redúcese ao 3,95% no caso das mulleres.

TÁBOA 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	878	812	752	638	807	-7,52	-7,39	-15,16	26,49	-2,09
Mulleres	420	493	384	389	433	17,38	-22,11	1,30	11,31	0,76
TOTAL CONTRATOS	1.298	1.305	1.136	1.027	1240	0,54	-12,95	-9,60	20,74	-1,14

O colectivo de mulleres presenta un maior número de contratacións no ano 2003, en relación co ano de inicio. A evolución entre 1999 e 2003 mostra unha variación media positiva do 0,76% para as mulleres. O teito contractual aparece no ano 2000 con 493 contratos, que incrementa o valor do ano anterior tal e como mostra a variación interanual, que é do 17,38%. Dende o valor máis alto acadado no ano 2000, redúcese bastante o número de contratos a partir de 2001, no que a variación é do -22,11%. A partir de aquí, iníciase de novo unha tendencia alcista que durará ata o final do período.

No caso dos homes, o valor é inferior no ano 2003 en relación con 1999 en 71 contratos. Neste caso, a variación media no período é de -2,09%. A tendencia regresiva xa se inicia no ano 2000 e chega ata 2002, mostrando un valor de recuperación no ano 2003, tal e como amosa a variación interanual do 26,49%, a única positiva entre 1999 e 2003.

Temos que destacar que a contratación masculina segue sendo predominante na comarca da Paradanta. Relativamente a contratación masculina dobra a feminina en todo o período de referencia, se ben esta distancia entre os contratos de homes sobre os de mulleres, que en 1999 é de 35,28 puntos, redúcese ata 30,16 puntos no ano 2003.




GRÁFICO 16: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA 99-03
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
Menor de 26 anos	462	441	319	292	400	-4,55	-27,66	-8,46	36,99	-3,54
De 26 a 35 anos	370	399	368	344	363	7,84	-7,77	-6,52	5,52	-0,48
De 36 a 45 anos	285	271	262	237	257	-4,91	-3,32	-9,54	8,44	-2,55
De 46 a 55 anos	124	144	142	102	166	16,13	-1,39	-28,17	62,75	7,57
Máis de 55 anos	57	50	45	52	54	-12,28	-10,00	15,56	3,85	-1,34
TOTAL CONTRATOS	1.298	1.305	1.136	1.027	1.240	0,54	-12,95	-9,60	20,74	-1,14

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.

A recuperación da contratación no ano 2003 reproducése en todos os tramos de idade, experimentando un incremento en todos eles.

O que presenta o valor de variación media máis baixo é o dos demandantes menores de 26 anos, co -3,54%. Cómpre destacar neste caso o forte incremento que se dá no ano 2003, coa variación interanual do 36,99%, que rompe coa tendencia de descenso dos anos anteriores, tal e como podemos apreciar no conxunto de variacións negativas. Pola contra, é o colectivo de 46 a 55 anos o que experimenta o maior crecemento, co 7,57%, sendo o único intervalo que medra por riba dos valores conseguidos no 1999. Ao mesmo tempo este segmento de idade é o que máis flutúa, pois rexistra a maior variación interanual positiva 62,75% no 2002-2003 e negativa, o -28,17% no 2001-2002.

No segmento de 26 a 35 anos hai unha tendencia á estabilidade oscilando entre o crecemento de 1999-2000 e 2002-2003 e o descenso nos tramos intermedios.


5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	49	3,95
Agricultura e pesca	49	3,95
SECTOR SECUNDARIO	209	16,85
Industria	208	16,77
Electricidade	1	0,08
SECTOR CONSTRUCCIÓN	225	18,15
Construción	225	18,15
SECTOR SERVIZOS	757	61,05
Comercio e hostalería	282	22,74
Transporte e comunicacións	44	3,55
Outros servizos	431	34,76
TOTAL CONTRATOS	1.240	100,00

TÁBOA 23: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.


No ano 2003, o sector que presenta maiores valores de contratación é o dos servizos -61,05%-. Ao mesmo tempo, segundo a distribución por subsectores, os dous que rexistran as maiores porcentaxes atópanse dentro do sector sinalado, comercio e hostalería co 22,74% e outros servizos co 34,76%. A continuación está o sector da construción, co 18,15%, seguido de preto polo secundario, co 16,85%. Tamén cómpre subliñar o escaso peso que ten o sector primario nesta comarca, con tan só o 3,95% do total de contratos.

GRÁFICO 17: Distribución porcentual da contratación na Industria.



Dentro do subsector da industria, as dúas actividades máis representativas son as de alimentación e fabricación de produtos minerais non metálicos, co 30% e 29% de contratación respectivamente. A seguinte que destaca polo seu peso é a de metalurxia, cunha porcentaxe do 20%.

GRÁFICO 18: Distribución porcentual da contratación nos servizos.



Nos servizos a actividade con maior número de contratos é a hostalería, co 23%, xunto coas administracións públicas, que dan emprego ao 21%, seguidas da actividade de servizos á comunidade, co 15%.

TÁBOA 24: Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	Máis de 55
SECTOR PRIMARIO	3,06	0,89	0,81	1,45	0,65	0,73	0,32
Agricultura e pesca	3,06	0,89	0,81	1,45	0,65	0,73	0,32
SECTOR SECUNDARIO	12,34	4,52	6,85	6,13	2,34	1,21	0,32
Industria	12,26	4,52	6,85	6,05	2,34	1,21	0,32
Electricidade	0,08			0,08			
SECTOR CONSTRUCIÓN	17,18	0,97	6,37	4,52	3,79	2,82	0,65
Construción	17,18	0,97	6,37	4,52	3,79	2,82	0,65
SECTOR SERVIZOS	32,50	28,55	18,23	17,18	13,95	8,63	3,06
Comercio e hostalería	8,55	14,19	9,68	6,05	4,52	2,02	0,48
Transporte e comunicacións	2,50	1,05	0,65	1,05	1,13	0,16	0,56
Outros servizos	21,45	13,31	7,90	10,08	8,31	6,45	2,02
TOTAL CONTRATOS	65,08	34,92	32,26	29,27	20,73	13,39	4,35

Tendo en conta a distribución sectorial, podemos observar que predomina a contratación dos homes en todos os sectores, e nalgúns casos, como é o da construción, o peso das mulleres é marxinal. Observando os datos, atopamos que só nun caso o colectivo de mulleres rexistra maior volume de contratación que os homes: no subsector de comercio e hostalería, onde supera a porcentaxe dos homes en 5,64 puntos.

Todos os sectores presentan unha tendencia decrecente continuada a medida que incrementamos a idade, a excepción do sector primario, que amosa unha pequena variación no tramo comprendido entre os 46 e 55 anos. O maior peso específico dos subsectores de outros servizos e comercio e hostalería sinalan a maior importancia dos servizos para todas as idades, estando a certa distancia o sector secundario para os menores de 36 anos e o da construción para os dunha idade superior.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
SECTOR PRIMARIO	33	44	46	60	49	33,33	4,55	30,43	-18,33	10,39
Agricultura e pesca	33	44	46	60	49	33,33	4,55	30,43	-18,33	10,39
SECTOR SECUNDARIO	245	303	246	224	209	23,67	-18,81	-8,94	-6,70	-3,90
Industria	245	303	246	223	208	23,67	-18,81	-9,35	-6,73	-4,01
Electricidade	0	0	0	1	1				0,00	
S. CONSTRUCCIÓN	214	194	223	152	225	-9,35	14,95	-31,84	48,03	1,26
Construción	214	194	223	152	225	-9,35	14,95	-31,84	48,03	1,26
SECTOR SERVICIOS	806	764	621	574	757	-5,21	-18,72	-7,57	31,88	-1,56
Comercio e hostalería	222	231	206	238	282	4,05	-10,82	15,53	18,49	6,16
Transporte e comunicacións	43	56	48	40	44	30,23	-14,29	-16,67	10,00	0,58
Outros servizos	541	477	367	296	431	-11,83	-23,06	-19,35	45,61	-5,52
TOTAL CONTRATOS	1.298	1.305	1.136	1.027	1.240	0,54	-12,95	-9,60	20,74	-1,14

TÁBOA 25: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.

O sector primario é o que máis medra no período de 1999-2003, presentando unha variación media do 10,39%. Cómpre dicirmos, ao mesmo tempo, que este sector é máis susceptible a variacións máis pronunciadas debido aos seus modestos valores absolutos.

O sector servizos experimenta un descenso considerable ata o ano 2002, para chegar ao ano 2003 cun incremento notable en relación co ano anterior, cunha variación interanual do 31,88%, dando como resultado un variación media de -1,56%. Non obstante, mentres que a evolución do período é negativa para o subsector outros servizos, resulta positiva para comercio e hostalería, así como para transporte e comunicacións.

Outro sector que experimenta un crecemento notable no 2003 en relación co ano anterior é o da construción, que presenta unha variación interanual nese tramo do 48,03%, a máis alta en todos os sectores. En cambio, o sector secundario amosa un descenso continuo desde o ano 2000, resultando unha variación media do -3,9%.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

Os contratos temporais a tempo completo e parcial, sobre todo os primeiros, son os máis realizados; a suma de ambos representa un 82% da contratación de toda a comarca. Pola contra, a contratación indefinida é do 5%, a mesma porcentaxe que para a contratación en prácticas.




GRÁFICO 19: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.

TÁBOA 26: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	Máis de 55
Indefinido	2,58	1,69	0,89	1,61	0,56	0,48	0,73
Indefinido tempo parcial	0,16	0,89	0,24	0,32	0,32	0,16	0,00
Temporal	47,10	18,95	22,82	20,24	12,74	8,06	2,18
Temporal tempo parcial	4,19	11,69	5,00	4,35	4,35	1,53	0,65
Prácticas/Formación	3,63	1,29	2,18	1,13	0,97	0,56	0,08
Outros	7,42	0,40	1,13	1,61	1,77	2,58	0,73
TOTAL CONTRATOS	65,08	34,92	32,26	29,27	20,73	13,39	4,35

Case o 50% do total da contratación realizada no ano 2003 son contratos temporais a tempo completo feitos a homes. No caso das mulleres, a porcentaxe deste tipo de contratación sitúase no 18,95%. Na seguinte modalidade que presenta maior contratación, o temporal a tempo parcial, a porcentaxe maior rexístrana as mulleres, cun 11,69%, superando a porcentaxe dos homes -4,19%-.

O contrato temporal a tempo completo predomina en todas as idades, aínda que é máis frecuente nos intervalos máis novos; a unha notable distancia sitúanse os temporais a tempo parcial.

TÁBOA 27: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

	PRIMARIO	SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS			
	Agr. Gand.	Industr.	Electric.		Construc.	Comerc.	Transp.	Outros
Indefinido	0,16	1,61	0,00	1,61	0,56	1,37	0,24	0,32
Indefinido tempo parcial	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,81	0,00	0,24
Temporal	3,63	12,58	0,00	12,58	16,77	13,39	3,31	16,37
Temporal tempo parcial	0,16	1,61	0,08	1,69	0,24	6,37	0,00	7,42
Prácticas/Formación	0,00	0,97	0,00	0,97	0,56	0,81	0,00	2,58
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	7,82
TOTAL CONTRATOS	3,95	16,77	0,08	16,85	18,15	22,74	3,55	34,76

As maiores porcentaxes de contratación temporal a tempo completo danse no sector servizos, co 33,06%, seguido da construción, co 16,77%. Se sumamos as dúas modalidades de contratación temporal no sector servizos, obsérvase con que só o 46,85% dos contratos se realizan neste sector e nesta modalidade.

Pola contra, en todos os sectores a contratación indefinida a xornada completa ou parcial non agrupa máis do 5,32% do total. No caso do sector da construción, por exemplo, hai a mesma porcentaxe de indefinidos que de contratos en prácticas, sendo inferior a estes últimos no sector servizos.

A tendencia á temporalidade é a nota predominante, con moita diferenza por riba do resto de modalidades de contratación.

TÁBOA 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	88	123	105	118	53	39,77	-14,63	12,38	-55,08	-11,91
Indefinido tempo parcial	17	11	10	29	13	-35,29	-9,09	190,00	-55,17	-6,49
Temporal	767	750	655	618	819	-2,22	-12,67	-5,65	32,52	1,65
Temporal tempo parcial	235	255	228	175	197	8,51	-10,59	-23,25	12,57	-4,31
Prácticas/Formación	123	90	47	23	61	-26,83	-47,78	-51,06	165,22	-16,08
Outros	68	76	91	64	97	11,76	19,74	-29,67	51,56	9,29
TOTAL CONTRATOS	1.298	1.305	1.136	1.027	1.240	0,54	-12,95	-9,60	20,74	-1,14

A característica principal que indica o estudo da táboa anterior é a de que o temporal a tempo completo, pese a ser a fórmula de contratación máis utilizada, acada un crecemento modesto en todo o período -variación media do 1,65%-. Rexistra un descenso iniciado no ano 1999, que chega ata 2002, e un incremento considerable no ano 2003, cunha variación interanual do 32,52% para este ano.

A contratación indefinida a tempo completo e a parcial sofren un descenso en todo o período, tal como se aprecia na variación media do -11,91% e -6,49%, respectivamente. Tamén hai que destacar o descenso acusado dos contratos en prácticas ou formación, que reducen á metade o número de contratos dende o inicio ata o final, segundo se observa na variación media do conxunto, que é do -16,08%.

Examinando todas as modalidades, a única que presenta crecemento, ademais do apartado de outros tipos de contratación, é a temporal a tempo completo.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	4	0,32
HOMES	2	0,16
MULLERES	2	0,16
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	139	11,21
HOMES	115	9,27
MULLERES	24	1,94
3. Técnicos e profesionais de apoio	39	3,15
HOMES	18	1,45
MULLERES	21	1,69
4. Empregados de tipo administrativo	99	7,98
HOMES	21	1,69
MULLERES	78	6,29
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	280	22,58
HOMES	109	8,79
MULLERES	171	13,79
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	20	1,61
HOMES	14	1,13
MULLERES	6	0,48
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	219	17,66
HOMES	190	15,32
MULLERES	29	2,34
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	60	4,84
HOMES	55	4,44
MULLERES	5	0,40
9. Traballadores non cualificados	380	30,65
HOMES	283	22,82
MULLERES	97	7,82
TOTAL CONTRATOS	1.240	100,00
TOTAL HOMES	807	65,08
TOTAL MULLERES	433	34,92

TÁBOA 29: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

Os contratos concéntranse nos seguintes grupos de ocupación:

- Traballadores non cualificados, co 30,65% do total.
- Persoal de servizos de restauración, servizos persoais, protección e vendedores de comercio: 22,58%.

- Artesáns e traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería co 17,66%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais: 11,21%.

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados -22,82%-. • Artesáns, traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería - 15,32%-. • Técnicos profesionais, científicos e intelectuais -9,27%-. • Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -8,79%-.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -13,79%-. • Traballadoras non cualificadas -7,82%-. • Empregadas de tipo administrativo -6,29%-. • Artesáns, traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería - 2,34%-.

En todos os grupos predomina a contratación de homes, a excepción de tres:

- Traballadoras de servizos de restauración.
- Empregadas de tipo administrativo.
- Técnicas e profesionais de apoio.

Os grupos que experimentaron unha evolución positiva durante o período comprendido entre 1999 e 2003 foron os seguintes:

- Empregados de tipo administrativo -v.m.a 13,81%-
- Técnicos, profesionais, científicos e intelectuais -v.m.a 10,56%-.
- Dirección de empresas e administracións públicas -variación media anual 7,46%-.
- Técnicos e profesionais de apoio -v.m.a 4,24%-

Pola contra, presentan unha variación media anual negativa os seguintes grupos:

- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería - -8,83%-.
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca - -4,46%-.
- Traballadores non cualificados - -2,99%-.
- Operadores de instalacións e maquinaria - -2,72%-.

Entre os homes o maior crecemento do período experimentábase en:

- Técnicos profesionais científicos e intelectuais -16,24%-.
- Traballadores de servizos de restauración -4,33%-.

En cambio decrece de maneira máis notable en:

- Artesáns, traballadores cualificados industria manufacturera (-9,32%).
- Técnicos e profesionais de apoio (-8,78%).

No tocante ás mulleres, os maiores crecementos danse nos seguintes grupos:

- Técnicas e profesionais de apoio -31,61%-.
- Empregadas administrativas -10,70%-.

Destacan entre os decrecementos do período para as mulleres os seguintes grupos:

- Operadoras de instalación e maquinaria (-22,69%).
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais (-5,43%).

5.4.6. Ocupacións máis contratadas.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO MASCUL. ¹
		N.º	%	N.º	%	N.º	%	
97000011	Peón da ind. manufacturera, en xeral	173	13,95	147	18,22	26	6,00	84,97
25130104	Músico instrumentista, en xeral	101	8,15	95	11,77	6	1,39	94,06
50200018	Camareiro, en xeral.	88	7,10	35	4,34	53	12,24	39,77
71100016	Albanel	71	5,73	70	8,67	1	0,23	98,59
96020014	Peón da construción de edificios	64	5,16	64	7,93	0	0,00	100,00
42100010	Empregado administrativo, en xeral.	62	5,00	15	1,86	47	10,85	24,19
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	51	4,11	4	0,50	47	10,85	7,84
53300010	Dependente de comercio, en xeral	46	3,71	13	1,61	33	7,62	28,26
50100017	Cociñeiro, en xeral	37	2,98	8	0,99	29	6,70	21,62
86300016	Condutor de camión, en xeral	30	2,42	30	3,72	0	0,00	100,00
TOTAL		723	58,31	481	59,60	242	55,89	66,53

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

TÁBOA 30: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.

As ocupacións maioritarias son as de peón da industria manufactureira, músico instrumentista e camareiro. Nas dúas primeiras o ratio de masculinidade está moito por riba do 80%, se ben na terceira é superior a proporción de mulleres, aproximándose ao 40% o ratio de masculinidade.

Cómpre sinalar que nas dúas ocupacións de condutor de camión e peón da construción o ratio de masculinidade é do 100%, e na de albanel é do 98,59%. Pola contra, nas ocupacións de muller/mozo limpeza, cociñeira e empregada administrativa, este indicador presenta os valores máis baixos, sendo do 7,84%, 21,62% e 24,19% respectivamente. En dependenta de comercio tamén predominan as mulleres.


En definitiva, o ratio de masculinidade é do 66,53% nas dez ocupacións máis contratadas, o cal evidencia a predisposición á contratación dos homes.

TÁBOA 31: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	287	275	210	166	173
25130104	Músico instrumentista, en xeral	51	48	49	56	101
50200018	Camareiro, en xeral	89	99	74	87	88
71100016	Albanel	153	108	100	67	71
96020014	Peón da construción de edificios	49	33	53	30	64
42100010	Empregado administrativo, en xeral	32	53	46	42	62
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	42	77	44	48	51
53300010	Dependente de comercio, en xeral	29	50	30	41	46
50100017	Cociñeiro, en xeral	38	27	28	29	37
86300016	Condutor de camión, en xeral	13	44	36	23	30
51130024	ASISTENTE DOMICILIARIO	44	32	19	18	23
94400012	PEÓN FORESTAL	0	23	8	27	18
35430025	MÚSICO DE SALA DE FESTAS OU SIM.	17	27	43	8	0
78010233	COCEDOR DE PEIXES E MARISCOS	0	67	28	12	0

A ocupación máis contratada é a de peón da industria manufactureira, seguida de músico instrumentista e camareiro. A evolución máis positiva é para músico instrumentista, que no último ano case duplica o número de contratos; pola contra, a de peón da industria manufactureira perde peso relativo con respecto a 1999 e a de camareiro inclínase ao estancamento.

Tende a descender a importancia da ocupación de albanel e desaparecen as contratacións das ocupacións de músico de sala de festas e a de cocedor de peixes e mariscos.



Comarca de Caldas



5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

A comarca de Caldas caracterízase pola concentración de empresas no sector servizos. Deste xeito, máis da metade das empresas -56,03%- sitúanse neste sector, seguido en nivel de importancia polo sector da construción, representado por unha cuarta parte das compañías -24,93%-.

Atendendo aos subsectores, e dentro do sector servizos, comercio e hostalería é o que ten unha maior representación porcentual, seguido de outros servizos.

É, porén, o sector secundario o que presenta un maior número de traballadores -destacando o subsector da industria, co 39,83% do total-; a continuación sitúase o sector servizos, co 34,81% dos efectivos.


No que atinxe aos traballadores autónomos, é notable a súa importancia no sector servizos, que engloba o 65,82% do total, destacando sobre todo o subsector de comercio e hostalería; a continuación sitúase o sector da construción, co 22,29% dos autónomos.

5.1.2. Evolución anual

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	46	50	50	38	18
Agricultura e pesca	46	50	50	38	18
SECTOR SECUNDARIO	186	176	188	199	195
Industria	184	174	185	197	192
Electricidade	2	2	3	2	3
SECTOR CONSTRUCCIÓN	236	243	263	263	279
Construción	236	243	263	263	279
SECTOR SERVIZOS	577	558	592	616	627
Comercio e hostalería	329	331	360	372	370
Transporte e comunicacións	48	52	52	51	53
Outros servizos	200	175	180	193	204
TOTAL	1.045	1.027	1.093	1.116	1.119

TÁBOA 1: Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.



Pódese observar unha redución importante no número de empresas do sector primario para o período 1999-2003, sobre todo nos últimos dous anos, onde se aprecia un decrecemento de máis da metade do número total de empresas. Isto queda reflectido na variación interanual entre os anos 2002 e 2003, que é, en termos negativos, do 52,63%.

No sector da construción obsérvase un crecemento leve, cunha evolución descontínua no período. En cambio, no sector secundario obsérvase un crecemento máis acentuado e regular durante os anos 1999 e 2002.


É no sector servizos onde se observa un maior crecemento, destacando sobre todo o subsector de comercio e hostalería, seguido a certa distancia de outros servizos.

TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	637	679	674	657	654
Agricultura e pesca	637	679	674	657	654
SECTOR SECUNDARIO	1.931	2.112	2.190	2.349	2.535
Industria	1.924	2.105	2.179	2.339	2.523
Electricidade	7	7	11	10	12
SECTOR CONSTRUCCIÓN	909	886	934	920	960
Construción	909	886	934	920	960
SECTOR SERVIZOS	1.876	1.971	2.034	2.281	2.215
Comercio e hostalería	913	947	1.004	1.135	1.135
Transporte e comunicacións	307	306	369	390	316
Outros servizos	656	718	661	756	764
TOTAL	5.353	5.648	5.832	6.207	6.364

O sector primario e o da construción veñen definidos por unha evolución máis ou menos estable, con pequenos ascensos e descensos no período, e cun balance final positivo no 2003 con respecto ao 1999 en canto a números absolutos. Este crecemento é lixeiramente superior no sector servizos, onde cabe salientar o subsector de comercio e hostalería.

GRÁFICO 2: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.



No que respecta ao sector secundario, é o único que non obtén ningún valor negativo nestes anos, presentando un ascenso significativo de traballadores, debido sobre todo ao peso específico do subsector da industria.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	23	27	33	36	35
Agricultura e pesca	23	27	33	36	35
SECTOR SECUNDARIO	157	169	184	184	189
Industria	157	169	184	183	186
Electricidade	0	0	0	1	3
SECTOR CONSTRUCCIÓN	250	299	338	393	420
Construcción	250	299	338	393	420
SECTOR SERVICIOS	906	975	1.097	1.184	1.240
Comercio e hostalería	617	665	756	817	842
Transporte e comunicacións	114	124	137	146	155
Outros servizos	175	186	204	221	243
TOTAL	1.336	1.470	1.652	1.797	1.884

TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

O primeiro que se debe sinalar é o crecemento constante de autónomos en todos os sectores neste período, exceptuando o primario, que sofre un leve descenso de 2,78 puntos no intervalo 2002-2003.

Cabe destacar sobre todo o crecemento de traballadores autónomos no sector da construción, que é máis leve no sector servizos, e por último, no secundario e no primario, onde apenas se percibe este incremento na totalidade dos autónomos.




GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.

5.2. DEMANDAS


5.2.1. Demandantes por concello

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Caldas de Reis	517	281	798
Catoira	315	121	436
Cuntis	301	131	432
Moraña	221	112	333
Pontecesures	207	63	270
Portas	159	66	225
Valga	430	174	604
TOTAL	2.150	948	3.098

% comarca/provincia - PARADOS	3,81
% comarca/provincia - NON PARADOS	3,31

GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.



Os concellos de Caldas de Reis e de Valga agrupan practicamente a metade das demandas de emprego da comarca. Así, o 45,25% delas proceden destes dous concellos, quedando o 54,75% restante repartidas entre Catoira -14,1%-, Cuntis -13,94%-, Moraña -10,75%-, Pontecesures -8,71%- e Portas -7,26%-.

Se diferenzamos os demandantes parados dos non parados, vemos que a relación de parados supera á de ocupados en todos os concellos, con proporcións do 69,4% fronte ao 30,6%.

A nota comparativa característica da comarca de Caldas con respecto á provincia de Pontevedra vén dada polo peso relativo lixeiramente maior dos demandantes parados sobre os non parados.

5.2.2. Evolución dos demandantes parados

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	2.163	1.965	1.959	2.011	2.150
VARIACIÓN INTERANUAL %		-9,15	-0,31	2,65	6,91
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	4,29	3,94	3,99	3,78	3,81

Tendo en conta o conxunto dos demandantes en paro no período 1999-2003, maniféstase unha inclinación ao decrecemento nos intervalos 1999-2000 e 2000-2001, recuperándose nos anos seguintes, o que establece unha situación de case mantemento dos valores.




GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.

Con respecto á provincia, obsérvase unha tendencia a perder peso relativo, cun decrecemento constante ata o ano 2002.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	480	15,49	11,42
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.670	53,91	54,86
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	147	4,74	3,82
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	314	10,14	12,34
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	145	4,68	5,80
	En expediente de regulación de emprego	21	0,68	1,28
	Demandantes de mellora de emprego	262	8,46	7,00
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	47	1,52	2,89
	Resto de demandantes	12	0,39	0,60
TOTAL		3.098	100,00	100,00

TÁBOA 6: Situación laboral dos demandantes

Cómpre sinalar que a situación laboral dos demandantes de emprego é na súa maioría de parados -69,4%-, supoñendo os parados con emprego anterior algo máis da metade do total dos demandantes de emprego -53,91%-.

No que respecta aos non parados, destaca o grupo dos que contaban con emprego anterior -10,14%- e os que solicitan mellora de emprego -8,46%-; o resto de demandantes están a unha maior distancia.

Estas cifras son semellantes ás acadadas no ámbito provincial; a diferenza máis destacable é a menor proporción relativa dos demandantes parados sen emprego anterior no caso da provincia -case 4 puntos menos-.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	164	293	7,63	13,63	21,26	19,33
26 a 35 anos	197	409	9,16	19,02	28,19	30,92
36 a 45 anos	159	332	7,40	15,44	22,84	21,51
46 a 55 anos	129	225	6,00	10,47	16,47	17,42
56 e máis anos	146	96	6,79	4,47	11,26	10,83
TOTAL COMARCA	795	1.355	36,98	63,02	100,00	3,81
TOTAL PROVINCIA	21.790	34.575	38,66	61,34	3,81	100,00

No conxunto de demandantes parados de Caldas predomina o xénero feminino, pois o 63,02% son mulleres.

No que respecta á idade, o 28,19% do total de demandantes parados teñen entre 26 e 35 anos. Este tramo de idade é tamén o máis destacado, tanto para os homes como para as mulleres, seguido polo de 36 a 45 anos para as mulleres -15,44%- e polo de menos de 26 anos para os homes -7,63%-. No caso da totalidade da comarca, o segundo colectivo de idade máis significativo é o de 36 a 45 anos -22,84%- e o terceiro o de menos de 26 anos -21,26%-.

Volvendo á distribución por sexos, a presenza feminina é superior en todos os tramos de idade, agás no máis elevado -de 56 e máis anos-, onde as mulleres demandantes son superadas en 2,32 puntos polos homes.

Por último, e tendo en conta os datos provinciais, estes correspóndense cos expostos anteriormente para a comarca, sendo o grupo de idade maioritario dos demandantes de emprego o de 26 a 35 anos -30,92%-, seguido polo de 36 a 45 anos -21,51%-, e finalmente polo de menos de 26 anos -19,33%-.

TÁBOA 7.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	78	108	8,23	11,39	19,62	19,01
26 a 35 anos	89	186	9,39	19,62	29,01	28,25
36 a 45 anos	62	156	6,54	16,46	23,00	21,24
46 a 55 anos	64	71	6,75	7,49	14,24	18,04
56 e máis anos	92	42	9,70	4,43	14,14	13,47
TOTAL COMARCA	385	563	40,61	59,39	100,00	3,31
TOTAL PROVINCIA	10.780	17.899	37,59	62,41	3,31	100,00

Os datos referidos aos demandantes non parados refliten unha situación semellante ao grupo anterior. De novo o colectivo máis destacado é o de mulleres de 26 a 35 anos, que supoñen o 19,62% do total de demandantes ocupados. É importante matizar que tres tramos de idade femininos -os que comprenden as mulleres ata os 45 anos- supoñen practicamente a metade dos demandantes ocupados. Pola súa parte, os homes só superan ás mulleres no tramo de idade máis avanzado, a partir dos 56 anos, en 5,27 puntos porcentuais.

Tanto no ámbito provincial como no ámbito comarcal, a maioría dos demandantes non parados sitúanse nos tramos de idade que van ata os 45 anos, establecéndose o de 26 a 35 anos como o máis numeroso -29,01% no ámbito comarcal e 28,25% no ámbito provincial-.

Reflectindo o comentado anteriormente, tanto para os demandantes parados como para os non parados, o grupo de idade con maior peso relativo é o de 26 a 35 anos. Pola contra, os valores máis inferiores acádanse no grupo de parados no tramo de idade de máis de 55 anos, e nos non parados, no colectivo de 46 a 55 anos.




GRÁFICO 6: Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.

Representátese aquí graficamente a preeminencia da demanda feminina, destacando unha maioría feminina tanto nos parados como nos non parados. En cambio, tendo en conta os dous colectivos de forma illada, obsérvase un maior peso dos demandantes de emprego parados sobre os non parados.




GRÁFICO 7: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	692	32,19	30,37
Titulación de ensinanza obrigatoria	980	45,58	39,89
Formación profesional	146	6,79	6,19
BUP/Bacharelato superior/COU	178	8,28	11,93
Titulados universitarios	119	5,53	9,08
Outras titulacións	35	1,63	2,54
TOTAL	2.150	100,00	100,00

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

TÁBOA 8.1: Distribución dos demandantes parados por nivel académico.

É salientable que a maioría dos demandantes parados teñen estudos obrigatorios ou non chegaron a acadar este nivel de estudos, tanto no ámbito comarcal -77,77%- como no provincial -70,26%-.

Deste xeito, sitúanse a continuación os que posúen estudos de bacharelato, tanto no ámbito comarcal -8,28%- como provincial -11,93%-. As diferenzas maniféstanse a continuación, posto que no ámbito comarcal son seguidos polos que posúen estudos de formación profesional -6,79%- e polos universitarios -5,53%-, e no ámbito provincial invértese a orde, cun 9,08% de demandantes con estudos universitarios e cun 6,19% con estudos de formación profesional.

TÁBOA 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	322	33,97	32,64
Titulación de ensinanza obrigatoria	353	37,24	35,31
Formación profesional	83	8,76	6,04
BUP/Bacharelato superior/COU	74	7,81	13,79
Titulados universitarios	96	10,13	10,49
Outras titulacións	20	2,11	1,73
TOTAL	948	100,00	100,00

Unha situación semellante evidénciase no caso dos demandantes non parados, xa que tanto na comarca como na provincia a fracción máis importante dos demandantes teñen estudos obrigatorios -37,24% e 35,31% respectivamente-, seguidos dos que non acadaron esta titulación -33,97% na comarca e 32,64% na provincia-.

Tamén como no caso anterior, as diferenzas aparecen nos grupos seguintes, posto que no ámbito comarcal seguirían aqueles demandantes con titulación universitaria, formación profesional e bacharelato, e no ámbito provincial a orde sería diferente: bacharelato, estudos universitarios e formación profesional.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	6,00	1,35	0,28	7,63
	Mulleres	9,12	2,74	1,77	13,63
26 a 35 anos	Homes	6,79	1,12	1,26	9,16
	Mulleres	9,35	3,16	6,51	19,02
36 a 45 anos	Homes	4,98	1,35	1,07	7,40
	Mulleres	7,35	1,67	6,42	15,44
46 a 55 anos	Homes	3,40	0,84	1,77	6,00
	Mulleres	3,49	1,58	5,40	10,47
56 e máis anos	Homes	2,65	0,84	3,30	6,79
	Mulleres	1,21	0,28	2,98	4,47
TOTAL COMARCA		54,33	14,93	30,74	100,00
TOTAL PROVINCIA		52,82	14,49	32,69	100,00

Máis da metade dos demandantes de emprego da comarca de Caldas levan menos de 6 meses á procura dunha colocación. A continuación sitúanse os que levan máis dun ano buscando emprego, que supoñen o 30,74% do total.

No ámbito provincial os datos son practicamente idénticos: o 52,82% de demandantes levan buscando menos de 6 meses, e o 32,69% levan máis dun ano á procura de emprego. O resto -14,49%- levan entre 6 meses e un ano buscando emprego.

Por outra banda, obsérvase unha porcentaxe máis elevada de mulleres entre os parados de longa duración, un 23,08% fronte a un 7,66% de homes. Esta situación concéntrase en maior medida nos tramos intermedios de idade -de 26 a 45 anos-. En cambio, prodúcese a situación inversa á sinalada cando falamos de parados de menos de 6 meses.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	38	1,77	3,16	34	3,59	3,66
Sector secundario	484	22,51	19,25	179	18,88	18,72
Construcción	329	15,30	9,92	101	10,65	7,12
Sector servicios	822	38,23	50,62	463	48,84	55,04
Sen actividade previa	477	22,19	17,04	171	18,04	15,46
TOTAL	2.150	100,00	100,00	948	100,00	100,00

TÁBOA 10: Demandantes por actividade económica.

Atendendo ao sector económico de procedencia, tanto en parados como en non parados temos unha maioría relativa de individuos procedentes do sector servizos, seguidos a bastante distancia polos que proveñen do sector secundario.

En relación cos datos provinciais, é máis elevada na provincia a porcentaxe de demandantes procedentes do sector servizos -12,39 puntos por encima nos parados e 6,2 nos non parados-, tendo porcentaxes similares no sector primario. Nos demais sectores, a porcentaxe provincial é significativamente inferior, excluindo o caso dos non parados procedentes do sector secundario.

Se atendemos ás actividades da industria, observamos que nesta comarca destacan os parados que proveñen da industria alimentaria sobre todas as demais. Así, case un de cada dous parados do sector industrial proveñen da alimentación; a unha notable distancia sitúanse as actividades do téxtil, as de outras industrias e as metalúrxicas.




GRÁFICO 8: Demandantes parados na industria.

No referente aos servizos, cobran importancia os parados procedentes das actividades da administración pública e da hostalería, que suman en conxunto un 44% dos demandantes. Con valores moi aproximados e semellantes entre si sitúanse a continuación as actividades de comercio e as inmobiliarias e servizos a empresas.




GRÁFICO 9: Demandantes parados nos servizos.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 11: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Empregado administrativo, en xeral	294	9,49	8,97
Dependente de comercio, en xeral	252	8,13	9,31
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	203	6,55	7,08
Peón da ind. manufactureira, en xeral	176	5,68	7,42
Albanel	165	5,33	2,15
Cocedor de peixes e mariscos	134	4,33	2,56
Modista/o	93	3,00	1,04
Cociñeiro, en xeral	87	2,81	1,79
Peón da construción de edificios	72	2,32	1,75
Camareiro, en xeral	62	2,00	3,12

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Titulación Ensinanza Obrigatoria	Titulación Ensinanza Obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Empregado administrativo	Dependente de comercio

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Portas	30	5,92
Valga	30	5,92
Pontecesures	12	2,37
Cuntis	33	6,51
Caldas de Reis	353	69,63
Catoira	29	5,72
Moraña	20	3,94
TOTAL COMARCA	507	100,00

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	32.805
COMARCA/PROVINCIA:	1,55

Na comarca de Caldas, no ano 2003 recolléronse un total de 507 ofertas de emprego, o que representa o 1,55% do total das ofertas da provincia.

Case sete de cada dez ofertas producidas na comarca son xestionadas a través do concello de Caldas de Reis; nunha posición máis afastada sitúanse Cuntis, Portas, Valga e Catoira.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Valga	8	29	20	43	30	262,50	-31,03	115,00	-30,23	39,16
Portas	0	11	11	20	30		0,00	81,82	50,00	
Moraña	0	7	14	44	20		100,00	214,29	-54,55	
Cuntis	17	15	32	59	33	-11,76	113,33	84,38	-44,07	18,04
Catoira	18	8	7	24	29	-55,56	-12,50	242,86	20,83	12,66
Pontecesures	5	24	11	30	12	380,00	-54,17	172,73	-60,00	24,47
Caldas de Reis	340	365	395	644	353	7,35	8,22	63,04	-45,19	0,94
TOTAL COMARCA	388	459	490	864	507	18,30	6,75	76,33	-41,32	6,92
TOTAL PROVINCIA	22.277	29.137	32.188	35.951	32.805	30,79	10,47	11,69	-8,75	10,16


TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

A evolución das ofertas no conxunto da comarca produciuse de forma desigual en cada un dos municipios, dándose do mesmo xeito notables oscilacións, debido ao reducido número de ofertas xestionadas en todas as localidades, agás en Caldas de Reis. Deste xeito, obtéñense valores negativos no período 1999-2000 en Cuntis e Catoira: -11,76% e -55,56%, no 2000-2001 en Valga, Catoira e Pontecesures: -31,03%, -12,50% e -54,17%, respectivamente, e no 2002-2003 en todos os municipios excepto en Portas e Catoira, que refliten incrementos considerables.

A pesar destes valores negativos nalgún dos períodos, o balance final é positivo en todas as localidades, destacando como valor mínimo o de Caldas de Reis -0,94%- e como máximo o de Valga -39,16%-.

En relación coa provincia de Pontevedra, esta comarca presenta unha evolución desigual, acadando, iso si, os valores negativos no mesmo período 2002-2003, e obtendo valores porcentuais moi dispares, que só se aproximan no período 2000-2001, cunha variación interanual do 6,75% na comarca e do 10,47% na provincia.

GRÁFICO 10: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.



Debido ao importante peso específico do concello de Caldas de Reis, no gráfico 10 tómake como conxunto o resto das localidades para comparar así a súa evolución coa deste concello.

Obsérvase que tanto o concello de Caldas de Reis como o resto dos concellos experimentan unha leve evolución positiva ata o ano 2001, un crecemento máis forte no 2002 -sobre todo no caso de Caldas de Reis- e un descenso no tramo posterior.


5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica.

TABOA 15: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Valga	0	0,00	9	12,33	0	0,00	21	6,36
Portas	0	0,00	0	0,00	12	11,88	18	5,45
Moraña	1	33,33	1	1,37	8	7,92	10	3,03
Cuntis	1	33,33	2	2,74	7	6,93	23	6,97
Catoira	0	0,00	1	1,37	0	0,00	28	8,48
Pontecesures	0	0,00	3	4,11	0	0,00	9	2,73
Caldas de Reis	1	33,33	57	78,08	74	73,27	221	66,97
TOTAL COMARCA	3	100,00	73	100,00	101	100,00	330	100,00
TOTAL PROVINCIA	369		3.563		6.015		22.853	

As ofertas procedentes do sector servizos son as que teñen un maior peso relativo, representando o 65,1% das ofertas totais da comarca e o 69,68% na provincia. En nivel de importancia, segue o sector da construción, co 19,92% das ofertas comarcais e o 18,34% das provinciais.

GRÁFICO 11: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.



O concello de Caldas de Reis ten unha representación maioritaria en todos os sectores analizados, coa excepción do sector primario -se ben os seus números absolutos son marxinais-. Non obstante, o grao de concentración das ofertas neste concello é menor no caso do sector servizos.

Na comarca de Caldas é salientable o peso do sector servizos en canto á procedencia das ofertas, seguido a moita distancia polo da construción e o secundario. É de resaltar do mesmo modo o escaso número de ofertas con orixe no sector primario.

Case unha de cada dúas ofertas da industria proceden das actividades da metalurxia e fabricación de produtos de metal -41%-, mentres que practicamente a outra metade proceden das actividades de alimentación e de outras industrias.




GRÁFICO 12: Distribución porcentual das ofertas na industria.

A actividade que acumula un maior número de ofertas no sector servizos é a de administración pública -48%-, seguida a unha notable distancia de 31 puntos porcentuais pola de transporte e comunicacións.




GRÁFICO 13: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	2	1	11	19	3
Secundario	43	58	66	106	73
Construción	135	90	127	139	101
Servizos	208	310	286	600	330
TOTAL COMARCA	388	459	490	864	507
TOTAL PROVINCIA	22.277	29.137	32.188	35.951	32.805

TÁBOA 16: Evolución das ofertas por sectores económicos.

Tendo en conta os sectores económicos, a evolución das ofertas foi en todos eles positiva para o período 1999-2003, agás no da construción, no que se reduciron. Apréciase en todos os sectores un incremento considerable no ano 2002, que troca nunha redución no 2003. A mesma dinámica evolutiva das ofertas que se dá na comarca reproducése na provincia de Pontevedra.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

Tan só o 9,27% das ofertas desta comarca especifican o requisito do sexo para ocupar un determinado posto de traballo. As diferenzas contémpanse no sector da construción, que require unicamente homes, e no sector secundario onde tamén predominan claramente as ofertas realizadas a varóns. Esta relación invértese no sector servizos, onde as ofertas femininas sitúanse por encima da masculina.





GRÁFICO 14: Ofertas por sexo segundo o sector económico da comarca.

GRÁFICO 15: Ofertas por nivel académico da comarca.



O 54,04% das ofertas recollidas na comarca de Caldas teñen como exigencia a posesión dun determinado nivel académico. Se ben o 71,53% destas soamente demandan o certificado de escolaridade. É de salientar que o nivel máis demandado a continuación é o de estudos universitarios, aínda que a moita distancia porcentual -12,77%-.

As actividades que requiren traballadores cun baixo nivel de cualificación son as de metalurxia, construción, administración pública e transporte e comunicacións. A administración pública concentra tamén as demandas de titulados en ensinanza obrigatoria e universitarios.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

A única ocupación consignada nos centros colaboradores é a de albanel -20 ofertas en 2003-, que ten un leve crecemento relativo neste período.

TÁBOA 17: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

	1999	2000	2001	2002	2003
Albanel	70	98	66	54	56
Conductor de autobús, en xeral	19	35	39	42	36
Caldeireiro ind. de ind. pesada	12	15	19	14	15
Traballador retén incendios forestais	10	7	17	14	14
Peón da construción de edificios	14	20	14	14	12
Carpinteiro, en xeral	13	23	9	10	12
Peón da ind. manufactureira, en xeral	4	2	5	8	10
Conductor de camión, en xeral	2	0	7	4	8
Canteiro de construción	12	17	19	14	6
Empregado administrativo, en xeral	6	5	8	9	5

A ocupación de albanel volve ser a máis ofertada nas oficinas de emprego, o que recalca a importancia do sector da construción nesta comarca. Séguelle a esta ocupación en número destacado de ofertas a de conductor de autobús, caldeireiro industrial de industria pesada e traballador en incendios forestais. Con respecto a 1999, obsérvase unha perda de peso relativo da ocupación de albanel e un aumento da de conductor de autobuses, manténdose nun nivel semellante o resto de ocupacións, coa excepción da de peón da industria manufactureira, que ten unha variación anual media de 25,74%, a de conductor de camión -41,42%- e a de canteiro da construción que é de -15,91%.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
Caldas de Reis	1.893	35,98
Catoira	646	12,28
Cuntis	429	8,15
Moraña	335	6,37
Pontecesures	651	12,37
Portas	236	4,49
Valga	1.071	20,36
TOTAL COMARCA	5.261	100,00
TOTAL PROVINCIA	281.952	1,87

TÁBOA 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

A localidade que acada un maior número de contratos na comarca é a de Caldas de Reis, co 35,98% do total, seguida pola de Valga -20,36%-. O peso porcentual máis baixo correspóndelle a Portas, que representa tan só o 4,49% dos contratos comarcais.

Con respecto á provincia de Pontevedra, a comarca de Caldas supón o 1,87% do volume de contratación total da provincia no ano 2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
Caldas de Reis	1.424	1.564	1.875	1.894	1.893	9,83	19,88	1,01	-0,05	7,38
Catoira	590	651	653	532	646	10,34	0,31	-18,53	21,43	2,29
Cuntis	518	537	552	475	429	3,67	2,79	-13,95	-9,68	-4,60
Moraña	488	424	303	398	335	-13,11	-28,54	31,35	-15,83	-8,98
Pontecesures	655	856	879	860	651	30,69	2,69	-2,16	-24,30	-0,15
Portas	201	344	282	233	236	71,14	-18,02	-17,38	1,29	4,09
Valga	945	943	940	1.061	1.071	-0,21	-0,32	12,87	0,94	3,18
TOTAL COMARCA	4.821	5.320	5.484	5.453	5.261	10,35	3,08	-0,57	-3,52	2,21
TOTAL PROVINCIA	268.994	284.771	269.975	277.433	281.952	5,87	-5,20	2,76	1,63	1,18

TÁBOA 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

A evolución na contratación entre os anos 1999-2003 reflite unha evolución e balance desigual para as diferentes localidades da comarca, destacando como valor máximo de balance do período o 7,38% de Caldas de Reis, fronte ao valor negativo de -8,98% de Moraña. Non obstante, a variación media para o conxunto da comarca neste período é de 2,21%, lixeiramente superior á provincial, que supón o 1,18%.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

TÁBOA 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	1.167	499	1.666	22,18	9,48	31,67
De 26 a 35 anos	1.039	610	1.649	19,75	11,59	31,34
De 36 a 45 anos	693	409	1.102	13,17	7,77	20,95
De 46 a 55 anos	485	183	668	9,22	3,48	12,70
De 56 e máis anos	147	29	176	2,79	0,55	3,35
TOTAL COMARCA	3.531	1.730	5.261	67,12	32,88	100,00
TOTAL PROVINCIAL	160.314	121.638	281.952	56,86	43,14	100,00

A contratación comarcal no ano 2003 caracterizouse por unha distribución desigual entre homes -67,12% dos contratos- e mulleres -32,88%-, creando así un perfil masculino e novo, posto que o 63% dos contratados ten menos de 35 anos.


Deste xeito, tanto os homes como as mulleres son contratados nos grupos de idade máis novos, sufrindo ambos un importante retroceso conforme vai avanzando a idade, se ben máis acusado no caso da contratación feminina.

No ámbito provincial repítense os datos da masculinización da contratación, aínda que non de forma tan aguda como na comarca -56,86% fronte ao 67,12% comarcal-, tendendo así a unha maior igualdade.

TÁBOA 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	3.560	3.710	3.717	3.604	3531	4,21	0,19	-3,04	-2,03	-0,20
Mulleres	1.261	1.610	1.767	1.849	1730	27,68	9,75	4,64	-6,44	8,23
TOTAL CONTRATOS	4.821	5.320	5.484	5.453	5261	10,35	3,08	-0,57	-3,52	2,21

GRÁFICO 16: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.



Durante este período aumenta a contratación da man de obra feminina, manténdose practicamente a masculina. O descenso desta última prodúcese nos tramos comprendidos entre os anos 2001 e 2003, en tanto que no feminino o aumento sucede ata o 2002 e descende a partir deste ano.

Como mostra deste avance na contratación feminina, a variación media na contratación destes anos acada valores levemente negativos para os homes, mentres que é positiva para as mulleres. Esta evolución aparece tamén claramente exposta no gráfico 16, ao reducirse a diferenza entre homes e mulleres.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	1.474	1.667	1.802	1.684	1.666	13,09	8,10	-6,55	-1,07	3,11
De 26 a 35 anos	1.551	1.578	1.667	1.783	1.649	1,74	5,64	6,96	-7,52	1,54
De 36 a 45 anos	1.066	1.189	1.129	1.107	1.102	11,54	-5,05	-1,95	-0,45	0,83
De 46 a 55 anos	500	593	606	635	668	18,60	2,19	4,79	5,20	7,51
De 56 e máis anos	230	293	280	244	176	27,39	-4,44	-12,86	-27,87	-6,47
TOTAL CONTRATOS	4.821	5.320	5.484	5.453	5.261	10,35	3,08	-0,57	-3,52	2,21

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.

Tomando como referente a idade, a evolución da contratación na comarca vén caracterizada por un crecemento nas contratacións nos últimos anos en todos os tramos de idade, agás no de 56 e máis anos, onde se da o fenómeno inverso. O decrecemento deste segmento de idade comeza no ano 2000, ao igual que sucede co que vai de 36 a 45 anos. Pola súa parte, no segmento máis novo hai un decrecemento a partir do ano 2001, en tanto que no que vai de 26 a 35 tende a baixar a partir de 2002. O único intervalo que non presenta oscilación é o que vai de 46 a 55 anos, que presenta un crecemento continuo en todos os anos.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	54	1,03
Agricultura e pesca	54	1,03
SECTOR SECUNDARIO	1.752	33,30
Industria	1.751	33,28
Electricidade	1	0,02
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1.004	19,08
Construción	1.004	19,08
SECTOR SERVICIOS	2.451	46,59
Comercio e hostalería	975	18,53
Transporte e comunicacións	342	6,50
Outros servizos	1.134	21,55
TOTAL CONTRATOS	5.261	100,00

TÁBOA 23: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.

O sector servizos rexistrou no ano 2003 o maior número de contratos, supoñendo o 46,59% do total de contratacións. A 13 puntos porcentuais sitúase o sector secundario, e a 27 puntos o da construción.

No sector primario rexístrase un escaso nivel de contratación, representando os contratos deste sector un 1,03% dos totais da comarca de Caldas.

Analizando máis polo miúdo a industria, obsérvase que as dúas actividades máis representativas son a da alimentación -45%- e a da metalurxia. A representatividade destas actividades faise patente se consideramos que supoñen tres cuartas partes da contratación deste subsector.





GRÁFICO 17: Distribución porcentual da contratación na Industria.

GRÁFICO 18: Distribución porcentual da contratación nos servizos.



Os servizos caracterízanse por unha distribución dispersa entre todas as actividades. Resalta a de servizos á comunidade, coa cuarta parte da contratación, seguido a tan só 4 puntos porcentuais pola de comercio -21%-.

As actividades de transporte e comunicacións e hostalería sitúanse en terceiro lugar, co 14% dos contratos, seguidos cunha diferenza de 4 puntos pola de administración pública.

TÁBOA 24: Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e mais
SECTOR PRIMARIO	0,68	0,34	0,29	0,30	0,13	0,27	0,04
Agricultura e pesca	0,68	0,34	0,29	0,30	0,13	0,27	0,04
SECTOR SECUNDARIO	19,69	13,61	11,10	10,82	7,49	3,44	0,46
Industria	19,67	13,61	11,10	10,82	7,47	3,44	0,46
Electricidade	0,02	0,00	0,00	0,00	0,02	0,00	0,00
SECTOR CONSTRUCCIÓN	18,27	0,82	7,64	4,92	3,35	2,41	0,76
Construción	18,27	0,82	7,64	4,92	3,35	2,41	0,76
SECTOR SERVIZOS	28,47	18,11	12,64	15,30	9,98	6,58	2,09
Comercio e hostalería	8,90	9,64	7,72	5,91	3,02	1,37	0,51
Transporte e comunicacións	5,08	1,43	1,14	2,51	2,00	0,78	0,08
Outros servizos	14,50	7,05	3,78	6,88	4,96	4,43	1,50
TOTAL CONTRATOS	67,12	32,88	31,67	31,34	20,95	12,70	3,35

Tal e como quedou patente en táboas anteriores, o colectivo máis contratado é o dos homes; dentro deste colectivo o maior volume de contratos recóllese no sector servizos -28,47%-, que está 8 e 10 puntos respectivamente por riba do sector secundario e do da construción.

No caso das mulleres, tamén é o sector servizos o que representa un maior volume -18,11%-, seguido moi de cerca polo secundario, resultando tanto o da construción como o primario practicamente insignificantes, sen chegaren ao 1% dos contratos.

O sector servizos ten un peso relativo maior entre os contratados que cunha idade comprendida entre 26 e 35 anos, en tanto que no secundario insinúase unha idade máis nova na contratación. Así mesmo, dentro do sector servizos obsérvase unha contratación de xente máis nova no subsector de comercio e hostalería -un 13,63 ten menos de 36 anos-.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
SECTOR PRIMARIO	75	127	128	91	54	69,33	0,79	-28,91	-40,66	-7,88
Agricultura e pesca	75	127	128	91	54	69,33	0,79	-28,91	-40,66	-7,88
SECTOR SECUNDARIO	1.491	1.650	1.884	1.860	1.752	10,66	14,18	-1,27	-5,81	4,12
Industria	1.491	1.650	1.882	1.859	1.751	10,66	14,06	-1,22	-5,81	4,10
Electricidade	0	0	2	1	1			-50,00	0,00	
S. CONSTRUCCIÓN	1.178	1.146	1.046	1.044	1.004	-2,72	-8,73	-0,19	-3,83	-3,92
Construcción	1.178	1.146	1.046	1.044	1.004	-2,72	-8,73	-0,19	-3,83	-3,92
SECTOR SERVICIOS	2.077	2.397	2.426	2.423	2.451	15,41	1,21	-0,12	1,16	4,23
Comercio e hostalería	833	841	962	1.030	975	0,96	14,39	7,07	-5,34	4,01
Transporte e comunicacións	319	317	366	349	342	-0,63	15,46	-4,64	-2,01	1,76
Outros servizos	925	1.239	1.098	1.044	1.134	33,95	-11,38	-4,92	8,62	5,22
TOTAL CONTRATOS	4.821	5.320	5.484	5.453	5.261	10,35	3,08	-0,57	-3,52	2,21

TÁBOA 25: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.

Tendo en conta o período obxecto de análise, soamente o sector primario e o da construción amosan unha diminución no seu número de contratos. Se ben o sector primario acada un incremento significativo no período 1999-2000, que se reduce posteriormente de forma brusca, no sector da construción o descenso prodúcese dunha maneira máis paulatina.

Pola contra, os sectores secundario e servizos acadan incrementos semellantes -4,12% e 4,23% respectivamente-, aínda que cunha evolución dispar no seu crecemento, que se ve reducido a partir do ano 2001 no sector secundario.

No que atinxe ao conxunto da comarca, a tendencia é positiva no conxunto do período -2,21%-, se ben hai unha redución do número absoluto de contratos nos últimos dous anos.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

A comarca de Caldas amosa un claro predominio da contratación temporal, posto que case 3 de cada 4 contratos son temporais a tempo completo e un 9% son a tempo parcial.

Por tanto, o 81% dos contratos realizados na comarca veñen definidos pola súa temporalidade, en tanto que só o 3% dos contratos son indefinidos a tempo completo.




GRÁFICO 19: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.

TÁBOA 26: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	1,82	1,29	0,68	0,93	0,76	0,63	0,11
Indefinido tempo parcial	0,10	0,25	0,08	0,15	0,06	0,06	0,00
Temporal	48,81	22,43	21,50	23,85	15,55	8,17	2,17
Temporal tempo parcial	3,16	6,18	3,74	3,25	1,58	0,65	0,11
Prácticas/Formación	4,07	1,41	4,90	0,21	0,25	0,11	0,00
Outros	9,16	1,33	0,76	2,95	2,76	3,08	0,95
TOTAL CONTRATOS	67,12	32,88	31,67	31,34	20,95	12,70	3,35

O contrato temporal a tempo completo perfílase tamén como predominante en ambos os sexos. As diverxencias nos sexos atópanse no segundo tipo de contratación máis frecuente; nas mulleres é a de temporal a tempo parcial -6,18%- e nos homes representan a categoría de outros -9,16%-.

En canto á distribución por idade, segue sendo a contratación temporal a que conta cun maior peso relativo en todos os tramos. Cómpre salientar que nos menores de 26 anos, os contratos de prácticas/formación sitúanse en segundo lugar, inmediatamente detrás da contratación temporal a tempo completo.

TÁBOA 27: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

	PRIMARIO	SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS			
	Agr., Gand.	Industr.	Electric.		Construc.	Comerc.	Transp.	Outros
Indefinido	0,10	0,87	0,00	0,87	0,40	1,12	0,29	0,34
Indefinido tempo parcial	0,02	0,02	0,00	0,02	0,00	0,19	0,04	0,08
Temporal	0,82	29,73	0,00	29,73	16,21	12,05	6,01	6,42
Temporal tempo parcial	0,06	1,43	0,02	1,44	0,63	3,88	0,17	3,16
Prácticas/Formación	0,04	1,24	0,00	1,24	1,84	1,29	0,00	1,06
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10,49
TOTAL CONTRATOS	1,03	33,28	0,02	33,30	19,08	18,53	6,50	21,55

A contratación predominante en todos os sectores económicos é a temporal a tempo completo. Tendo en conta o peso relativo da contratación de tipo temporal -ben sexa parcial ou a tempo completo-, obsérvase que o sector servizos -31,68%- e o sector secundario -31,17%- concentran máis da metade do total de contratos.

TÁBOA 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	358	220	326	471	164	-38,55	48,18	44,48	-65,18	-17,73
Indefinido tempo parcial	44	44	24	49	18	0,00	-45,45	104,17	-63,27	-20,02
Temporal	3.314	3.820	3.902	3.712	3.748	15,27	2,15	-4,87	0,97	3,12
Temporal tempo parcial	474	494	521	499	491	4,22	5,47	-4,22	-1,60	0,88
Prácticas/Formación	280	349	290	321	288	24,64	-16,91	10,69	-10,28	0,71
Outros	351	393	421	401	552	11,97	7,12	-4,75	37,66	11,98
TOTAL CONTRATOS	4.821	5.320	5.484	5.453	5.261	10,35	3,08	-0,57	-3,52	2,21

Os contratos indefinidos e os indefinidos a tempo parcial pechan o período 1999-2003 cun importante decrecemento, que supón, en termos negativos, o -17,73% nos primeiros e o -20,02% para os segundos.

Pola contra, os contratos temporais acadan unha variación media de 3,12%; sendo outro tipo de contratos os que máis incrementan este valor -11,98%-, debido principalmente ao forte aumento que se produce no seu volume no período 2002-2003.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	9	0,17
HOMES	4	0,08
MULLERES	5	0,10
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	690	13,12
HOMES	520	9,88
MULLERES	170	3,23
3. Técnicos e profesionais de apoio	188	3,57
HOMES	128	2,43
MULLERES	60	1,14
4. Empregados de tipo administrativo	279	5,30
HOMES	80	1,52
MULLERES	199	3,78
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	555	10,55
HOMES	167	3,17
MULLERES	388	7,38
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	28	0,53
HOMES	11	0,21
MULLERES	17	0,32
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	1.392	26,46
HOMES	1.119	21,27
MULLERES	273	5,19
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	387	7,36
HOMES	347	6,60
MULLERES	40	0,76
9. Traballadores non cualificados	1.733	32,94
HOMES	1.155	21,95
MULLERES	578	10,99
TOTAL CONTRATOS	5.261	100,00
TOTAL HOMES	3.531	67,12
TOTAL MULLERES	1.730	32,88

TÁBOA 29: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

Segundo os nove grandes grupos de ocupación, e de acordo co exposto na táboa anterior, cómpre sinalar a concentración dun 83,07% dos contratos nos seguintes catro grupos:

- Traballadores non cualificados -32,94%-.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería -26,46%-.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais -13,12%-.
- Traballadores de servizos de restauración persoais, protección e vendedores de comercio -10,55%-.

Noutro senso, atendendo á distribución por sexo, obsérvanse diferenzas significativas nos contratos segundo o tipo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados -21,95%. • Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería -21,27%. • Técnicos profesionais, científicos e intelectuais -9,88%. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores -6,60%.	• Traballadoras non cualificados -10,99%. • Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio -7,38%. • Artesáns/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería -5,19%. • Empregadas de tipo administrativo -3,78%.

Na maioría dos grupos de ocupación, os contratos dos homes son superiores aos das mulleres, agás nos que seguen a continuación -os dous últimos reflicten unha variación porcentual practicamente nula-:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio. As mulleres representan un 7,38%, fronte ao 3,17% dos homes.
- Empregadas de tipo administrativo. As mulleres teñen unha porcentaxe de 3,78%, fronte á de 1,52% dos homes.
- Traballadoras cualificados na agricultura e pesca.
- Dirección de empresas e administracións públicas.

Atendendo á evolución da contratación durante o período 1999-2002, os datos reflicten unha evolución negativa para os seguintes grupos de ocupación:

- Empregados de tipo administrativo, cunha variación negativa de -0,36%, pero cunha variación positiva no caso das mulleres -4,32%.
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca. Neste caso as mulleres obteñen unha variación negativa do 7,28% e os homes unha variación positiva do 11,96%. O saldo do período é unha variación negativa do 1,71%.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería. Os dous sexos obteñen unha variación negativa análoga, cun balance final negativo de 6,15%.

Os grupos que destacan sobre os demais pola súa variación media positiva son os seguintes:

- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais -11,03%.
- Traballadores non cualificados -7,29%.

No referente á evolución segundo o sexo dos contratados, destaca o incremento da contratación masculina nas seguintes ocupacións:

- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais -10,09%-.
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca -11,96%-.

Pola contra, prodúcese un descenso de 20 puntos na contratación masculina nos sectores de dirección de empresas e administracións públicas -5,43%-, empregados de tipo administrativo -8,67%-, traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -0,15%- e de artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería -6,05%-.

No tocante ás mulleres, só se produce un decrecemento nos grupos de traballadoras cualificadas na agricultura e pesca -7,28%- e en artesáns/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería -6,55%-. En canto ás demais ocupacións, cabe resaltar o crecemento medio nas seguintes:

- Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras -38,09%-.
- Traballadoras non cualificadas -21,64%-.
- Técnicas e profesionais de apoio -17,95%-.
- Dirección de empresas e administracións públicas -13,62%-.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO MASCUL. ¹
		N.º	%	N.º	%	N.º	%	
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	1.051	19,98	790	22,37	261	15,09	75,17
25130104	Músico instrumentista, en xeral	532	10,11	462	13,08	70	4,05	86,84
71100016	Albanel	468	8,90	458	12,97	10	0,58	97,86
97000020	Peón da ind. aliment., bebidas e tabaco	234	4,45	84	2,38	150	8,67	35,90
78010185	Trab. preparación peixe para conserva	232	4,41	10	0,28	222	12,83	4,31
86300016	Conductor de camión, en xeral	226	4,30	215	6,09	11	0,64	95,13
50200018	Camareiro, en xeral	196	3,73	77	2,18	119	6,88	39,29
42100010	Empregado administrativo, en xeral	195	3,71	57	1,61	138	7,98	29,23
53300010	Dependente de comercio, en xeral	174	3,31	37	1,05	137	7,92	21,26
71300018	Carpinteiro, en xeral	165	3,14	154	4,36	11	0,64	93,33
TOTAL		3.473	66,01	2.344	66,38	1.129	65,26	67,49

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

TÁBOA 30: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.

Tendo en conta as 10 ocupacións máis contratadas no ano 2003, é de resaltar o importante grao de concentración que se produce en ambos os sexos na comarca, posto que estas ocupacións representan o 66,01% dos contratos.

As mulleres e os homes coinciden en ser contratados en maior medida como peón da industria manufactureira. Porén, as mulleres son máis contratadas en segundo lugar na preparación de peixe para conserva, e os homes como músico instrumentista, seguido de preto por albanel.

Por último, pódese apreciar o xénero como un valor determinante á hora de contratar, existindo 5 ocupacións eminentemente masculinas, aquelas cun ratio de masculinidade superior ao 75%: albanel, condutor de camión, carpinteiro, músico instrumentista e peón da industria manufactureira. Do mesmo modo, existen tres ocupacións claramente femininas: traballadora de preparación de peixe para conserva, dependente de comercio, e empregada administrativa.


TABOA 31: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	714	813	1074	1145	1051
25130104	Músico instrumentista, en xeral	317	358	412	332	532
71100016	Albanel	523	637	559	526	468
97000020	Peón da ind. aliment., bebidas e tabaco	197	443	367	216	234
78010185	Trab. preparación peixe para conserva	258	196	283	187	232
86300016	Condutor de camión, en xeral	208	199	231	212	226
50200018	Camareiro, en xeral	133	184	203	186	196
42100010	Empregado administrativo, en xeral	210	225	205	252	195
53300010	Dependente de comercio, en xeral	173	182	208	166	174
71300018	Carpinteiro, en xeral	120	161	162	195	165
96020014	PEÓN DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	194	178	190	147	137
71200017	ENCOFRADOR	217	138	49	57	35

Polo que respecta á evolución das 10 ocupacións máis contratadas, hai unha variación na súa composición, debido a que non figuran actualmente as ocupacións de encofrador e peón da construción de edificios. En cambio, hai unha de entrada de dúas ocupacións: carpinteiro, desde o ano 2002, e camareiro, xa desde o ano 2000.

Na evolución temporal hai que sinalar un retroceso na contratación das profesións de encofrador, peón da construción de edificios, albanel, empregado administrativo e traballador de preparación de peixe para conserva.

Os maiores crecementos danse nas ocupacións de peón da industria manufactureira e músico instrumentista, producíndose tamén lixeiros aumentos nas restantes.



Comarca do Baixo Miño



5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

A comarca do Baixo Miño caracterízase pola concentración de empresas no sector servizos, supoñendo algo máis da metade do conxunto -56,54%-. Séguelle en orde de importancia o sector da construción, representado polo 20,93% das compañías.

Atendendo aos subsectores, o de comercio e hostalería é o que ten unha maior importancia cuantitativa en canto á acumulación de empresas -32,72%-, seguido polo da construción e outros servizos.

Os traballadores na comarca están concentrados tamén maioritariamente no sector servizos -43,66%-, situándose de novo a continuación en canto a volume de traballadores o sector da construción e o secundario, co 19,10% e o 18,81%, respectivamente.

No que atinxe aos autónomos, é salientable a súa presenza novamente no sector servizos, que engloba o 68,25% do total, destacando sobre todo o subsector de comercio e hostalería -48,74%-. A continuación sitúase o sector da construción, cunha concentración de autónomos dun 19,47%.


En relación co sector primario, hai que sinalar o seu escaso número de empresas e, sobre todo, de autónomos -10,09% e 3,76%, respectivamente- en comparación co maior peso específico do número de traballadores rexistrados -18,42%-

5.1.2. Evolución anual

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	274	284	270	230	189
Agricultura e pesca	274	284	270	230	189
SECTOR SECUNDARIO	245	235	244	238	233
Industria	243	234	241	236	231
Electricidade	2	1	3	2	2
SECTOR CONSTRUCCIÓN	316	317	365	366	392
Construción	316	317	365	366	392
SECTOR SERVIZOS	892	872	937	1.006	1.059
Comercio e hostalería	500	519	552	595	613
Transporte e comunicacións	53	51	54	55	57
Outros servizos	339	302	331	356	389
TOTAL	1.727	1.708	1.816	1.840	1.873

TÁBOA 1: Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.



Pódese observar na táboa e no gráfico anteriores unha redución importante de empresas no sector primario para este período, sobre todo nos dous últimos anos, onde se aprecia un decrecemento do -14,81% no 2001-2002 e do -17,83% no intervalo 2002-2003. Estes descensos quedan reflectidos na variación media do período, que é, en termos negativos, do -8,87%.

No sector secundario tamén se produce unha redución no seu volume de empresas, pero esta vez moito máis leve, con decrecementos suaves nestes cinco anos, agás no período 2000-2001, onde se incrementa lixeiramente. Ao final, acada unha variación media negativa do 1,25%.

Nos sectores da construción e dos servizos, a tendencia é ao crecemento, cunha evolución positiva estable en todo o intervalo temporal, agás nos anos 1999-2000, en que o sector servizos sofre unha pequena redución.


No ámbito subsectorial, destacan os crecementos relativos de comercio e hostalería, cunha variación media anual do 5,23%, e a escasa entidade do eléctrico.

TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	1.515	1.631	1.643	1.555	1.567
Agricultura e pesca	1.515	1.631	1.643	1.555	1.567
SECTOR SECUNDARIO	1.626	1.604	1.500	1.561	1.600
Industria	1.610	1.585	1.481	1.545	1.587
Electricidade	16	19	19	16	13
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1.324	1.403	1.569	1.532	1.624
Construción	1.324	1.403	1.569	1.532	1.624
SECTOR SERVIZOS	2.719	2.859	3.134	3.520	3.712
Comercio e hostalería	1.350	1.583	1.646	1.777	1.860
Transporte e comunicacións	273	279	277	287	330
Outros servizos	1.096	997	1.211	1.456	1.522
TOTAL	7.184	7.497	7.846	8.168	8.503

Os sectores primario e secundario veñen definidos por leves oscilacións negativas no período, nos anos 2001-2002 no sector primario e no 1999-2001 no secundario. No caso do sector primario, o número absoluto de traballadores incrementábase levemente nestes cinco anos, mentres que no secundario desce, se ben ambos tenden á estabilidade ao contar cunha variación media final no primeiro do 0,85% e do -0,40% no segundo.

GRÁFICO 2: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.



Pola contra, os sectores da construción e dos servizos tenden ao crecemento do número de traballadores, cunha evolución sempre positiva no sector servizos, que acada unha variación media do 8,09%. Polo que respecta ao sector secundario, sofre un lixeiro decrecemento en 2001-2002, acadando unha variación media anual positiva do 5,24%.

O maior incremento no ámbito subsectorial prodúcese no sector de outros servizos -variación media do 8,56%-, debido sobre todo aos fortes incrementos dos tramos comprendidos entre 2000 e 2002.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	41	50	57	70	77
Agricultura e pesca	41	50	57	70	77
SECTOR SECUNDARIO	217	230	241	246	260
Industria	213	227	238	242	257
Electricidade	4	3	3	4	3
SECTOR CONSTRUCCIÓN	350	401	454	494	534
Construción	350	401	454	494	534
SECTOR SERVIZOS	1.366	1.495	1.686	1.771	1.872
Comercio e hostalería	1.004	1.083	1.216	1.264	1.337
Transporte e comunicacións	98	101	118	126	133
Outros servizos	264	311	352	381	402
TOTAL	1.974	2.176	2.438	2.581	2.743

TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

O elemento máis salientable da evolución do número de autónomos é o seu crecemento continuo para todos os sectores produtivos durante os anos 1999-2003. Cabe destacar o crecemento de traballadores autónomos no sector primario, que logra o maior ritmo de crecemento sectorial, cunha variación media do 17,06%. O crecemento é un pouco máis leve no sector da construción -11,14%-, seguido do sector servizos -8,2%- . Neste último sector, crece por riba da súa variación media o subsector de outros servizos -11,09%-.




GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.

5.2. DEMANDAS


5.2.1. Demandantes por concello

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Guarda	543	239	782
O Rosal	424	158	582
Oia	182	74	256
Tomiño	752	325	1.077
Tui	1.013	579	1.592
TOTAL	2.914	1.375	4.289

% comarca/provincia - PARADOS	5,17
% comarca/provincia - NON PARADOS	4,79

GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.



Os concellos de Tui e Tomiño agrupan máis da metade das demandas desta comarca. Deste xeito, o 62,23% proceden destas dúas localidades, quedando o 37,78% restante repartidas entre A Guarda -18,23%-, O Rosal -13,56%- e Oia -5,97%-.

Diferenciando os demandantes parados dos non parados, obsérvase que a relación de parados supera a de non parados en todos os concellos, cunha prevalencia dos primeiros do 67,94% fronte ao 32,06% dos segundos.

A nota característica da comparación da comarca do Baixo Miño coa provincia de Pontevedra vén dada polo peso relativo maior dos demandantes parados sobre os non parados.

5.2.2. Evolución dos demandantes parados

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	2.409	2.390	2.306	2.806	2.914
VARIACIÓN INTERANUAL %		-0,79	-3,51	21,68	3,85
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	4,78	4,79	4,70	5,27	5,17

Para o conxunto dos demandantes en paro maniféstanse unha tendencia ao crecemento, aínda que con oscilacións na súa evolución para o período 1999-2003. Hai un leve descenso entre os anos 1999 e 2001, en tanto que medra nos intervalos temporais posteriores, sobre todo no comprendido entre 2001 e 2002 -variación interanual do 21,68%-.




GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.

O peso relativo dos demandantes parados da comarca con respecto á provincia mantense en valores estables entre 1999 e 2001, incrementándose notablemente no ano 2002, para volver a reducirse levemente no ano seguinte.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	532	12,40	11,42
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	2.382	55,54	54,86
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	167	3,89	3,82
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	530	12,36	12,34
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	251	5,85	5,80
	En expediente de regulación de emprego	63	1,47	1,28
	Demandantes de mellora de emprego	273	6,37	7,00
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	75	1,75	2,89
	Resto de demandantes	16	0,37	0,60
TOTAL		4.289	100,00	100,00

TÁBOA 6: Situación laboral dos demandantes

Cómpre sinalar, en primeiro lugar, que algo máis da metade dos demandantes da comarca son parados con emprego anterior -55,54%-. Deste xeito, o colectivo máis significativo é o de parados con emprego anterior, seguido polos parados sen emprego anterior -12,40%- e polos non parados con emprego anterior -12,36%-.

Estas cifras son semellantes ás acadadas no ámbito provincial, onde se manteñen os parados con emprego anterior como o colectivo con maior peso, aínda que se reducen levemente os parados sen emprego anterior, pasando así a ser no ámbito provincial o terceiro colectivo en volume de importancia, a continuación dos non parados con emprego anterior.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	164	293	7,63	13,63	21,26	19,33
26 a 35 anos	197	409	9,16	19,02	28,19	30,92
36 a 45 anos	159	332	7,40	15,44	22,84	21,51
46 a 55 anos	129	225	6,00	10,47	16,47	17,42
56 e máis anos	146	96	6,79	4,47	11,26	10,83
TOTAL COMARCA	795	1.355	36,98	63,02	100,00	3,81
TOTAL PROVINCIA	21.790	34.575	38,66	61,34	3,81	100,00

Ao conxunto da demanda de parados da comarca pódesele atribuír un xénero eminentemente feminino, posto que o 63,02% deles son mulleres. Do mesmo xeito, a outra característica sería a xuventude, pois o 49,45% teñen menos de 36 anos.

En todos os grupos de idade, a presenza das mulleres é superior á dos homes, excepto no das idades máis avanzadas -máis de 56 anos-, onde son superadas en 2,32 puntos porcentuais polos demandantes masculinos.

Tanto nas mulleres como nos homes, o grupo de idade máis representativo é o de 26 a 35 anos; a diferenciación ven dada polo feito de que nas mulleres o que lle segue en importancia é o de 36 a 45 anos -15,44%-, mentres que nos homes é o de menos de 26 anos -7,63%-.

Por último, e tendo en conta os datos provinciais, igual que na comarca, os demandantes parados tamén se sitúan nos tramos de idade máis novos, sendo en ambos os casos o máis representativo o colectivo de 26 a 35 anos, seguido polo de 36 a 45 e polo de menos de 26 anos.

TÁBOA 7.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	111	168	8,07	12,22	20,29	19,01
26 a 35 anos	111	257	8,07	18,69	26,76	28,25
36 a 45 anos	96	213	6,98	15,49	22,47	21,24
46 a 55 anos	111	120	8,07	8,73	16,80	18,04
56 e máis anos	135	53	9,82	3,85	13,67	13,47
TOTAL COMARCA	564	811	41,02	58,98	100,00	4,79
TOTAL PROVINCIA	10.780	17.899	37,59	62,41	4,79	100,00

Os datos referidos aos demandantes non parados amosan unha situación semellante ao grupo anterior. Así, o 58,98% son mulleres, e os grupos de idade máis novos son os que concentran o maior volume de demandantes.

É novamente o colectivo de mulleres de 26 a 35 anos o máis destacado en canto a volume porcentual -18,69%-. Hai que salientar tamén que tres tramos de idade feminina, os que comprenden as mulleres ata os 45 anos, supoñen practicamente a metade dos demandantes ocupados -46,4%-. Do mesmo xeito que no caso anterior de parados, os homes só superan ás mulleres no colectivo de idade máis avanzada, de máis de 56 anos, nesta ocasión en 5,97 puntos porcentuais.

Tanto no ámbito provincial como comarcal, a maioría dos demandantes non parados sitúanse nos grupos de idade de ata os 45 anos, establecéndose o de 26 a 35 anos como o máis representativo en termos cuantitativos -26,76% no ámbito comarcal e 28,25% no ámbito provincial-.

Reflectindo o comentado anteriormente, tanto para os demandantes parados como para os non parados, o grupo de idade con maior peso relativo é o de 26 a 35 anos. Pola contra, os valores máis inferiores acádanos os dous grupos no colectivo de máis de 56 anos.

É tamén significativo que en todos os grupos de idade o colectivo de demandantes parados supera ao de non parados, tendencia que é máis marcada entre os segmentos de idade máis novos.

Represéntase aquí graficamente o carácter feminino da demanda de emprego, destacándose tanto nos parados como nos non parados. Ademais, a maior presenza de mulleres entre os desempregados é manifesta, xa que amosa unha distancia máis notoria con respecto aos homes. En termos relativos, o colectivo de demandantes non parados é menor en ambos os dous sexos.




GRÁFICO 6: Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.




GRÁFICO 7: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	1.214	41,66	30,37
Titulación de ensinanza obrigatoria	1.009	34,63	39,89
Formación profesional	239	8,20	6,19
BUP/Bacharelato superior/COU	188	6,45	11,93
Titulados universitarios	165	5,66	9,08
Outras titulacións	99	3,40	2,54
TOTAL	2.914	100,00	100,00

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

TÁBOA 8.1: Distribución dos demandantes parados por nivel académico.

Os demandantes parados da comarca do Baixo Miño tenden a ter só o nivel de ata certificado de escolaridade -41,66%-, estando por riba dos valores provinciais -30,37%-. Non obstante, a tendencia é inversa cando se refire aos que posúen o título de ensinanza obrigatoria -34,63%, fronte ao 39,89% provincial-.

As diverxencias entre o nivel provincial e comarcal continúan, debido a que neste último sitúase en terceiro lugar os que teñen estudos de formación profesional, seguidos dos de bacharelato e universitarios. Pola contra, no ámbito provincial a orde é diferente: bacharelato, titulados universitarios e formación profesional.

TÁBOA 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	586	42,62	32,64
Titulación de ensinanza obrigatoria	447	32,51	35,31
Formación profesional	110	8,00	6,04
BUP/Bacharelato superior/COU	103	7,49	13,79
Titulados universitarios	105	7,64	10,49
Outras titulacións	24	1,75	1,73
TOTAL	1.375	100,00	100,00

Unha situación semellante evidénciase no caso dos demandantes non parados, xa que tanto na comarca como na provincia, a maioría teñen estudos obrigatorios ou non chegaron a acadar este nivel -75,13% na comarca e 67,95% na provincia-.

De forma análoga tamén ao caso anterior, as diverxencias seguen a darse na orde de distribución, posto que no ámbito comarcal o grupo máis representativo supón o daqueles que posúen ata certificado escolar -42,62%-, seguido polos que acadaron a titulación de ensinanza obrigatoria -32,51%-, formación profesional, bacharelato e titulados universitarios. En cambio, na provincia os máis numerosos son os que posúen estudos obrigatorios -35,31%-, situándose a continuación os que teñen ata o certificado de escolaridade -32,64%-, bacharelato, estudos universitarios e formación profesional.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	7,69	1,37	0,38	9,44
	Mulleres	9,37	2,26	2,16	13,80
26 a 35 anos	Homes	6,93	1,65	1,24	9,81
	Mulleres	9,78	2,88	6,59	19,25
36 a 45 anos	Homes	4,12	0,89	1,68	6,69
	Mulleres	5,63	1,99	5,46	13,07
46 a 55 anos	Homes	3,50	1,00	1,85	6,35
	Mulleres	3,43	1,30	5,83	10,57
56 e máis anos	Homes	1,34	0,58	4,94	6,86
	Mulleres	0,75	0,34	3,05	4,15
TOTAL COMARCA		52,54	14,28	33,18	100,00
TOTAL PROVINCIA		52,82	14,49	32,69	100,00

Máis da metade dos demandantes de emprego da comarca do Baixo Miño levan menos de 6 meses en busca de colocación -52,54%-. Seguidamente están os que levan buscando máis dun ano, que supoñen o 33,18% do total, seguidos, por último, a 18,9 puntos porcentuais, polos que levan buscando entre 6 meses e un ano.

A distribución dos valores segundo o sexo e a idade seguen a mesma tendencia ao paro de curta duración, excepto nas mulleres de máis de 46 anos e nos homes maiores de 56, onde a situación tende ao paro de longa duración. Por outra parte, entre os parados de longa duración destaca máis o peso das mulleres -23,09% fronte ao 10,09% dos homes- que entre os que levan menos de 6 meses en busca de emprego -28,96% fronte ao 23,58% dos homes-.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	242	8,30	3,16	118	8,58	3,66
Sector secundario	525	18,02	19,25	242	17,60	18,72
Construción	336	11,53	9,92	134	9,75	7,12
Sector servizos	1.280	43,93	50,62	695	50,55	55,04
Sen actividade previa	531	18,22	17,04	186	13,53	15,46
TOTAL	2.914	100,00	100,00	1.375	100,00	100,00

TÁBOA 10: Demandantes por actividade económica.

Atendendo á actividade económica de procedencia, tanto en parados como en non parados, a gran parte dos demandantes proceden do sector servizos -43,93% e 50,55%, respectivamente-. A unha distancia considerable sitúanse nos parados aqueles que non tiveron actividade previa -18,22%- e nos non parados os que proceden do sector secundario -17,6%-.

En relación cos datos porcentuais provinciais, tanto nos parados como nos non parados os valores da provincia son lixeiramente superiores nos que proveñen do sector servizos e do secundario, e inferiores nos demais sectores, sobre todo no primario.

Se atendemos ás actividades da industria, cobran maior importancia os parados procedentes de outras industrias e de alimentación, conxugando entre as dúas actividades o 48% do total. A continuación, e segundo o seu volume porcentual, sitúanse as de metalurxia e fabricación de produtos metálicos e fabricación de material de transporte, englobando cada unha delas o 12% dos demandantes parados na industria.




GRÁFICO 8: Demandantes parados na industria.

Dentro dos servizos, destacan os demandantes que proceden das actividades de hostalería, comercio e administracións públicas, que acadan conxuntamente o 69% do total. As demais actividades sitúanse a continuación, con valores porcentuais menores do 12% de demandantes.




GRÁFICO 9: Demandantes parados nos servizos.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 11: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	463	10,80	7,08
Dependente de comercio, en xeral	451	10,52	9,31
Peón da ind. manufactureira, en xeral	365	8,51	7,42
Empregado administrativo, en xeral	333	7,76	8,97
Peón da construción de edificios	160	3,73	1,75
Camareiro, en xeral	120	2,80	3,12
Albanel	114	2,66	2,15
Cociñeiro, en xeral	79	1,84	1,79
Xardineiro, en xeral	63	1,47	0,71
Modista/o	57	1,33	1,04

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Titulación ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Muller-mozo limpeza, limpador	Dependente de comercio

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Tomiño	71	7,80
Tui	608	66,81
O Rosal	46	5,05
Oia	69	7,58
A Guarda	116	12,75
TOTAL COMARCA	910	100,00

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	32.805
COMARCA/PROVINCIA:	2,77

Na comarca do Baixo Miño recolléronse no 2003 un total de 910 ofertas de emprego, o que representa o 2,77% do total das ofertas realizadas en toda a provincia.

Obsérvase que o concello de Tui concentra máis da metade das ofertas da comarca, co 66,81% do total, seguido polo da Guarda, que recolle o 12,75%. As tres localidades restantes, Tomiño, O Rosal e Oia, reciben no seu conxunto o 20,43% das ofertas.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
O Rosal	1	6	20	34	46	500,00	233,33	70,00	35,29	160,43
Oia	3	34	18	52	69	1033,33	-47,06	188,89	32,69	118,99
A Guarda	40	90	102	123	116	125,00	13,33	20,59	-5,69	30,50
Tui	589	544	482	554	608	-7,64	-11,40	14,94	9,75	0,80
Tomiño	24	29	15	99	71	20,83	-48,28	560,00	-28,28	31,15
TOTAL COMARCA	657	703	637	862	910	7,00	-9,39	35,32	5,57	8,48
TOTAL PROVINCIA	22.277	29.137	32.188	35.951	32.805	30,79	10,47	11,69	-8,75	10,16

TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.


A evolución das ofertas no conxunto da comarca vén marcada pola evolución do concello de Tui. Se ben en todas as localidades se dá unha evolución positiva, obtéñense variacións medias extremas no caso do Rosal -160,43%- e Oia -118,99%-, aínda que contan cun número máis reducido de ofertas. Na outra banda atópase o concello de Tui, que engloba o 66,81% das ofertas da comarca, e que acada unha variación media no período de 0,80%, o que se pode traducir como un case estancamento para o conxunto do período a pesar da recuperación dos últimos anos.

O comportamento do concello de Tui vén condicionado polo decrecemento producido nos primeiros anos do período 1999-2003, dándose unha recuperación a partir do 2001, en tanto que no conxunto da comarca descende só entre 2000 e 2001, variación interanual -9,39%. Pola contra, na provincia só se produce un descenso no último intervalo, -8,75%.

O comentado anteriormente inflúe na evolución da comarca, xa que a variación media anual sitúase nun 8,48%, levemente por debaixo da media provincial -10,46%-.

Debido ao peso específico do concello de Tui, xa descrito anteriormente, no gráfico 10 tómase como conxunto o resto de localidades para comparar así graficamente a súa evolución con este concello.

GRÁFICO 10: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.



Así, en Tui hai un decrecemento ata o ano 2001 e unha posterior recuperación, en tanto que no resto de concellos hai unha evolución irregular, con incrementos entre os tramos 1999-2000 -133,82%- e 2001-2002 -98,71%- e un estancamento nos restantes.

5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica.


TÁBOA 15: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
O Rosal	0	0,00	0	0,00	8	6,35	38	5,26
Oia	3	20,00	0	0,00	10	7,94	56	7,75
A Guarda	0	0,00	9	20,00	11	8,73	96	13,28
Tui	4	26,67	27	60,00	78	61,90	498	68,88
Tomiño	8	53,33	9	20,00	19	15,08	35	4,84
TOTAL COMARCA	15	100,00	45	100,00	126	100,00	723	100,00
TOTAL PROVINCIA	369		3.563		6.015		22.853	

A distribución das ofertas por concellos segundo a actividade económica amósanos de novo a supremacía das ofertas no concello de Tui. Deste xeito, en todos os sectores agás no primario, a maior porcentaxe de ofertas concéntranse nesta localidade. En cambio, é na localidade de Tomiño onde se aglutinan máis da metade das ofertas do sector primario, mentres que o peso específico de Tui é máis notorio no sector servizos -68,88%-.

Na comarca do Baixo Miño é salientable o peso do sector servizos en canto á procedencia das ofertas, posto que o 79% delas proceden deste sector. A continuación sitúanse en nivel de importancia, a considerable distancia, o sector da construción e o secundario, quedando por último o sector agrario, que engloba só o 2% do total das ofertas.

GRÁFICO 11: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.



Esta situación é semellante á da provincia, se ben nesta última ten menor peso o sector servizos -69,67%- e maior o secundario -10,86%-.

Case a metade das ofertas procedentes da industria -45%- están referidas ás actividades de madeira e de outras industrias. Practicamente a outra metade concéntranse por igual, co 16% do total, entre alimentación, fabricación de produtos minerais non metálicos e metalurxia e fabricación de produtos metálicos.




GRÁFICO 12: Distribución porcentual das ofertas na industria.

A forte presenza das ofertas procedentes de administracións públicas é a nota máis característica da análise do sector servizos. A unha notable distancia sitúanse as ofertas vinculadas á hostalería, co 20% do total.




GRÁFICO 13: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	93	5	24	21	15
Secundario	54	49	44	52	45
Construción	120	88	98	105	126
Servizos	390	561	471	683	723
Sen actividade	0	0	0	1	1
TOTAL COMARCA	657	703	637	862	910
TOTAL PROVINCIA	22.277	29.137	32.188	35.951	32.805

TÁBOA 16: Evolución das ofertas por sectores económicos.

Segundo os sectores económicos, as ofertas do Baixo Miño presentan unha evolución dispar no período 1999-2003. Deste xeito, nos sectores primario e secundario, prodúcese unha redución no número de ofertas, destacando sobre todo a variación media anual de -36,63% do primeiro deles.

Pola contra, o sector servizos incrementa as súas ofertas de forma continuada, excepto un descenso que se produce entre 2000 e 2001, obtendo unha variación media anual de 16,69%. O sector da construción presenta diversas variacións, cun forte decrecemento en 1999-2000 de -26,67%, para obter un balance caracterizado por un crecemento feble -variación media de 1,23%-.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

O 17,8% das ofertas desta comarca especifican o requisito do sexo á hora de determinar as características do posto de traballo ofertado.

Facendo unha análise pormenorizada por sectores económicos, é salientable que no sector primario e no da construción só se piden homes, do mesmo xeito que no secundario o requirimento de mulleres é marxinal.





GRÁFICO 14: Ofertas por sexo segundo o sector económico da comarca.

É no sector servizos onde as demandas de mulleres é superior á de homes, destacando sobre todo nas actividades de comercio e de hostalería.

GRÁFICO 15: Ofertas por nivel académico da comarca.



Un 53,63% das ofertas recollidas no Baixo Miño requiren un determinado nivel de estudos, se ben a gran maioría destas -82,58%- tan só demandan a posesión do certificado de escolaridade ou niveis inferiores. É de destacar que o nivel máis demandado a continuación é o de estudos universitarios, aínda que a moita distancia porcentual con respecto ao anterior, 6,97%.

As actividades que requiren traballadores con baixa cualificación son os da construción, hostalería e administracións públicas. Curiosamente, este último concentra tamén as demandas dos titulados universitarios.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

TÁBOA 17.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

	1999	2000	2001	2002	2003
Camareiro - Barman	37	36	26	42	56
Axente comercial / Vendedor	5	22	18	15	28
Peón de albanel/Peón de obras públicas	7	16	20	47	27
Albanel	53	28	17	31	25
Axudante de cociña	4	18	5	14	23
Dependente en xeral	4	7	15	8	16
Traballador forestal/peón extincións de incendios	0	1	1	4	15
Mozo-Muller de limpeza	0	0	1	1	15
Administrativo	0	1	4	20	15
Auxiliar administrativo	10	2	0	10	12

As tres ocupacións máis ofertadas nos Centros Colaboradores no ano 2003 son as de camareiro-barman, axente comercial e peón de albanel. É importante o crecemento que se dá no período das ocupacións de axente comercial - variación media do 53,83%-, peón de albanel -v.m.a. 40,14%-, axudante de cociña -54,85%- e dependente -41,42%-. Pola contra, é salientable o descenso producido na oferta de albanel, -17,13% de variación media anual.

TÁBOA 17.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

	1999	2000	2001	2002	2003
Muller/mozo limpeza	3	7	5	10	134
Técnico de protección civil	21	22	22	26	30
Albanel	95	104	55	67	26
Salseiro (hostalería)	0	0	0	2	17
Empregado administrativo, en xeral	8	9	21	12	13
Peón da construción de edificios	17	34	25	30	13
Peón agrícola, en xeral	0	0	0	0	10
Asistente domiciliario (auxiliar de axuda a domicilio)	4	6	9	9	9
Esteador de construción	0	0	0	3	8
Condutor de coche de bombeiros	4	2	1	19	7

A ocupación de muller-mozo de limpeza é con diferenza a máis ofertada a través das oficinas de emprego no ano 2003. A continuación sitúanse as de técnico de protección civil e albanel.

A maioría das ocupacións seguen unha tendencia ao incremento do número de ofertas nestes anos, onde hai que destacar o caso de muller-mozo limpeza, cun agudo crecemento no último bienio. As únicas ocupacións nas que o número de demandas decrece neste período 1999-2003 son as de albanel e peón da construción de edificios, variación media anual de -27,67% e -6,49%, respectivamente.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

TÁBOA 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
A GUARDA	1.805	21,67
OIA	1.264	15,17
O ROSAL	599	7,19
TOMIÑO	1.650	19,81
TUI	3.012	36,16
TOTAL COMARCA	8.330	100,00
TOTAL PROVINCIA	281.952	2,95

A localidade onde se concentran o maior número de contratos é a de Tui, co 36,16% do total, seguida a 14,49 puntos pola da Guarda, e a 16,35 puntos porcentuais pola de Tomiño.

Con respecto á provincia de Pontevedra, a comarca do Baixo Miño supón o 2,95% do volume de contratación total deste territorio no ano 2003.

TÁBOA 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
A GUARDA	1.271	1.637	977	1.768	1.805	28,80	-40,32	80,96	2,09	9,16
OIA	352	256	203	424	1.264	-27,27	-20,70	108,87	198,11	37,66
O ROSAL	965	1.018	830	1.174	599	5,49	-18,47	41,45	-48,98	-11,24
TOMIÑO	1.355	1.448	1.289	1.575	1.650	6,86	-10,98	22,19	4,76	5,05
TUI	2.030	2.389	3.114	2.764	3.012	17,68	30,35	-11,24	8,97	10,37
TOTAL COMARCA	5.973	6.748	6.413	7.705	8.330	12,98	-4,96	20,15	8,11	8,67
TOTAL PROVINCIA	268.994	284.771	269.975	277.433	281.952	5,87	-5,20	2,76	1,63	1,18

A evolución da contratación entre os anos 1999 e 2003 reflite unha evolución positiva para todas as localidades da comarca, excepto para O Rosal, variación media de -11,24%. Aínda que a maioría das variacións medias sexan positivas, hai para todas as localidades oscilacións ao longo do período. Deste xeito, todos os concellos agás o de Tui sofren un descenso no intervalo 2000-2001, engadindo o do 1999-2000 para Oia, e o de 2002-2003 para O Rosal. No concello de Tui decrece o número de contratos nos anos 2001-2002.

Hai que salientar, como valores extremos no período, a variación media positiva de 37,66% de Oia e a negativa de -11,24% para O Rosal.

Finalmente, a evolución do nivel de contratación é máis elevada na comarca que na provincia de Pontevedra, cunha diferenza de 7,49 puntos a favor da primeira. De todos os xeitos, no conxunto do período ambas sufriron un retroceso nas contratacións nos anos 2000-2001, dándose un importante incremento interanual na comarca entre 2001 e 2002, 20,15%.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	1.636	1.107	2.743	19,64	13,29	32,93
De 26 a 35 anos	1.497	1.259	2.756	17,97	15,11	33,09
De 36 a 45 anos	1.012	739	1.751	12,15	8,87	21,02
De 46 a 55 anos	555	317	872	6,66	3,81	10,47
De 56 e máis anos	154	54	208	1,85	0,65	2,50
TOTAL COMARCA	4.854	3.476	8.330	58,27	41,73	100,00
TOTAL PROVINCIAL	160.314	121.638	281.952	56,86	43,14	100,00

TÁBOA 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

A contratación no Baixo Miño no 2003 caracterízase por unha distribución desigual entre homes -58,27% dos contratos- e mulleres -41,73%-. Ademais, o 66,02% das contratacións realizáronse entre menores de 36 anos.

Tanto a contratación masculina como a feminina concéntranse nos segmentos máis baixos de idade, con tendencia ao retroceso conforme a idade aumenta. Non obstante, a contratación no intervalo de menos de 26 anos é máis frecuente entre os homes -19,64%-, en tanto que o inmediatamente posterior é o máis frecuente entre as mulleres -15,11%-.

No ámbito provincial repítense os datos da masculinización da contratación, se ben a porcentaxe masculina é levemente inferior.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA 99-03
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
Homes	3.830	4.214	3.786	4.477	4.854	10,03	-10,16	18,25	8,42	6,10
Mulleres	2.143	2.534	2.627	3.228	3.476	18,25	3,67	22,88	7,68	12,85
TOTAL CONTRATOS	5.973	6.748	6.413	7.705	8.330	12,98	-4,96	20,15	8,11	8,67

TÁBOA 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

Temporalmente, durante o período 1999-2003, reflítense certas diverxencias en canto ao desenvolvemento da contratación de homes e mulleres. En todo o intervalo temporal, os contratos femininos tiveron un crecemento constante, mentres que os masculinos sufriron un retroceso nos anos 2000-2001, variación interanual -10,16%.

Como mostra destas diferenzas, a variación media na contratación feminina do período é de 12,85%, mentres que a masculina incrementase máis levemente, 6,10%. Isto queda representado no gráfico 16, onde se observa como nestes anos se incrementa o peso porcentual da contratación feminina ao mesmo tempo que se reduce o da masculina.




GRÁFICO 16: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	2.289	2.526	2.353	2.478	2743	10,35	-6,85	5,31	10,69	4,63
De 26 a 35 anos	1.850	2.120	2.053	2.565	2756	14,59	-3,16	24,94	7,45	10,48
De 36 a 45 anos	1.035	1.280	1.157	1.673	1751	23,67	-9,61	44,60	4,66	14,05
De 46 a 55 anos	627	638	626	808	872	1,75	-1,88	29,07	7,92	8,60
De 56 e máis anos	172	184	224	181	208	6,98	21,74	-19,20	14,92	4,87
TOTAL CONTRATOS	5.973	6.748	6.413	7.705	8330	12,98	-4,96	20,15	8,11	8,67

Tomando como referente a idade, a evolución da contratación na comarca vén caracterizada por unha tendencia ao crecemento en todos os grupos de idade. É salientable que os tramos que máis medran son os comprendidos entre os 26 e 45 anos, mentres que os que teñen un crecemento menor son os de menos de 26 e os de máis de 56 anos.

No que respecta á evolución ano a ano, é tamén semellante en todos os tramos de idade, que ven reducido o volume de contratos nos anos 2000-2001, excepto para o grupo de máis de 56 anos, no que esta redución se dá no período 2001-2002, -19,2%. Neste último tramo temporal é onde se produce a recuperación forte dos contratos nos que teñen entre 36 e 45 anos, 44,6%.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos.


TÁBOA 23: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	1.692	20,31
Agricultura e pesca	1.692	20,31
SECTOR SECUNDARIO	878	10,54
Industria	877	10,53
Electricidade	1	0,01
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1.389	16,67
Construción	1.389	16,67
SECTOR SERVIZOS	4.371	52,47
Comercio e hostalería	1.988	23,87
Transporte e comunicacións	291	3,49
Outros servizos	2.092	25,11
TOTAL CONTRATOS	8.330	100,00

O sector servizos rexistrou no ano 2003 o maior volume de contratos da comarca, co 52,47% das contratacións. En segundo lugar estaría o sector primario, co 20,31% dos contratos, seguido polo da construción, que engloba o 16,67% dos contratos totais.

É destacable o peso dos subsectores de comercio e hostalería e de outros servizos, que supoñen en conxunto o 48,98% dos contratos do Baixo Miño. A unha certa distancia sitúase o de agricultura e pesca, co 20,31%.

GRÁFICO 17: Distribución porcentual da contratación na Industria.



Para o conxunto da industria, a actividade máis representativa é a de alimentación, co 26% da contratación. A continuación, e segundo o seu volume, sitúanse a de fabricación de produtos minerais non metálicos e a de metalurxia e fabricación de produtos metálicos, co 17% e o 15% dos contratos, respectivamente.

Os servizos caracterízanse por unha preponderancia da contratación na actividade de comercio, coa cuarta parte dos contratos.

Nun segundo nivel poderíanse englobar catro actividades, con só 4 puntos de diferenza entre a máis e a menos representativa. A primeira delas é a de hostalería, co 18% das contratacións, seguida pola de actividades inmobiliarias e servizos a empresas e mais pola de administracións públicas, ambas co 15%, e por último sitúase a de servizos á comunidade, co 14%.




GRÁFICO 18: Distribución porcentual da contratación nos servizos.

	SEXO		Menos de 26 anos	IDADE			
	Homes	Mulleres		De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis
SECTOR PRIMARIO	12,85	7,47	3,45	6,53	6,67	3,16	0,50
Agricultura e pesca	12,85	7,47	3,45	6,53	6,67	3,16	0,50
SECTOR SECUNDARIO	6,89	3,65	4,71	2,95	1,54	1,03	0,31
Industria	6,88	3,65	4,69	2,95	1,54	1,03	0,31
Electricidade	0,01		0,01				
SECTOR CONSTRUCCIÓN	15,86	0,82	6,84	4,33	2,93	1,97	0,60
Construción	15,86	0,82	6,84	4,33	2,93	1,97	0,60
SECTOR SERVIZOS	22,68	29,80	17,94	19,27	9,88	4,31	1,08
Comercio e hostalería	7,70	16,17	10,05	8,06	3,82	1,51	0,43
Transporte e comunicacións	2,64	0,85	0,66	1,40	1,06	0,31	0,06
Outros servizos	12,34	12,77	7,23	9,81	5,01	2,48	0,59
TOTAL CONTRATOS	58,27	41,73	32,93	33,09	21,02	10,47	2,50

TÁBOA 24: Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.

Tal e como quedou patente en táboas anteriores, o colectivo máis contratado é o dos homes, cun 58,27% do total da contratación. Dentro do colectivo masculino, o maior volume de contratos recólleo o sector servizos -22,68%-, seguido polo da construción e o primario, co 15,86% e 12,85% dos contratos, respectivamente.

No caso feminino, tamén é o sector servizos o que representa un maior volume, co 29,80% dos contratos, seguido a considerable distancia polo sector primario e secundario -7,47% e 3,65%, respectivamente-, resultando o da construción practicamente insignificante en canto á contratación feminina.

Entre os diferentes intervalos de idade, o sector servizos é o que presenta maior volume contractual, concentrándose nos tramos de menos de 26 anos, e de 26 a 35 anos, que representan o 37,21% do total dos contratos no Baixo Miño. No ámbito subsectorial dentro dos servizos, hai que sinalar que o comercio e hostalería é onde se realizan máis contratos para menores de 26 anos, en tanto que para o resto de idades é o de outros servizos.

TÁBOA 25: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.


	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
SECTOR PRIMARIO	936	1.215	569	1.552	1.692	29,81	-53,17	172,76	9,02	15,95
Agricultura e pesca	936	1.215	569	1.552	1.692	29,81	-53,17	172,76	9,02	15,95
SECTOR SECUNDARIO	974	943	966	949	878	-3,18	2,44	-1,76	-7,48	-2,56
Industria	969	934	960	942	877	-3,61	2,78	-1,88	-6,90	-2,46
Electricidade	5	9	6	7	1	80,00	-33,33	16,67	-85,71	-33,13
S. CONSTRUCCIÓN	999	1.126	1.168	1.087	1.389	12,71	3,73	-6,93	27,78	8,59
Construción	999	1.126	1.168	1.087	1.389	12,71	3,73	-6,93	27,78	8,59
SECTOR SERVIZOS	3.064	3.464	3.710	4.104	4.371	13,05	7,10	10,62	6,51	9,29
Comercio e hostalería	1.633	1.957	1.958	2.157	1.988	19,84	0,05	10,16	-7,83	5,04
Transporte e comunicacións	213	251	222	243	291	17,84	-11,55	9,46	19,75	8,11
Outros servizos	1.218	1.256	1.530	1.704	2.092	3,12	21,82	11,37	22,77	14,48
TOTAL CONTRATOS	5.973	6.748	6.413	7.705	8.330	12,98	-4,96	20,15	8,11	8,67

Para o conxunto do período, todos os sectores amosan unha tendencia ao incremento das contratacións, exceptuando o sector secundario, que presenta unha variación media para o período de -2.56%. Este decrecemento vén dado por reducións en todos os períodos, agás no 2000-2001, a causa da baixada notable do subsector da industria.

O sector que máis medra é o primario, que obtén unha variación media de 15,95%, a pesar dun decrecemento no intervalo 2000-2001, que se ve recuperado polo intenso crecemento no intervalo posterior -172,76%-. Os sectores restantes, construción e servizos, teñen un balance final do período semellante, cunha variación media de 8,59% no primeiro e de 9,29% no segundo. Dentro deste último, é destacable o importante crecemento que se dá no subsector de outros servizos, do 14,48%, cunha evolución positiva en todos os anos do período 1999-2003.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 19: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.



A comarca do Baixo Miño caracterízase por un elevado predominio da contratación temporal, posto que o 88% dos contratos presentan esta peculiaridade. A unha gran distancia sitúanse os contratos de prácticas/formación, que representan o 5% do total.

TÁBOA 26: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	1,63	1,54	0,62	1,36	0,58	0,35	0,26
Indefinido tempo parcial	0,42	0,64	0,36	0,41	0,13	0,13	0,02
Temporal	45,87	26,48	21,09	24,44	16,85	8,13	1,84
Temporal tempo parcial	4,81	10,28	6,46	5,33	2,24	0,80	0,25
Prácticas/Formación	2,81	2,45	4,09	0,64	0,42	0,11	0,00
Outros	2,73	0,35	0,30	0,91	0,79	0,95	0,12
TOTAL CONTRATOS	58,27	41,73	32,93	33,09	21,02	10,47	2,50

Sendo a temporalidade unha das notas comúns na contratación de homes e mulleres, a porcentaxe maior dos que están a tempo completo sitúase entre os homes -45,87%-, en tanto que a tempo parcial esta proporción está nas mulleres -10,28%-. En todos os grupos de idade, é tamén a contratación temporal a tempo completo a que amosa maiores volumes, destacando os intervalos de menos de 26 e de 26 a 35 anos, que acadan conxuntamente o 45,53% deste tipo de contratación.

	PRIMARIO	SECUNDARIO			CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS			
	Agr., Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	Total
Indefinido	0,10	0,19	0,00	0,19	0,74	0,89	0,12	1,13	2,14
Indefinido tempo parcial	0,02	0,06	0,00	0,06	0,01	0,43	0,04	0,49	0,96
Temporal	20,01	8,32	0,01	8,33	14,24	13,18	3,06	13,53	29,77
Temporal tempo parcial	0,17	1,40	0,00	1,40	0,47	7,91	0,25	4,89	13,05
Prácticas/Formación	0,01	0,55	0,00	0,55	1,21	1,45	0,02	2,00	3,48
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	3,07	3,07
TOTAL CONTRATOS	20,31	10,53	0,01	10,54	16,67	23,87	3,49	25,11	52,47

TÁBOA 27: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

O sector servizos é o que presenta unha maior temporalidade, co 29,77% dos contratos temporais a tempo completo e co 13,05% dos temporais a tempo parcial. Tendo en conta que os contratos temporais a tempo parcial supoñen o 15,09% do total, obsérvase que o sector servizos engloba practicamente a totalidade, concentrándose no subsector de comercio -7,91%- e en outros servizos -4,89%-. Nos demais sectores prima novamente a modalidade dos contratos temporais a tempo completo, quedando as modalidades restantes relegadas a porcentaxes que só en raras ocasións chegan a representar o 1% do total.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	451	452	501	493	264	0,22	10,84	-1,60	-46,45	-12,53
Indefinido tempo parcial	46	47	59	132	88	2,17	25,53	123,73	-33,33	17,61
Temporal	3.966	4.500	4.109	5.344	6.027	13,46	-8,69	30,06	12,78	11,03
Temporal tempo parcial	925	1.125	1.167	1.154	1.257	21,62	3,73	-1,11	8,93	7,97
Prácticas/Formación	393	442	395	332	438	12,47	-10,63	-15,95	31,93	2,75
Outros	192	182	182	250	256	-5,21	0,00	37,36	2,40	7,46
TOTAL CONTRATOS	5.973	6.748	6.413	7.705	8.330	12,98	-4,96	20,15	8,11	8,67

TÁBOA 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

Pese a que a temporalidade representa a tónica habitual na contratación, son os contratos indefinidos a tempo parcial os que pechan o período cun maior crecemento -17,61%-. A continuación, en volume de crecemento, sitúanse os temporais a tempo completo, cunha variación media do 11,03%, e os temporais a tempo parcial, cun incremento do 7,97%.

A única modalidade de contratación que representa un descenso na contratación neste quinquenio é a de indefinidos a tempo completo, na que se observa unha redución moi importante no último bienio, que se traduce nunha variación media negativa do -12,53%.

TÁBOA 29: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	24	0,29
HOMES	18	0,22
MULLERES	6	0,07
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	525	6,30
HOMES	332	3,99
MULLERES	193	2,32
3. Técnicos e profesionais de apoio	436	5,23
HOMES	346	4,15
MULLERES	90	1,08
4. Empregados de tipo administrativo	486	5,83
HOMES	117	1,40
MULLERES	369	4,43
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	1.510	18,13
HOMES	418	5,02
MULLERES	1.092	13,11
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	1.488	17,86
HOMES	841	10,10
MULLERES	647	7,77
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	1.381	16,58
HOMES	1.227	14,73
MULLERES	154	1,85
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	617	7,41
HOMES	435	5,22
MULLERES	182	2,18
9. Traballadores non cualificados	1.863	22,36
HOMES	1.120	13,45
MULLERES	743	8,92
TOTAL CONTRATOS	8.330	100,00
TOTAL HOMES	4.854	58,27
TOTAL MULLERES	3.476	41,73

En función dos datos expostos na táboa anterior sobre a distribución do volume contractual segundo os nove grandes grupos de ocupación, cómprese sinalar a concentración dun 74.93% dos contratos nos seguintes catro grupos:

- Traballadores non cualificados -22.36%-
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -18,13%-
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca -17,86%-
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería -16,58%-

Noutro sentido, atendendo á distribución por sexo, obsérvanse diferenzas significativas nos contratos segundo o tipo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería -14,73%-. • Traballadores non cualificados -13,45%-. • Traballadores cualificados na agricultura e pesca -10,10%-. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores -5,22%-.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio -13,11%-. • Traballadoras non cualificados -8,92%-. • Traballadoras cualificadas na agricultura e pesca -7,77%-. • Empregadas de tipo administrativo -4,43%-.

Dada a forte presenza masculina na contratación na comarca do Baixo Miño, na maioría dos grupos de ocupación predominan os homes sobre as mulleres, agás nos que seguen a continuación:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: a porcentaxe das mulleres é 8,09 puntos maior cá dos homes.
- Empregados de tipo administrativo: as mulleres superan en 3,03 puntos aos homes.

Atendendo á evolución dos contratos durante o período 1999-2003, os datos refliten un crecemento medio positivo para todos os grupos de ocupación, agás para o de dirección de empresas e administracións públicas, cunha variación media de -5,43%. Destacan pola súa evolución positiva os seguintes:

- Traballadores non cualificados, variación media anual de -15,09%-.
- Técnicos e profesionais de apoio -13,26%-.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais -12,14%-.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -10,39%-.
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca -10,01%-.

No referente á evolución segundo o sexo dos contratados, destaca o incremento da contratación masculina nas seguintes ocupacións:

- Técnicos e profesionais de apoio -14,40%-.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais -11,60%-.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores -11,41%-.
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca -10,07%-.

Pola contra, prodúcese un descenso de 7,88 puntos nos homes contratados na actividade de dirección de empresas e administracións públicas.

No tocante ás mulleres, destaca o crecemento medio nas seguintes ocupacións:

- Traballadoras non cualificados -22,04%-.
- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio -16,54%-.
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais -13,09%-.

No resto de grupos increméntase o volume de contratación das mulleres a uns ritmos máis modestos.

TÁBOA 30: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO MASCUL. ¹
		N.º	%	N.º	%	N.º	%	
60210168	Traballador agrícola da vide	736	8,84	158	3,26	578	16,63	21,47
71100016	Albanel	721	8,66	691	14,24	30	0,86	95,84
63230055	Mariñeiro de pesca	626	7,52	626	12,90	0	0,00	100,00
50200018	Camareiro, en xeral	550	6,60	165	3,40	385	11,08	30,00
97000011	Peón da ind. manufacturera, en xeral	463	5,56	309	6,37	154	4,43	66,74
96020014	Peón da construción de edificios	453	5,44	390	8,03	63	1,81	86,09
53300010	Dependente de comercio, en xeral	437	5,25	61	1,26	376	10,82	13,96
42100010	Empregado administrativo, en xeral	308	3,70	69	1,42	239	6,88	22,40
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	308	3,70	45	0,93	263	7,57	14,61
25130104	Músico instrumentista, en xeral	186	2,23	168	3,46	18	0,52	90,32
TOTAL		4.788	57,48	2.682	55,25	2.106	60,59	56,02

(1) *Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100*

Tendo en conta as ocupacións máis contratadas no ano 2003, é de resaltar o importante grao de concentración que se produce en ambos os sexos na comarca, posto que estas ocupacións representan o 55,25% dos contratos masculinos e o 60,59% dos contratos femininos.

As mulleres tenden a ser contratadas en maior medida como traballadoras agrícolas da vide, camareira e dependente de comercio. Porén, a contratación masculina inclínase máis ao albanel e ao mariñeiro de pesca.

Por último, apréciase o xénero como un valor determinante á hora de contratar, existindo catro ocupacións eminentemente masculinas:

- Mariñeiro de pesca, cun ratio de masculinidade do 100%.
- Albanel -95,84%-.
- Músico instrumentista -90,32%-.
- Peón da construción de edificios -86,09%-.

Do mesmo modo, existen catro ocupacións claramente femininas, debido a que o ratio de masculinidade se sitúa por debaixo do 25%:

- Dependente de comercio -13,96%-.
- Muller/mozo de limpeza, limpador -14,61%-.
- Traballadora agrícola da vide -21,47%-.
- Empregada administrativa -22,40%-.


CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
60210168	Traballador agrícola da vide	370	408	49	583	736
71100016	Albanel	596	603	575	569	721
63230055	Mariñeiro de pesca	312	429	102	637	626
50200018	Camareiro, en xeral	428	413	427	597	550
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	262	285	1.338	1.034	463
96020014	Peón da construción de edificios	220	306	264	179	453
53300010	Dependente de comercio, en xeral	251	414	436	398	437
42100010	Empregado administrativo, en xeral	247	284	332	297	308
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	177	182	166	226	308
25130104	Músico instrumentista, en xeral	130	133	144	106	186
74230011	CANTEIRO DE CONSTRUCCIÓN	199	174	132	141	142
97000084	PEÓN DA IND. METÁL. E FÁB. PROD. METÁL.	75	80	141	58	120
86300016	CONDUTOR DE CAMIÓN, EN XERAL	173	164	139	121	104
94100011	PEÓN AGRÍCOLA, EN XERAL	17	14	86	152	91

TÁBOA 31: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.

Polo que respecta á evolución da lista das dez ocupacións máis contratadas, prodúcense oscilacións relevantes en canto á súa composición nestes cinco anos. Deste xeito, sete ocupacións aparecen e desaparecen da lista das máis contratadas ao longo do período, sendo estas tamén as que sofren as variacións máis destacables nestes anos.

É salientable o incremento das ocupacións de traballador agrícola da vide e de mariñeiro de pesca no intervalo 2001-2002, e de peón agrícola e peón da industria manufactureira no 2000-2001. Pola contra, son tamén estas mesmas as que sofren os decrecementos máis agudos, no caso das dúas primeiras nos anos 2000-2001, e as outras dúas nos anos 2002-2003.

En xeral, no balance deste quinquenio, todas as ocupacións tenden ao crecemento, excepto a de canteiro de construción e a de condutor de camiión, que sofren un descenso no seu volume de contratos.



Comarca do Condado



5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

O tecido empresarial da comarca do Condado presenta uns datos moi positivos para o conxunto do período analizado, dende 1999 ata 2003. Esta situación maniféstase polo incremento substantivo do número de empresas, traballadores e autónomos en todos os sectores de referencia. A única excepción a este crecemento vén dada polo sector primario, que presenta unha notable redución no ano 2003 en número de empresas, en relación cos anteriores.

No caso das empresas, o sector maioritario é o dos servizos, que representa o 60,42% do total destas; o sector da construción é o segundo, cun 20,36%. A pouca distancia está o sector secundario, seguido moi de lonxe polo primario, que ten unha representación ínfima do 1,14%.

Se o maior número de traballadores se rexistra no sector dos servizos, co 44,62%, no segundo lugar recóllese a maior cifra no sector secundario, co 24,45%, a diferenza do que sucede para o total de empresas, onde o sector da construción ocupaba o segundo lugar.

Cómpre dicir que, en canto aos autónomos, maniféstase de novo a prevalencia do sector servizos, se ben neste caso con maior incidencia, recollendo o 69,37% do total. A moita distancia sitúase o sector da construción, co 18,88%. A presenza do sector primario neste caso é tan só do 1,55%.

A modo de conclusión temos que dicir que a principal característica do tecido empresarial do Condado é a forte evolución que experimenta en todos os ámbitos.

5.1.2. Evolución anual

Se ben o incremento do tecido empresarial do Condado é a nota característica do período, temos que destacar que, con moita diferenza, o ano clave na evolución é o 2000. Neste ano recóllense uns valores de variación interanual con respecto ao ano anterior que exceden o 100% en todos os casos, chegando nalgúns incluso a triplicar o seu número, como sucede co sector servizos, que ten unha variación interanual do 169,33%. O subsector que presenta o maior incremento nestes anos é o do comercio, o cal medra nun 239,42%.

TABOA 1: Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	45	116	93	67	14
Agricultura e pesca	45	116	93	67	14
SECTOR SECUNDARIO	92	204	210	216	222
Industria	91	202	208	214	220
Electricidade	1	2	2	2	2
SECTOR CONSTRUCCIÓN	97	211	209	232	250
Construción	97	211	209	232	250
SECTOR SERVICIOS	238	641	680	698	742
Comercio e hostalería	104	353	385	390	406
Transporte e comunicacións	19	58	57	58	62
Outros servizos	115	230	238	250	274
TOTAL	472	1.172	1.192	1.213	1.228


A comarca do Condado case chega a triplicar o número de empresas, tal e como se pode apreciar no crecemento total do número de empresas, onde a variación media para o período é do 27%. Este aumento apreciouse maiormente no sector dos servizos, que incrementa de maneira considerable o seu número de empresas, cunha variación media do 32,88%. No sector secundario e da construción apreciamos que os valores do 1999 chegan a duplicarse ata o ano 2003, mostrando unha variación media total de 24,64% e 26,70%, respectivamente.

Por outra banda, o sector primario reduce en dúas terceiras partes aproximadamente o seu número de empresas, mostrando unha variación media en todo o período do -25,32%. Este sector experimenta un crecemento moi notable no ano 2000, igual que todos, como podemos apreciar na variación interanual, que é do 157,78%. Nos anos seguintes as variacións interanuais son negativas, recollendo o valor máis acusado no 2003, co -79,10%.

Se realizamos unha distribución por subsectores, o que experimenta o maior crecemento é o de comercio e hostalería, que pasa de representar o 22,03% do total de empresas en 1999 ao 33,06% no 2003, isto é, case o 55% das empresas do sector servizos. En xeral, todos os subsectores presentan unha evolución moi positiva, agás o de agricultura e pesca, como xa se comentou.

Estes feitos podémolos constatar se observamos posteriormente as curvas que presentan os gráficos de variación interanual para o número de empresas.

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.



Como se pode observar no gráfico, no ano 2000 prodúcese un salto cuantitativo importante para o sector empresarial da comarca do Condado, xa que tras acadar uns valores de crecemento importantes, tende a consolidarse ao longo do período de referencia analizado, a excepción da regresión que presenta o sector agrario.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	334	633	650	587	624
Agricultura e pesca	334	633	650	587	624
SECTOR SECUNDARIO	650	1.498	1.620	1.552	1.601
Industria	1	16	18	17	17
Electricidade	649	1.482	1.602	1.535	1.584
SECTOR CONSTRUCCIÓN	340	1.156	1.313	1.417	1.402
Construción	340	1.156	1.313	1.417	1.402
SECTOR SERVICIOS	720	2.382	2.587	2.748	2.922
Comercio e hostalería	246	949	1.058	1.109	1.224
Transporte e comunicacións	68	243	268	286	302
Outros servizos	406	1.190	1.261	1.353	1.396
TOTAL	2.044	5.669	6.170	6.304	6.549

TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

Se realizamos a análise da táboa anterior, observamos que existe un incremento substancial do número de traballadores na comarca. Dende o inicio do período ata o final, triplicase practicamente o número de traballadores, experimentando unha variación media do 33,79%. Neste caso, cómpre subliñar que todos os sectores, sen excepción, incrementan o seu número de traballadores dende o ano de inicio.

Igual que sucede para o tecido empresarial, o ano 2000 é unha pauta de referencia obrigada debido ao acusado crecemento que experimenta, cunha variación interanual en conxunto do 177,35%. No ámbito sectorial, o valor de variación interanual máis alto rexístrase no sector da construción, cun valor do 240%, seguido do sector servizos, cun 230,83%. En terceiro lugar sitúase o sector secundario, co 130,46%, e pecha a serie o sector primario, co 89,52%.

Todos os sectores evolucionan ano tras ano, a excepción dos sectores primario e secundario, que presentan un retroceso no ano 2002 en relación ao ano anterior. Este feito pódese constatar coas variacións interanuais no sector primario de -9,69% e no sector secundario do -4,20%. No sector da construción tamén se produce un pequeno descenso no ano 2003, presentando unha baixada de -1,06%.

Tralo bo comportamento de todos os sectores, cómpre subliñar que no ámbito subsectorial o que maior evolución presenta é o subsector do comercio e hostalería, que presenta unha variación media do 49,35%.

Observamos uns valores de variación interanual moi acusados no tramo 1999-2000, diminuindo drasticamente no seguinte tramo, tras o que se inicia unha etapa de nivelación en todos os sectores.




GRÁFICO 2: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.


TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	6	26	27	33	32
Agricultura e pesca	6	26	27	33	32
SECTOR SECUNDARIO	63	179	195	203	210
Industria	0	0	0	0	0
Electricidade	63	179	195	203	210
SECTOR CONSTRUCCIÓN	119	266	300	327	389
Construción	119	266	300	327	389
SECTOR SERVIZOS	426	1.094	1.234	1.338	1.429
Comercio e hostalería	305	758	851	916	964
Transporte e comunicacións	71	146	167	175	181
Outros servizos	50	190	216	247	284
TOTAL	614	1.565	1.756	1.901	2.060

A evolución do número de autónomos é similar ao comentado anteriormente, xa que se incrementa, acadando unha variación media dun 35,34%.

O forte incremento experimentado no caso de empresas e traballadores extrapólase tamén para os autónomos, ofrecendo no ano 2000, o ano de maior crecemento, unha evolución do número nun 154,89%. No ámbito sectorial, o sector que experimenta o maior crecemento é o primario, variación media de 51,97%. Malia todo, a significación deste sector é mínima, xa que tan só representa o 1,55% do total de autónomos. O sector servizos, que alberga o maior número de autónomos, co 69,37%, é o que experimenta o segundo valor de crecemento máis alto no período, o 35,33%.

GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.



Neste gráfico obsérvase que despois do forte incremento no 2000, prodúcese unha tendencia cara á estabilización.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
As Neves	313	108	421
Mondariz	311	103	414
Mondariz-Balneario	28	11	39
Ponteareas	1.298	607	1.905
Salvaterra de Miño	554	255	809
TOTAL	2.504	1.084	3.588

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia - PARADOS	4,44
% comarca/provincia - NON PARADOS	3,78

O Condado rexistra un total de 3.588 demandantes de emprego, dos cales o 69,79% son parados e o 30,21% están en activo.

Máis do 50% dos demandantes de emprego na comarca pertencen ao concello de Ponteareas, cun total de 1905 demandantes, dos cales o 68,14% están en situación laboral de desemprego e o 31,86% están en activo. O 50% restante do total de demandantes repártense da seguinte forma: aproximadamente a metade no concello de Salvaterra de Miño, dúas cuartas partes nos concellos das Neves e Mondariz, e unha porcentaxe minoritaria é para Mondariz-Balneario.

A comarca do Condado representa en conxunto o 4,44% de demandantes parados da provincia de Pontevedra; o colectivo dos demandantes ocupados ten un peso relativamente menor, co 3,78%.

Ponteareas é o eixe central que vertebra a estrutura das demandas na comarca, seguido do concello de Salvaterra de Miño. A relación entre demandantes parados e ocupados é similar para todos os concellos, mantendose a posición de prevalencia dos primeiros sobre os segundos.




GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.


5.2.2. Evolución dos demandantes parados

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	2.202	2.179	2.103	2.427	2.504
VARIACIÓN INTERANUAL%		-1,04	-3,49	15,41	3,17
COMARCA/TOTAL PROVINCIA%	4,37	4,37	4,29	4,56	4,44

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

O número de demandantes parados incrementábase moderadamente dende 1999 ata 2003. Dentro deste período a maior variación interanual dáse no ano 2002, onde se aprecia un valor de 15,41% con respecto ao ano anterior, representando ao mesmo tempo o 4,56% dos demandantes da provincia de Pontevedra. O maior descenso do número de desempregados dáse no ano 2001, no que se aprecia unha redución de -3,49%.

GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.



Despois da tendencia á baixa no período 2000-2001, iníciase unha etapa posterior de incremento do número de demandantes, presentando unha variación máis importante entre os anos 2001 e 2002.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TABOA 6: Situación laboral dos demandantes

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	477	13,29	11,42
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	2.027	56,49	54,86
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	162	4,52	3,82
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	439	12,24	12,34
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	164	4,57	5,80
	En expediente de regulación de emprego	12	0,33	1,28
	Demandantes de mellora de emprego	202	5,63	7,00
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	81	2,26	2,89
	Resto de demandantes	24	0,67	0,60
TOTAL		3.588	100,00	100,00

Do total de demandantes do Condado, o 56,49% deles son parados con experiencia laboral previa. O seguinte grupo que aglutina maior número de demandantes é o de parados con dispoñibilidade inmediata pero que non tiveron experiencia laboral previa, co 13,29%. Nun terceiro lugar está o colectivo de non parados con emprego anterior e dispoñibilidade inmediata, cunha porcentaxe comarcal do 12,24%.

Se comparamos a distribución dos demandantes da comarca coa provincia, podemos dicir que non se aprecian diferenzas considerables en ningún grupo, salvo pequenas variacións. O que rexistra o maior valor, igual que no caso da comarca é o colectivo de demandantes parados con dispoñibilidade inmediata, co 54,86%.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	193	346	7,71	13,82	21,53	19,33
26 a 35 anos	277	540	11,06	21,57	32,63	30,92
36 a 45 anos	191	337	7,63	13,46	21,09	21,51
46 a 55 anos	145	221	5,79	8,83	14,62	17,42
56 e máis anos	135	119	5,39	4,75	10,14	10,83
TOTAL COMARCA	941	1.563	37,58	62,42	100,00	4,44
TOTAL PROVINCIA	21.790	34.575	38,66	61,34	4,44	100,00

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

Na comarca do Condado prevalece o número de mulleres demandantes en situación de desemprego, cunha porcentaxe do 62,42%, superando escasamente á media provincial, que se sitúa no 61,34%. Segundo a distribución por idade e sexo, a maioría de mulleres demandantes atópase no tramo de 26 a 35 anos, co 21,57%, seguido do inmediatamente inferior, co 13,82%, e do tramo de 36 a 45 anos, co 13,46%. No caso dos homes, dáse a mesma relación nos tramos de idade; o grupo que maior número de demandantes recolle é o de 26 a 35 anos, co 11,06%, seguido do anterior, co 7,71%, e do posterior, co 7,63%. Os tramos de maior idade refliten a menor porcentaxe de demandantes.

O conxunto de demandantes parados representa o 4,44% do total de demandantes da provincia de Pontevedra. Segundo a distribución realizada para analizar as porcentaxes de demandantes parados nos tramos de idade, onde o intervalo de 26 a 35 anos era o que maior porcentaxe presentaba, obsérvase que o comportamento na provincia é moi similar ao da comarca - 30,92% na provincia e 32,63% na comarca-, coa excepción de que o segundo lugar ocúpao o colectivo de 36 a 45 anos, co 21,51%, seguido do de menores de 26 anos, que está en terceiro lugar, co 19,33%.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	87	127	8,03	11,72	19,74	19,01
26 a 35 anos	96	191	8,86	17,62	26,48	28,25
36 a 45 anos	80	177	7,38	16,33	23,71	21,24
46 a 55 anos	78	117	7,20	10,79	17,99	18,04
Máis de 55 anos	69	62	6,37	5,72	12,08	13,47
TOTAL COMARCA	410	674	37,82	62,18	100,00	3,78
TOTAL PROVINCIA	10.780	17.899	37,59	62,41	3,78	100,00


TÁBOA 7.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

O 62,18% dos demandantes ocupados son mulleres, porcentaxe moi aproximada á provincial, que é do 62,41%.

Igual que sucede no caso dos demandantes parados, o maior número de demandantes rexístrano as mulleres no tramo de idade de 26 a 35 anos, co 17,62% do total. O seguinte tramo en orde de importancia é o posterior en idade, co 16,33%, continuando co de 46 a 55 anos, 10,79%. No caso dos homes, obsérvase a seguinte distribución por orde de importancia: de 26 a 35 anos, co 8,86%; menores de 26 anos, co 8,03%; e de 36 a 45 anos, co 7,38%.


Se temos como referente a análise da idade, o colectivo que máis demandantes aglutina é o de 26 a 35 anos, co 26,48%, porcentaxe lixeiramente inferior á provincial, seguido do grupo de 36 a 45 anos, co 23,71%, porcentaxe superior en dous puntos neste caso á provincial -21,24%-.

GRÁFICO 6: Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.



Cómpre sinalar que o número de demandantes parados dobra practicamente ao de demandantes ocupados en todos os intervalos. A franxa que maior porcentaxe rexistra é a de 26 a 35 anos; neste caso o número de demandantes parados triplica ao de non parados, diminuindo as distancias entre eses dous grupos a medida que avanzamos en idade.

GRÁFICO 7: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.



Segundo a distribución por sexos, o colectivo das mulleres é maior tanto no caso dos demandantes parados coma no dos non parados ao dos homes.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

TÁBOA 8.1: Distribución dos demandantes parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	1.022	40,81	30,37
Titulación de ensinanza obrigatoria	991	39,58	39,89
Formación profesional	114	4,55	6,19
BUP/Bacharelato superior/COU	202	8,07	11,93
Titulados universitarios	121	4,83	9,08
Outras titulacións	54	2,16	2,54
TOTAL	2.504	100,00	100,00

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

Na comarca do Condado, case o 41% dos demandantes en situación de desemprego non chegan a ter o nivel de titulación de ensinanza obrigatoria. Dos 2.504 demandantes parados, o 39,58% teñen o nivel de estudos de ensinanza obrigatoria. Se a este grupo maioritario lle sumamos o de persoas que non chegan a ter ese nivel, atopámonos cunha concentración de demandantes neses dous niveis do 80,39%.

O seguinte colectivo que rexistra maior número de demandantes é o de bacharelato, que comprende o 8,07%. Noutra banda o grupo de titulados universitarios e de formación profesional comparten postos similares, con porcentaxes que roldan case o 5%.

Analizando a relación coa provincia, podemos observar que o colectivo que non ten nin titulación obrigatoria agrupa na comarca do Condado uns valores que superan o nivel provincial nun 10% aproximadamente. No caso da ensinanza obrigatoria e outras titulacións, manteñen porcentaxes moi similares, equitativas, mentres que o resto presenta uns valores provinciais que superan aos comarcais en varios puntos. No nivel dos titulados universitarios aparece a diferenza máis alta en relación coa porcentaxe provincial, que supera a comarcal en case o dobre -4,83% comarcal fronte ao 9,08% provincial-.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	466	42,99	32,64
Titulación de ensinanza obrigatoria	363	33,49	35,31
Formación profesional	43	3,97	6,04
BUP/Bacharelato superior/COU	114	10,52	13,79
Titulados universitarios	82	7,56	10,49
Outras titulacións	16	1,48	1,73
TOTAL	1.084	100,00	100,00

TÁBOA 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

Igual que no caso dos demandantes parados, o continxente de demandantes ocupados, amósanos uns valores na mesma orde que os anteriores. Neste caso, case o 43% non teñen nin a titulación de ensinanza obrigatoria, superando outra vez, en pouco máis do 10%, á media provincial. No nivel de titulados con ensinanza obrigatoria -33,49%- , a porcentaxe comarcal está pouco por debaixo da media da provincia de Pontevedra, en concreto un 1,82%. O apartado de outras titulacións ten unha media similar en ambos os dous ámbitos, superando no resto de casos a porcentaxe provincial á comarcal en case tres puntos porcentuais.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	6,55	0,68	0,48	7,71
	Mulleres	9,19	2,24	2,40	13,82
26 a 35 anos	Homes	7,87	2,00	1,20	11,06
	Mulleres	11,22	2,76	7,59	21,57
36 a 45 anos	Homes	4,75	1,48	1,40	7,63
	Mulleres	5,15	2,12	6,19	13,46
46 a 55 anos	Homes	2,76	0,80	2,24	5,79
	Mulleres	2,52	0,84	5,47	8,83
Máis de 55 anos	Homes	1,68	0,72	3,00	5,39
	Mulleres	0,92	0,44	3,39	4,75
TOTAL COMARCA		52,60	14,06	33,35	100,00
TOTAL PROVINCIA		52,82	14,49	32,69	100,00

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

Segundo os datos da táboa, nun primeiro momento cómpre dicir que a distribución dos demandantes, segundo a temporalidade, coincide nos dous ámbitos de referencia, o comarcal e o provincial, xa que se observan unhas porcentaxes moi equitativas. Máis da metade dos demandantes tardan menos de seis meses en atopar emprego; a continuación está o grupo de parados de longa duración, co 33,35%.

Facendo referencia ao tempo de busca de emprego, o colectivo que destaca por riba dos outros é o das mulleres de 26 a 35 anos que levan menos de seis meses na procura de emprego, co 11,22%. Séguelle en orde de importancia o colectivo das mulleres no tramo de idade de menos de 26 anos, cunha diferenza de dous puntos porcentuais, aproximadamente, en relación co anterior. Se observamos con detemento a táboa, podemos dicir que a maioría dos demandantes son mulleres que atopan emprego en menos de seis meses. Por outra banda, a medida que incrementamos o tramo de idade, a porcentaxe de referencia aumenta lixeiramente no caso dos homes, que superan á das mulleres para o conxunto de demandantes maiores de 46 anos con menos de seis meses en situación de procura de emprego.

No caso dos demandantes que buscan emprego entre 6 meses e 1 ano, reproducense os datos do grupo de demandantes anterior, se ben a única diferenza é o tramo de mulleres de 46 a 55 anos, que neste caso supera á porcentaxe dos homes, se ben non é significativa.

Por último, nos demandantes de longa duración, a maioría das mulleres volve a concentrarse nos intervalos de 26 a 45 anos, que aglutinan o 13,78% do total para este tramo temporal, que é do 33,35%. Nesta situación, para os homes, a medida que se incrementa idade, vai aumentando tamén a porcentaxe de demandantes. No caso das mulleres, increméntase ata os 45 anos, onde empeza a decrecer.

Se comparamos a suma de mulleres e homes demandantes de menos de 6 meses, vemos que as primeiras, cun 28,99% de representación, superan aos homes nun 5,38%. No caso dos demandantes de 6 meses a 1 ano, as mulleres representan o 8,38% e os homes o 5,68%. Por último, nos tramos de demandantes de longa duración é onde si se aprecian as diferenzas máis significativas, sendo a porcentaxe correspondente ao colectivo feminino do 25,03%, que supera á dos homes nun 16,71%.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

TÁBOA 10: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	107	4,27	3,16	60	5,54	3,66
Sector secundario	506	20,21	19,25	191	17,62	18,72
Construción	314	12,54	9,92	108	9,96	7,12
Sector servizos	1.103	44,05	50,62	523	48,25	55,04
Sen actividade previa	474	18,93	17,04	202	18,63	15,46
TOTAL	2.504	100,00	100,00	1.084	100,00	100,00

A maioría dos demandantes da comarca proveñen do sector servizos, no caso dos parados o 44,05%, e no dos non parados o 48,25%. O seguinte sector que aglutina máis demandantes é o secundario, co 20,21% e 17,62% respectivamente, se ben esta última porcentaxe ocupa o terceiro lugar na orde de preferencia dos non parados. O próximo sector que aglutina máis demandantes, a moi pouca diferenza do sector secundario, é o do grupo de persoas sen experiencia previa, co 18,93% e 18,63%.

No caso dos demandantes parados, a orde de importancia garda a mesma relación na comarca que na provincia, se ben a maior diferenza se dá no sector servizos, onde a porcentaxe provincial supera á comarcal nun 6,57%. Esta diferenza neste sector fai que todo o resto de sectores na comarca superen levemente ás porcentaxes provinciais, atopando maior diferenza na construción, onde a porcentaxe da comarca supera á media da provincia en 2,62%.

No caso dos demandantes non parados, o sector máis relevante é o dos servizos, como comentabamos anteriormente, que está na comarca por debaixo da media provincial nun 6,79%. O seguinte sector en orde de importancia é o dos demandantes sen actividade previa, que está por riba da media provincial -18,63% sobre 15,46%-, seguido do sector secundario, co 17,62% na comarca.

Cómpre destacar que tanto no caso dos demandantes parados como non parados, a importancia do sector primario é ínfima, xa que en ambos está en último lugar, roldando aproximadamente o 5%.

Segundo a distribución do gráfico para o sector da industria, as dúas actividades que agrupan maior número de demandantes parados son as de alimentación e madeira, co 20% e 21% respectivamente, seguidas moi de preto pola de outras industrias, co 19%.




GRÁFICO 8: Demandantes parados na industria.

No sector servizos a actividade que aglutina maior número de demandantes é a da hostalería, co 27%. Nun segundo lugar, coa mesma dimensión -17%-, están as actividades de comercio e inmobiliarias e servizos empresariais, seguidas a pouca distancia por administracións públicas, co 14%.




GRÁFICO 9: Demandantes parados nos servizos.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	416	11,59	7,08
Peón da ind. manufactureira, en xeral	376	10,48	7,42
Dependente de comercio, en xeral	292	8,14	9,31
Empregado administrativo, en xeral	274	7,64	8,97
Camareiro, en xeral	176	4,91	3,12
Cociñeiro, en xeral	159	4,43	1,79
Peón da construción de edificios	106	2,95	1,75
Albanel	99	2,76	2,15
Peiteador de señoras	51	1,42	1,15
Camareiro de pisos (hostalería)	49	1,37	0,90

TÁBOA 11: Ocupacións máis demandadas.

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Titulación ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Muller/mozo de limpeza, limpador en xeral	Dependente de comercio
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Mondariz-Balneario	20	2,51
As Neves	19	2,38
Ponteareas	650	81,56
Salvaterra de Miño	81	10,16
Mondariz	27	3,39
TOTAL COMARCA	797	100,00

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	32.805
COMARCA/PROVINCIA:	2,43

Case o total das ofertas realizadas polas oficinas de emprego e centros colaboradores danse no concello de Ponteareas -81,56%-; a segunda maior porcentaxe é para Salvaterra de Miño, co 10,16%. O resto de ofertas repártense no resto dos concellos, con porcentaxes bastante aproximadas.

Do total de ofertas da provincia de Pontevedra, as ofertas da comarca do Condado, constitúen o 2,43% do conxunto da provincia.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Mondariz	4	10	5	26	27	150,00	-50,00	420,00	3,85	61,19
Salvaterra de Miño	14	49	37	66	81	250,00	-24,49	78,38	22,73	55,09
Ponteareas	550	506	581	778	650	-8,00	14,82	33,91	-16,45	4,26
As Neves	4	10	5	19	19	150,00	-50,00	280,00	0,00	47,63
Mondariz-Balneario	0	18	7	15	20		-61,11	114,29	33,33	
TOTAL COMARCA	572	593	635	904	797	3,67	7,08	42,36	-11,84	8,65
TOTAL PROVINCIA	22.277	29.137	32.188	35.951	32.805	30,79	10,47	11,69	-8,75	10,16

TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

Na comarca do Condado increméntase considerablemente o número de ofertas no período de 1999 ata o ano 2003; este aumento vese a través da variación media que representa para o período de referencia, que é do 8,65% para a comarca, un 1,51% por debaixo da media provincial.

Se observamos a evolución das ofertas na comarca e na provincia, vemos que as variacións son similares en signo, pero presentan diferentes peculiaridades. No ano 2002 é onde se visualiza o valor máis alto na comarca, cunha variación do 42,36%, sendo no caso da provincia 30,67 puntos porcentuais inferior. Na provincia o ano de maior crecemento é o 2000, que co 30,79% supera á comarca en 27,12 puntos.


No ano 2003 prodúcese unha freada considerable, tanto na comarca -variación interanual negativa do 11,84%- como na provincia -variación interanual negativa do 8,75%-.

Se realizamos unha análise por concellos, vemos que todos presentan uns datos que resaltan o incremento notable nas ofertas dende o inicio do período de referencia ata o final, recollendo variacións medias superiores ao 50%, como son os casos de Mondariz ou Salvaterra de Miño, se ben en termos absolutos o número de ofertas é bastante reducido, a diferenza do concello de Ponteareas, que recolle o 81,56% das ofertas e que presenta unha variación moito máis reducida, do 4,26%.

Todos os concellos, a excepción de Ponteareas, presentan unha evolución similar, aumentando ou igualando, como é o caso das Neves, o número de ofertas do 2002 ao 2003. Pola contra, en Ponteareas redúcese dun ano a outro o número de ofertas nun 16,45%. Así é que o concello sobre o que gravita a comarca presenta unha evolución ben diferenciada do resto de concellos da comarca.

A maiores de destacar polo número de ofertas no período de referencia, Ponteareas tamén sobresaíe polas maiores variacións do período, presentando unha curva máis prolongada e non tan simétrica na súa evolución como o resto de concellos.

GRÁFICO 10: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.




5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica.

TÁBOA 15: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Mondariz	0		0		6	2,44	21	4,82
Salvaterra de Miño	2	9,09	11	11,83	31	12,60	37	8,49
Ponteareas	20	90,91	80	86,02	200	81,30	350	80,28
As Neves	0		2	2,15	4	1,63	13	2,98
Mondariz-Balneario	0		0		5	2,03	15	3,44
TOTAL COMARCA	22	100,00	93	100,00	246	100,00	436	100,00
TOTAL PROVINCIA	369		3.563		6.015		22.853	

Podemos observar que máis do 80% das ofertas en todos os sectores se producen no concello de Ponteareas, chegando nalgún caso a superar a porcentaxe do 90%, como é o caso do sector primario, malia o escaso número de ofertas. O segundo concello en importancia é o de Salvaterra de Miño, con porcentaxes ao redor do 10%.

GRÁFICO 11: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.



A prioridade do concello de Ponteareas sobre o resto resulta evidente, despois de observar os datos contidos na táboa. Tendo en conta as cifras absolutas, tamén se pode dicir que a relación de ofertas por sectores segue a mesma tónica que na provincia.

O predominio do sector servizos é evidente observando o gráfico anterior, xa que soporta máis ofertas que todo o resto de sectores en conxunto; presenta máis da metade das ofertas, co 54% do total. Séguelle co 31% o sector da construción, e en terceiro lugar o sector secundario, co 12%.

Dentro do subsector da industria, cómpre destacar tres apartados, que xuntos ofrecen o 85% de ofertas da comarca do Condado. Por orde de prevalencia, a que máis ofertas recolle é a actividade da madeira, co 32%, seguida da téxtil, 29%, e pecha a actividade de outras industrias, co 24%. O resto de ofertas repártense na alimentación -7%-, fabricación de produtos minerais -5%- e metalurxia e fabricación de produtos do metal, co 3%.




GRÁFICO 12: Distribución porcentual das ofertas na industria.

Case a metade das ofertas realizadas no sector servizos concéntranse no subsector das administracións públicas -49%-. A bastante distancia séguelle o subsector da hostalería, co 17%, seguido do comercio, co 12%. Outro subsector significativo é o de actividades inmobiliarias e servizos empresariais, 7%. O resto repártese no resto de subsectores, con porcentaxes que non superan o 4%.




GRÁFICO 13: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	2	4	0	14	22
Secundario	52	47	83	74	93
Construción	140	196	174	267	246
Servizos	378	346	378	549	436
TOTAL COMARCA	572	593	635	904	797
TOTAL PROVINCIA	22.277	29.137	32.188	35.951	32.805

TÁBOA 16: Evolución das ofertas por sectores económicos.


O número de ofertas mostra unha tendencia alcista ata o ano 2002, pasando no ano seguinte a reducir o seu número, se observamos os datos en conxunto, tanto na comarca coma na provincia. No período de referencia, a comarca experimenta un crecemento do 8,65%, inferior ao da provincia en 1,51 puntos.

Por sectores, no primario prodúcese un incremento notable das ofertas no ano 2002 e 2003, acadando unha variación interanual no 2003 do 57,14%; con todo, temos que dicir que este sector só representa o 2,76% de ofertas do Condado. No sector secundario oscila a traxectoria con altibaixos regulares no período estudado, mostrando nos anos 2001 e 2003 as variacións interanuais máis altas, co 76,6% e 25,68% respectivamente. No sector da construción, dáse unha situación similar á do secundario, cunha diminución no ano 2003 do 7,87%.

Noutra banda o sector con máis peso específico –servizos- experimenta o crecemento máis baixo, co 3,63% de variación media. Este mesmo, ao final do período redúcese, ofrecendo unha variación interanual no ano 2003 de -20,58%.


5.3.3. Perfil básico das ofertas

GRÁFICO 14: Ofertas por sexo segundo o sector económico da comarca.



Tan só un 14,93% das ofertas poñen o sexo como un dos seus requirimentos. A diferenza do sector servizos, onde as ofertas para mulleres superan ás dos homes, no sector da construción e no secundario o predominio dos homes é a nota característica.

GRÁFICO 15: Ofertas por nivel académico da comarca.



A metade das ofertas xestionadas na comarca solicitan un determinado nivel de estudos. O nivel académico que demandan na maioría das ofertas, con moita diferenza por riba dos demais, segundo os datos dos centros colaboradores, é o de ata certificado de escolaridade. Séguenlle en orde de importancia, a moita distancia, as ofertas con nivel académico de formación profesional e, a continuación, os titulados universitarios.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

TÁBOA 17.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

	1999	2000	2001	2002	2003
Albanel	3	30	31	34	57
Camareiro – Barman	3	25	19	22	27
Peón de albanel/Peón de obras públicas	4	30	21	41	26
Traballador forestal/peón extincións de incendios	0	1	0	2	21
Axente comercial / Vendedor	0	18	15	16	18
Condutor de mercadorías/Condutor de camión en xeral	2	6	4	13	17
Encofrador	2	7	13	8	11
Auxiliar administrativo	2	1	2	12	11
Administrativo	0	4	1	9	9
Axudante de cociña	2	8	5	4	9

Nas ocupacións máis ofertadas polos centros colaboradores, destaca a de albanel, que dende as tres ofertas de 1999 evoluciona ata as 57 do 2003, experimentando unha variación media do 108,78%. A seguinte ocupación, camareiro-barman, tamén evoluciona no 73,21%. Séguelle peón de albanel ou de obras públicas, en termos absolutos, que medra no período un 59,67%. No caso de traballador forestal, cómpre destacar o incremento de ofertas dende 2002 ata 2003.

	1999	2000	2001	2002	2003
Albanel	131	97	103	80	80
Peón da construción de edificios	55	76	46	59	35
Técnico de protección civil	0	13	18	25	21
Empregado administrativo, en xeral	7	6	8	11	17
Operario máquina ind. de coser e bordar	0	0	0	0	17
Peón da ind. manufactureira, en xeral	37	21	22	18	16
Cociñeiro, en xeral	9	1	3	15	15
Asistente domiciliario (auxiliar de axuda a domicilio)	22	13	12	13	15
Camareiro, en xeral	10	6	21	27	13
Peón de obras públicas, en xeral	12	4	5	10	9

TÁBOA 17.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

As dúas ocupacións máis ofertadas na oficinas de emprego pertencen ao sector da construción: albanel e peón da construción, con 80 e 35 ofertas respectivamente. A diferenza do sucedido nos centros colaboradores, o número de ofertas decrece en relación co ano 1999, presentando unhas variacións medias no período de referencia do -11,60% e -10,68% respectivamente. A terceira ocupación máis ofertada é a de técnico de protección civil, que pasa de non ter ofertas en 1999 a ter 21 no ano 2003, malia o descenso de catro ofertas en relación co ano anterior.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

TÁBOA 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
AS NEVES	206	4,22
MONDARIZ	391	8,00
MONDARIZ-BALNEARIO	550	11,26
PONTEAREAS	2.659	54,42
SALVATERRA	1.080	22,10
TOTAL COMARCA	4.886	100,00
TOTAL PROVINCIA	281.952	1,73

Na comarca do Condado realizáronse 4.886 contratos de traballo, o que representa o 1,73% do total de contratos da provincia de Pontevedra. Segundo a distribución por concellos, é Ponteareas o que maior número de contratos presenta, o cal supón máis da metade da contratación -54,42%-. O segundo lugar ocúpao o concello de Salvaterra de Miño, co 22,10%, seguido de Mondariz-Balneario, co 11,26%. Se sumamos os contratos dos dous primeiros concellos, pódese apreciar como se concentran as tres cuartas partes deles

TÁBOA 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
AS NEVES	316	255	238	177	206	-19,30	-6,67	-25,63	16,38	-10,14
MONDARIZ	488	382	326	296	391	-21,72	-14,66	-9,20	32,09	-5,39
MONDARIZ-BALNEARIO	773	872	663	619	550	12,81	-23,97	-6,64	-11,15	-8,16
PONTEAREAS	2.359	2.470	2.507	2.583	2.659	4,71	1,50	3,03	2,94	3,04
SALVATERRA	787	888	840	962	1.080	12,83	-5,41	14,52	12,27	8,23
TOTAL COMARCA	4.723	4.867	4.574	4.637	4.886	3,05	-6,02	1,38	5,37	0,85
TOTAL PROVINCIA	268.994	284.771	269.975	277.433	281.952	5,87	-5,20	2,76	1,63	1,18

En cifras globais a contratación aumentou na comarca do Condado moderadamente no período de 1999 a 2003, amosando unha variación media do 0,85%, inferior á media provincial, que é do 1,18%. En todo o período apréciase unha tendencia ao aumento, se ben no ano 2001 sofre unha redución considerable, como demostra a variación interanual de -6,02%. A mesma tendencia obsérvase na provincia, onde se rexistra un decrecemento similar no tramo 2000-2001, -5,20%.

Pese a que o número de contratos medra en xeral, nos concellos das Neves, Mondariz e Mondariz-Balneario redúcese en relación co seu valor de 1999. O concello das Neves é o que máis diminúe, cunha variación media de -10,14%. Séguelle por orde Mondariz-Balneario, cunha variación media de -8,16%. En terceiro lugar está Mondariz, que pasa de 488 a 391 contratos, amosando unha variación media de -5,39%. A tendencia nestes casos é de descenso ata o ano 2002, presentando uns valores de recuperación no 2003 do 16,38% e 32,09% nas Neves e en Mondariz, respectivamente, a excepción de Mondariz-Balneario, que segue diminuindo.

Pola contra, só Ponteareas e Salvaterra logran aumentar o número de contratacións, experimentando esta última a variación media máis alta, co 8,23%. A excepción dun pequeno descenso nos anos 2000-2001 para Salvaterra de -5,41%, a tendencia nestes dous casos é a medrar de forma continuada.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	1.048	689	1.737	21,45	14,10	35,55
De 26 a 35 anos	922	701	1.623	18,87	14,35	33,22
De 36 a 45 anos	547	376	923	11,20	7,70	18,89
De 46 a 55 anos	335	144	479	6,86	2,95	9,80
Máis de 55 anos	105	19	124	2,15	0,39	2,54
TOTAL COMARCA	2.957	1.929	4.886	60,52	39,48	100,00
TOTAL PROVINCIA	160.314	121.638	281.952	56,86	43,14	100,00

TÁBOA 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

A medida que incrementamos o tramo de idade, a contratación vai diminuindo paralelamente. Nos dous primeiros tramos concéntranse máis do 65% dos contratos realizados. No tramo de 36 a 45 anos chégase case ao 20%, quedando case un 10% para o seguinte tramo; pechan a serie os maiores de 55 anos, que tan só rexistran o 2,54%.

Segundo a relación entre a comarca e a provincia, a primeira experimenta maior contratación de homes ca de mulleres, igual que na provincia, pero superando a media provincial no caso dos homes en 3,66 puntos.

Segundo a distribución por idade e sexo, o colectivo que máis predomina é o dos homes menores de 26 anos, que representan o 21,45% da porcentaxe total de contratos. Séguelle en orde de importancia numérica o seguinte tramo de idade, que alberga o 18,87% da contratación. Os seguintes valores máis altos preséntanos as mulleres, pero neste caso á inversa, dado que o colectivo de 26 a 35 anos ten maior porcentaxe que o anterior en idade - 14,35% sobre 14,10%-. Os menores valores en contratación acádanos os maiores de 55 anos, se ben no caso das mulleres a contratación realizada é mínima, mostrando só un valor do 0,39% -2,15% para os homes-.


	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	3.321	3.087	2.915	2.982	2.957	-7,05	-5,57	2,30	-0,84	-2,86
Mulleres	1.402	1.780	1.659	1.655	1.929	26,96	-6,80	-0,24	16,56	8,30
TOTAL CONTRATOS	4.723	4.867	4.574	4.637	4.886	3,05	-6,02	1,38	5,37	0,85

TÁBOA 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

Se temos en conta os contratos realizados na comarca do Condado, o número total destes para o período de 1999-2003 presenta unha variación media de 0,85%. Considerando o ano de arranque en relación co último, só se produce un incremento de 163 contratos. O ano que rexistra un maior valor en termos absolutos é o 2003, cunha variación interanual do 5,37%, aínda que no ano 2000 alcanzábase un valor absoluto moi próximo con tan só 19 contratos menos.

Segundo a distribución por sexos, o único colectivo que presenta un incremento de contratos é o das mulleres, aumentando este valor en relación co primeiro ano de referencia e experimentando unha variación media para o conxunto do período do 8,30%. Neste caso o valor máis alto acádase no ano 2003, con 1.929 contratos, seguido do ano 2000, con 1.780. No caso dos homes hai unha variación media negativa de -2,86%. O maior valor acádase en 1999; a partir de aquí hai unha redución continuada, exceptuando o pequeno incremento no ano 2002 -variación interanual de 2,30%-.

GRÁFICO 16: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.



Os valores de contratación dos homes duplican aos das mulleres, reducíndose as diferenzas a medida que pasan os anos. A redución máis significativa dáse dende 1999 ao 2003, pasando dunha diferenza a favor dos homes de 1.919 contratos a 1.028.

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA 99-03
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
Menor de 26 anos	1.835	1.934	1.724	1.632	1.737	5,40	-10,86	-5,34	6,43	-1,36
De 26 a 35 anos	1.499	1.563	1.565	1.478	1.623	4,27	0,13	-5,56	9,81	2,01
De 36 a 45 anos	849	811	753	924	923	-4,48	-7,15	22,71	-0,11	2,11
De 46 a 55 anos	377	400	369	444	479	6,10	-7,75	20,33	7,88	6,17
Máis de 55 anos	163	159	163	159	124	-2,45	2,52	-2,45	-22,01	-6,61
TOTAL CONTRATOS	4.723	4.867	4.574	4.637	4.886	3,05	-6,02	1,38	5,37	0,85

Onde se rexistran os maiores valores de contratación, nos tramos máis baixos de idade, experimentáanse unhas variacións medias máis baixas. No caso dos menores de 26 anos, prodúcese un retraemento na contratación, que amosa unha variación media para o período de -1,36%. Os dous tramos seguintes presentan un leve incremento, con variacións medias ao redor do 2% -2,01% o tramo de 26 a 35 anos e 2,11% o tramo de 36 a 45 anos-. O tramo de 46 a 55 anos presenta a variación media máis alta de todos os tramos de idade, 6,17. Pola contra, o seguinte tramo presenta a variación negativa máis baixa, -6,61%.

Se realizamos unha análise en conxunto de todos os tramos de idade e por ano, 2003 é o que presenta unha variación máis alta en relación co 2002, tal e como reflíte a variación interanual neses anos, que é a maior do conxunto, co 5,37%. No polo oposto, a maior redución prodúcese nos anos 2000-2001, onde se chega a recoller un valor negativo para a variación interanual de -6,02%.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos.

TÁBOA 23: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	315	6,45
Agricultura e pesca	315	6,45
SECTOR SECUNDARIO	805	16,48
Industria	799	16,35
Electricidade	6	0,12
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1.135	23,23
Construción	1.135	23,23
SECTOR SERVIZOS	2.631	53,85
Comercio e hostalería	959	19,63
Transporte e comunicacións	157	3,21
Outros servizos	1.515	31,01
TOTAL CONTRATOS	4.886	100,00

O sector que aglutina maior número de contratos é o dos servizos, con 2.631 contratos, o cal representa o 53,85% da contratación realizada. En segundo lugar aparece o sector da construción, con 1.135 contratos, o cal supón o 23,23%. Entre estes dous sectores xa se recollen máis das tres cuartas partes dos contratos realizados.

Por subsectores, o que rexistra o maior valor é o de outros servizos, co 31,01% do volume total de contratación. A continuación está o da construción, 23,23%, seguido do de comercio, 19,63%. Onde se acadan os valores máis baixos é en electricidade, co 0,12%, e en transporte e comunicacións, co 3,21%.

Dentro da distribución porcentual da contratación na industria, a actividade maioritaria é a da alimentación, que rexistra o 27%. A seguinte é a da metalurxia e fabricación de produtos metálicos (17%). Nun terceiro lugar está a da madeira (16%). Tamén cómpre sinalar que o 19% da contratación realizada na comarca concéntrase en outras industrias.




GRÁFICO 17: Distribución porcentual da contratación na Industria.

O maior volume de contratación no sector dos servizos dáse na actividade de servizos á comunidade, que aglutina o 31%. Séguelle en orde de importancia a hostalería, co 17%, e o comercio excepto automoción, co 16%. O resto repártese entre todas as actividades, entre as cales a de administracións públicas e actividades inmobiliarias e servizos empresariais ten as porcentaxes máis destacadas, co 11%.




GRÁFICO 18: Distribución porcentual da contratación nos servizos.

	SEXO		Menos de 26 anos	IDADE			
	Homes	Mulleres		De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	Máis de 55
SECTOR PRIMARIO	2,44	4,01	2,64	1,39	1,33	0,84	0,25
Agricultura e pesca	2,44	4,01	2,64	1,39	1,33	0,84	0,25
SECTOR SECUNDARIO	11,40	5,08	6,98	5,14	3,23	0,94	0,18
Industria	11,30	5,06	6,94	5,08	3,23	0,92	0,18
Electricidade	0,10	0,02	0,04	0,06	0,00	0,02	0,00
SECTOR CONSTRUCCIÓN	22,02	1,21	7,94	6,71	4,65	3,07	0,86
Construción	22,02	1,21	7,94	6,71	4,65	3,07	0,86
SECTOR SERVICIOS	24,66	29,19	17,99	19,98	9,68	4,95	1,25
Comercio e hostalería	7,80	11,83	8,10	7,14	2,99	1,11	0,29
Transporte e comunicacións	2,66	0,55	0,45	1,51	0,82	0,33	0,10
Outros servizos	14,20	16,80	9,44	11,32	5,87	3,52	0,86
TOTAL CONTRATOS	60,52	39,48	35,55	33,22	18,89	9,80	2,54

TÁBOA 24: Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.

O sector que maior volume de contratación presenta é o dos servizos, onde a maioría dos contratos realizados se lles fan ás mulleres -29,19%-. Séguelle en termos absolutos o colectivo dos homes no mesmo sector, co 24,66%. O terceiro maior valor rexístrase no sector da construción, onde case a totalidade da contratación recae no colectivo dos homes -22,02%-. En xeral, os homes predominan, e de maneira case absoluta, nos sectores da construción e secundario, en tanto que as mulleres teñen un papel máis destacado no sector primario e no de servizos, destacando as mulleres nas actividades de comercio e hostalería e mais en outros servizos e os homes no de transporte e comunicacións.

A medida que incrementamos o tramo de idade, imos decrecendo en volume de contratación; os menores de 26 anos son os que rexistran a porcentaxe máis alta de contratación, co 35,55%, e os de 56 e máis anos presentan a máis baixa, o 2,54%.

Segundo a distribución sectorial por idade, os tres maiores valores recóllense no sector de servizos e nos seus tres primeiros tramos de idade. O valor máis alto atópase no colectivo de 26 a 35 anos -19,98%-, seguido do colectivo anterior, co 17,99%; en terceiro lugar están os de 36 a 45 anos, co 9,68%. Por subsectores, a que presenta o valor máis elevado é a de outros servizos, co 11,32% no tramos de 26 a 35 anos, e no tramo de menos de 26 anos co 9,44%. Séguelle o mesmo colectivo -menores de 26 anos- para o comercio e hostalería, co 8,10%.

TÁBOA 25: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %			VARIAC. MEDIA	
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
SECTOR PRIMARIO	87	63	177	205	315	-27,59	180,95	15,82	53,66	37,94
Agricultura e pesca	87	63	177	205	315	-27,59	180,95	15,82	53,66	37,94
SECTOR SECUNDARIO	910	966	909	738	805	6,15	-5,90	-18,81	9,08	-3,02
Industria	908	963	899	730	799	6,06	-6,65	-18,80	9,45	-3,15
Electricidade	2	3	10	8	6	50,00	233,33	-20,00	-25,00	31,61
S. CONSTRUCCIÓN	1.136	1.198	971	1.222	1.135	5,46	-18,95	25,85	-7,12	-0,02
Construción	1.136	1.198	971	1.222	1.135	5,46	-18,95	25,85	-7,12	-0,02
SECTOR SERVICIOS	2.590	2.640	2.517	2.418	2.631	1,93	-4,66	-3,93	8,81	0,39
Comercio e hostalería	799	815	855	833	959	2,00	4,91	-2,57	15,13	4,67
Transporte e comunicacións	168	162	159	153	157	-3,57	-1,85	-3,77	2,61	-1,68
Outros servizos	1.623	1.663	1.503	1.432	1.515	2,46	-9,62	-4,72	5,80	-1,71
TOTAL CONTRATOS	4.723	4.867	4.574	4.637	4.886	3,05	-6,02	1,38	5,37	0,85

O incremento mínimo do número de contratos é a característica que reflite a táboa no seu conxunto. Pese a ter o número de contratos máis baixo, o sector que experimenta a variación media máis alta para o conxunto do período de referencia é o sector primario, que presenta un valor do 37,94%. O sector servizos rexistra un aumento moi pequeno, e o sector secundario sofre unha redución, (variación media do -3,02%).

Case todos os subsectores decrecen, a excepción do de electricidade, que aumenta moito, aínda que se temos en conta o número de contratos non é significativo, xa que pasa de ter 2 contratos no ano 1999 a 6 no ano 2003. O outro subsector que presenta unha variación á alza é o do comercio e hostalería, co 4,67% de variación media.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

Na comarca do Condado a tendencia predominante na contratación é a da temporalidade, albergando nas súas dúas fórmulas de contratación, a tempo completo e a tempo parcial, o 86%. O 5% dos contratos efectúanse como indefinidos, o 4% como de prácticas/formación, e outro 5% como modalidades residuais.




GRÁFICO 19: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	2,15	1,49	0,98	1,23	0,57	0,61	0,25
Indefinido tempo parcial	0,20	1,21	0,37	0,55	0,35	0,14	0,00
Temporal	45,48	22,94	23,07	23,17	13,73	6,59	1,86
Temporal tempo parcial	5,36	12,22	6,84	6,53	3,01	1,08	0,12
Prácticas/Formación	2,70	1,33	3,62	0,33	0,08	0,00	0,00
Outros	4,63	0,29	0,68	1,41	1,15	1,37	0,31
TOTAL CONTRATOS	60,52	39,48	35,55	33,22	18,89	9,80	2,54

TÁBOA 26: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

A fórmula de contratación máis utilizada é a temporal, tanto para os homes coma para as mulleres -45,48% temporal a tempo completo e 5,36% a tempo parcial para os homes, e 22,94% e 12,22%, respectivamente, para as mulleres-. No caso dos homes, a seguinte fórmula máis utilizada é a de prácticas ou formación, exceptuando a variable residual de outros, co 2,70%. No caso das mulleres, pola contra, a seguinte modalidade utilizada é a indefinida, co 1,49%.

Segundo a distribución por idade, o tramo de maior contratación -menor de 26 anos, co 35,55%- ten o seu valor máis alto nos contratos temporais a tempo completo, co 23,07%, seguidos dos temporais, co 6,84%. No seguinte tramo, o segundo en contratación co 33,22%, observamos o valor máis alto tamén nos temporais, que presenta o valor máis alto de todo o conxunto co 23,17, seguido co 6,53% nos temporais a tempo parcial. Nos dous seguintes tramos vólvese a repetir esta mesma situación.

Noutra banda onde rexistramos o maior valor para os contratos indefinidos é no tramo de idade de 26 a 35 anos, curiosamente 1,23% para contratos indefinidos a tempo completo e 0,55% para indefinidos a tempo parcial.

	PRIMARIO	SECUNDARIO			CONSTRUCCIÓN		SERVIZOS		
	Agr., Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	Total
Indefinido	0,02	0,63	0,04	0,68	0,86	1,29	0,14	0,65	2,09
Indefinido tempo parcial	0,04	0,08	0,00	0,08	0,06	0,59	0,04	0,59	1,23
Temporal	6,14	13,00	0,06	13,06	19,91	8,64	2,74	17,93	29,31
Temporal tempo parcial	0,18	1,53	0,00	1,53	1,33	8,00	0,23	6,30	14,53
Prácticas/Formación	0,04	1,04	0,02	1,06	1,04	1,11	0,06	0,72	1,88
Outros	0,02	0,06	0,00	0,06	0,02	0,00	0,00	4,81	4,81
TOTAL CONTRATOS	6,45	16,35	0,12	16,48	23,23	19,63	3,21	31,01	53,85

TÁBOA 27: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

Segundo a distribución por sectores económicos, as modalidades de contratación temporal a tempo completo e a tempo parcial son as que acadan de novo os maiores valores en todos os sectores. O maior número de contratos indefinidos a tempo completo e a tempo parcial rexístranse no sector dos servizos -2,09% e 1,23% respectivamente-, seguido do sector da construción para os indefinidos -0,86%-. No caso dos contratos en prácticas ou formación, o maior valor tamén se recolle no sector servizos, co 1,88% da contratación, seguido do sector secundario, co 1,06%.

TÁBOA 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	393	327	419	337	178	-16,79	28,13	-19,57	-47,18	-17,96
Indefinido tempo parcial	25	52	39	95	69	108,00	-25,00	143,59	-27,37	28,89
Temporal	3.205	3.333	2.821	2.963	3.343	3,99	-15,36	5,03	12,82	1,06
Temporal tempo parcial	679	722	788	812	859	6,33	9,14	3,05	5,79	6,05
Prácticas/Formación	215	221	215	208	197	2,79	-2,71	-3,26	-5,29	-2,16
Outros	206	212	292	222	240	2,91	37,74	-23,97	8,11	3,89
TOTAL CONTRATOS	4.723	4.867	4.574	4.637	4.886	3,05	-6,02	1,38	5,37	0,85

Tras observar os datos reflectidos na táboa, podemos apreciar como a forma de contratación máis utilizada, a temporal a tempo completo, mantén uns valores lixeiramente superiores aos do ano de inicio -3.205 contratos en 1999 e 3.343 no 2003-, presentando unha variación media para o período do 1,06%. A fórmula temporal a tempo parcial incrementa o seu peso, pasando de ter 679 contratos en 1999 a 859 no 2003, resultando unha variación media do 6,05%.

Por outra banda, a redución máis drástica témola nos contratos indefinidos, cunha variación media negativa de -17,96%. Porén, na forma de contratación indefinida a tempo parcial o crecemento é de 28,89%, o que supón a variación media máis alta para o conxunto do período en todas as modalidades de contratación.

A contratación en prácticas ou formación redúcese sensiblemente, pasando de 215 contratos en 1999 a 197 no 2003, variación media de -2,16%.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	TOTAL CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	14	0,29
HOMES	12	0,25
MULLERES	2	0,04
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	360	7,37
HOMES	272	5,57
MULLERES	88	1,80
3. Técnicos e profesionais de apoio	204	4,18
HOMES	84	1,72
MULLERES	120	2,46
4. Empregados de tipo administrativo	325	6,65
HOMES	83	1,70
MULLERES	242	4,95
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	930	19,03
HOMES	297	6,08
MULLERES	633	12,96
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	201	4,11
HOMES	64	1,31
MULLERES	137	2,80
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	915	18,73
HOMES	848	17,36
MULLERES	67	1,37
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	411	8,41
HOMES	325	6,65
MULLERES	86	1,76
9. Traballadores non cualificados	1.526	31,23
HOMES	972	19,89
MULLERES	554	11,34
TOTAL CONTRATOS	4.886	100,00
TOTAL HOMES	2.957	60,52
TOTAL MULLERES	1.929	39,48

TÁBOA 29: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

Tendo en conta a exposición da táboa anterior sobre a distribución da contratación en grandes grupos de ocupación, podemos dicir que case o 70% da contratación se recolle en tres grandes grupos:

- Traballadores non cualificados, 31,23%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, 19,03%.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería, 18,73%.

Fixándose na distribución por sexos, podemos dicir que predominan o número de contratos de homes, se ben as mulleres dominan en catro das ocupacións sinaladas na táboa:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, 12,96%.
- Empregados de tipo administrativo, 4,95%.
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca, 2,8%.
- Técnicos e profesionais de apoio, 2,46%.

Tendo en conta os grupos que presentan maior evolución en todo o período de referencia, obsérvase que son os traballadores cualificados en agricultura e pesca -variación media do 33,12%-, seguidos moi de lonxe polos técnicos e profesionais de apoio, cunha variación de 11,08%. Nestes dous colectivos tamén se producen as maiores variacións medias para o colectivo das mulleres -37,06% para os técnicos e profesionais de apoio e 35,2% para as traballadoras cualificadas de agricultura e pesca-.

No caso dos homes, as ocupacións que maior variación presentan son as do grupo de traballadores cualificados na agricultura e pesca -variación media do 29,16%-, seguido moi de lonxe polos operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, co 2,02% de variación media.

En función do volume de contratación e a conseguinte distribución por sexos, podemos delimitar o seguinte cadro, onde se expoñen as principais ocupacións por sexo:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados -19,89%-. • Artesáns, traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería -17,36%-. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores -6,65%-. • Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -6,08%-.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -12,96%-. • Traballadoras non cualificadas -11,34%-. • Empregadas de tipo administrativo -4,95%-. • Traballadoras cualificadas na agricultura e pesca -2,8%-.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas.

TABOA 30: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO MASCUL. ¹
		N.º	%	N.º	%	N.º	%	
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	646	13,22	463	15,66	183	9,49	71,67
71100016	Albanel	426	8,72	418	14,14	8	0,41	98,12
50200018	Camareiro, en xeral	375	7,67	157	5,31	218	11,30	41,87
96020014	Peón da construción de edificios	374	7,65	364	12,31	10	0,52	97,33
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	234	4,79	13	0,44	221	11,46	5,56
25130104	Músico instrumentista, en xeral	231	4,73	217	7,34	14	0,73	93,94
42100010	Empregado administrativo, en xeral	211	4,32	58	1,96	153	7,93	27,49
60210168	Traballador agrícola da vide	190	3,89	57	1,93	133	6,89	30,00
53300010	Dependente de comercio, en xeral	184	3,77	30	1,01	154	7,98	16,30
86300016	Condutor de camión, en xeral	164	3,36	159	5,38	5	0,26	96,95
TOTAL		3.035	62,12	1.936	65,47	1.099	56,97	63,79

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

Do total de contratos realizados na comarca do Condado -4.886 no ano 2003-, 3.035 deles agrúpanse en torno ás dez ocupacións máis demandadas, o cal supón o 62,12% da contratación. Destas dez ocupacións máis demandadas, a que maior número de contratos rexistra é a de peón da industria manufactureira, en xeral, co 13,22%, seguida pola de albanel, 8,72%.

Das dez ocupacións sinaladas, cinco presentan maior contratación para homes, cunhas porcentaxes da ratio de masculinidade máis altas (o 70%); son estas:

- Albanel -98,12%-.
- Peón da construción de edificios -97,33%-.
- Condutor de camión -96,95%-.
- Músico instrumentista, en xeral -93,94%-.
- Peón da industria manufactureira, en xeral -71,67%-.

As ocupacións que presentan unha maior contratación para mulleres -ratio de masculinidade por baixo ou igual ao 30%- son:

- Muller/mozo de limpeza, limpador en xeral -5,56%-.
- Dependenta de comercio -16,30%-.
- Empregada administrativo -27,49%-.
- Traballadora agrícola da vide -30%-.

En conxunto, despois de analizar a táboa, vemos que predomina a contratación masculina, cunha determinada dirección cara a certas ocupacións, e tamén que o ratio de masculinidade é do 63,79% nas dez ocupacións máis contratadas.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	776	776	894	736	646
71100016	Albanel	497	477	413	438	426
50200018	Camareiro, en xeral	547	451	398	391	375
96020014	Peón da construción de edificios	247	268	266	348	374
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	201	276	219	186	234
25130104	Músico instrumentista, en xeral	205	184	202	240	231
42100010	Empregado administrativo, en xeral	220	239	216	252	211
60210168	Traballador agrícola da vide	46	117	1	17	190
53300010	Dependente de comercio, en xeral	181	224	183	177	184
86300016	Condutor de camión, en xeral	150	165	192	179	164
50100017	COCIÑEIRO, EN XERAL	84	126	110	83	117
71300018	CARPINTEIRO, EN XERAL.	100	83	86	101	56

TÁBOA 31: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.


Dentro das ocupacións que presentan mellor evolución -cunha variación media positiva- de contratos no período estarían:

- Traballador agrícola da vide, 42,56%.
- Peón da construción de edificios, 10,93%.

Pola contra, os que maiores descenso presentan son as de:

- Camareiro, -9,01%.
- Peón da industria manufactureira, -4,48%.

Polo que respecta á lista, hai que sinalar que desapareceron dela as ocupacións de cociñeiro -que perde presenza a partir do ano 2000- e a de carpinteiro -que despois de entrar no 2002 volve a saír este último ano-.



Comarca do Deza



5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

A comarca do Deza destaca pola forte concentración de empresas no sector servizos, que supón máis da metade do conxunto -59,9%-; séguelle en orde de importancia o sector da construción e o secundario -cunha maior presenza de industria-. Dentro do sector servizos é o subsector de comercio e hostalería o que ten unha maior importancia cuantitativa, seguido polo de outros servizos.

En cambio, o sector primario ten un maior número de traballadores, o que dá como resultado unha media elevada destes últimos por empresa -65,8 traballadores-. O sector servizos sitúase a continuación, destacando o subsector de comercio e hostalería e o de outros servizos.

Polo que respecta aos autónomos, é moi notable o seu número no sector servizos -60,67%- destacando o subsector de comercio e hostalería. A unha distancia notable sitúase o sector da construción, cunha porcentaxe do 21,1%.-


5.1.2. Evolución anual

A información que se presenta a continuación recolle de maneira gráfica a evolución producida no número de empresas, traballadores e autónomos no período comprendido entre 1999 e 2003.

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	149	169	192	162	56
Agricultura e pesca	149	169	192	162	56
SECTOR SECUNDARIO	261	260	257	256	262
Industria	255	254	253	252	258
Electricidade	6	6	4	4	4
SECTOR CONSTRUCCIÓN	278	290	309	329	346
Construción	278	290	309	329	346
SECTOR SERVIZOS	841	857	903	948	992
Comercio e hostalería	496	490	507	526	522
Transporte e comunicacións	88	87	86	97	112
Outros servizos	257	280	310	325	358
TOTAL	1.529	1.576	1.661	1.695	1.656

TÁBOA 1: Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.



No gráfico 1 e na táboa 2 aprécia-se unha redución importante do número de empresas no sector primario para este período, sobre todo nestes dous últimos anos, pasando dun incremento do 13,61% entre os anos 2000 a 2001 a un decrecemento moi importante do 65,43% para o período do 2002 ao 2003.

Por outra parte, obsérvase unha tendencia estable nos sectores secundario e da construción, se ben neste

último hai unha certa inclinación alcista.

No tocante ao sector servizos, tamén hai unha tendencia ao crecemento, destacando a importancia do subsector de outros servizos -entre os anos 2002 e 2003 prodúcese un incremento do número de empresas do 10,15%-.


TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	3.321	3.539	3.692	3.671	3.682
Agricultura e pesca	3.321	3.539	3.692	3.671	3.682
SECTOR SECUNDARIO	2.265	2.482	2.595	2.692	2.822
Industria	2.242	2.460	2.578	2.675	2.799
Electricidade	23	22	17	17	23
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1.343	1.575	2.027	2.155	1.951
Construción	1.343	1.575	2.027	2.155	1.951
SECTOR SERVICIOS	2.507	2.680	2.988	3.214	3.544
Comercio e hostalería	1.115	1.264	1.451	1.594	1.728
Transporte e comunicacións	296	289	308	321	347
Outros servizos	1.096	1.127	1.229	1.299	1.469
TOTAL	9.436	10.276	11.302	11.732	11.999

Un crecemento leve pero sostido é o que caracteriza ao sector secundario e ao de servizos en canto á evolución do número de traballadores para o período 1999-2003, observándose un crecemento relativo maior no último sector -para o tramo 2002-2003 o seu crecemento é do 10,27%, 4,83% para o sector secundario-. Ademais, non se aprecian diferenzas significativas nos niveis de crecemento entre os diferentes subsectores integrados no sector servizos.

Pola contra, no sector da construción hai un decrecemento no tramo comprendido entre 2002 e 2003 de 9,47 puntos menos, o que contrasta co aumento ocorrido entre os anos 2000-2001 -28,7%-.

GRÁFICO 2: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.



No que respecta ao sector primario, hai unha tendencia a manter o seu número de traballadores, con leves oscilacións entre os diferentes tramos, tendo o crecemento máis pronunciado neste período entre os anos 1999 e 2000 -6,56%-.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	68	82	92	119	141
Agricultura e pesca	68	82	92	119	141
SECTOR SECUNDARIO	248	267	310	308	328
Industria	246	265	308	306	326
Electricidade	2	2	2	2	2
SECTOR CONSTRUCCIÓN	357	388	436	483	543
Construcción	357	388	436	483	543
SECTOR SERVICIOS	1.161	1.265	1.390	1.508	1.561
Comercio e hostalería	792	864	953	1.029	1.058
Transporte e comunicacións	162	172	190	211	211
Outros servizos	207	229	247	268	292
TOTAL	1.834	2.002	2.228	2.418	2.573

TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

O primeiro que cómpre destacar da evolución do número de autónomos é o seu crecemento continuo para todos os sectores durante o período 1999-2003. A única excepción prodúcese no sector secundario para o tramo comprendido entre 2001 e 2002, onde o decrecemento é tan só dun 0,65%.

Porén os ritmos de crecemento son diversos; así, o crecemento máis forte no sector primario prodúcese entre os anos 2001 e 2002 -29,35%-; para os sectores secundario e servizos prodúcese no tramo 2000-2001 -16,1% e 9,88%, respectivamente-, en tanto que no sector da construción destaca levemente o período comprendido entre 2002 e 2003 -12,42%-.

As variacións só se perciben no subsector de industria no que se refire ao sector secundario; no sector servizos hai unha maior variación do subsector outros servizos, que aumenta para o período 1999-2003 nun 41,06%; para comercio e hostalería e mais para transporte e comunicacións é menor -33,58% e 30,24%, respectivamente-.




GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Agolada	46	28	74
Dozón	30	19	49
Lalín	638	411	1.049
Rodeiro	80	56	136
Silleda	212	167	379
Vila de Cruces	199	79	278
TOTAL	1.205	760	1.965


% comarca/provincia - PARADOS 2,14

% comarca/provincia - NON PARADOS 2,69

O concello de Lalín destaca de maneira notable sobre o resto dos concellos integrados no conxunto da comarca do Deza en relación co número de demandantes. Así, concentra o 53,38% do total, seguido a notable distancia por Silleda e Vila de Cruces -19,28% e 14,14%, respectivamente-. O 13,18% do total de demandantes restantes distribúese entre os concellos de Rodeiro, Agolada e Dozón.

Desde outro punto de vista, tenden a predominar os demandantes parados sobre os non parados; os primeiros representan o 61,32% do total e os segundos o 38,68%. A prevalencia dos demandantes parados sobre os non parados reproducése para o conxunto de concellos.

GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.



Ademais, insinúase un peso relativo levemente maior dos demandantes comarcais non parados no conxunto da provincia de Pontevedra que o dos parados.

A importancia do concello de Lalín no conxunto de demandantes visualízase claramente no gráfico 4.

5.2.2. Evolución dos demandantes parados

Para o conxunto dos demandantes en paro obsérvanse oscilacións na súa evolución para os anos comprendidos entre 1999 e 2003. Hai unha tendencia ao decrecemento entre o ano 2000 e 2001, en tanto que medra no intervalo temporal posterior, tendendo na actualidade a consolidarse.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	1.331	1.341	1.081	1.222	1.205
VARIACIÓN INTERANUAL %		0,75	-19,39	13,04	-1,39
COMARCA/TOTAL PROVINCIA %	2,64	2,69	2,20	2,30	2,14

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

A perda de peso relativo da comarca en relación coa provincia convértese nun indicador significativo para observar a diminución sinalada con anterioridade. A flutuación entre os diversos anos recóllese dunha forma expresiva no gráfico 5.




GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	288	14,66	11,42
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	917	46,67	54,86
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	153	7,79	3,82
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	279	14,20	12,34
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	109	5,55	5,80
	En expediente de regulación de emprego	2	0,10	1,28
	Demandantes de mellora de emprego	174	8,85	7,00
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	37	1,88	2,89
	Resto de demandantes	6	0,31	0,60
TOTAL		1.965	100,00	100,00

TÁBOA 6: Situación laboral dos demandantes

En primeiro lugar hai que sinalar a prevalencia dos parados con emprego anterior -46,67%-, que é tamén a máis común entre os ocupados -14,2%-. Así mesmo, un de cada cinco demandantes son de primeiro emprego.

En segundo lugar, da comparación co ámbito provincial, os parados con emprego anterior acadan unha cifra máis modesta no ámbito comarcal -8,2 puntos menos-, destacando en maior medida os demandantes, parados ou non, de primeiro emprego -22,45% fronte ao 15,24% provincial-.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	104	154	8,63	12,78	21,41	19,33
26 a 35 anos	120	234	9,96	19,42	29,38	30,92
36 a 45 anos	75	169	6,22	14,02	20,25	21,51
46 a 55 anos	98	82	8,13	6,80	14,94	17,42
56 e máis anos	116	53	9,63	4,40	14,02	10,83
TOTAL COMARCA	513	692	42,57	57,43	100,00	2,14
TOTAL PROVINCIA	21.790	34.575	38,66	61,34	2,14	100,00

A distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade na comarca do Deza presenta certas diferenzas en comparación cos datos no ámbito provincial. Os parados incluídos no segmento de idade entre os 46 e 55 anos é levemente inferior en comparación coa provincia -14,94% fronte ao 17,42%-, inverténdose esta situación para o intervalo de máis de 55 anos -14,02% e 10,83%-.

En canto á distribución por sexo, aínda que tamén é maior o colectivo de mulleres paradas -case 15 puntos porcentuais de diferenza con respecto aos homes-, no ámbito comarcal a porcentaxe é levemente inferior -57,43%, 61,34% na provincia de Pontevedra-.

No ámbito comarcal hai que sinalar a maior presenza masculina nos segmentos de idade máis altos -un 17,76% dos homes parados teñen máis de 46 anos, 11,2% nas mulleres-; con todo, a presenza relativa das mulleres é moito máis alta no segmento comprendido entre os 26 e 45 anos, 33,44%, mentres que nos homes é do 16,18%.

TÁBOA 7.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	58	84	7,63	11,05	18,68	19,01
26 a 35 anos	74	155	9,74	20,39	30,13	28,25
36 a 45 anos	43	114	5,66	15,00	20,66	21,24
46 a 55 anos	54	56	7,11	7,37	14,47	18,04
56 e máis anos	80	42	10,53	5,53	16,05	13,47
TOTAL COMARCA	309	451	40,66	59,34	100,00	2,65
TOTAL PROVINCIA	10.780	17.899	37,59	62,41	2,65	100,00

A comparación do ámbito comarcal e provincial no referente á distribución dos demandantes non parados reflite unha situación análoga á comentada con anterioridade. Así, existe unha proporción levemente superior no ámbito provincial de non parados no intervalo de idade comprendido entre 46 e 55 anos -case 4 puntos porcentuais máis-, dándose a situación inversa no seguinte tramo. Tamén hai unha menor presenza das mulleres entre os non parados en comparación cos valores relativos da provincia.

A forte presenza das mulleres nos tramos comprendidos entre os 26 e 45 anos vólvese a producir para o colectivo de non parados -35,39% fronte ao 15,40% de homes-, mentres que hai maior presenza masculina nos tramos altos de idade, sobre todo entre os demandantes maiores de 55 anos -cinco puntos porcentuais de diferenza-.

Tanto o colectivo de parados como o de non parados teñen un maior peso relativo no segmento de idade comprendido entre os 26 e 35 anos. Pola contra, os valores relativos menores para os parados acádanse entre os que contan con máis de 55 anos, en tanto que para os non parados son os do intervalo de 46 a 55 anos.




GRÁFICO 6: Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.

No gráfico 7 obsérvase que a presenza feminina é predominante tanto na categoría de parados como na de non parados. Porén, en termos relativos, o colectivo de demandantes parados é maioritario en ambos os dous sexos.




GRÁFICO 7: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	389	32,28	30,37
Titulación de ensinanza obrigatoria	444	36,85	39,89
Formación profesional	93	7,72	6,19
BUP/Bacharelato superior/COU	142	11,78	11,93
Titulados universitarios	118	9,79	9,08
Outras titulacións	19	1,58	2,54
TOTAL	1.205	100,00	100,00

TÁBOA 8.1: Distribución dos demandantes parados por nivel académico.

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

Un dos primeiros aspectos que se deben sinalar é a simetría que se observa nos datos relativos á distribución de demandantes parados entre a comarca do Deza e os da provincia de Pontevedra. Hai que destacar que a maioría teñen ensino obrigatorio ou non chegaron a rematar este nivel de estudos -69,13% no Deza, 70,26% na provincia-.

A unha distancia notable sitúanse os demandantes que teñen estudos de bacharelato ou universitarios -11,78% e 9,79%, respectivamente-.

Unha situación semellante reflítese en relación co nivel de estudos dos non parados. A proporción máis alta sitúase entre os que contan con estudos obrigatorios, seguido de preto polos que non acadan este nivel de estudos -37,5% e 31,58%, respectivamente-. Os que contan con estudos de bacharelato e universitarios sitúanse a unha gran distancia.

TÁBOA 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	240	31,58	32,64
Titulación de ensinanza obrigatoria	285	37,50	35,31
Formación profesional	68	8,95	6,04
BUP/Bacharelato superior/COU	87	11,45	13,79
Titulados universitarios	70	9,21	10,49
Outras titulacións	10	1,32	1,73
TOTAL	760	100,00	100,00

O paralelismo na distribución dos datos entre a comarca e a provincia é manifesto; apenas se observa unha leve diferenza de dous puntos porcentuais no referente aos non parados con estudos de bacharelato e aos que contan co certificado de ensinanza obrigatoria ou formación profesional.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	7,22	1,08	0,33	8,63
	Mulleres	6,64	3,98	2,16	12,78
26 a 35 anos	Homes	7,14	1,58	1,24	9,96
	Mulleres	9,29	4,81	5,31	19,42
36 a 45 anos	Homes	4,56	0,83	0,83	6,22
	Mulleres	5,31	2,16	6,56	14,02
46 a 55 anos	Homes	3,98	0,83	3,32	8,13
	Mulleres	2,24	0,66	3,90	6,80
Máis de 55 anos	Homes	2,66	1,58	5,39	9,63
	Mulleres	0,75	0,50	3,15	4,40
TOTAL COMARCA		49,79	18,01	32,20	100,00
TOTAL PROVINCIA		52,82	14,49	32,69	100,00

A maior parte dos demandantes parados do Deza levan menos de 6 meses en busca de emprego -49,79%-, en tanto que os parados de longa duración sitúanse a 17,5 puntos porcentuais de distancia.

A distribución dos valores segundo os diferentes tramos de idade e sexo seguen esta tendencia, agás no caso das mulleres de máis de 36 anos e os homes de máis de 55, debido a que a súa situación caracterízase en maior medida por seren paradas de longa duración.

Da comparativa co nivel provincial, pódese deducir unha leve diferenza entre os parados de menos de 6 meses -3 puntos maior na provincia- e os que se atopan nesta situación nun período comprendido entre os 6 meses e 1 anos -3,5 puntos maior na comarca-.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

TÁBOA 10: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	36	2,99	3,16	18	2,37	3,66
Sector secundario	200	16,60	19,25	103	13,55	18,72
Construción	176	14,61	9,92	86	11,32	7,12
Sector servizos	509	42,24	50,62	382	50,26	55,04
Sen actividade previa	284	23,57	17,04	171	22,50	15,46
TOTAL	1.205	100,00	100,00	760	100,00	100,00

A parte máis importante dos demandantes parados procede do sector servizos -42,24%-, seguidos a certa distancia polos que non realizaran ningún tipo de actividade -23,57%-. Con porcentaxes similares están os sectores secundario e o da construción.

No referente aos demandantes ocupados, volve a concentrarse a maior parte no sector servizos -50,26%-, sendo menor a porcentaxe dos que se sitúan nos sectores secundario e da construción. Por outra parte, os demandantes ocupados que non tiñan actividade previa ascende a un 22,5%.

Establecendo un baremo comparativo co nivel provincial, o máis salientable é a menor proporción de demandantes, tanto parados como ocupados, no sector servizos da comarca do Deza -8,4 puntos menos entre os parados, 4,8 entre os ocupados-. Pola contra, é maior a porcentaxe entre os que non exercían actividade previa -6,5 puntos máis nos parados e 7 puntos entre os ocupados-. Tamén é sinalable, sobre todo entre os ocupados, a maior proporción no ámbito provincial dos procedentes do sector secundario, situación inversa á que se produce no sector da construción.

Nesta comarca destacan os parados que proceden da industria téxtil e da confección -36%-; a porcentaxe dos derivados de alimentación e de outras industrias é notablemente menor -18% e 17%, respectivamente-.




GRÁFICO 8: Demandantes parados na industria.

Dentro dos servizos, cobran unha maior importancia cuantitativa os parados procedentes do sector das actividades do comercio e das administracións públicas, sumando entre os dous o 40% deste colectivo. Tamén é destacable a presenza deste tipo de demandantes nas actividades inmobiliarias e servizos ás empresas, na hostalería e nos servizos á comunidade.




GRÁFICO 9: Demandantes parados nos servizos.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Empregado administrativo, en xeral	187	9,52	8,97
Dependente de comercio, en xeral	183	9,31	9,31
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	108	5,50	7,08
Albanel	87	4,43	2,15
Camareiro, en xeral	68	3,46	3,12
Cociñeiro, en xeral	50	2,54	1,79
Peón da construción de edificios	43	2,19	1,75
Modista/o	43	2,19	1,04
Peón da ind. manufactureira, en xeral	37	1,88	1,02
Técnico administrativo, en xeral	36	1,83	0,89

TÁBOA 11: Ocupacións máis demandadas.

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Título de ensinanza obrigatoria	Título de ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Empregado administrativo	Dependente de comercio

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

Na comarca do Deza recóllense 1.170 ofertas, o que representa un 3,56% do total de ofertas de toda a provincia.

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Agolada	14	1,20
Silleda	87	7,44
Vila de Cruces	23	1,97
Dozón	25	2,14
Lalín	1.006	85,98
Rodeiro	15	1,28
TOTAL COMARCA	1.170	100,00

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

Total ofertas provincia:	32.805
Comarca/Provincia:	3,56%

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Vila de Cruces	3	25	35	20	23	733,33	40,00	-42,86	15,00	66,40
Silleda	38	55	110	97	87	44,74	100,00	-11,82	-10,31	23,01
Rodeiro	8	1	2	17	15	-87,50	100,00	750,00	-11,76	17,02
Dozón	0	2	7	8	25		250,00	14,29	212,50	
Agolada	0	10	11	37	14		10,00	236,36	-62,16	
Lalín	1.104	1.270	1.566	1.071	1.006	15,04	23,31	-31,61	-6,07	-2,30
TOTAL COMARCA	1.153	1.363	1.731	1.250	1.170	18,21	27,00	-27,79	-6,40	0,37
TOTAL PROVINCIA	22.277	29.137	32.188	35.951	32.805	30,79	10,47	11,69	-8,75	10,16


TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

A evolución do conxunto da comarca vai vir marcada pola evolución do concello de Lalín, dado o seu importante peso específico. Así, hai unha simetría case idéntica na evolución das ofertas cunha suba constante durante o período comprendido entre o ano 1999 e 2001 –cun aumento do 27% entre 2000 e 2001–, producíndose un descenso no seguinte bienio, máis pronunciado no 2001-2002 (-27,79%). De feito, seguindo como indicador a variación media para este período, o concello de Lalín descende moi levemente, ao ter como valor un -2,30%, en tanto que este valor apenas presenta variación no ámbito comarcal, pois é do 0,37%.

Dado o reducido número de ofertas xestionadas noutras localidades, as variacións interanuais oscilan notablemente duns anos para outros, se ben habería que sinalar o crecemento en números absolutos do concello de Vila de Cruces a este respecto, cunha variación media do 66,4%.

En relación coa provincia de Pontevedra, a comarca do Deza presenta diverxencias nos seus ritmos de crecemento debido a que este se detén no ano 2001, en tanto que no ámbito provincial empeza a tomar valores negativos a partir de 2002. Por outra parte, o crecemento é maior entre os anos 1999-2000 para a provincia -30,79%–, mentres que na comarca concéntrase maiormente no período 2000-2001 -27%–.

GRÁFICO 10: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.



Tomando como conxunto o resto de localidades para comparar a súa evolución coa do concello de Lalín, pódese observar un leve crecemento destas ata o ano 2001, que tende a estabilizarse ata o ano 2003. Pola contra, o crecemento de Lalín ata o ano 2001 é máis acusado, descendendo progresivamente a partir deste ano.

5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica.

TABOA 15: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Vila de Cruces	2	10,53	5	1,93	3	0,80	13	2,52
Silleda	1	5,26	17	6,56	38	10,11	31	6,01
Rodeiro	0		1	0,39	11	2,93	3	0,58
Dozón	3	15,79	4	1,54	14	3,72	4	0,78
Agolada	1	5,26	6	2,32	2	0,53	5	0,97
Lalín	12	63,16	226	87,26	308	81,91	460	89,15
TOTAL COMARCA	19	100,00	259	100,00	376	100,00	516	100,00
TOTAL PROVINCIA	369		3.563		6.015		22.853	

A procedencia das ofertas segundo o sector económico amosa a maior presenza dos servizos na comarca -cun total de 516 ofertas, un 44% do total-. Esta situación visualízase tamén para o concello de Lalín -o 45,72% das ofertas deste concello concéntrase en servizos-, seguido polo sector da construción -30,61% fronte ao 32% na comarca-. Neste sentido, séguese a tendencia subliñada no ámbito provincial. Non obstante, para os concellos de Silleda, Rodeiro e Dozón, teñen maior presenza as ofertas procedentes da construción.






GRÁFICO 12: Distribución porcentual das ofertas na industria.



Aproximadamente 4 de cada 10 ofertas que proceden do subsector industrial están referidas a establecementos de metalurxia, en tanto que un 26% se vinculan a industrias de alimentación.

GRÁFICO 13: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



A forte presenza das ofertas procedentes das administracións públicas -43%- é a nota máis característica da análise dos servizos, situándose a unha notable distancia as ofertas vinculadas a actividades do comercio -15%- e a actividades inmobiliarias e servizos empresariais -10%-.

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	9	12	24	32	19
Secundario	240	350	406	265	259
Construcción	320	364	372	321	376
Servizos	584	637	929	631	516
Sen actividade	0	0	0	1	0
TOTAL COMARCA	1.153	1.363	1.731	1.250	1.170
TOTAL PROVINCIA	22.277	29.137	32.188	35.951	32.805

TÁBOA 16: Evolución das ofertas por sectores económicos.

Na evolución das ofertas segundo os sectores, hai un paralelismo na evolución dos sectores secundario e servizos, debido a que tenden a medrar ata o ano 2001, para descender a partir deste ano, se ben dunha maneira máis acusada no secundario. Pola contra, no sector da construción hai oscilación entre os diferentes anos; medra notablemente entre os anos 1999 e 2001, descende no seguinte bienio e volve a medrar para o tramo 2002-2003.

Tomando como referencia do período a variación media, destaca notablemente -20,54%- o crecemento do sector primario, a pesar dos seus valores modestos. A unha maior distancia sitúase o sector secundario -4,11%-. En cambio hai un lixeiro descenso dos servizos -3,05%.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

Tomando como referencia os datos do Servizo Público de Emprego en Galicia, hai que sinalar que só un 23,59% das ofertas establecen o sexo como un dos seus requisitos. Esta situación concéntrase basicamente no sector da construción, onde se requiren sobre todo homes, en tanto que no sector servizos hai unha maior propensión a solicitar mulleres para os postos de traballo.

Por outra parte, a maior presenza de homes no sector secundario deriva das ofertas procedentes do subsector metalúrxico, mentres que a maior demanda de mulleres por parte do sector servizos procede fundamentalmente da hostalería e o comercio.

Un 42,05% das ofertas requiren un determinado nivel de estudos, se ben a gran maioría delas -68,29%- tan só demandan un certificado de escolaridade. Unicamente 58 ofertas sobre un total de 492 solicitan traballadores con título universitario.




GRÁFICO 14: Ofertas por sexo segundo o sector económico da comarca.




GRÁFICO 15: Ofertas por nivel académico da comarca.

Os subsectores que demandan traballadores cun baixo nivel de cualificación son o da construción -113 ofertas- e administracións públicas -87 ofertas-, aínda que deste último sector proceden a maioría das ofertas que requiren estudos universitarios -30 ofertas-.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

TÁBOA 17.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

	1999	2000	2001	2002	2003
Albanel	43	50	60	70	62
Carpinteiro de aluminio	13	18	8	14	38
Peón de albanel/Peón de obras públicas	15	15	25	24	35
Axente comercial / Vendedor	12	39	46	80	30
Encofrador	28	27	30	7	25
Camareiro - Barman	12	29	33	24	24
Repoñedor	0	0	0	1	20
Administrativo	13	17	38	14	20
Dependente en xeral	17	17	44	19	18
Carpinteiro	7	5	16	6	14

As ocupacións máis ofertadas a través dos centros colaboradores son as de albanel, carpinteiro de aluminio, peón de albanel e axente comercial. A pesar das fluctuacións que se produciron no número de ofertas destas ocupacións durante o período 1999-2003, detéctase unha tendencia ao crecemento nas ofertas de carpinteiro de aluminio e peón de albanel, en tanto que un marcado retroceso nas dirixidas a axentes comerciais, que pasa de ser a máis demandada en 2002 a ocupar a cuarta posición, e tamén hai un leve retroceso das ofertas de albanel.

TÁBOA 17.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

	1999	2000	2001	2002	2003
Albanel	104	78	53	58	103
Matachín de aves e coellos	0	0	0	55	51
Peón da construción de edificios	22	46	41	41	44
Téc. de protección civil	35	32	39	41	29
Carpinteiro de aluminio	2	16	3	7	24
Peón de obras públicas, en xeral	50	26	25	11	21
Empregado administrativo, en xeral	13	14	13	14	17
Enlucidor-xesista	0	0	1	8	14
Asistente domiciliario	5	8	5	6	13
Carpinteiro metálico	16	18	28	5	7

A importancia do sector da construción no volume de ofertas vólvese a apreciar nos datos das oficinas de emprego, ao ser a ocupación de albanel a máis ofertada, situándose a unha certa distancia a de matachín de aves e coellos e a de peón da construción de edificios. Por outra parte, o crecemento das ofertas da primeira ocupación é notable, debido a que aumenta un 77,58% entre os anos 2002 e 2003.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

O maior volume de contratación concéntrase no concello de Lalín, un 66,68% do total de contratos; en valores máis discretos sitúanse Silleda e Vila de Cruces. Con respecto á provincia de Pontevedra, representa un total do 2,54% do total da contratación neste ámbito.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
Agolada	214	2,99
Dozón	111	1,55
Lalín	4.772	66,68
Rodeiro	227	3,17
Silleda	1.231	17,20
Vila de Cruces	602	8,41
TOTAL COMARCA	7.157	100,00
TOTAL PROVINCIA	281.952	2,54

TÁBOA 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

Hai que sinalar o comportamento positivo de todos os concellos da comarca en relación coa evolución da contratación no período 1999-2003. As variacións medias son positivas para todos os concellos, aínda que se moven entre as cifras modestas de Silleda e Vila de Cruces e as máis altas de Lalín (11,05%). Non obstante, hai importantes oscilacións nos diferentes anos que compoñen este intervalo temporal; así, se para a maioría dos concellos o maior crecemento se produce no tramo 2000-2001, en Lalín prodúcese en 1999-2000, 14,21%, en tanto que na Agolada sitúase entre 2001 e 2002.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
Agolada	193	179	188	204	214	-7,25	5,03	8,51	4,90	2,62
Dozón	73	87	110	117	111	19,18	26,44	6,36	-5,13	11,05
Lalín	3.490	3.986	4.420	4.506	4.772	14,21	10,89	1,95	5,90	8,14
Rodeiro	167	176	242	254	227	5,39	37,50	4,96	-10,63	7,98
Silleda	1.152	1.129	1.379	1.348	1.231	-2,00	22,14	-2,25	-8,68	1,67
Vila de Cruces	577	494	587	567	602	-14,38	18,83	-3,41	6,17	1,07
TOTAL COMARCA	5.652	6.050	6.926	6.996	7.157	7,04	14,48	1,01	2,30	6,08
TOTAL PROVINCIA	268.994	284.771	269.975	277.433	281.952	5,87	-5,20	2,76	1,63	1,18

TÁBOA 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

Por outra parte, o nivel de crecemento de contratación é máis alto na comarca que na provincia de Pontevedra, cunha diferenza de case cinco puntos a favor da primeira na variación media deste período. Ademais, mentres que entre o ano 2000 e 2001 hai un notable crecemento na comarca, 14,48%, na provincia hai un leve descenso de 5,2 puntos porcentuais.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

TÁBOA 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	1.599	672	2271	22,34	9,39	31,73
De 26 a 35 anos	1.600	802	2402	22,36	11,21	33,56
De 36 a 45 anos	1.060	357	1417	14,81	4,99	19,80
De 46 a 55 anos	673	161	834	9,40	2,25	11,65
Máis de 55 anos	203	30	233	2,84	0,42	3,26
TOTAL COMARCA	5.135	2.022	7.157	71,75	28,25	100,00
TOTAL PROVINCIAL	160.314	121.638	281.952	56,86	43,14	100,00

Máis de seis de cada dez persoas contratadas na comarca do Deza durante o ano 2003 tiña menos de 36 anos, predominando claramente os homes sobre as mulleres -71,75% e 28,25%, respectivamente-.

Tanto os homes como as mulleres tenden a concentrarse nos segmentos máis baixos de idade, destacando a posición marxinal que manteñen as mulleres con respecto aos homes en canto á contratación de persoas de máis de 35 anos -os homes representan un 27,05% sobre un total do 34,71%-.


O predominio do colectivo masculino na contratación da comarca do Deza é evidente se a comparamos cos valores acadados no ámbito provincial, así as contratadas neste último ámbito territorial sitúanse nun 43,14%, case 15 puntos porcentuais máis que o valor relativo da comarca.

TÁBOA 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
Homes	4.068	4.379	5.165	5.175	5135	7,65	17,95	0,19	-0,77	6,00
Mulleres	1.584	1.671	1.761	1.821	2022	5,49	5,39	3,41	11,04	6,29
TOTAL CONTRATOS	5.652	6.050	6.926	6.996	7157	7,04	14,48	1,01	2,30	6,08

Polo que respecta á evolución temporal durante o período 1999-2003, apenas hai diferenzas en canto á variación media segundo homes e mulleres. Non obstante, obsérvase unha certa desaceleración do crecemento da contratación masculina, sobre todo no tramo 2002-2003, onde acada valores negativos, en tanto que si hai un certo aumento de mulleres contratadas -11,04%-.

GRÁFICO 16: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.



Tal e como aparece no gráfico 16, a composición da contratación segundo o sexo non presenta variación significativas na súa evolución nos últimos anos, remarcándose a forte presenza masculina neste ámbito.

En termos absolutos destaca o crecemento da contratación dos traballadores que contan cunha idade comprendida entre os 26 e os 35 anos -573 contratos máis que o ano 1999- e os de entre 36 e 45 anos -350 contratos máis-, se ben, en valores relativos, hai que sinalar o aumento no tramo de idade de 46 a 55 anos -a súa variación media é de 12,75%-. Polo que respecta ao crecemento de cada ano, destaca o crecemento do tramo 2000-2001 para todos os subconxuntos de idade, coa excepción dos menores de 26 anos, nos que o crecemento é levemente maior entre o ano 2002 e 2003 -7,07%-.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA 99-03
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
Menor de 26 anos	2.075	2.042	2.154	2.121	2.271	-1,59	5,48	-1,53	7,07	2,28
De 26 a 35 anos	1.829	2.000	2.269	2.424	2.402	9,35	13,45	6,83	-0,91	7,05
De 36 a 45 anos	1.067	1.197	1.431	1.403	1.417	12,18	19,55	-1,96	1,00	7,35
De 46 a 55 anos	516	603	801	783	834	16,86	32,84	-2,25	6,51	12,75
Máis de 55 anos	165	208	271	265	233	26,06	30,29	-2,21	-12,08	9,01
TOTAL CONTRATOS	5.652	6.050	6.926	6.996	7.157	7,04	14,48	1,01	2,30	6,08

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos.

Na comarca do Deza, no ano 2003, o maior número de contratos rexistrouno o sector da construción, cun 38,76% do volume total de contratación, seguido moi de preto polo sector servizos, co que mantén unha diferenza porcentual dun punto aproximadamente -37,67%-. En terceiro lugar está o sector secundario -21,14%-, onde o volume de contratos se realiza case totalmente no subsector da industria, mentres que o subsector da electricidade ten unha presenza minoritaria. Cómpre destacar por último o escaso nivel de contratación do sector primario, que está moi por debaixo dos outros sectores, con tan só un 2,43%.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	174	2,43
Agricultura e pesca	174	2,43
SECTOR SECUNDARIO	1.513	21,14
Industria	1.502	20,99
Electricidade	11	0,15
SECTOR CONSTRUCCIÓN	2.774	38,76
Construción	2.774	38,76
SECTOR SERVIZOS	2.696	37,67
Comercio e hostalería	933	13,04
Transporte e comunicacións	374	5,23
Outros servizos	1.389	19,41
TOTAL CONTRATOS	7.157	100,00

TÁBOA 23: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.

Para o conxunto da industria as actividades máis representativas, no que a porcentaxes de contratación se refire, son as do téxtil e da metalurxia e fabricación de produtos metálicos, que manteñen unhas porcentaxes aproximadas, tendo o primeiro unha vantaxe de 2 puntos con respecto ao segundo -28% actividades téxtiles e 26% na metalurxia-. Estes dous grupos son significativos dentro da comarca, xa que soportan máis da metade do volume da contratación deste grupo de actividades.





GRÁFICO 17: Distribución porcentual da contratación na Industria.

GRÁFICO 18: Distribución porcentual da contratación nos servizos.



Dentro do sector servizos, a imaxe que amosa o gráfico é a dun reparto múltiple entre todas as actividades representadas; non destaca ningunha en concreto en grandes proporcións por riba das demais, se ben a actividade do comercio, a máis representativa, acada unha porcentaxe do 20% do conxunto de contratación.

Nun segundo apartado poderíamos englobar catro actividades, das cales entre a maior e a menor só hai 4 puntos de diferenza. A primeira é a de servizos á comunidade -16%-, seguida de transporte e comunicacións cun 14%; as outras dúas son administracións públicas e actividades inmobiliarias e servizos empresariais, que van reducindo paulatinamente o seu peso específico dentro deste conxunto de actividades.

TABOA 24: Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		Menos de 26 anos	IDADE			
	Homes	Mulleres		De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	Máis de 55
SECTOR PRIMARIO	1,90	0,53	0,81	0,80	0,60	0,21	0,01
Agricultura e pesca	1,90	0,53	0,81	0,80	0,60	0,21	0,01
SECTOR SECUNDARIO	13,43	7,71	9,28	7,35	2,91	1,10	0,50
Industria	13,32	7,67	9,25	7,32	2,85	1,06	0,50
Electricidade	0,11	0,04	0,03	0,03	0,06	0,04	
SECTOR CONSTRUCCIÓN	37,33	1,43	11,30	11,99	8,73	5,44	1,30
Construción	37,33	1,43	11,30	11,99	8,73	5,44	1,30
SECTOR SERVIZOS	19,09	18,58	10,34	13,43	7,56	4,90	1,44
Comercio e hostalería	5,69	7,35	5,24	4,85	1,90	0,89	0,15
Transporte e comunicacións	4,01	1,22	0,85	1,91	1,30	0,80	0,36
Outros servizos	9,39	10,02	4,25	6,66	4,36	3,21	0,92
TOTAL CONTRATOS	71,75	28,25	31,73	33,56	19,80	11,65	3,26

Segundo a distribución porcentual por sexos, o colectivo máis contratado é o dos homes, cun 71,75%. Dentro destes, o maior número de contratos recóllese no sector da construción -37,33%-, seguido do sector servizos e do secundario -19,09% e 13,43% respectivamente-, se ben no caso das mulleres a cifra de maior contratación dáse no sector servizos -18,58%- , que está moito por riba dos outros sectores.

En función da distribución porcentual por idade, máis do 65% dos contratos realízanse ata os 35 anos, distribuídos case equitativamente nos dous tramos de referencia -menos de 26 e de 26 a 35 anos-. Cabe subliñar que, a medida que se vai incrementando o tramo de idade, vai decrecendo o volume de contratación.

No ámbito sectorial son os sectores da construción e servizos os que presentan maior volume contractual, e en concreto nos tramos de menos de 26 e de 26 a 35 anos de idade, como subliñabamos anteriormente.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
SECTOR PRIMARIO	306	215	263	267	174	-29,74	22,33	1,52	-34,83	-13,16
Agricultura e pesca	306	215	263	267	174	-29,74	22,33	1,52	-34,83	-13,16
SECTOR SECUNDARIO	1.361	1.472	1.517	1.515	1.513	8,16	3,06	-0,13	-0,13	2,68
Industria	1.347	1.460	1.510	1.501	1.502	8,39	3,42	-0,60	0,07	2,76
Electricidade	14	12	7	14	11	-14,29	-41,67	100,0	-21,43	-5,85
S. CONSTRUCCIÓN	1.441	1.961	2.528	2.692	2.774	36,09	28,91	6,49	3,05	17,79
Construcción	1.441	1.961	2.528	2.692	2.774	36,09	28,91	6,49	3,05	17,79
SECTOR SERVICIOS	2.544	2.403	2.618	2.474	2.696	-5,54	8,95	-5,50	8,97	1,46
Comercio e hostalería	885	927	1.026	991	933	4,75	10,68	-3,41	-5,85	1,33
Transporte e comunicacións	320	331	339	347	374	3,44	2,42	2,36	7,78	3,98
Outros servizos	1.339	1.145	1.253	1.136	1.389	-14,49	9,43	-9,34	22,27	0,92
TOTAL CONTRATOS	5.652	6.051	6.926	6.996	7.157	7,06	14,46	1,01	2,30	6,08

TÁBOA 25: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.

Para o conxunto do período de referencia estudado, dos anos 1999 a 2003 todos os sectores presentan un incremento no total de contratación, exceptuando o sector primario, que ten unha variación media regresiva para o período dun -13,16%.

O sector que máis medra é o da construción -17,79%-, seguido moi de lonxe polo sector secundario, xa que a súa variación media para o conxunto do período é tan só do 2,68%; pecha o conxunto o sector servizos, cun 1,46%.

A tendencia na contratación na comarca do Deza para o período de referencia é alcista; increméntase progresivamente o número de contratos ano tras ano, pasando de 5.652 contratos no ano 1999 a 7.157 para o ano 2003, o que supón unha variación media para o período de 6,08%.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

A nota característica na contratación para a comarca do Deza é a temporalidade. Os contratos temporais a tempo completo son os maioritarios -70%-, seguidos dos contratos temporais a tempo parcial -11%-. Pola contra, o conxunto dos indefinidos representan só o 8% do total.




GRÁFICO 19: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.

TÁBOA 26: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	4,96	2,11	1,62	2,65	1,08	1,23	0,49
Indefinido tempo parcial	0,22	0,46	0,21	0,18	0,07	0,14	0,08
Temporal	55,61	14,92	21,00	25,15	15,02	7,48	1,89
Temporal tempo parcial	3,28	7,66	3,49	3,72	2,19	1,22	0,32
Prácticas/Formación	4,23	2,56	5,17	0,99	0,27	0,28	0,08
Outros	3,44	0,54	0,24	0,87	1,17	1,31	0,39
TOTAL CONTRATOS	71,75	28,25	31,73	33,56	19,80	11,65	3,26

Máis da metade dos contratos fánelles aos homes e con carácter temporal -55,61%-, seguidos do mesmo tipo de contratos para as mulleres, co 14,92%. Por idade, é o tramo de 26 a 35 anos e a contratación de tipo temporal o que engloba máis do 25%, seguido do tramo anterior en idade, co 21%, e do posterior, co 15,02%.

TÁBOA 27: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

	PRIMARIO	SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS			
	Agr. Gand.	Industr.	Electric.		Construc.	Comerc.	Transp.	Outros
Indefinido	0,07	1,17	0,01	1,18	2,27	0,94	0,30	0,34
Indefinido tempo parcial	0,00	0,03	0,03	0,06	0,01	0,18	0,07	0,17
Temporal	1,48	11,91	0,04	11,95	23,62	5,26	2,97	5,55
Temporal tempo parcial	0,07	0,83	0,02	0,85	0,58	2,23	0,39	3,77
Prácticas/Formación	0,13	1,17	0,01	1,18	1,45	0,80	0,00	1,34
Outros	0,00	0,02	0,00	0,02	0,00	0,00	0,03	2,82
TOTAL CONTRATOS	1,75	15,12	0,11	15,24	27,93	9,39	3,77	13,99

O sector económico que presenta maior temporalidade -contratos temporais e temporais a tempo parcial- é o sector servizos -44,37%-. Se facemos unha división por subsectores, é o da construción o que representa a maior porcentaxe -23,62%-, seguido polo subsector da industria, co 11,91%.

TÁBOA 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	488	527	728	730	506	7,99	38,14	0,27	-30,68	0,91
Indefinido tempo parcial	26	35	60	88	49	34,62	71,43	46,67	-44,32	17,17
Temporal	3.615	4.088	4.742	4.787	5048	13,08	16,00	0,95	5,45	8,71
Temporal tempo parcial	768	752	701	710	783	-2,08	-6,78	1,28	10,28	0,48
Prácticas/Formación	473	368	378	378	486	-22,20	2,72	0,00	28,57	0,68
Outros	282	281	317	303	285	-0,35	12,81	-4,42	-5,94	0,26
TOTAL CONTRATOS	5.652	6.051	6.926	6.996	7.157	7,06	14,46	1,01	2,30	6,08

Pese a que a temporalidade representa a tónica habitual na contratación -máis do 80% dos contratos-, cómpre subliñar que o conxunto que representa maior variación para o mesmo período é o dos contratos indefinidos a tempo parcial, que presenta unha variación media de 17,17%. A evolución de todos os tipos de contratos dende 1999 ata 2003 é dun crecemento baixo; os temporais son os que presentan unha porcentaxe de incremento moito maior, xa que pasan de 3.615 contratos en 1999 ata 5.048 no ano 2003.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	30	0,42
HOMES	24	0,34
MULLERES	6	0,08
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	513	7,17
HOMES	364	5,09
MULLERES	149	2,08
3. Técnicos e profesionais de apoio	199	2,78
HOMES	132	1,84
MULLERES	67	0,94
4. Empregados de tipo administrativo	493	6,89
HOMES	128	1,79
MULLERES	365	5,10
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	916	12,80
HOMES	260	3,63
MULLERES	656	9,17
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	48	0,67
HOMES	32	0,45
MULLERES	16	0,22
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	2.699	37,71
HOMES	2.472	34,54
MULLERES	227	3,17
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	993	13,87
HOMES	747	10,44
MULLERES	246	3,44
9. Traballadores non cualificados	1.266	17,69
HOMES	976	13,64
MULLERES	290	4,05
TOTAL CONTRATOS	7.157	100,00
TOTAL HOMES	5.135	71,75
TOTAL MULLERES	2.022	28,25

TÁBOA 29: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

En función dos datos expostos na táboa anterior sobre a distribución do volume contractual segundo os nove grandes grupos de ocupación, hai que sinalar a concentración dun 82,07% dos contratos en catro grandes grupos:

- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería -37,71%-.
- Traballadores non cualificados -17,69%-.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores -13,87%-.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -12,80%-.

Por outra parte, obsérvanse diferenzas significativas nos contratos segundo grupos de ocupación en función do sexo da persoa contratada:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Artesáns e traballadores cualificados industria manufactureira -34,54%-. • Traballadores non cualificados -13,64%-. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores -10,44%-. • Técnicos profesionais, científicos e intelectuais -5,09%-.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio -9,17%-. • Empregadas de tipo administrativo -5,1%-. • Traballadoras non cualificadas -4,05%-. • Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadores -3,44%-.

Dada a forte presenza masculina na contratación da comarca do Deza, na maioría dos grupos de ocupación predominan os homes sobre as mulleres; tan só en dous casos se inverte esta situación:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: as mulleres representan o 9,17%, en tanto que os homes o 3,63%.
- Empregados de tipo administrativo: a porcentaxe das mulleres é 3,31 puntos porcentuais maior cá dos homes.

Atendendo á evolución dos contratos durante o quinquenio comprendido entre 1999 e 2003, os datos refliten un crecemento medio positivo para todos os grupos de ocupación. Destacan sobre o resto de grupos os seguintes:

- Artesáns e traballadores cualificados da industria manufactureira -cunha variación media anual do 13,21%-.
- Dirección de empresas e administracións públicas -cun 12,1% de variación-, se ben este grupo é máis susceptible ás fortes oscilacións dado o seu baixo valor absoluto de contratación.
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca -9,82%- , que tamén conta cun número reducido de contratos en comparación con outros grupos.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais -4,33% de variación media anual-.

En canto á evolución segundo o sexo dos contratados, destaca o crecemento da contratación de homes nas ocupacións seguintes:

- Artesáns e traballadores cualificados da industria manufactureira -13,06 de variación media anual-.
- Dirección de empresas e administracións públicas -12,47% de variación-.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadoras -5,63%-.

Non obstante, prodúcese un descenso de 6,07 puntos nos homes contratados entre os traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio

No tocante ás mulleres, destaca o crecemento medio nos seguintes grupos de ocupación:

- Traballadoras cualificadas na agricultura e pesca -51,97%-; non obstante, este valor debe ser relativizado dado o baixo valor absoluto que acadan.
- Dirección de empresas e administracións públicas -10,67% de variación media anual-, cunha situación análoga á comentada no anterior grupo.
- Empregadas de tipo administrativo, onde é máis significativo o seu crecemento dun 8,33%.

Hai que sinalar o decrecemento que se produce na contratación de mulleres no grupo de operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras, 9,70 puntos menos neste período.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas

Na táboa relativa ás 10 ocupacións máis contratadas durante o ano 2003 hai que sinalar o importante grao de concentración que se produce na comarca -un 56,43%, en tanto que no ámbito da provincia de Pontevedra é dun 43,19%-. A concentración é máis manifesta no caso da contratación masculina -60,21%- ca na feminina -46,83%-.

As mulleres tenden a ser contratadas en maior medida nas ocupacións de empregada administrativa e de dependente de comercio, en tanto que a contratación masculina inclínase máis ao albanel e ao peón da industria manufactureira.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO MASCUL. ¹
		N.º	%	N.º	%	N.º	%	
71100016	Albanel	1.067	14,91	1.055	20,55	12	0,59	98,88
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	554	7,74	503	9,80	51	2,52	90,79
86300016	Conductor de camión, en xeral	375	5,24	366	7,13	9	0,45	97,60
71200017	Encofrador	374	5,23	372	7,24	2	0,10	99,47
42100010	Empregado administrativo, en xeral	332	4,64	75	1,46	257	12,71	22,59
53300010	Dependente de comercio, en xeral	294	4,11	61	1,19	233	11,52	20,75
96020014	Peón da construción de edificios	292	4,08	287	5,59	5	0,25	98,29
25130104	Músico instrumentista, en xeral	286	4,00	247	4,81	39	1,93	86,36
83630013	Oper. máquina ind. de coser e bordar, en xeral	285	3,98	73	1,42	212	10,48	25,61
50200018	Camareiro, en xeral	180	2,52	53	1,03	127	6,28	29,44
TOTAL		4.039	56,43	3.092	60,21	947	46,83	76,55

TÁBOA 30: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

Ademais, prodúcese un alto grao de contratación masculina no conxunto das dez ocupacións -a ratio ascende a un 76,55%- destacando as seguintes ocupacións: encofrador, albanel, peón da construción de edificios, condutor de camión, peón da industria manufactureira e músico instrumentista, que están todas elas por riba do 80%. Pola contra, hai unha importante presenza feminina -cunha ratio menor do 30%- nas ocupacións de dependente de comercio, empregada administrativa, operaria de máquina industrial de coser e bordar e mais na de camareira.


TABOA 31: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
71100016	Albanel	684	867	883	972	1067
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	448	614	867	722	554
86300016	Condutor de camión, en xeral	313	313	364	363	375
71200017	Encofrador	40	203	470	383	374
42100010	Empregado administrativo, en xeral	269	355	406	347	332
53300010	Dependente de comercio, en xeral	177	246	227	250	294
96020014	Peón da construción de edificios	264	235	271	411	292
25130104	Músico instrumentista, en xeral	236	247	292	289	286
83630013	Oper. máquina ind. de coser e bordar	205	376	335	309	285
50200018	Camareiro, en xeral	218	211	183	180	180
91210016	MULLER/MOZO LIMPEZA, LIMPADOR EN XERAL	123	140	141	144	166

Polo que respecta á lista das dez ocupacións máis contratadas, non se producen variacións significativas na súa composición, dando lugar a un comportamento moi estable da comarca do Deza neste sentido.

Non obstante, nalgunhas ocupacións prodúcese un leve crecemento nos últimos anos -albanel, condutor de camión, dependente de comercio-; outras presentan unha estabilización -camareiro, músico instrumentista-, en tanto que no resto de ocupacións hai un leve retroceso.

Ademais, hai que sinalar a desaparición da lista da ocupación de mozo de limpeza a partir do ano 2000, deixando sitio á ocupación de encofrador.



Comarca do Morrazo



5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

Na comarca do Morrazo no ano 2003 incrementábase o número de empresas en todos os sectores, a excepción do sector primario, que recolle o maior número no ano 2000. Máis da metade das empresas, en concreto o 52,63%, sitúanse no sector servizos, que é o punteiro da comarca. Neste mesmo, o subsector que predomina por riba dos outros é o de comercio e hostalería, co 30,85% do total de empresas. O segundo sector máis representativo é o sector primario, que representa o 20,42%, seguido da construción, co 17,10%.

A maioría dos traballadores sitúanse de novo no sector servizos, que agrupa o 40,83%, e neste caso é no subsector de outros servizos onde se concentra a maioría deles, co 20,57%. Nun segundo lugar no ámbito sectorial, o 26,64% dos traballadores atópanse no sector primario, seguido do sector secundario, co 17,96%.

Se nos casos anteriores o sector que prevalecía por riba dos outros era o dos servizos, no caso de traballadores autónomos tamén sucede o mesmo, aínda que a concentración é moito máis alta, pois chega case ás tres cuartas partes do total de autónomos rexistrados, co 73,11%. No ámbito subsectorial máis da metade dos autónomos, o 52,05%, están no comercio e hostalería, seguido de lonxe polo subsector de outros servizos, co 17,09%. A pouca distancia está o sector da construción, co 16,49%. Cómpre sinalar a maiores que, se no caso dos traballadores, o sector primario ocupaba o segundo lugar en importancia, no caso dos autónomos este sector só rexistra o 1,71%, porcentaxe verdadeiramente insignificante.

Pódese concluír dicindo que en todo o período se incrementan o número de empresas, de traballadores e de autónomos; son estes últimos os que experimentan o maior crecemento, cunha variación media para 1999-2003 do 8,70%; no caso dos traballadores, o crecemento redúcese á metade aproximadamente, co 4,52%; por último, no número de empresas tan só se aprecia un crecemento do 2,10%.

5.1.2. Evolución anual

TABOA 1: Evolución do número de empresas.
Período 1999-2003.

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	588	602	557	582	555
Agricultura e pesca	588	602	557	582	555
SECTOR SECUNDARIO	251	265	266	262	275
Industria	251	264	264	260	273
Electricidade	0	1	2	2	2
SECTOR CONSTRUCCIÓN	380	404	419	429	469
Construción	380	404	419	429	469
SECTOR SERVICIOS	1.304	1.225	1.279	1.381	1.443
Comercio e hostalería	705	740	768	817	846
Transporte e comunicacións	54	48	53	53	60
Outros servizos	545	437	458	511	537
TOTAL	2.523	2.496	2.521	2.654	2.742

Na comarca do Morrazo, no período de 1999 ao 2003 prodúcese un incremento do número de empresas, que experimentan unha variación media anual de 2,10%. Observando a evolución do número de empresas, pódese apreciar un lixeiro descenso dende o ano 1999 ata o 2000, cunha variación interanual do -1,07%; en anos posteriores presenta unha recuperación lenta, pero que se mantén. No ano 2002 dáse a variación interanual máis alta, do 5,28%.


En termos xerais, podemos dicir que a evolución do número de empresas en conxunto é positiva; non presenta grandes variacións, senón que mantén as cifras, e apréciase un lixeiro incremento en todos os sectores, a excepción do sector primario, que diminúe, tal e como se observa na variación media de -1,43%.

O sector primario presenta a regresión máis forte no ano 2001, onde chega a recoller unha variación interanual do -7,48%, a máis baixa de todos os sectores. Porén, en 2002 xa presenta unha recuperación considerable, alcanzando o crecemento máis alto de todo o período co 4,49%, para decrecer posteriormente e chegar a presentar unha variación negativa similar do 4,64% no ano 2003.

Os sectores secundario e da construción presentan tendencias inversas, pero con variacións interanuais modestas en 2002, presentando valores de -1,50% e 2,39%, para experimentar en 2003 uns valores de crecemento moi considerables, que no caso do sector da construción é de 9,32%.

O sector servizos, que é o que maior peso cuantitativo ten, presenta o punto de variación interanual máis alto en 2002, co 7,97%, e recolle a variación de 4,49% en 2003, máis moderada en relación co intervalo anterior.

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.



	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	2.829	3.791	3.570	3.514	3.477
Agricultura e pesca	2.829	3.791	3.570	3.514	3.477
SECTOR SECUNDARIO	2.127	2.269	2.221	2.279	2.345
Industria	6	9	10	9	9
Electricidade	2.121	2.260	2.211	2.270	2.336
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1.469	1.612	1.750	1.808	1.902
Construcción	1.469	1.612	1.750	1.808	1.902
SECTOR SERVICIOS	4.515	4.576	4.989	5.264	5.330
Comercio e hostalería	2.024	2.192	2.355	2.416	2.318
Transporte e comunicacións	375	286	375	339	327
Outros servizos	2.116	2.098	2.259	2.509	2.685
TOTAL	10.940	12.248	12.530	12.865	13.054

TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

No ano 2003 podemos observar como medra o número de traballadores, en relación co ano de inicio, presentando unha variación media anual de 4,52%, e mais en relación co ano anterior, onde a variación interanual é de 1,47%. Segundo a evolución por anos, é no tramo de 1999-2000 onde se produce o crecemento máis alto no número de traballadores, cun valor do 11,96%. O resto de anos increméntase o número de traballadores con variacións interanuais máis modestas, en torno ao 2%.

O sector que experimenta o maior crecemento é o da construción, que presenta unha variación media do 6,67%. Hai que destacar que en segundo lugar está o sector primario, que medra un 5,29%; con todo, tras presentar un incremento moi considerable no ano 2000, segundo reflite a variación interanual do 34%, empeza a decrecer, mostrando variacións negativas nos próximos anos. No ámbito de subsectores, apréciase un crecemento do número de traballadores en todos, exceptuando o de transporte e comunicacións, que presenta unha diminución do -3,37%.

O sector primario destaca de novo polo forte descenso que soporta no ano 2001, cunha variación interanual do -5,83%, a máis baixa de todos os sectores en todo o período de referencia. A partir de aí, obsérvase unha tendencia uniforme en todos os sectores, se ben cómpre destacar a tendencia á baixa no último intervalo temporal para os sectores primario e servizos, que diminúen o seu crecemento en relación co ano anterior, amosando o primeiro unha variación negativa do -1,05% e o segundo a variación máis baixa de todos os anos, co 1,25%.




GRÁFICO 2: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.

TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	55	55	60	59	66
Agricultura e pesca	55	55	60	59	66
SECTOR SECUNDARIO	252	282	301	305	335
Industria	0	0	0	0	0
Electricidade	252	282	301	305	335
SECTOR CONSTRUCCIÓN	437	506	558	595	636
Construción	437	506	558	595	636
SECTOR SERVIZOS	2.018	2.198	2.424	2.606	2.819
Comercio e hostalería	1.460	1.574	1.743	1.873	2.007
Transporte e comunicacións	142	145	154	163	153
Outros servizos	416	479	527	570	659
TOTAL	2.762	3.041	3.343	3.565	3.856

O número de autónomos increméntase considerablemente, presentando un crecemento ao longo do período de referencia do 8,70%. O incremento máis forte prodúcese no ano 2000, onde se recolle unha variación interanual do 10,10%. Pola contra, o ano que rexistra o crecemento máis baixo é o 2002 -6,64%-, onde todos os sectores recollen os seus valores de crecemento máis baixos, ou incluso de diminución, como é o caso do sector primario, -1,67%.


O sector que experimenta o maior crecemento no número de autónomos é o da construción, cun 9,84% de variación media, chegando a medrar no ano 2000 nun 15,79%. Por outra banda, o sector primario permanece estable nos primeiros anos, increméntase no 2001 e decrece nos anos posteriores; é o que presenta a cifra máis baixa de crecemento, cunha variación media anual do 4,66%.

Igual que sucede para o número de empresas da comarca, o sector primario experimenta fortes oscilacións en canto á evolución do número de traballadores autónomos. Fronte ao descenso no ano 2002 de todos os sectores, onde se

aprecian os valores de variación interanual máis baixos para todos, temos que sinalar que son o sector secundario e o primario os que experimentan os valores máis altos de crecemento no seguinte tramo, co 9,84% e 11,86%.

O sector servizos ten un ritmo de crecemento próximo ao sector primario -variación media de 8,72%-, destacando o subsector de outros servizos -variación media de 12,19%-.

GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.



5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Bueu	654	390	1.044
Cangas	1.660	1.090	2.750
Marín	1.298	672	1.970
Moaña	1.369	720	2.089
TOTAL	4.981	2.872	7.853

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia - PARADOS	8,84
% comarca/provincia - NON PARADOS	10,01

Dos 7.853 demandantes da comarca do Morrazo, o 63,43% son parados. Cómpre salientar a proporción acadada polo concello de Cangas, que chega a rexistrar o 35,02% do total de demandantes, situándose así nun primeiro lugar. Nun segundo, estarían Moaña e Marín, que gardan certa relación ao manteren porcentaxes similares para o mesmo continxente, 26,60% e 25,09%, respectivamente.

Comparando cifras de demandantes parados e non parados, podemos observar que case se duplica o número dos primeiros en relación cos segundos en todos os casos, exceptuando o concello maioritario, que presenta unha distancia máis reducida -60,36% de demandantes parados e 39,64% de non parados-.

As porcentaxes de representación de demandantes parados e non parados desta comarca presentan unhas cifras significativas. En relación coa provincia, o Morrazo representa o 8,84% dos demandantes parados e o 10,01% dos non parados.

No seguinte gráfico apréciase con claridade o comentado antes, observando máis facilmente a redución da distancia entre demandantes parados e non parados do concello de Cangas. Tamén se aprecia a superioridade deste concello en relación co resto, así como a semellanza na distribución de demandantes entre Marín e Moaña.





GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.

5.2.2. Evolución dos demandantes parados

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	4.108	3.881	3.890	4.473	4.982
VARIACIÓN INTERANUAL %		-5,53	0,23	14,99	11,38
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	8,15	7,78	7,93	8,41	8,84

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.



Na comarca do Morrazo observamos un descenso considerable do número de demandantes parados no ano 2000, tal e como se ve na variación do -5,53%. No próximo ano obsérvase unha cifra similar do número de parados, se ben nos seguintes xa apreciamos un crecemento moi considerable, chegando case ao 15% no ano 2002. Se observamos o gráfico 5, apreciamos claramente a evolución positiva a partir de 2001 do número de demandantes parados.

A evolución netamente positiva dos demandantes parados inflúe no aumento do peso relativo desta comarca con respecto á provincia.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 6: Situación laboral dos demandantes

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	778	9,91	11,42
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	4.203	53,52	54,86
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	192	2,44	3,82
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	760	9,68	12,34
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	341	4,34	5,80
	En expediente de regulación de emprego	106	1,35	1,28
	Demandantes de mellora de emprego	617	7,86	7,00
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	746	9,50	2,89
	Resto de demandantes	110	1,40	0,60
TOTAL		7.853	100,00	100,00

Pódese apreciar que o colectivo de demandantes máis común é o dos parados con emprego anterior, que supoñen o 53,52% do total de demandantes da comarca, cun valor semellante ao do conxunto da provincia, seguido do grupo de demandantes en paro sen emprego anterior, co 9,91%.

Dentro do grupo de demandantes non parados, son as persoas con emprego anterior as que rexistran a maior porcentaxe, co 9,68%, se ben ocupan o terceiro lugar no total de demandantes da comarca.

Se observamos a relación existente entre as porcentaxes comarcais e as provinciais, podemos apreciar que as primeiras están por debaixo das segundas en case todos os casos, a excepción do grupo de demandantes non parados de menos de 20 horas, no que a porcentaxe da comarca supera á provincial en 6,61 puntos.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	503	647	10,10	12,99	23,09	19,33
26 a 35 anos	648	1.008	13,01	20,24	33,25	30,92
36 a 45 anos	366	677	7,35	13,59	20,94	21,51
46 a 55 anos	297	501	5,96	10,06	16,02	17,42
56 e máis anos	144	190	2,89	3,81	6,71	10,83
TOTAL COMARCA	1.958	3.023	39,31	60,69	100,00	8,84
TOTAL PROVINCIA	21.790	34.575	38,66	61,34	8,84	100,00

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

As características fundamentais que presentan a diferenciación dos demandantes parados en canto ao seu sexo son as da prevalencia da demanda feminina, co 60,69% sobre a masculina, e nun segundo lugar, a similitude porcentual entre os ámbitos comarcal e provincial.

A maior porcentaxe de demandantes concéntrase, en ambos os dous colectivos, no tramo de idade de 26 a 35 anos, representando o 33,25% do total de demandantes. Pola contra, no último tramo de idade concéntrase a cifra máis baixa, co 6,71% conxunto.

As mulleres de 26 a 35 anos son o grupo de demandantes máis numeroso, co 20,24%. O seguinte grupo en orde numérica é o posterior en idade, mentres que o grupo de homes de 26 a 35 anos ocupa o terceiro posto, co 13,01%.

Se atendemos á relación provincial, temos que sinalar que a maior diferenza entre os dous ámbitos se aprecia no colectivo de maiores de 56 anos, onde a media provincial supera á comarcal en 4,12 puntos. O resto de tramos non presenta maiores diverxencias, se ben é nos dous primeiros onde existen maiores diferenzas, superando a media comarcal á provincial en 3,76 puntos e 2,33 puntos, respectivamente.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	211	292	7,35	10,17	17,51	19,01
26 a 35 anos	208	521	7,24	18,14	25,38	28,25
36 a 45 anos	250	437	8,70	15,22	23,92	21,24
46 a 55 anos	191	417	6,65	14,52	21,17	18,04
56 e máis anos	102	243	3,55	8,46	12,01	13,47
TOTAL COMARCA	962	1.910	33,50	66,50	100,00	10,01
TOTAL PROVINCIA	10.780	17.899	37,59	62,41	10,01	100,00

TÁBOA 7.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.


O número de mulleres demandantes de emprego non paradas dobra ao número de homes, recollendo o 66,5% do total da demanda. Neste caso a media comarcal supera á provincial nun 4,09%. O colectivo no que se rexistran maior número de demandantes é no de mulleres de 26 a 35 anos, co 18,14%. Séguenlle a pouca distancia as mulleres no tramo inmediatamente posterior, que representan o 15,22% da demanda.

En certa maneira, podemos dicir que a proporción feminina dobra á de homes en todos os casos, se ben nos menores de 26 anos a superioridade das mulleres, cunha diferenza de 2,82 puntos, é inferior. No caso dos homes, temos que salientar que o tramo que rexistra maior número de demandantes é o de

36 a 45 anos, co 8,70%, e tamén que a distribución entre todos os tramos de idade é bastante regular, mantendo unha diferenza máis acentuada o grupo de persoas maiores de 56 anos.


En relación cos datos provinciais, as porcentaxes da comarca están lixeiramente por debaixo, exceptuando o caso dos intervalos de idade comprendidos entre os 36 e os 55 anos, onde as comarcais superan ás provinciais.

GRÁFICO 6: Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.



Se observamos o gráfico de grupos de idade, apréciase que nos dous primeiros intervalos de idade se manteñen unhas diferenzas máis acusadas entre o número de demandantes parados e non parados, superando de sobra os primeiros aos segundos. A medida que incrementamos a idade, esas diferenzas vanse esvaecendo e no último tramo de idade os non parados superan aos parados.

GRÁFICO 7: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.



Pódese dicir que o número de demandantes parados e non parados de sexo feminino case duplica en ambos os dous casos ao número de homes. A diferenza entre mulleres paradas e homes é de 13,56%; para os non parados é de 17,07%.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

TÁBOA 8.1: Distribución dos demandantes parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	1.537	30,86	30,37
Titulación de ensinanza obrigatoria	1.933	38,81	39,89
Formación profesional	378	7,59	6,19
BUP/Bacharelato superior/COU	467	9,38	11,93
Titulados universitarios	435	8,73	9,08
Outras titulacións	231	4,64	2,54
TOTAL	4.981	100,00	100,00

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

As diferenzas en canto á titulación académica pódense apreciar con moita claridade; prevalecen os niveis de estudos inferiores sobre os obrigatorios, e estes mesmos están moito por riba dos demais. Entre estes dous colectivos suman o 69,67% dos demandantes, aínda que se atendemos á mesma distribución para a provincia obsérvase que as diferenzas son irrelevantes. A distribución é similar nos dous ámbitos, existindo a maior diferenza no caso do nivel de estudos de bacharelato, onde a porcentaxe provincial supera á comarcal en 2,55 puntos.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	1.178	41,02	32,64
Titulación de ensinanza obrigatoria	883	30,75	35,31
Formación profesional	232	8,08	6,04
BUP/Bacharelato superior/COU	293	10,20	13,79
Titulados universitarios	234	8,15	10,49
Outras titulacións	52	1,81	1,73
TOTAL	2.872	100,00	100,00

TÁBOA 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

En relación cos demandantes non parados, segundo o nivel académico o grupo que maior número de demandantes alberga é o de persoas que non chegan a ter a ensinanza obrigatoria. Entre este colectivo e o de persoas con titulación de ensinanza obrigatoria chegan a representar o 71,77% dos demandantes non parados, case tres cuartas partes da demanda.

No caso de persoas sen titulación de carácter obrigatorio, a porcentaxe comarcal sitúase bastante por riba da provincial, chegando case aos dez puntos de diferenza Pola contra, os que contan co nivel de estudos de ensinanza obrigatoria están por riba do nivel provincial -35,31% fronte ao 30,74%-. Só resulta significativa a pequena diferenza porcentual do 2,04% no caso de persoas con titulación de formación profesional, onde a comarca supera á provincia.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	8,21	1,33	0,56	10,10
	Mulleres	8,31	2,67	2,01	12,99
26 a 35 anos	Homes	10,14	1,61	1,26	13,01
	Mulleres	10,28	3,25	6,71	20,24
36 a 45 anos	Homes	5,48	0,76	1,10	7,35
	Mulleres	6,30	2,09	5,20	13,59
46 a 55 anos	Homes	3,89	0,50	1,57	5,96
	Mulleres	3,69	1,12	5,24	10,06
56 e máis anos	Homes	1,14	0,46	1,28	2,89
	Mulleres	0,76	0,42	2,63	3,81
TOTAL COMARCA		58,22	14,21	27,56	100,00
TOTAL PROVINCIA		52,82	14,49	32,69	100,00

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

Máis da metade dos demandantes levan menos de seis meses na procura de emprego. O seguinte tramo que reflite a maior cifra é o de parados de longa duración, co 27,56%.

Se atendemos á relación coa provincia, observamos que no tramo intermedio non existen diferenzas. Pola contra, entre os parados de curta duración, a media comarcal supera á outra nun 5,4%. No caso dos demandantes de máis dun ano, podemos apreciar como se inverte esta tendencia.

Segundo a distribución por sexo e idade, en todos os grupos predominan os parados de menos de seis meses, coa excepción das mulleres de 46 a 55 anos, onde destacan os de longa duración co 5,24%, e tamén homes e mulleres de máis de 55 anos.

A maiores, a medida que aumenta o tempo de busca de emprego, aumentan as diferenzas entre homes e mulleres en prexuízo destas últimas. Así, se as demandantes paradas de menos de 6 meses representan o 29,36% -28,86% os homes-, as de longa duración constitúen o 21,79% -5,77% os homes-.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia


TABOA 10: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	392	7,87	3,16	324	11,28	3,66
Sector secundario	806	16,18	19,25	546	19,01	18,72
Construción	395	7,93	9,92	142	4,94	7,12
Sector servizos	2.630	52,80	50,62	1.358	47,28	55,04
Sen actividade previa	758	15,22	17,04	502	17,48	15,46
TOTAL	4.981	100,00	100,00	2.872	100,00	100,00

Tanto no caso dos demandantes parados como no de non parados, practicamente a metade sitúanse no sector dos servizos. Se comparamos o grupo de parados co de non parados, non se aprecian diferenzas significativas, se ben a maior diferenza na porcentaxe apréciase no caso de parados no sector servizos, que supera á de non parados nun 5,52%.


No caso dos parados, a maior diferenza en relación coa porcentaxe provincial dáse no sector primario, onde os datos para a comarca superan aos da provincia en 4,71 puntos. A maior diferenza en relación coa provincia entre os non parados atópase no sector primario de novo, onde si é maior a diferenza da comarca, que supera á provincia en 7,62 puntos, e no sector servizos, onde prevalece a provincia con 7,76 puntos.

GRÁFICO 8: Demandantes parados na industria.



No subsector da industria, dúas actividades, as de alimentación co 40% e a de fabricación de material de transporte co 30%, recollen case as tres cuartas partes dos demandantes parados.

GRÁFICO 9: Demandantes parados nos servizos.



As tres cuartas partes dos demandantes parados no sector dos servizos, en concreto o 73%, agrúpanse en catro actividades, por esta orde: actividades inmobiliarias e servizos empresariais, co 27%; comercio, co 18%, e administracións públicas e hostalería, ambas rexistran o 14%.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Dependente de comercio, en xeral	728	9,27	9,31
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	680	8,66	7,08
Empregado administrativo, en xeral	653	8,32	8,97
Peón da ind. manufactureira, en xeral	530	6,75	7,42
Cocedor de peixes e mariscos	328	4,18	2,56
Limpador-preparador peixe para conserva	321	4,09	0,62
Camareiro, en xeral	185	2,36	3,12
Mariñeiro de pesca	160	2,04	0,47
Auxiliar de clínica	142	1,81	1,56
Mariñeiro de cuberta, excepto pesca	140	1,78	0,33

TÁBOA 11: Ocupacións máis demandadas.

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Titulación ensinanza obrigatoria	Titulación ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Dependente de comercio	Dependente de comercio
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Bueu	103	7,28
Cangas	871	61,60
Marín	207	14,64
Moaña	233	16,48
TOTAL COMARCA	1.414	100,00

Total ofertas Provincia: 32.805

Comarca/Provincia: 4,31

Na comarca do Morrazo recóllense un total de 1.414 ofertas de emprego, que supoñen o 4,31% da ofertas realizadas na provincia de Pontevedra. Segundo a distribución por concellos, observamos tres tramos. En primeiro lugar está o concello de Cangas, con máis da metade das ofertas; en segundo lugar están Marín e Moaña, que roldan o 15%, e en terceiro lugar Bueu, que ten a metade aproximadamente destes dous últimos -7,28%-.

TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Cangas	848	880	785	786	871	3,77	-10,80	0,13	10,81	0,67
Moaña	59	663	181	218	233	1023,73	-72,70	20,44	6,88	40,97
Marín	132	323	274	603	207	144,70	-15,17	120,07	-65,67	11,90
Bueu	48	102	142	124	103	112,50	39,22	-12,68	-16,94	21,03
TOTAL COMARCA	1.087	1.968	1.382	1.731	1.414	81,05	-29,78	25,25	-18,31	6,80
TOTAL PROVINCIA	22.277	29.137	32.188	35.951	32.805	30,79	10,47	11,69	-8,75	10,16

Esta comarca presenta unha evolución cíclica con altibaixos, pois incrementábase un ano e descende ao seguinte, e así sucesivamente. Malia todo, obsérvase que en conxunto se produce un crecemento dende o ano de inicio, chegando a rexistrarse unha variación media para o período do 6,80%.

A evolución do número de ofertas na provincia é diferente; presenta unha media no período superior á da comarca, 10,16%. Na provincia, prodúcese un incremento continuado ata o ano 2002, para diminuír no ano posterior, tal e como podemos comprobar coa variación interanual negativa para ese ano, -8,75%.

O ano de maior crecemento é sen dúbida o 2000, onde case se chega a duplicar o número de ofertas do ano anterior, presentando unha variación interanual do 81,05%. No 2001 decrece bastante o número de ofertas en todos os concellos, a excepción de Bueu, único concello que presenta unha cifra positiva, incrementándose considerablemente, chega case ao 40%. No ano 2002, o esquema anterior invértese, pasando a ser Bueu o único concello que non medra. Para pechar o período, no 2003 volve a reducirse o número de ofertas, a excepción de Cangas e Moaña, onde se evidencia un crecemento moderado, co 10,81% e 6,68% de variación interanual, respectivamente.

Atendendo á distribución por concellos, os movementos de evolución destes son moi dispares. O que máis medra é o de Moaña, tal e como podemos apreciar na variación media do 40,97%. Este mesmo concello mostra como ano de evolución clave o 2000, chegando a ofrecer unha variación interanual superior ao 1.000%. Pola contra, no ano seguinte descende drasticamente, para iniciar de novo unha moderada evolución. Podemos dicir que a característica do concello que presenta o maior número de ofertas, Cangas, é a do estancamento, xa que a cifra de variación media non chega a ser nin do 1%.

A disparidade de valores na evolución é a nota característica. Podemos comprobar que os concellos que presentan unhas tendencias máis drásticas son Moaña e Marín, como se reflicte na disparidade de valores que acadan neste período.




GRÁFICO 10: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.

5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica.

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Cangas	1	3,70	32	38,55	132	40,24	706	72,34
Moaña	2	7,41	39	46,99	70	21,34	122	12,50
Marín	23	85,19	7	8,43	83	25,30	94	9,63
Bueu	1	3,70	5	6,02	43	13,11	54	5,53
TOTAL COMARCA	27	100,00	83	100,00	328	100,00	976	100,00
TOTAL PROVINCIA	369		3.563		6.015		22.853	

TÁBOA 15: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.

Atendendo á distribución por sectores, o que maior número de ofertas recolle é o sector dos servizos, que representa o 69,02% do total, tal e como poderemos comprobar posteriormente no gráfico de distribución porcentual por sectores. Neste sector case as tres cuartas partes das ofertas son realizadas polo concello de Cangas, que representa o 72,34% do total de ofertas neste ámbito.

O segundo sector en volume é o da construción. Neste, volve a ser Cangas de novo onde se sitúa o maior número de ofertas, se ben non chega a recoller a metade das ofertas, o 40,24%. O segundo concello é Marín, cunha cuarta parte delas, seguido de preto por Moaña. Continuando a orde está o sector secundario. Neste, o concello de Moaña presenta case a metade das ofertas. Séguelle cunha diferenza porcentual de 8,44 puntos o concello de Cangas.

Para pechar a serie está o sector primario, que apenas rexistra ofertas, tan só o 2%. Neste caso o concello de Marín destaca por riba dos outros, co 85,19% do total de ofertas do sector.

O sector servizos representa case dúas terceiras partes do número de ofertas; en segundo lugar está o sector da construción, co 23%.




GRÁFICO 11: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.

GRÁFICO 12: Distribución porcentual das ofertas na industria.





GRÁFICO 13: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



TÁBOA 16: Evolución das ofertas por sectores económicos.

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	17	63	19	47	27
Secundario	108	270	101	88	83
Construción	105	338	356	276	328
Servizos	857	1.297	906	1.320	976
TOTAL COMARCA	1.087	1.968	1.382	1.731	1.414
TOTAL PROVINCIA	22.277	29.137	32.188	35.951	32.805

En todos os sectores se produce un aumento do número de ofertas, exceptuando o sector secundario, que diminúe o seu número cunha variación media anual do 6,37% entre 1999 e 2003. Por sectores, o que experimenta o maior crecemento é o da construción, que triplica o número de ofertas de 1999; a variación neste sector chega a ser do 32,94%. A bastante distancia, cun valor de 12,26%, está o sector primario.

O maior retraemento no número de ofertas dáse en 2001, onde a variación interanual acada un valor de -29,78%, a máis baixa do período. Neste ano todos os sectores decrecen considerablemente, a excepción do da construción, que medra nun 5,33%. No ano 2003 dáse a mesma situación que anteriormente: decrecen todos os sectores, a excepción da construción, que de novo experimenta un crecemento, pero neste caso superior ao anterior, 18,84%.

Por outra banda, o ano en que se rexistra o maior incremento no número de ofertas é o 2000, chegando nalgúns casos, como é o do sector primario, a ofrecer unha variación interanual moi alta.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

Tan só un 10,68% das ofertas poñen o sexo como un dos seus requirimentos. A maior distancia entre sexos no número de ofertas aparece no sector da construción, onde a presenza da muller é case inexistente, co 4%. Pola contra, é no sector dos servizos onde as ofertas realizadas a mulleres chegan a superar ás dos homes, recollendo o 58,33% delas.




GRÁFICO 14: Ofertas por sexo segundo o sector económico da comarca.

Catro de cada dez ofertas solicitan un determinado nivel de estudos. Máis da metade destas ofertas realízanse a persoas sen estudos, o 55,52%. Se a este colectivo lle engadimos as ofertas de persoas con titulación de ensinanza obrigatoria, atopamos que nestes dous grupos se concentran máis das tres cuartas partes das ofertas, en concreto o 83,28%. Tamén cómpre destacar a similitude porcentual entre as ofertas realizadas a persoas con titulación de formación profesional e universitarias, co 8,77% e 7,30% de representación, respectivamente.




GRÁFICO 15: Ofertas por nivel académico da comarca.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

	1999	2000	2001	2002	2003
Albanel	22	147	180	102	99
Camareiro - Barman	49	98	82	99	79
Encofrador	0	47	35	20	53
Peón de albanel/Peón de obras públicas	4	99	34	38	26
Dependente, en xeral	6	31	30	27	26
Axudante de cociña	9	17	26	20	24
Carpinteiro	1	41	16	16	21
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	8	16	23	23	20
Perruqueiro	1	12	7	14	18
Axente comercial / Vendedor	85	35	17	25	18

TÁBOA 17.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

As dúas ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores son as de albanel e camareiro/barman, as cales diminúen o número de ofertas en relación cos anos anteriores, superando só as cifras iniciais de 1999. A terceira ocupación máis ofertada é a de encofrador, que incrementa considerablemente o seu número dende o ano anterior.

TABOA 17.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

	1999	2000	2001	2002	2003
Peón da ind. manufactureira, en xeral	96	27	17	15	146
Peón da construción de edificios	38	14	12	13	68
Albanel	93	83	31	76	53
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	52	1	23	10	41
Estibador	26	0	19	464	18
Mozo carga/descarga, almacén	0	2	9	12	18
Soldador por arco eléctrico, en xeral	23	15	5	9	17
Vixiante de instalacións deportivas	2	0	9	11	17
Técnico de protección civil	21	15	7	26	15
Pintor de edificios	4	0	0	0	15

A ocupación máis ofertada nas oficinas de emprego é a de peón da industria manufactureira con, 146 ofertas no 2003, a cal incrementa nun 873,3% o seu número de ofertas en relación co ano anterior. Na seguinte ocupación máis demandada, peón da construción de edificios, tamén aumenta o número de ofertas en relación co ano anterior, pero nun 423,08%. Pola contra na terceira, a de albanel, diminúe o número de ofertas case á metade en relación co ano de inicio. Tamén cómpre sinalar como moi significativo o incremento que sufriu a ocupación de estibador no ano 2002, onde presenta 464 ofertas, a maior cifra para todas as ocupacións neste período.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
BUEU	1.220	4,54
CANGAS	3.560	13,24
MARÍN	16.315	60,66
MOAÑA	5.801	21,57
TOTAL COMARCA	26.896	100,00
TOTAL PROVINCIA	281.952	9,54

TÁBOA 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

Na comarca do Morrazo realizáronse no ano 2003 un total de 26.896 contratos de traballo, que constitúen o 9,54% dos efectuados na provincia. A maioría dos contratos fixéronse no concello de Marín, onde se rexistra o 60,66%. Se a este lle sumamos os contratos realizados en Moaña, os dous concellos concentran o 82,23% da contratación total da comarca.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
BUEU	1.226	1.400	1.324	1.183	1.220	14,19	-5,43	-10,65	3,13	-0,12
CANGAS	3.108	3.160	2.731	3.319	3.560	1,67	-13,58	21,53	7,26	3,45
MARÍN	15.242	16.614	10.427	16.447	16.315	9,00	-37,24	57,73	-0,80	1,72
MOAÑA	5.242	5.043	5.510	5.170	5.801	-3,80	9,26	-6,17	12,21	2,57
TOTAL COMARCA	24.818	26.217	19.992	26.119	26.896	5,64	-23,74	30,65	2,97	2,03
TOTAL PROVINCIA	268.994	284.771	269.975	277.433	281.952	5,87	-5,20	2,76	1,63	1,18

TÁBOA 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

En conxunto, podemos dicir que na comarca do Morrazo se incrementa sensiblemente o número de contratos no período de 1999 a 2003, tal e como observamos na variación media do 2,03%, que supera a mesma media para a provincia do 1,18%. Todos os concellos experimentan un crecemento moderado, se ben no caso de Bueu isto non sucede, pois permanece practicamente estable, ao presentar unha variación media do -0,12%. O concello que reflite o maior crecemento é Cangas, co 3,45%.

Por anos, é en 2002 cando se recolle o maior crecemento, chegando a unha variación interanual do 30,65%. No polo oposto apreciamos que o maior descenso na contratación se dá xusto no ano anterior, onde a variación é de -23,74%. Tamén hai que dicir que os valores máis extremos, de crecemento e decrecemento, se recollen no concello de maior contratación, Marín. A variación máis alta dáse no 2002, co 57,73%, aparecendo o valor máis baixo xusto no ano anterior, co -37,24%. A característica predominante en todos os concellos é a da variabilidade segundo os anos, sen que amosen unha tendencia continua e estable.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

TÁBOA 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	7.147	2.267	9.414	26,57	8,43	35,00
De 26 a 35 anos	5.150	2.575	7.725	19,15	9,57	28,72
De 36 a 45 anos	3.581	2.091	5.672	13,31	7,77	21,09
De 46 a 55 anos	2.269	1.146	3.415	8,44	4,26	12,70
De 56 e máis anos	411	259	670	1,53	0,96	2,49
TOTAL COMARCA	18.558	8.338	26.896	69,00	31,00	100,00
TOTAL PROVINCIAL	160.314	121.638	281.952	56,86	43,14	100,00

A contratación masculina predomina -69%- sobre a feminina na comarca do Morrazo. Se relacionamos a distribución comarcal coa provincial, podemos observar como a media da primeira está por riba da segunda en 12,14 puntos.

Atendendo á idade dos contratados, evidénciase claramente que a contratación diminúe a medida que incrementamos a idade. Os maiores valores de contratación danse consecutivamente nos tramos de idade máis novos; nos comprendidos entre os que contan con menos de 36 anos sitúase o 63,72% dos contratos.

A contratación masculina predomina en todos os tramos de idade e duplica practicamente os valores da feminina. Se agrupamos os tres primeiros tramos de idade nos homes, vemos que concentran máis da metade da contratación, en concreto o 59,03%. No mesmo tramo pero no caso das mulleres chegamos a recoller a cuarta parte dos contratos, o 25,77%. Sumando os dous colectivos, resulta que a concentración de contratos nos maiores de 56 anos é mínima, pois tan só alberga o 2,49%.

TÁBOA 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.


	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	14.654	16.859	12.718	17.848	18558	15,05	-24,56	40,34	3,98	6,08
Mulleres	10.164	9.358	7.274	8.271	8338	-7,93	-22,27	13,71	0,81	-4,83
TOTAL CONTRATOS	24.818	26.217	19.992	26.119	26896	5,64	-23,74	30,65	2,97	2,03

Se comparamos a evolución da contratación masculina e feminina, evidénciase claramente o crecemento da primeira en relación coa segunda, que presenta un retraemento considerable ao ter unha variación media do -4,83%.

As diferenzas entre ambos os colectivos son notables, se ben no caso dos contratos dos homes debemos apuntar que este grupo sofre as oscilacións máis fortes, rexistrando os valores de variación máis altos e máis baixos, o 40,34% no 2002 e o -24,56% no 2001, respectivamente.

Por outra banda, nas mulleres, dende 1999 ata 2001 apréciase como o número de contratos diminúe considerablemente, para iniciar logo unha etapa de crecemento bastante alto e un estancamento no último ano do período.

GRÁFICO 16: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.



A medida que avanzamos no tempo, incrementáanse as diferenzas entre a contratación masculina e a feminina. Este feito obedece ás cifras de variación interanual, que no caso dos homes están sempre por riba dos valores das mulleres, malia sufrir no 2001 un retraemento máis alto, o cal é compensado no seguinte tramo.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	7.869	8.831	7.214	8.621	9.414	12,23	-18,31	19,50	9,20	4,58
De 26 a 35 anos	8.208	8.383	6.110	8.271	7.725	2,13	-27,11	35,37	-6,60	-1,50
De 36 a 45 anos	5.152	5.687	4.267	5.564	5.672	10,38	-24,97	30,40	1,94	2,43
De 46 a 55 anos	3.056	2.658	1.852	2.956	3.415	-13,02	-30,32	59,61	15,53	2,82
De 56 e máis anos	533	658	549	707	670	23,45	-16,57	28,78	-5,23	5,89
TOTAL CONTRATOS	24.818	26.217	19.992	26.119	26.896	5,64	-23,74	30,65	2,97	2,03

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.

En termos absolutos, o colectivo que experimenta maior aumento é o dos menores de 26 anos, pese a que o que presenta a variación media máis alta sexa o de 56 e máis anos, que tan só inclúe o 2,49% dos contratados. Na vertente contraria temos os de 26 a 35 anos, que rexistran un decrecemento do 1,50%.

Nos dous tramos temporais intermedios é onde se recollen as cifras de recepción e crecemento máis acusadas tanto no ámbito comarcal como para todos os intervalos de idade.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	2.122	7,89
Agricultura e pesca	2.122	7,89
SECTOR SECUNDARIO	4.416	16,42
Industria	4.416	16,42
Electricidade	0	0,00
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1.860	6,92
Construción	1.860	6,92
SECTOR SERVIZOS	18.498	68,78
Comercio e hostalería	2.767	10,29
Transporte e comunicacións	12.870	47,85
Outros servizos	2.861	10,64
TOTAL CONTRATOS	26.896	100,00

TÁBOA 23: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.

A prevalencia do sector servizos sobre o resto é bastante acusada, tal e como se pode comprobar na táboa 23, ao rexistrarse o 68,78% da contratación. En segundo lugar aparece o sector secundario, co 16,42%, seguido polos sectores primario e da construción, que manteñen porcentaxes similares.

Temos que destacar que case a metade dos contratos se centralizan no subsector de transporte e comunicacións, que representa o 47,85% dos contratos efectuados.

Atendendo á diversidade do subsector da industria, a actividade da alimentación concentra o 64% da contratación. A moita distancia séguelle a de fabricación de material de transporte, co 19%. A terceira actividade en importancia é a de metalurxia e fabricación de produtos metálicos, co 7%. Estas tres actividades, en conxunto, representan o 90% dos contratos realizados na industria.





GRÁFICO 17: Distribución porcentual da contratación na Industria.

GRÁFICO 18: Distribución porcentual da contratación nos servizos.



No gráfico 18 obsérvase a prevalencia da actividade de transporte e comunicacións, co 69% dos contratos producidos no sector servizos. En segundo lugar podemos agrupar as actividades inmobiliarias, co 6%, e a de hostalería e comercio, ambas co 7%.

TÁBOA 24: Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e mais
SECTOR PRIMARIO	7,54	0,35	0,71	2,20	2,90	1,87	0,21
Agricultura e pesca	7,54	0,35	0,71	2,20	2,90	1,87	0,21
SECTOR SECUNDARIO	5,53	10,89	4,29	4,82	4,18	2,74	0,39
Industria	5,53	10,89	4,29	4,82	4,18	2,74	0,39
Electricidade	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
SECTOR CONSTRUCCIÓN	6,63	0,28	2,83	2,03	1,07	0,74	0,24
Construción	6,63	0,28	2,83	2,03	1,07	0,74	0,24
SECTOR SERVIZOS	49,29	19,48	27,17	19,66	12,94	7,35	1,65
Comercio e hostalería	3,74	6,55	4,73	2,93	1,61	0,72	0,29
Transporte e comunicacións	41,29	6,56	19,35	12,92	8,92	5,54	1,12
Outros servizos	4,27	6,37	3,09	3,81	2,41	1,09	0,24
TOTAL CONTRATOS	69,00	31,00	35,00	28,72	21,09	12,70	2,49

Cómpre destacarmos na comarca a prevalencia masculina en case todos os sectores en termos globais, destacando a concentración producida no subsector de transporte e comunicacións, onde se atopan o 41,29% dos contratos. Porén, hai a excepción do sector da industria, no que predominan claramente as mulleres sobre os homes -10,89% fronte ao 5,53%-. Ademais, nos subsectores de comercio e hostalería e mais en outros servizos tamén predomina a contratación feminina, representando case o 13% dos contratos do sector. Por outra banda, nos sectores primario e da construción predomina a contratación masculina.

O maior volume contractual atópase no sector dos servizos e nos tramos de idade de menores de 26 anos ata 35, onde se sitúan máis da metade dos contratos, en concreto o 63,72%. Nos sectores de construción e servizos as porcentaxes maiores aparecen nos tramos de menores de 26 anos, mentres que no primario e secundario recóllense as porcentaxes máis altas de contratos nos tramos de 36 a 45 e de 26 a 35 anos, respectivamente.

TÁBOA 25: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
SECTOR PRIMARIO	2.346	2.061	505	2.237	2.122	-12,15	-75,50	342,97	-5,14	-2,48
Agricultura e pesca	2.346	2.061	505	2.237	2.122	-12,15	-75,50	342,97	-5,14	-2,48
SECTOR SECUNDARIO	7.438	6.511	3.794	4.267	4.416	-12,46	-41,73	12,47	3,49	-12,22
Industria	7.437	6.505	3.794	4.267	4.416	-12,53	-41,68	12,47	3,49	-12,22
Electricidade	1	6	0	0	0	500,00	-100,00			-100,00
S. CONSTRUCCIÓN	1.426	1.617	1.710	1.740	1.860	13,39	5,75	1,75	6,90	6,87
Construción	1.426	1.617	1.710	1.740	1.860	13,39	5,75	1,75	6,90	6,87
SECTOR SERVIZOS	13.608	16.028	13.983	17.772	18.498	17,78	-12,76	27,10	4,09	7,98
Comercio e hostalería	2.268	2.338	2.451	2.583	2.767	3,09	4,83	5,39	7,12	5,10
Transporte e comunicacións	8.525	11.136	8.533	12.094	12.870	30,63	-23,37	41,73	6,42	10,85
Outros servizos	2.815	2.554	2.999	3.095	2.861	-9,27	17,42	3,20	-7,56	0,41
TOTAL CONTRATOS	24.818	26.217	19.992	26.119	26.896	5,64	-23,74	30,65	2,97	2,03

Malia que a contratación no Morrazo medra, tal e como se aprecia na suma das variacións medias para o período de referencia, a evolución dos diferentes sectores é bastante dispar, rexistrando as súas variacións máis polarizadas nos tramos anuais intermedios.

O sector que máis medra é o de servizos -variación media de 7,98%-, destacando a evolución claramente positiva do subsector de transporte e comunicacións -10,98%-. Este sector en todo o período só rexistra unha diminución contractual no ano 2001, incrementando o seu número en todos os demais anos. Este feito non se aparta da evolución do resto de sectores, xa que esta tendencia maniféstase claramente en todos, a excepción do sector da construción, que presenta valores positivos en todos os períodos.

Na construción as variacións son máis moderadas que no resto de sectores, chegando a converterse no segundo sector que experimenta o crecemento máis forte. Só no último tramo temporal é o da construción o que rexistra o valor máis alto, co 6,90%.

Analizando polo miúdo, hai que sinalar que no sector primario se rexistra no ano 2002 un crecemento moi importante, co 342,97%. Este crecemento tamén é posterior ao descenso de contratos máis alto en todos os sectores, co -75,50%, o que dá como balance do período unha variación media de -2,48%.

No sector secundario, fronte á tendencia de redución de contratos ata o ano 2001, iníciase unha liña de recuperación importante que no último ano tende a crecer máis moderadamente.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

Na comarca do Morrazo pódese apreciar a prevalencia evidente das formas de contratación temporal sobre o resto. Se lle sumamos á contratación temporal a tempo completa a de a tempo parcial, apréciase que o 94% da contratación se concentra nestas dúas formas. Pola contra, a contratación indefinida é practicamente inexistente, pois só rexistra o 4%, sumando a de tempo completo e parcial.




GRÁFICO 19: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	2,39	0,54	0,42	0,83	0,93	0,65	0,10
Indefinido tempo parcial	0,28	0,38	0,18	0,21	0,14	0,09	0,03
Temporal	62,32	23,59	29,30	24,76	18,45	11,27	2,12
Temporal tempo parcial	2,40	5,73	3,41	2,59	1,41	0,52	0,19
Prácticas/Formación	1,19	0,71	1,63	0,20	0,04	0,03	0,00
Outros	0,42	0,06	0,06	0,13	0,11	0,15	0,05
TOTAL CONTRATOS	69,00	31,00	35,00	28,72	21,09	12,70	2,49

TÁBOA 26: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

A prevalencia da contratación temporal é a nota predominante. No caso da primeira fórmula, a temporal a tempo completo, a contratación masculina dobra amplamente á feminina. Pola contra, no caso da contratación a tempo parcial, a situación anterior invértese, rexistrando o dobre de contratos as mulleres que os homes. No caso da contratación indefinida, volve a repetirse a tendencia anterior para a contratación temporal, se ben neste caso as diferenzas entre colectivos non son tan acusadas.

Segundo a distribución por idades, repítese a fórmula temporal como a máis utilizada en todos os tramos, decrecendo en importancia numérica a medida que imos incrementando a idade. Temos que dicir que só o 54,06% da contratación temporal a tempo completo se concentra nos tramos de idade de menores de 26 ata 35 anos. No caso da contratación indefinida, os valores máis altos aparecen no grupo de 36 a 45 anos, co 1,07%, se sumamos as dúas fórmulas. A continuación estaría o grupo de idade anterior.

TABOA 27: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

	PRIMARIO	SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS			
	Agr. Gand.	Industr.	Electric.		Construc.	Comerc.	Transp.	Outros
Indefinido	1,84	0,19	0,00	0,19	0,18	0,41	0,08	0,22
Indefinido tempo parcial	0,02	0,03	0,00	0,03	0,00	0,46	0,01	0,12
Temporal	5,95	15,32	0,00	15,32	5,70	4,87	47,66	6,41
Temporal tempo parcial	0,07	0,64	0,00	0,64	0,45	4,06	0,10	2,81
Prácticas/Formación	0,00	0,24	0,00	0,24	0,58	0,48	0,00	0,59
Outros	0,01	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,48
TOTAL CONTRATOS	7,89	16,42	0,00	16,42	6,92	10,29	47,85	10,64

Máis da metade dos contratos, o 58,94%, son temporais a tempo completo e realízanse no sector dos servizos. Se atendemos á distribución por subsectores, vemos que case o 50% dos contratos están no de transporte e comunicacións. A segunda maior concentración dáse no sector secundario, co 15,32%, seguido do sector primario, co 5,95%, porcentaxe similar á da construción.

Se facemos referencia á contratación indefinida a tempo completo, esta acada maiores proporcións no sector primario. No caso desta pero a tempo parcial, os maiores valores rexístranse nos servizos.

TABOA 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	1.412	1.321	904	1.104	788	-6,44	-31,57	22,12	-28,62	-13,57
Indefinido tempo parcial	189	238	210	276	176	25,93	-11,76	31,43	-36,23	-1,77
Temporal	20.913	21.553	13.266	19.800	23.106	3,06	-38,45	49,25	16,70	2,52
Temporal tempo parcial	1.588	1.608	1.835	1.972	2.185	1,26	14,12	7,47	10,80	8,31
Prácticas/Formación	462	509	452	541	510	10,17	-11,20	19,69	-5,73	2,50
Outros	254	988	3.325	2.426	131	288,98	236,54	-27,04	-94,60	-15,26
TOTAL CONTRATOS	24.818	26.217	19.992	26.119	26.896	5,64	-23,74	30,65	2,97	2,03

A tendencia na contratación temporal reflite un crecemento moderado no caso de contratos a tempo completo, se ben no caso dos parciais o crecemento é máis acusado, chegando a recoller o valor máis alto de variación co 8,31%. Os contratos en prácticas ou formación tamén medran na mesma proporción que os temporais a tempo completo.

No caso dos contratos temporais, reflítese unha tendencia con fortes oscilacións nos tramos de tempo intermedios, amosando un valor de crecemento no último ano máis moderado que o anterior -variación interanual de 16,7%, 49,25% en 2001-2002-. Nos contratos temporais a tempo parcial rexístranse sempre valores de crecemento, aínda que con altibaixos xeneralizados. Os contratos indefinidos só presentan un valor de crecemento no ano 2002; no resto só rexistran valores negativos.

Ante estes feitos podemos dicir que a evolución de todos os sectores é moi inestable, presentando unhas variacións considerablemente elevadas. Tamén se pode dicir que o crecemento da contratación temporal está relacionado co decrecemento das fórmulas indefinidas.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	TOTAL CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	26	0,10
HOMES	17	0,06
MULLERES	9	0,03
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	542	2,02
HOMES	293	1,09
MULLERES	249	0,93
3. Técnicos e profesionais de apoio	776	2,89
HOMES	633	2,35
MULLERES	143	0,53
4. Empregados de tipo administrativo	656	2,44
HOMES	189	0,70
MULLERES	467	1,74
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	2.271	8,44
HOMES	633	2,35
MULLERES	1.638	6,09
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	1.388	5,16
HOMES	1.305	4,85
MULLERES	83	0,31
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	3.621	13,46
HOMES	2.609	9,70
MULLERES	1.012	3,76
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	6.729	25,02
HOMES	6.438	23,94
MULLERES	291	1,08
9. Traballadores non cualificados	10.887	40,48
HOMES	6.441	23,95
MULLERES	4.446	16,53
TOTAL CONTRATOS	26.896	100,00
TOTAL HOMES	18.558	69,00
TOTAL MULLERES	8.338	31,00

TABOA 29: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

A teor da distribución anterior, tres grupos de ocupación representan máis das tres cuartas partes dos contratados:

- Traballadores non cualificados -40,48%-.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores -25,02%-.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería -13,46%-.

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina

- Traballadores non cualificados -23,95%-.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores -23,94%-.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería - 9,70%-.
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca -4,85%-.

Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina

- Traballadoras non cualificadas -16,53%-.
- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio -6,09%-.
- Empregadas de tipo administrativo -1,74%-.
- Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras -1,08%-.

Atendendo á situación de que a contratación é maiormente masculina -69% fronte ao 31%-, temos que destacar que só en dous grupos de contratación se concentra case a metade de toda a contratación realizada na comarca, en concreto o 47,89%. Estes dous grupos son os de operadores de instalacións e maquinaria e montadores e o de traballadores non cualificados.

Das ocupacións expostas na táboa, obsérvase que predomina a contratación dos homes en todos os grupos de contratación, excepto nos casos de:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio -6,09% mulleres, 2,35% homes-.
- Empregadas de tipo administrativo -1,74% fronte ao 0,7% dos homes-.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas.

TÁBOA 30: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO MASCUL. ¹
		N.º	%	N.º	%	N.º	%	
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	7.551	28,07	4.465	24,06	3.086	37,01	59,13
85420223	Estibador	6.079	22,60	5.875	31,66	204	2,45	96,64
98000050	Mozo carga/descarga, almacén	2.018	7,50	1.355	7,30	663	7,95	67,15
63230055	Mariñeiro de pesca	1.144	4,25	1.118	6,02	26	0,31	97,73
50200018	Camareiro, en xeral	903	3,36	283	1,52	620	7,44	31,34
71100016	Albanel	879	3,27	863	4,65	16	0,19	98,18
78010233	Cocedor de peixes e mariscos	579	2,15	6	0,03	573	6,87	1,04
53300010	Dependente de comercio, en xeral	537	2,00	91	0,49	446	5,35	16,95
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	411	1,53	40	0,22	371	4,45	9,73
42100010	Empregado administrativo, en xeral	387	1,44	119	0,64	268	3,21	30,75
TOTAL		20.488	76,17	14.215	76,60	6.273	75,23	69,38

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

O 50,67% dos contratos realizados concéntrase nas dúas primeiras ocupacións: peón da industria manufactureira e estibador. A continuación aparece a de mozo de carga-descarga, co 7,50%. O resto da contratación repártese no resto de ocupacións sen grandes diferenzas entre elas. Nas dúas ocupacións

máis representativas a contratación feminina é moi baixa, e hai unha ratio de masculinidade moi alta para a de estibador -96,64%- e máis moderada no caso de peón da industria manufactureira -59,13%-.

Nunha metade das ocupacións predominan os homes e noutra as mulleres. Os homes predominan en:

- Albanel -ratio de masculinidade de 98,18%-.
- Mariñeiro en xeral -97,73%-.
- Estibador -96,64%-.
- Mozo de carga/descarga, almacén -67,15%-.

Pola contra, as mulleres predominan nas ocupacións de:

- Cocedora de peixes e mariscos -ratio de masculinidade de 1,04%-.
- Muller/Mozo da limpeza -9,73%-.
- Dependenta de comercio, en xeral -16,95%-.
- Empregada administrativa -30,75%-.
- Camareira -31,34%-.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	9.800	10.950	6.312	6.750	7.551
85420223	Estibador	4.609	3.597	2.356	5.979	6.079
98000050	Mozo carga/descarga, almacén	200	836	1.622	1.330	2.018
63230055	Mariñeiro de pesca	1.306	1.245	267	1.239	1.144
50200018	Camareiro, en xeral	607	626	688	781	903
71100016	Albanel	742	776	875	893	879
78010233	Cocedor de peixes e mariscos	334	702	564	1.567	579
53300010	Dependente de comercio, en xeral	511	588	637	626	537
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	309	295	352	350	411
42100010	Empregado administrativo, en xeral	405	394	457	469	387
96020014	PEÓN DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	345	250	279	278	348
78010194	LIMPADOR-PREPARADOR PEIXE PARA CONSERVA	1.025	188	554	356	242
97000141	EMBALADOR, EMPAQUETADOR, ETIQUETADOR Á MAN	16	614	319	217	8


TABOA 31: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.

Na ocupación maioritaria, a de peón da industria manufactureira, incrementábase o número de contratos no 2003 en relación co ano anterior nun 11,87%, se ben está bastante por debaixo dos realizados nos anos 2000 e 1999. Na segunda ocupación máis contratada a tendencia en liñas xerais presenta unha evolución continuada, representando no último ano un crecemento do 1,67% en relación co ano anterior.

Das trece ocupacións sinaladas, a metade decrecen no 2003 en número en relación co ano anterior, tal e como apreciamos a continuación nas variacións interanuais. Estas son:

- Empregado administrativo: -17,48%.
- Dependente de comercio: -14,22%.
- Albanel: -1,57%.
- Limpador preparador de peixe: -32,02%.
- Cocedor de peixes e mariscos: -63,05%.
- Mariñeiro de pesca: -7,67%.

Das tres ocupacións que saen da lista das dez máis contratadas -peón da construción de edificios, limpador-preparador de peixe para conserva e emba-lador- cómpre sinalar o forte descenso desde 1999 da ocupación de limpador-preparador de peixe para conserva.



Comarca do Salnés



5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

En termos xerais, a comarca do Salnés incrementa tanto o seu número de empresas como o de traballadores por conta allea e autónomos. Este crecemento é moderado, presentando unha variación media para o número de empresas do 3,54%. No caso dos traballadores, esta variación media para o conxunto do período 1999-2003 é do 8,36% e no caso dos autónomos do 7,99%.


No caso das empresas, en case todos os sectores incrementábase o seu número, a excepción do sector primario, que mingua o seu número ao pasar de 583 empresas en 1999 a 551 no 2003. Todos os sectores incrementan o seu número de traballadores sen excepción, e resulta curioso o incremento no sector primario no 2000. No caso dos autónomos dáse un paralelismo coa situación anterior, movéndonos entre unhas cifras absolutas máis moderadas que as que amosa o número de traballadores.

5.1.2. Evolución anual

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	583	551	556	594	551
Agricultura e pesca	583	551	556	594	551
SECTOR SECUNDARIO	476	477	473	477	493
Industria	471	473	469	473	489
Electricidade	5	4	4	4	4
SECTOR CONSTRUCCIÓN	771	796	808	838	873
Construción	771	796	808	838	873
SECTOR SERVIZOS	2.163	2.278	2.407	2.561	2.673
Comercio e hostalería	1.301	1.361	1.416	1.502	1.590
Transporte e comunicacións	166	174	190	195	191
Outros servizos	696	743	801	864	892
TOTAL	3.993	4.102	4.244	4.470	4.590

TÁBOA 1: Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.



Na comarca do Salnés a evolución do número de empresas en termos absolutos presenta unha tendencia ao aumento moderado para todo o período de 1999 a 2003 -variación media do 3,54%-. O número de empresas incrementábase dende o inicio ata o final nun total de 597.

Se temos en conta a distribución por sectores, observamos que en todos se produce un aumento do número de empresas, a excepción do sector primario, que diminúe o seu número en 32 empresas; cabe citar a variación interanual negativa experimentada no período 2002-2003 do -7,24%. No mesmo sector tamén se recolle o valor máis alto de variación interanual de todos os sectores, 6,83%, no tramo comprendido entre 2001 e 2002.


Temos que destacar que máis do 50% das empresas están situadas no sector servizos, onde o subsector de comercio e hostalería é o máis extenso, co 34,64% do total de empresas. Neste sector, pese ao incremento de empresas ano tras ano, no último tramo prodúcese un crecemento máis baixo. Malia todo, este sector é o que máis medra en conxunto, aumentando en 510 empresas o seu número dende 1999 ata o 2003.

En termos globais, a variación interanual máis alta rexístrase no período 2001-2002 -5,33%-, seguida pola que se produce no intervalo temporal anterior -3,46%-.

TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	2.220	5.531	5.740	5.659	5.582
Agricultura e pesca	2.220	5.531	5.740	5.659	5.582
SECTOR SECUNDARIO	4.441	4.655	4.381	4.678	4.538
Industria	4.385	4.600	4.320	4.612	4.473
Electricidade	56	55	61	66	65
SECTOR CONSTRUCIÓN	3.507	3.807	4.192	4.077	4.105
Construción	3.507	3.807	4.192	4.077	4.105
SECTOR SERVICIOS	8.059	8.502	9.629	10.429	10.905
Comercio e hostalería	4.590	4.803	5.257	5.566	5.960
Transporte e comunicacións	672	698	774	831	869
Outros servizos	2.797	3.001	3.598	4.032	4.076
TOTAL	18.227	22.495	23.942	24.843	25.130

GRÁFICO 2: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.



En termos absolutos, na comarca do Salnés incrementábase o número de traballadores dende 1999 ata o 2003 en 6.903 persoas. Temos que destacar que, igual que sucede co número de empresas, o sector servizos aumenta no período de referencia cunha variación media do 7,85%.

Todos os sectores aumentan o seu número de traballadores, incluído o sector primario, pese a que diminúe o número de empresas. Hai que destacar que o sector primario ocupa o segundo lugar, agrupando o 22,21% dos traballadores cunha variación interanual moi notable no ano 2000, chegando a ser do 149,14%.

A evolución positiva do número de traballadores ano tras ano é constante no conxunto dos sectores, se ben a maior variación se dá entre os anos 1999-2000 -23,42%-. Así mesmo, a variación media do período 1999-2003 é do 8,36%.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	26	37	39	48	57
Agricultura e pesca	26	37	39	48	57
SECTOR SECUNDARIO	409	490	551	555	536
Industria	407	488	549	553	534
Electricidade	2	2	2	2	2
SECTOR CONSTRUCCIÓN	837	925	1.053	1.118	1.175
Construción	837	925	1.053	1.118	1.175
SECTOR SERVICIOS	3.283	3.555	3.907	4.177	4.426
Comercio e hostalería	2.274	2.458	2.714	2.907	3.090
Transporte e comunicacións	355	358	378	385	397
Outros servizos	654	739	815	885	939
TOTAL	4.555	5.007	5.550	5.898	6.194

TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

Na comarca do Salnés, no período analizado, atopamos unha tendencia ao crecemento moderado no número de autónomos, incrementando o seu número nun total de 1.639 autónomos. O sector primario é o que presenta os maiores valores de variación interanual - 42,31% no 1999-2000 e 23,08% no 2001-2002-, malia que é o que recolle as cifras absolutas máis baixas, polo cal esta evolución non é moi significativa se temos en conta datos absolutos. O único sector que presenta unha diminución nalgún tramo do período é o secundario, segundo informa a variación interanual para 2002-2003, que é do -3,42%.

O sector punteiro é o de servizos, que agrupa o 71,46% do total de autónomos da comarca, seguido polo da construción, co 18,96%.

A variación interanual máis alta para o conxunto de todos os sectores aparece no tramo 2000-2001 -10,84%-, dándose un valor semellante no tramo anterior -9,92%-.




GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello


TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Illa de Arousa	272	121	393
Cambados	1.003	509	1.512
Meaño	323	172	495
Meis	253	103	356
O Grove	1.175	327	1.502
Ribadumia	332	132	464
Sanxenxo	930	517	1.447
Vilagarcía de Arousa	2.512	1.232	3.744
Vilanova de Arousa	809	326	1.135
TOTAL	7.609	3.439	11.048

% comarca/provincia - PARADOS 13,50

% comarca/provincia - NON PARADOS 11,99

GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.



Na comarca do Salnés rexístranse un total de 11.048 demandantes de emprego, dos cales o 68,87% están en situación de desemprego. Segundo a distribución por concellos, observamos o papel predominante de Vilagarcía de Arousa sobre o resto, que recolle o 38,89% do total dos demandantes. Pódese dicir que nun segundo lugar están os concellos de Cambados, O Grove e Sanxenxo, que rexistran unha porcentaxe similar de demandantes -13,68%, 13,59% e 13,10% respectivamente-, seguidos de Vilanova de Arousa,

co 10,27% do total. O resto de concellos da comarca están, como podemos comprobar na táboa, por debaixo dos 500 demandantes.

En relación coa provincia de Pontevedra, a porcentaxe de demandantes parados que representa a comarca do Salnés é do 13,50%; a porcentaxe para os demandantes non parados é algo menor, 11,99%.

5.2.2. Evolución dos demandantes parados

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	7.098	7.114	6.588	6.639	7.609
VARIACIÓN INTERANUAL %		0,23	-7,39	0,77	14,61
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	14,08	14,27	13,43	12,48	13,50

O número de demandantes parados aumenta na comarca en 511 persoas para o período comprendido entre 1999 e 2003, pasando de representar este colectivo o 14,08% de demandantes da provincia no primeiro ano ao 13,50% no último. Observando a evolución que se produce no número de demandantes parados, podemos sinalar a diminución de demandantes parados entre os anos 2000 e 2001, destacando o aumento producido no último tramo 2002-2003 -14,61%-.

Tras o descenso do número de demandantes parados que se produce no ano 2001, iníciase unha temporada de crecemento que vai ata o ano 2003, incrementándose en 1.021 persoas o número de demandantes desempregados no período comprendido entre os dous anos.




GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.078	9,76	11,42
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	6.531	59,11	54,86
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	314	2,84	3,82
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.195	10,82	12,34
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	511	4,63	5,80
	En expediente de regulación de emprego	229	2,07	1,28
	Demandantes de mellora de emprego	873	7,90	7,00
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	200	1,81	2,89
	Resto de demandantes	117	1,06	0,60
TOTAL		11.048	100,00	100,00

TÁBOA 6: Situación laboral dos demandantes

Na comarca do Salnés a maioría dos demandantes de emprego son persoas que xa tiveron algunha experiencia laboral previa pero que actualmente están desempregados; a porcentaxe que acadan é o 59,11% do total, superando a media provincial, que se sitúa a algo máis de 4 puntos por baixo.

Nun segundo lugar está o grupo de demandantes ocupados con emprego anterior, co 10,82%, amosando unha porcentaxe similar ao valor provincial. A pouca distancia sitúase o grupo de demandantes parados sen experiencia laboral previa, co 9,76% do total -11,42% na provincia-.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	548	1.000	7,20	13,14	20,34	19,33
26 a 35 anos	813	1.638	10,68	21,53	32,21	30,92
36 a 45 anos	552	1.206	7,25	15,85	23,10	21,51
46 a 55 anos	466	688	6,12	9,04	15,17	17,42
56 e máis anos	346	352	4,55	4,63	9,17	10,83
TOTAL COMARCA	2.725	4.884	35,81	64,19	100,00	13,50
TOTAL PROVINCIA	21.790	34.575	38,66	61,34	13,50	100,00

A maioría dos demandantes parados da comarca son mulleres -64,19%- e superan levemente -en 2,85 puntos- a porcentaxe da provincia de Pontevedra.

Segundo a distribución por idade, a parte máis importante dos demandantes teñen entre 26 e 35 anos; representan o 32,21% do total e volven a superar lixeiramente a media provincial. A xuventude dos demandantes vén sinallada polo feito de que un de cada dous ten menos de 36 anos.

Segundo a distribución por idade e sexo, no tramo das mulleres de 26 a 35 anos sitúase o 21,53% dos demandantes. A seguinte porcentaxe máis alta para o total de demandantes rexístrana tamén as mulleres no tramo de idade seguinte, co 15,85%. Cómpre destacarmos que o número de mulleres demandantes no tramo máis representativo, de 26 a 35 anos, duplica de sobra o número de homes -21,53% sobre 10,68%-.

No caso dos homes, o sector máis representativo ten entre 26 e 35 anos, o cal representa o 10,68% do total de demandantes parados. A evolución segue a mesma dinámica que para as mulleres, rexistrando o seguinte tramo en idade o segundo valor e o anterior o terceiro valor máis alto.

TÁBOA 7.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	288	378	8,37	10,99	19,37	19,01
26 a 35 anos	355	647	10,32	18,81	29,14	28,25
36 a 45 anos	244	550	7,10	15,99	23,09	21,24
46 a 55 anos	199	395	5,79	11,49	17,27	18,04
56 e máis anos	201	182	5,84	5,29	11,14	13,47
TOTAL COMARCA	1.287	2.152	37,42	62,58	100,00	11,99
TOTAL PROVINCIA	10.780	17.899	37,59	62,41	11,99	100,00

A maioría dos demandantes non parados son mulleres, igual que no caso dos demandantes parados, representando o 62,58% do total. Neste caso a porcentaxe é practicamente similar á da provincia -62,41%-. Ademais, a proporción dos que teñen menos de 36 anos é do 48,51%.

Segundo a distribución por sexo e idade, a porcentaxe máis alta atópase nas mulleres de 26 a 35 anos, co 18,81% do total; despois vén en orde de importancia o seguinte tramo en idade, co 15,99%. No caso dos homes a porcentaxe máis alta tamén se rexistra no intervalo de 26 a 35 anos, co 10,32%; nun segundo lugar estarían os menores de 26 anos, cun 8,37% dos demandantes.

Tras a análise realizada con anterioridade, podemos concluír que o número de demandantes parados dobra aproximadamente ao de ocupados. A maioría dos demandantes concéntranse no tramo de 26 a 35 anos, seguido do tramo posterior en idade, situándose nun terceiro lugar o de menos de 26 anos. Tamén apreciamos un claro paralelismo en canto á distribución por sexo e idade entre os demandantes parados e os non parados.




GRÁFICO 6: Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.

Tanto no caso dos demandantes parados como dos non parados o número de mulleres case dobra ao número de homes.




GRÁFICO 7: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	2.266	29,78	30,37
Titulación de ensinanza obrigatoria	3.521	46,27	39,89
Formación profesional	425	5,59	6,19
BUP/Bacharelato superior/COU	754	9,91	11,93
Titulados universitarios	501	6,58	9,08
Outras titulacións	142	1,87	2,54
TOTAL	7.609	100,00	100,00

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

TÁBOA 8.1: Distribución dos demandantes parados por nivel académico.

Dos 7.609 demandantes parados na comarca, o 76,05% teñen como máximo a titulación de ensinanza obrigatoria. Sumando os dous grupos, supérase a media provincial, que se sitúa no 70,26%.

Igual que sucede na provincia, o seguinte grupo que recolle maior número de demandantes é o de BUP/Bacharelato superior/COU -9,91%- , seguido das ensinanzas universitarias -6,58%-; en ambos os casos maniféstanse porcentaxes que están por debaixo das medias provinciais, que son do 11,93% e 9,08% respectivamente.

TÁBOA 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	1.073	31,20	32,64
Titulación de ensinanza obrigatoria	1.430	41,58	35,31
Formación profesional	172	5,00	6,04
BUP/Bacharelato superior/COU	383	11,14	13,79
Titulados universitarios	320	9,31	10,49
Outras titulacións	61	1,77	1,73
TOTAL	3.439	100,00	100,00

A maior parte dos demandantes non parados da comarca do Salnés teñen a titulación de ensinanza obrigatoria -41,58%-, un valor que supera á porcentaxe provincial en 6,27 puntos. O seguinte colectivo que agrupa máis demandantes non chega a ter nin a titulación de ensinanza obrigatoria, representando o 31,20% do total.

Os seguintes grupos con maior representación son os de BUP/Bacharelato superior/COU, co 11,14%, e o de titulados universitarios, co 9,31%, igual que sucedía no caso dos demandantes parados.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	6,20	0,71	0,29	7,20
	Mulleres	10,19	1,51	1,45	13,14
26 a 35 anos	Homes	7,96	1,42	1,30	10,68
	Mulleres	14,71	2,63	4,19	21,53
36 a 45 anos	Homes	5,15	0,93	1,17	7,25
	Mulleres	10,79	1,24	3,82	15,85
46 a 55 anos	Homes	3,60	0,72	1,80	6,12
	Mulleres	5,16	0,62	3,26	9,04
56 e máis anos	Homes	1,66	0,59	2,30	4,55
	Mulleres	1,49	0,42	2,72	4,63
TOTAL COMARCA		66,91	10,79	22,30	100,00
TOTAL PROVINCIA		52,82	14,49	32,69	100,00

A maioría dos demandantes parados, o 66,91%, son parados de menos de 6 meses, e superan notablemente a media provincial en 14 puntos. O seguinte grupo en importancia leva máis dun ano sen atopar emprego -22,30%, fronte ao 32,96% na provincia-.

Atendendo á distribución por sexo e idade, o colectivo de mulleres de 26 a 35 anos presenta unha porcentaxe do 14,71%, seguido en orde de importancia polo mesmo colectivo pero no tramo de idade posterior, co 10,79%, e o anterior, co 10,19%.

Entre os que levan buscando emprego menos de seis meses, un 42,34% son mulleres e un 24,57% homes. Esta preeminencia do colectivo feminino vólvese a visualizar para os parados de longa duración -15,44% fronte ao 6,86%-.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	232	3,05	3,16	108	3,14	3,66
Sector secundario	1.539	20,23	19,25	713	20,73	18,72
Construcción	782	10,28	9,92	255	7,41	7,12
Sector servicios	3.992	52,46	50,62	1.946	56,59	55,04
Sen actividade previa	1.064	13,98	17,04	417	12,13	15,46
TOTAL	7.609	100,00	100,00	3.439	100,00	100,00

TÁBOA 10: Demandantes por actividade económica.

No caso dos demandantes parados, máis do 50% proceden do sector dos servizos. O seguinte sector onde aparece maior número de demandantes é o secundario, co 20,23%. Estas dúas porcentaxes son similares ás provinciais, se ben un pouco por debaixo estas últimas. O sector minoritario é o primario, pois só conta co 3,05% dos demandantes.

No caso dos demandantes non parados, repítese a mesma situación; de novo é o sector servizos o que aglutina a maior parte, o 56,59%; nun segundo lugar está o sector secundario, co 20,73%. En relación cos valores provinciais, apenas hai variacións significativas na distribución segundo os sectores.

Na industria a maioría dos demandantes parados circunscribíense nas actividades de alimentación, representando o 71%. A unha notable distancia sitúanse outras industrias e as actividades do téxtil -9% e 5%, respectivamente-.




GRÁFICO 8: Demandantes parados na industria.

A maioría dos demandantes do sector servizos concéntranse en catro actividades. A que aglutina maior número de demandantes parados é a da hostalería, co 31%, seguida polas de actividades inmobiliarias e servizos empresariais, co 23%.




GRÁFICO 9: Demandantes parados nos servizos.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 11: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Cocedor de peixes e mariscos	1.290	11,68	2,56
Dependente de comercio, en xeral	968	8,76	9,31
Empregado administrativo, en xeral	840	7,60	8,97
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	690	6,25	7,08
Camareiro, en xeral	559	5,06	3,12
Peón da ind. manufactureira, en xeral	437	3,96	7,42
Albanel	377	3,41	2,15
Cociñeiro, en xeral	256	2,32	1,79
Peón da construción de edificios	208	1,88	1,75
Camareira/o de pisos (hostalería)	148	1,34	0,90

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Titulación ensinanza obrigatoria	Titulación ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Cocedor de peixes e mariscos	Dependente de comercio

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Meaño	104	2,82
A Illa de Arousa	17	0,46
Vilanova de Arousa	99	2,68
Vilagarcía de Arousa	1.079	29,26
Sanxenxo	323	8,76
Meis	82	2,22
O Grove	215	5,83
Cambados	1.626	44,09
Ribadumia	143	3,88
TOTAL COMARCA	3.688	100,00

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	32.805
COMARCA/PROVINCIA:	11,24

Dos nove concellos existentes na comarca do Salnés, só dous deles xa acaparan case o 75% das ofertas. Estes concellos son Cambados, que recolle o 44,09%, e Vilagarcía de Arousa, co 29,26%. O resto de ofertas repártense entre todos os concellos, sobresaíndo, en certa medida, Sanxenxo, co 8,76% de ofertas realizadas na comarca.

No conxunto da provincia de Pontevedra, a comarca do Salnés representa o 11,24% do total das ofertas.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
Cambados	711	1.379	1.262	1.202	1.626	93,95	-8,48	-4,75	35,27	22,97
Vilanova de Arousa	88	82	81	134	99	-6,82	-1,22	65,43	-26,12	2,99
A Illa de Arousa	2	3	6	14	17	50,00	100,00	133,33	21,43	70,75
Ribadumia	19	40	88	63	143	110,53	120,00	-28,41	126,98	65,63
Vilagarcía de Arousa	764	1.324	1.018	1.310	1.079	73,30	-23,11	28,68	-17,63	9,01
Sanxenxo	145	518	483	316	323	257,24	-6,76	-34,58	2,22	22,17
O Grove	144	400	301	231	215	177,78	-24,75	-23,26	-6,93	10,54
Meis	5	51	59	85	82	920,00	15,69	44,07	-3,53	101,24
Meaño	7	57	93	85	104	714,29	63,16	-8,60	22,35	96,33
TOTAL COMARCA	1.885	3.854	3.391	3.440	3.688	104,46	-12,01	1,45	7,21	18,27
TOTAL PROVINCIA	22.277	29.137	32.188	35.951	32.805	30,79	10,47	11,69	-8,75	10,16


TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

Se atendemos á evolución das ofertas no período de referencia, observamos que no ano 2000 se realizan o maior número delas, presentando ao mesmo tempo a variación interanual máis elevada de todo o período -104,46%-. Neste tramo tamén se observa o valor máis alto para a provincia, o 30,79%, moi por debaixo da comarca. Observando os datos, todos os concellos presentan o valor máis elevado no tramo de 1999-2000, a excepción de Vilanova, que o ten no 2001-2002, da Illa de Arousa -no 2001-2002- e de Ribadumia -no 2002-2003-.

Tendo en conta a variación media experimentada en todo o período analizado para todos os concellos, Meis, Meaño e A Illa de Arousa son os que presentan os valores máis altos, aínda que non son moi significativos no conxunto debido a que son os tres concellos nos que se realizan menos ofertas. No polo oposto están Vilanova de Arousa, Vilagarcía de Arousa e O Grove, que rexistran as variacións máis baixas -2,99%, 9,01% e 10,54%, respectivamente.

Pódese concluír dicindo que, en termos xerais, nesta comarca se produce un incremento sustentable tal e como podemos apreciar se miramos a variación media experimentada no período en toda a comarca, mostrando unha cifra de crecemento do 18,27%, superior á media provincial, que se sitúa no 10,16%.

GRÁFICO 10: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.



No gráfico pódese observar como a tendencia dos diferentes concellos denota a disparidade existente na evolución do número de ofertas. Poderíamos agrupar os concellos en dous grupos; por un lado Vilagarcía e Cambados, que se sitúan con moita diferenza por riba dos outros e nos que se amosan dúas tendencias contrapostas co incremento final de Cambados e descenso no número de ofertas de Vilagarcía; por outro lado están o resto de concellos, que tras a evolución positiva entre 1999 e 2000 presentan un descenso do número de ofertas xeneralizado, tendendo á estabilidade no último ano do período.

5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica.

TÁBOA 15: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Cambados	8	26,67	276	61,06	177	37,82	1.165	42,55
Vilanova de Arousa	1	3,33	11	2,43	15	3,21	72	2,63
A Illa de Arousa	0		2	0,44	0		15	0,55
Ribadumia	1	3,33	62	13,72	47	10,04	33	1,21
Vilagarcía de Arousa	2	6,67	56	12,39	74	15,81	947	34,59
Sanxenxo	1	3,33	12	2,65	35	7,48	275	10,04
O Grove	13	43,33	6	1,33	31	6,62	165	6,03
Meis	3	10,00	11	2,43	28	5,98	40	1,46
Meaño	1	3,33	16	3,54	61	13,03	26	0,95
TOTAL COMARCA	30	100,00	452	100,00	468	100,00	2.738	100,00
TOTAL PROVINCIA	369		3.563		6.015		22.853	

O sector que presenta maior número de ofertas é o dos servizos, con 2.738 ofertas, o 74,24% do total. Segundo a distribución por sectores, podemos observar que os concellos que rexistran máis ofertas no sector primario son O Grove, 13 ofertas, e Cambados, 8 ofertas. Estes dous concellos xuntos representan o 70% do sector. No sector secundario, o concello que máis ofertas presenta é Cambados, co 61,06%, seguido de Ribadumia e Vilagarcía, co 13,72 e 12,39%, respectivamente. No sector da construción volve a rexistrar a maior cifra Cambados, 37,82%, seguido de Vilagarcía -15,81%-, Meaño -13,03%- e Ribadumia -10,04%-. No sector dos servizos, Cambados, co 42,55%, e Vilagarcía de Arousa, co 34,59%, pechan a serie representando o 77,14% do total de ofertas realizadas.

Despois do estudo pormenorizado dos datos, hai que sinalar, por un lado, o predominio de Cambados sobre o resto, xa que recolle todos os valores máis altos de todos os sectores, a excepción do primario, onde recolle a segunda cifra, que aínda é bastante relevante -26,67%-; por outro lado tamén cómpre destacar a orientación cara a un sector que se dá casualmente en concellos como O Grove, que ten a porcentaxe máis alta para o sector primario -43,33%-, ou en Vilagarcía, que pese a ter unha representación considerable en todos os sectores, acada unha porcentaxe máis alta no sector dos servizos, co 34,59%.

A característica principal, tras observar o gráfico, é a preponderancia do sector servizos, que recolle as tres cuartas partes das ofertas realizadas na comarca. O sector secundario e o da construción compartirían valores similares; en cambio a agricultura ten unha representación ínfima.

A actividade da alimentación prevalece, con diferenza, por riba das outras, representando o 61% do total de ofertas realizadas na industria. Séguelle, co 13%, a de téxtil e confección. No terceiro lugar estaría a actividade de fabricación de produtos minerais non metálicos, co 9% das ofertas.

Máis da metade das ofertas nos servizos son realizadas pola actividade da administración pública, co 54%. A outra actividade que máis ofertas recolle é a da hostalería, co 22%.




GRÁFICO 11: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.




GRÁFICO 12: Distribución porcentual das ofertas na industria.




GRÁFICO 13: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	28	26	46	57	30
Secundario	249	616	499	378	452
Construción	264	717	634	511	468
Servizos	1.343	2.495	2.212	2.494	2.738
Sen actividade	1	0	0	0	0
TOTAL COMARCA	1.885	3.854	3.391	3.440	3.688
TOTAL PROVINCIA	22.277	29.137	32.188	35.951	32.805

TÁBOA 16: Evolución das ofertas por sectores económicos.

Na comarca do Salnés, o ano no que máis ofertas se rexistran é no 2000, con 3.854 ofertas. No ano seguinte diminúen un 12,01%, iniciando unha lenta recuperación ata chegar ao ano 2003. O sector que máis evoluciona é o dos servizos, que ten unha variación media para o período 1999-2003 do 19,49%. Os sectores secundario e o da construción incrementan o número de ofertas de maneira semellante; se temos en conta o ano de inicio e o último, pódese ver como no primeiro se aumenta en 203 ofertas e no segundo en 204.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

GRÁFICO 14: Ofertas por sexo segundo o sector económico da comarca.





GRÁFICO 15: Ofertas por nivel académico da comarca.



Tan só o 15,10% do total das ofertas presentan requirimento de sexo. No sector servizos o colectivo das mulleres recolle o maior número das ofertas, chegando a triplicar o número das destinadas para os homes; en cambio a cantidade de ofertas procedentes do sector da construción que soliciten mulleres é inexistente. Nos sectores primario e secundario o número de ofertas está practicamente igualado para ambos os colectivos.

Cunha porcentaxe máis elevada que a sinalada anteriormente, o 57,35% das ofertas solicitan un determinado nivel de estudos; non obstante, máis do 65% destas requiren persoas que non chegan a ter a titulación de ensinanza obrigatoria, e nun segundo lugar están as ofertas feitas as persoas con titulación de ensinanza obrigatoria, que representan o 17,35% do total. En terceiro lugar estarían os titulados de formación profesional, seguidos moi de preto polos titulados universitarios que comparten un número similar.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

TÁBOA 17.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

	1999	2000	2001	2002	2003
Camareiro - Barman	113	223	283	232	204
Albanel	67	295	246	120	109
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	21	70	75	67	73
Axudante de cociña	52	108	88	74	67
Peón de albanel/Peón de obras públicas	24	109	77	57	58
Axente comercial / Vendedor	25	84	66	29	43
Mozo-Muller de limpeza	16	45	65	56	37
Operario conserveiro	25	114	23	30	37
Mozo/Camareira de pisos	12	29	27	32	32
Dependente en xeral	7	38	68	38	31

Tendo en conta as cinco ocupacións máis ofertadas, podemos comprobar que se refiren a dúas actividades económicas, a hostalería e a construción. As dúas ocupacións máis ofertadas, camareiro-barman e albanel, presentan unha tendencia ao descenso, a partir do ano 2001 a primeira e desde 2000 a segunda.

En termos xerais, o resto de ocupacións tenden a aumentar a súa presenza con respecto ao 1999; non obstante non chegan acadar os altos valores acadados no ano 2000.

	1999	2000	2001	2002	2003
Peón da ind. química	0	0	0	0	315
Cocedor de peixes e mariscos	91	328	314	191	223
Albanel	213	276	242	223	222
Peón da construción de edificios	53	126	104	178	174
Peón da ind. manufactureira, en xeral	78	115	174	135	164
Camareiro, en xeral	61	50	109	81	125
Empregado administrativo, en xeral	49	53	41	63	64
Encargado de obras públicas, en xeral	5	7	5	17	59
Téc. de protección civil	25	27	42	60	55
Axudante de arquivo	0	0	0	8	52

TÁBOA 17.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

En relación coa información das oficinas de emprego, as ocupacións máis destacables son: peón da industria química, que pasa de ser inexistente en anos anteriores a ocupar a primeira posición nesta lista; cocedor de peixes e mariscos e albanel. Estas dúas últimas ocupacións teñen un comportamento similar; crecen notablemente ata o ano 2000, empezando a descender a partir deste ano, se ben o cocedor experimenta un crecemento notable no último intervalo do período.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

TÁBOA 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
A ILLA DE AROUSA	395	1,04
CAMBADOS	3.041	8,04
MEAÑO	1.224	3,24
MEIS	964	2,55
O GROVE	5.739	15,17
RIBADUMIA	1.489	3,94
SANXENXO	5.379	14,22
VILAGARCÍA DE AROUSA	17.604	46,54
VILANOVA DE AROUSA	1.994	5,27
TOTAL COMARCA	37.829	100,00
TOTAL PROVINCIA	281.952	13,42

O 13,42% dos contratos realizados na provincia de Pontevedra correspóndelle á comarca do Salnés, que rexistra un total de 37.829 contratos. Case a metade dos contratos realizáronse no concello de Vilagarcía de Arousa - 46,54%-. En segundo lugar están O Grove e Sanxenxo, con porcentaxes similares do 15,17% e 14,22% respectivamente. Pódese dicir que nestes tres concellos se agrupan as tres cuartas partes da totalidade de contratos, gravitando os demais ao redor destes.

TÁBOA 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
A ILLA DE AROUSA	282	360	271	446	395	27,66	-24,72	64,58	-11,43	8,79
CAMBADOS	2.721	2.816	2.736	2.626	3.041	3,49	-2,84	-4,02	15,80	2,82
MEAÑO	1.060	1.168	1.310	1.398	1.224	10,19	12,16	6,72	-12,45	3,66
MEIS	563	750	1.017	984	964	33,21	35,60	-3,24	-2,03	14,39
O GROVE	5.479	5.652	5.262	5.156	5.739	3,16	-6,90	-2,01	11,31	1,17
RIBADUMIA	745	853	1.083	1.247	1.489	14,50	26,96	15,14	19,41	18,90
SANXENXO	4.597	4.675	4.736	5.037	5.379	1,70	1,30	6,36	6,79	4,01
VILAGARCÍA DE AROUSA	12.442	15.470	10.809	16.587	17.604	24,34	-30,13	53,46	6,13	9,06
VILANOVA DE AROUSA	2.932	3.381	2.543	2.190	1.994	15,31	-24,79	-13,88	-8,95	-9,19
TOTAL COMARCA	30.821	35.124	29.767	35.671	37.829	13,96	-15,25	19,83	6,05	5,26
TOTAL PROVINCIA	268.994	284.771	269.975	277.433	281.952	5,87	-5,20	2,76	1,63	1,18

No ano 2003 incrementábase o número de contratos na comarca do Salnés, que rexistra o valor máis alto no conxunto do período, con 37.829 contratos. En todo o período recóllese un valor positivo do 5,26% de variación media, apreciándose un incremento considerable en relación co ano de inicio, en termos absolutos, de 7.008 contratos.

Atendendo á variación interanual, é no tramo 2001-2002 onde se produce o maior incremento na contratación, cun valor do 19,83%, mentres que o tramo anterior rexistra a redución máis alta, -15,25%.

Segundo a distribución por concellos, o que presenta o crecemento máis alto é o de Ribadumia, que ten unha variación media do 18,90%; o segundo con maior crecemento é Meis, 14,39% de variación. Pola contra, só un concello - Vilanova de Arousa- presenta un valor negativo de -9,19% para este período.

Tendo en conta a evolución da provincia, observamos que a comarca do Salnés está por riba da media provincial todos os anos. Se observamos o crecemento medio en todo o período, a provincia é superada pola comarca en 4,08 puntos. Os valores de variación interanual na comarca superan sempre os da provincia, mesmo cando estes son negativos; así, entre os anos 2000 e 2001 o valor comarcal é de -15,25%, en tanto que é do -5,2% para a provincia de Pontevedra.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	6.813	5.672	12.485	18,01	14,99	33,00
De 26 a 35 anos	5.628	5.968	11.596	14,88	15,78	30,65
De 36 a 45 anos	4.713	3.518	8.231	12,46	9,30	21,76
De 46 a 55 anos	2.718	1.462	4.180	7,18	3,86	11,05
De 56 e máis anos	1.042	295	1.337	2,75	0,78	3,53
TOTAL COMARCA	20.914	16.915	37.829	55,29	44,71	100,00
TOTAL PROVINCIAL	160.314	121.638	281.952	56,86	43,14	100,00

TÁBOA 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

Do total de contratos realizados na comarca do Salnés, o 55,29% fánelles aos homes, presentando unha porcentaxe de contratación lixeiramente inferior á provincial, que está un 1,57% por arriba.

Atendendo aos datos de contratación segundo a idade, observamos que a medida que imos incrementando o tramo de idade, vai decrecendo a contratación. O tramo no que se recolle maior volume de contratación é no de menores de 26 anos, co 33%, seguido do tramo posterior, co 30,65%.

Segundo a distribución por sexos, o colectivo que maior número de contratos rexistra é o de homes de menos de 26 anos, co 18,01%. No caso das mulleres, onde se recolle o maior valor é nas de 26 a 35 anos, co 15,78%. Nos tramos de idade máis altos redúcese a contratación de mulleres, como se pode observar entre os que contan con máis de 35 anos -22,39% nos homes, 13,94% nas mulleres-.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA 99-03
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
Homes	19.016	21.000	15.658	20.288	20914	10,43	-25,44	29,57	3,09	2,41
Mulleres	11.805	14.124	14.109	15.383	16915	19,64	-0,11	9,03	9,96	9,41
TOTAL CONTRATOS	30.821	35.124	29.767	35.671	37829	13,96	-15,25	19,83	6,05	5,26

TÁBOA 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

Observando a evolución dos contratos segundo o sexo, o crecemento no caso das mulleres é máis alto que no dos homes -9,41% fronte ao 2,41% de variación media-. No caso dos homes, o valor de variación máis alto dáse no tramo 2001-2002, co 29,57%, sendo xusto no tramo anterior onde se produce o descenso máis alto, co -25,44%. No caso das mulleres dáse o incremento máis alto no tramo 1999-2000, co 19,64%, tendendo a estancarse no intervalo seguinte e presentando unha recuperación nos anos seguintes.




GRÁFICO 16: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA 98-03
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
Menor de 26 anos	10.123	11.399	10.398	11.493	12.485	12,60	-8,78	10,53	8,63	5,38
De 26 a 35 anos	9.264	10.403	9.682	11.270	11.596	12,29	-6,93	16,40	2,89	5,77
De 36 a 45 anos	6.743	7.910	5.824	7.516	8.231	17,31	-26,37	29,05	9,51	5,11
De 46 a 55 anos	3.865	4.388	3.003	4.128	4.180	13,53	-31,56	37,46	1,26	1,98
De 56 e máis anos	826	1.024	860	1.264	1.337	23,97	-16,02	46,98	5,78	12,79
TOTAL CONTRATOS	30.821	35.124	29.767	35.671	37.829	13,96	-15,25	19,83	6,05	5,26

O colectivo que máis incrementa o seu número de contratos, malia rexistrar o número máis baixo de contratacións, é o de maiores de 55 anos, que presenta unha variación media para o período de 1999-2003 do 12,79%. Os dous segmentos de idade con valores absolutos máis altos -os que teñen menos de 36 anos- teñen un crecemento similar neste quinquenio, situado en torno ao 5%.

Cómpre sinalar que no ano 2001 descende o número de contratacións en todos os tramos de idade, tal e como refliten todas as variacións interanuais negativas para o tramo de 2000-2001. En cambio no intervalo inmediatamente posterior prodúcese os incrementos maiores, coa excepción do intervalo de idade dos menores de 26 anos.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos.

TÁBOA 23: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	608	1,61
Agricultura e pesca	608	1,61
SECTOR SECUNDARIO	4.893	12,93
Industria	4.892	12,93
Electricidade	1	0,00
SECTOR CONSTRUCCIÓN	4.315	11,41
Construción	4.315	11,41
SECTOR SERVIZOS	28.013	74,05
Comercio e hostalería	9.115	24,10
Transporte e comunicacións	7.862	20,78
Outros servizos	11.036	29,17
TOTAL CONTRATOS	37.829	100,00

Debemos sinalar, despois de observar os datos contidos na táboa 23, que o sector servizos predomina con moita diferenza sobre os outros, tanto no ámbito xeral como no ámbito de subsectores, recollendo case o 75% da contratación. O subsector residual de outros servizos é o que recolle o maior número de contratos -29,17%-, seguido do comercio e hostalería, co 24,10%-. Por outra banda, tamén cómpre dicir que o sector primario é case inexistente, pois só rexistra o 1,61% dos contratos.

Dentro da distribución porcentual da contratación na industria, predominan con moita diferenza as actividades de alimentación, co 68% dos contratos; séguenlle a moita distancia outras industrias, co 10%, e metalurxia e fabricación de produtos de metal, co 8%.




GRÁFICO 17: Distribución porcentual da contratación na Industria.

Dentro da distribución nos servizos, as tres actividades nas que maior número de contratos se rexistran repártense o 68% da contratación. En primeiro lugar está a de transporte e comunicacións, co 27%; nun segundo lugar está a de hostalería, co 22%, e pecha a serie a de actividades inmobiliarias e servizos empresariais, co 19%.




GRÁFICO 18: Distribución porcentual da contratación nos servizos.

	SEXO		Menos de 26 anos	IDADE			
	Homes	Mulleres		De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis
SECTOR PRIMARIO	1,13	0,48	0,53	0,43	0,33	0,22	0,09
Agricultura e pesca	1,13	0,48	0,53	0,43	0,33	0,22	0,09
SECTOR SECUNDARIO	4,12	8,82	3,76	4,32	3,15	1,44	0,26
Industria	4,11	8,82	3,76	4,32	3,15	1,44	0,26
Electricidade	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
SECTOR CONSTRUCCIÓN	10,86	0,55	3,93	3,42	2,29	1,38	0,39
Construción	10,86	0,55	3,93	3,42	2,29	1,38	0,39
SECTOR SERVIZOS	39,18	34,87	24,79	22,48	15,98	8,00	2,80
Comercio e hostalería	8,41	15,69	11,01	7,14	3,53	1,75	0,66
Transporte e comunicacións	20,13	0,66	4,28	4,36	6,69	3,85	1,61
Outros servizos	10,65	18,53	9,50	10,98	5,75	2,41	0,53
TOTAL CONTRATOS	55,29	44,71	33,00	30,65	21,76	11,05	3,53

TÁBOA 24: Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.

Segundo a distribución por sexos, temos que destacar que o único sector en que predomina a muller é no da industria, co 8,82% da contratación, dobrando a porcentaxe dos homes. No sector da construción predominan amplamente os homes, con máis do 95% dos contratos, en tanto que no de servizos tenden a equiparse as porcentaxes.

En todos os tramos de idade, as porcentaxe máis altas rexístranse no sector dos servizos. No seguinte sector onde se rexistran máis contratos é no secundario, a excepción dos tramos de idade de menos de 26 anos e máis de 56, onde o segundo sector en número de contratos é a construción. Dentro dos subsectores de servizos, no intervalo de menores de 26 anos, o de transporte e comunicacións destaca en maior medida para os maiores de 35 anos, sendo o de outros servizos para o intervalo de 26 a 35 e comercio e hostalería para os de menor idade.

TÁBOA 25: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
SECTOR PRIMARIO	691	642	311	620	608	-7,09	-51,56	99,36	-1,94	-3,15
Agricultura e pesca	691	642	311	620	608	-7,09	-51,56	99,36	-1,94	-3,15
SECTOR SECUNDARIO	5.580	6.521	5.387	5.397	4.893	16,86	-17,39	0,19	-9,34	-3,23
Industria	5.571	6.514	5.377	5.391	4.892	16,93	-17,45	0,26	-9,26	-3,20
Electricidade	9	7	10	6	1	-22,22	42,86	-40,00	-83,33	-42,26
S. CONSTRUCCIÓN	4.290	4.371	4.675	4.374	4.315	1,89	6,95	-6,44	-1,35	0,15
Construcción	4.290	4.371	4.675	4.374	4.315	1,89	6,95	-6,44	-1,35	0,15
SECTOR SERVICIOS	20.260	23.590	19.394	24.695	28.013	16,44	-17,79	27,33	13,44	8,44
Comercio e hostalería	7.369	7.551	8.184	8.383	9.115	2,47	8,38	2,43	8,73	5,46
Transporte e comunicacións	6.804	7.785	2.590	7.036	7.862	14,42	-66,73	171,66	11,74	3,68
Outros servizos	6.087	8.254	8.620	9.276	11.036	35,60	4,43	7,61	18,97	16,04
TOTAL CONTRATOS	30.821	35.124	29.767	35.671	37.829	13,96	-15,25	19,83	6,05	5,26

Tanto o sector primario como o secundario descenden no seu número de contratos, tal e como observamos segundo as variacións medias que nos ofrecen para o período de referencia de 1999-2003, -3,15% e -3,23%, respectivamente. O que maior crecemento amosa é o sector servizos, co 8,44%.


O período no que descende a porcentaxe de contratacións en maior volume é no tramo do 2000 ao 2001, onde se presentan os valores negativos máis altos, -51,56% no sector primario, -17,39% no secundario e -17,79 no sector servizos. En cambio na construción os peores valores danse no tramo de 2001-2002, onde apreciamos o valor máis baixo, co -6,44%.

Pola contra, os valores máis altos recóllense no tramo de 2001-2002, para os sectores primario e servizos -99,36% e 27,33% respectivamente-. No sector secundario o maior crecemento prodúcese no ano 2000 en relación co anterior -variación interanual do 16,86%- . Por último, no sector da construción o maior valor recóllese no tramo 2000-2001, cunha variación do 6,95%.

Como elementos máis destacables no ámbito subsectorial, cómpre sinalar o drástico descenso entre 2000 e 2001 do transporte e o seu importante crecemento no tramo inmediatamente posterior.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 19: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.



As dúas modalidades de contratación temporal -temporal a tempo completo e parcial- están presentes no 94% do total de contratos realizados.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	1,08	1,07	0,49	0,85	0,39	0,31	0,10
Indefinido tempo parcial	0,10	0,27	0,11	0,13	0,07	0,05	0,01
Temporal	48,12	34,39	24,86	25,46	19,46	9,63	3,10
Temporal tempo parcial	3,73	7,95	5,23	3,87	1,63	0,73	0,22
Prácticas/Formación	1,60	0,90	2,28	0,15	0,03	0,03	0,02
Outros	0,66	0,13	0,02	0,19	0,19	0,30	0,08
TOTAL CONTRATOS	55,29	44,71	33,00	30,65	21,76	11,05	3,53

TÁBOA 26: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

Tanto no colectivo dos homes como no das mulleres as fórmulas de contratación temporal, sobre todo a tempo completo, son as máis utilizadas, unha tendencia que tamén se reitera ao tomar en consideración os diferentes tramos de idade.

	PRIMARIO	SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN		SERVIZOS		
	Agr., Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros
Indefinido	0,14	0,55	0,00	0,56	0,26	0,76	0,11	0,32
Indefinido tempo parcial	0,01	0,03	0,00	0,03	0,02	0,18	0,02	0,11
Temporal	1,31	11,49	0,00	11,49	9,85	16,28	20,46	23,12
Temporal tempo parcial	0,13	0,52	0,00	0,52	0,52	5,98	0,17	4,36
Prácticas/Formación	0,02	0,34	0,00	0,34	0,76	0,89	0,01	0,48
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,01	0,00	0,00	0,79
TOTAL CONTRATOS	1,61	12,93	0,00	12,93	11,41	24,10	20,78	29,17

TÁBOA 27: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

Igual que sucedía coa distribución segundo o sexo e a idade, a presenza da contratación temporal a tempo completo é moi notable en todos os sectores. A segunda fórmula máis utilizada é a temporal a tempo parcial, que acada un 10,51% no sector dos servizos, destacando dentro deste último a maior importancia desta forma de contratación no comercio e en outros servizos.

A contratación indefinida resulta insignificante pola baixas porcentaxes rexistradas.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	1.448	1.349	2.030	1.486	811	-6,84	50,48	-26,80	-45,42	-13,49
Indefinido tempo parcial	123	157	185	274	139	27,64	17,83	48,11	-49,27	3,10
Temporal	24.394	28.649	22.662	28.549	31.213	17,44	-20,90	25,98	9,33	6,36
Temporal tempo parcial	3.554	3.619	3.729	4.070	4.419	1,83	3,04	9,14	8,57	5,60
Prácticas/Formación	994	1.034	816	853	947	4,02	-21,08	4,53	11,02	-1,20
Outros	308	316	345	439	300	2,60	9,18	27,25	-31,66	-0,66
TOTAL CONTRATOS	30.821	35.124	29.767	35.671	37.829	13,96	-15,25	19,83	6,05	5,26

TÁBOA 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

As dúas fórmulas de contratación que máis medran son a temporal e a temporal a tempo parcial, co 6,36% e 5,60% de variación media no conxunto do período. Ambas as dúas presentan os seus maiores valores no ano 2003. Pola contra, a que rexistra a porcentaxe de descenso máis alta é a fórmula da contratación indefinida, -13,49%, mentres que a indefinida a tempo parcial ten un pequeno incremento do 3,10%. Cómpre sinalar o incremento do 50,48% que sofren os contratos indefinidos no tramo 2000-2001 e o seu posterior descenso nos seguintes anos.

TÁBOA 29: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	48	0,13
HOMES	32	0,08
MULLERES	16	0,04
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	1.913	5,06
HOMES	849	2,24
MULLERES	1.064	2,81
3. Técnicos e profesionais de apoio	1.812	4,79
HOMES	623	1,65
MULLERES	1.189	3,14
4. Empregados de tipo administrativo	1.928	5,10
HOMES	588	1,55
MULLERES	1.340	3,54
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	6.880	18,19
HOMES	2.235	5,91
MULLERES	4.645	12,28
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	368	0,97
HOMES	273	0,72
MULLERES	95	0,25
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	8.172	21,60
HOMES	3.553	9,39
MULLERES	4.619	12,21
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	8.253	21,82
HOMES	8.131	21,49
MULLERES	122	0,32
9. Traballadores non cualificados	8.455	22,35
HOMES	4.630	12,24
MULLERES	3.825	10,11
TOTAL CONTRATOS	37.829	100,00
TOTAL HOMES	20.914	55,29
TOTAL MULLERES	16.915	44,71

Temos que sinalar que a maioría dos contratos realizados, o 83,96%, se concentran en torno a catro grupos de ocupacións:

- Traballadores non cualificados, co 22,35%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, co 21,82%.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, co 21,60%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, co 18,19%.

Nos dous últimos grupos sinalados, as porcentaxes de contratos ás mulleres son superiores ás dos homes.

No caso dos operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, a porcentaxe de mulleres é practicamente inexistente, sendo a porcentaxe dos homes de 21,49%.

No caso dos traballadores cualificados, as porcentaxes seméllanse bastante -12,24% os homes e 10,11% as mulleres-.

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, 21,49%. • Traballadores non cualificados, 12,24%. • Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, 9,39%. • Traballadores de servizos de restauración persoais, protección e vendedores de comercio, 5,91%.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, 12,28%. • Artesáns/Traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería, 12,21%. • Traballadoras non cualificadas, 10,11%. • Empregadas de tipo administrativo, 2,54%.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO MASCUL. ¹
		N.º	%	N.º	%	N.º	%	
85420223	Estibador	7.077	18,71	7.074	33,82	3	0,02	99,96
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	3.647	9,64	2.287	10,94	1.360	8,04	62,71
50200018	Camareiro, en xeral	3.056	8,08	1.416	6,77	1.640	9,70	46,34
78010185	Trab. preparación peixe para conserva	2.256	5,96	116	0,55	2.140	12,65	5,14
78010233	Cocedor de peixes e mariscos	2.178	5,76	39	0,19	2.139	12,65	1,79
71100016	Albanel	1.688	4,46	1.667	7,97	21	0,12	98,76
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	1.374	3,63	96	0,46	1.278	7,56	6,99
53300010	Dependente de comercio, en xeral	1.337	3,53	227	1,09	1.110	6,56	16,98
42100010	Empregado administrativo, en xeral	1.079	2,85	304	1,45	775	4,58	28,17
96020014	Peón da construción de edificios	969	2,56	954	4,56	15	0,09	98,45
TOTAL		24.661	65,19	14.180	67,80	10.481	61,96	57,50

TÁBOA 30: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.

(1) *Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100*

Das tres ocupacións maioritarias, estibador, peón da industria manufactureira e camareiro, predomina a contratación masculina nas dúas primeiras. No primeiro caso, chega a ser o ratio de masculinidade case do 100%. No segundo caso é do 62,71%, e no terceiro predomina a contratación nas mulleres lixeiramente por riba dos homes, que recollen unha ratio do 46,34%.


Dentro das ocupacións cunha forte presenza feminina, destacan cocedora de peixes e mariscos, traballadora de preparación de peixe para conserva e muller/mozo limpeza, limpador en xeral. Pola contra, predomina claramente a contratación masculina en: estibador, albanel e peón da construción.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
85420223	Estibador	6.104	7.090	1.953	6.245	7.077
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	3.396	4.692	4.652	3.839	3.647
50200018	Camareiro, en xeral	2.383	2.616	2.705	2.795	3.056
78010185	Trab. preparación peixe para conserva	2.203	3.228	2.463	3.121	2.256
78010233	Cocedor de peixes e mariscos	2.228	2.610	2.418	2.317	2.178
71100016	Albanel	1.853	1.808	1.742	1.650	1.688
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	886	798	822	1.142	1.374
53300010	Dependente de comercio, en xeral	1.183	1.344	1.463	1.422	1.337
42100010	Empregado administrativo, en xeral	892	985	931	1.018	1.079
96020014	Peón da construción de edificios	842	956	1.258	1.140	969
50100017	COCIÑEIRO, EN XERAL	845	716	744	650	834

TÁBOA 31: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.

A ocupación maioritaria no 2003 é a de estibador, co 18,71% do total de contratos, que aumenta en relación cos anos anteriores. En termos xerais, todas as ocupacións medran lixeiramente, se ben son as de cociñeiro, albanel e cocedor de peixes e mariscos as que presentan un pequeno descenso en relación co ano de inicio.

En relación co ano 2002, son cinco as ocupacións que descenden de contratos: dependente de comercio, traballador de preparación de peixe para conserva, cocedor de peixes e mariscos, peón da construción de edificios, e peón da industria manufactureira, en xeral. A que maior redución presenta é a de traballador de preparación de peixe para conserva, que reduce o seu número de contratos nun 27,71%.



Comarca de Pontevedra



5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

A comarca de Pontevedra caracterízase por unha forte concentración de empresas no sector servizos, supoñendo case tres cuartas partes do total -73,50%-. Séguelle en orde de importancia o da construción -41,59%-, e o secundario -8,54%-. Facendo unha análise pormenorizada dos subsectores, son os de comercio e hostalería e o de outros, ambos incluídos no sector servizos, os que engloban un maior número de empresas -35,15% e 34,48%, respectivamente-.

É novamente o sector servizos o que agrupa á maioría dos traballadores da comarca -se ben cunha porcentaxe levemente máis baixa 69,90%- seguido tamén neste caso polo sector da construción -13,99%- e polo secundario -10,13%-. É salientable que o subsector de outros servizos inclúe case á metade dos traballadores, acadando unha porcentaxe do 43,68%.

A maioría de autónomos inclúense dentro do sector servizos, representando o 75,28% do total. A continuación sitúanse os sectores da construción -15,61%- e o secundario -8,22%-. No que respecta aos subsectores, é no de comercio e hostalería onde se encadran a maior parte dos autónomos -48,36%-.


Por último, é salientable a escasa presenza porcentual do sector primario, tanto no que respecta ás empresas -3,37%-, como aos traballadores -5,97%-, e aos autónomos -0,89%-.

5.1.2. Evolución anual

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	282	234	245	238	175
Agricultura e pesca	282	234	245	238	175
SECTOR SECUNDARIO	573	462	465	442	443
Industria	566	456	459	436	437
Electricidade	7	6	6	6	6
SECTOR CONSTRUCCIÓN	791	706	706	741	757
Construción	791	706	706	741	757
SECTOR SERVIZOS	3.705	3.457	3.561	3.706	3.814
Comercio e hostalería	1.894	1.713	1.728	1.790	1.824
Transporte e comunicacións	209	169	178	187	201
Outros servizos	1.602	1.575	1.655	1.729	1.789
TOTAL	5.351	4.859	4.977	5.127	5.189

TÁBOA 1: Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.



A evolución do número de empresas neste período vén caracterizada por unha tendencia á redución en todos os sectores económicos, excepto no sector servizos, que tende á estabilidade. De feito, a variación media para o conxunto das empresas da comarca é do -0,77%, un valor que se pode entender como unha tendencia global ao estancamento.

O descenso máis importante prodúcese no sector primario, no que o número de empresas decrece todos os anos, agás no 2000-2001, cunha variación interanual de 4,7%, e que acada unha variación media no período 1999-2003 de -11,24%. Nos sectores secundario e da construción o decrecemento é máis leve, supoñendo as variacións medias o -6,23% e o -1,09%, respectivamente.

Os descensos máis fortes para todos os sectores prodúcense entre 1999 e 2000, onde destaca a variación interanual de -17,02% para o sector primario; no período 2000-2001 hai un crecemento no sector servizos e no primario, manténdose practicamente no secundario e construción. Para o resto de intervalos temporais destaca o crecemento de todos os sectores -na construción é de 4,96% en 2001-2002-, coa excepción da recesión do sector primario e secundario.

Por outra parte, no ámbito subsectorial destaca a tendencia ao estancamento de comercio e transporte -variación media de -0,94% e -0,97%, respectivamente- e un aumento de outros servizos -2,8%-.

TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	2.048	2.531	2.508	2.402	2.378
Agricultura e pesca	2.048	2.531	2.508	2.402	2.378
SECTOR SECUNDARIO	4.219	3.813	4.181	3.997	4.035
Industria	4.095	3.708	4.073	3.889	3.923
Electricidade	124	105	108	108	112
SECTOR CONSTRUCCIÓN	4.962	4.391	4.766	5.214	5.572
Construción	4.962	4.391	4.766	5.214	5.572
SECTOR SERVIZOS	25.840	25.035	27.344	27.215	27.835
Comercio e hostalería	7.926	7.841	8.316	8.568	8.737
Transporte e comunicacións	1.687	1.567	1.614	1.582	1.703
Outros servizos	16.227	15.627	17.414	17.065	17.395
TOTAL	37.069	35.770	38.799	38.828	39.820

O crecemento do número de traballadores na comarca de Pontevedra é moi modesto no período 1999-2003 -a súa variación media é do 1,81%- . Esta situación é producida polo decrecemento moderado do sector secundario, cunha variación media do -1,11%, e polos valores modestos de crecemento que obteñen o resto de sectores -o valor máis alto é para o primario, cun 3,81%-.

Deste xeito, no sector primario increméntanse considerablemente os traballadores nos anos 1999-2000, mentres que nos anos posteriores o que se da é unha redución destes. No período no que o primario crece, os tres sectores restantes sofren unha redución, que no secundario e no dos servizos se repite de novo no 2001-2002.

No referente aos subsectores do sector servizos, os crecementos son modestos para o de transporte e outros servizos, sendo algo máis alto para o de comercio e hostalería -variación media de 2,47%-.




GRÁFICO 2: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	52	43	46	46	59
Agricultura e pesca	52	43	46	46	59
SECTOR SECUNDARIO	562	505	518	517	542
Industria	561	504	516	515	538
Electricidade	1	1	2	2	4
SECTOR CONSTRUCCIÓN	817	762	856	949	1.030
Construción	817	762	856	949	1.030
SECTOR SERVIZOS	4.337	4.043	4.459	4.639	4.966
Comercio e hostalería	2.852	2.621	2.932	3.001	3.190
Transporte e comunicacións	459	415	439	449	459
Outros servizos	1.026	1.007	1.088	1.189	1.317
TOTAL	5.768	5.353	5.879	6.151	6.597

TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

Analogamente ao caso anterior, existe unha tendencia ao crecemento de traballadores autónomos en todos os sectores, agás no secundario, que tende máis á estabilidade, cunha variación media do período de -0,9%. O sector onde máis se incrementou o establecemento de traballadores autónomos é o da construción -5,96%-, seguido polo de servizos e o primario.

Na súa evolución neste quinquenio, todos os sectores sofren unha redución no intervalo 1999-2000, máis acentuada no caso do primario e secundario -variación interanual de -17,31% e -10,14%, respectivamente-. A partir de aí, todos amosan unha tendencia ao crecemento, coa excepción do estancamento producido no sector primario e secundario entre os anos 2001 e 2002.




GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.


	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Lama	111	57	168
Barro	143	89	232
Campo Lameiro	115	53	168
Cotobade	212	115	327
Poio	671	342	1.013
Ponte-Caldelas	338	167	505
Pontevedra	4.406	2.509	6.915
Vilaboa	383	202	585
TOTAL	6.379	3.534	9.913

% comarca/provincia - PARADOS 8,84

% comarca/provincia - NON PARADOS 10,01

O concello de Pontevedra agrupa máis da metade dos demandantes de emprego da comarca, seguido a considerable distancia polo de Poio, que engloba o 10,22% do total. A porcentaxe restante repártese entre as demais localidades, do seguinte modo: Vilaboa -5,9%-, Ponte-Caldelas -5,09%-, Cotobade -3,3%-, Barro -2,34%-, A Lama -1,69%- e Campo Lameiro -1,69%-.

GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.



Diferenciando os demandantes parados dos non parados, obsérvase que a relación dos parados supera á dos non parados en todos os concellos, cunha preponderancia dos primeiros que supón o 64,35% do total.

En relación coa provincia, a comarca de Pontevedra amosa un peso relativo lixeiramente superior dos demandantes non parados sobre os parados.

5.2.2. Evolución dos demandantes parados

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	5.499	5.262	5.018	5.698	6.379
VARIACIÓN INTERANUAL %		-4,31	-4,64	13,55	11,95
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	10,91	10,55	10,23	10,71	11,32

Para o conxunto dos demandantes en paro, obsérvase unha oscilación na súa evolución no período 1999-2003. Hai unha tendencia ao decrecemento nos anos comprendidos entre 1999-2001, en tanto que medra no intervalo 2001-2003.

O leve incremento que se produce nestes últimos anos do peso relativo da comarca con respecto á provincia resulta un indicador significativo que describe a situación comentada anteriormente.




GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.406	14,18	11,42
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	4.973	50,17	54,86
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	470	4,74	3,82
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.344	13,56	12,34
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	603	6,08	5,80
	En expediente de regulación de emprego	175	1,77	1,28
	Demandantes de mellora de emprego	687	6,93	7,00
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	202	2,04	2,89
	Resto de demandantes	53	0,53	0,60
TOTAL		9.913	100,00	100,00

TABOA 6: Situación laboral dos demandantes

Cómpre sinalar, en primeiro lugar, que algo máis da metade dos demandantes de emprego da comarca de Pontevedra son parados con emprego anterior. Este colectivo é seguido en nivel de importancia polo dos parados sen emprego anterior -14,18%- e polo dos non parados con emprego anterior 13,56%-.

Na comparación co resto da provincia, acádanse datos semellantes; simplemente hai que indicar que os parados con emprego anterior acadan no ámbito comarcal unha cifra de 4,69 puntos inferior, dándose a situación inversa no caso dos que non tiñan emprego anterior -14,18% na comarca, 11,42% na provincia-.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	537	782	8,42	12,26	20,68	19,33
26 a 35 anos	793	1.335	12,43	20,93	33,36	30,92
36 a 45 anos	472	877	7,40	13,75	21,15	21,51
46 a 55 anos	390	595	6,11	9,33	15,44	17,42
56 e máis anos	348	250	5,46	3,92	9,37	10,83
TOTAL COMARCA	2.540	3.839	39,82	60,18	100,00	11,32
TOTAL PROVINCIA	21.790	34.575	38,66	61,34	11,32	100,00

Ao conxunto dos demandantes parados da comarca de Pontevedra pódese-lle atribuír unha caracterización feminina, posto que o 60,18% son mulleres, unha porcentaxe similar á conseguida no ámbito provincial. Por outra parte, algo máis da metade do total –54,04%– teñen menos de 36 anos.

En todos os grupos de idade, a presenza porcentual das mulleres é superior á dos homes, excepto nos que contan con máis de 56 anos, onde os demandantes masculinos superan levemente ás mulleres en 1,54 puntos porcentuais.

Tanto nas mulleres como nos homes, o grupo de idade máis representativo é o de 26 a 35 anos -20,93% e 12,43%, respectivamente-. A diferenza vén dada porque nas mulleres o seguinte grupo en nivel de importancia é o de 36 a 45 anos, seguido polo de menos de 26 anos. No caso dos homes o segundo colectivo con maior importancia porcentual é o de menos de 26 anos, seguido polo de 36 a 45 anos.

Por último, e tendo en conta os datos provinciais, moi similares aos da comarca de Pontevedra, o grupo de idade máis representativo é o de 26 a 35 anos, seguido polo de 36 a 45 e polo de menos de 26 anos.

TÁBOA 7.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	290	370	8,21	10,47	18,68	19,01
26 a 35 anos	339	780	9,59	22,07	31,66	28,25
36 a 45 anos	239	507	6,76	14,35	21,11	21,24
46 a 55 anos	218	376	6,17	10,64	16,81	18,04
56 e máis anos	241	174	6,82	4,92	11,74	13,47
TOTAL COMARCA	1.327	2.207	37,55	62,45	100,00	12,32
TOTAL PROVINCIA	10.780	17.899	37,59	62,41	12,32	100,00

Os demandantes non parados tamén se caracterizan por seren maioritariamente mulleres, cun valor case igual ao provincial, e relativamente novos -un 50,34% teñen menos de 36 anos, 47,26% na provincia-.

As mulleres de 26 a 35 anos representan, en termos relativos, o grupo máis numeroso, seguido polo das mulleres de 36 a 45 anos e as que contan cunha idade comprendida entre 46 a 55 anos. No colectivo masculino, tamén os homes de 26 a 35 anos son os máis significativos, pero seguidos neste caso polos de menos de 26 anos e polos de 36 a 45 anos. No único grupo de idade no que os homes superan ás mulleres é no de máis de 56 anos.

No ámbito provincial, as cifras son semellantes ás da comarca con lixeiras diferenzas porcentuais. Deste xeito, o colectivo máis significativo é o de 26 a 35 anos -3,41 puntos superior na comarca-, seguido polo de 26 a 45 anos e polo de menos de 26 anos.

Como reflexo do comentado antes, obsérvase aquí graficamente a prevalencia dos demandantes parados sobre os non parados en todos os grupos de idade. Do mesmo xeito, pódese ver tamén nos dous colectivos a maior representatividade dos grupos de idade máis novos, en concreto do de 26 a 35 anos. Pola contra, o menor peso relativo acádano os grupos de idade máis avanzados.




GRÁFICO 6: Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.

A presenza feminina é predominante tanto no grupo de demandantes parados como no de non parados. Porén, en termos relativos, o colectivo de parados é maioritario en ambos os dous sexos.




GRÁFICO 7: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	1.665	26,10	30,37
Titulación de ensinanza obrigatoria	2.296	35,99	39,89
Formación profesional	437	6,85	6,19
BUP/Bacharelato superior/COU	812	12,73	11,93
Titulados universitarios	921	14,44	9,08
Outras titulacións	248	3,89	2,54
TOTAL	6.379	100,00	100,00

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

TÁBOA 8.1: Distribución dos demandantes parados por nivel académico.

A maioría dos demandantes parados teñen estudos obrigatorios ou non chegaron a acadar este nivel. Esta situación dáse tanto na comarca -62,09%- como, de forma lixeiramente superior, na provincia -70,26%-.

As diverxencias xorden a continuación, posto que na comarca o terceiro grupo en nivel de importancia é o de titulados universitarios, co 14,44% do total, seguido polo de bacharelato -12,73%-. No conxunto da provincia a situación invértese, pois sitúanse en terceiro lugar os que posúen estudos de bacharelato -11,93%- e posteriormente os titulados universitarios -9,08%-.

TÁBOA 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	1.011	28,61	32,64
Titulación de ensinanza obrigatoria	1.136	32,14	35,31
Formación profesional	234	6,62	6,04
BUP/Bacharelato superior/COU	516	14,60	13,79
Titulados universitarios	569	16,10	10,49
Outras titulacións	68	1,92	1,73
TOTAL	3.534	100,00	100,00

Unha situación análoga repítese para o caso dos demandantes de emprego non parados, posto que tanto no ámbito comarcal como provincial, a maioría teñen estudos obrigatorios ou non chegaron a acadar esta titulación, sendo superior esta porcentaxe no nivel provincial -67,95%, fronte ao 60,75% da comarca.

De forma semellante tamén ao caso anterior, existen leves diferenzas entre a comarca e a provincia en canto aos demandantes non parados con estudos de bacharelato e universitarios, posto que na comarca os primeiros representan case un punto máis que na provincia e os segundos algo máis de cinco puntos.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	6,88	1,05	0,49	8,42
	Mulleres	8,10	2,30	1,85	12,26
26 a 35 anos	Homes	9,09	2,04	1,30	12,43
	Mulleres	10,97	3,20	6,76	20,93
36 a 45 anos	Homes	4,70	1,07	1,63	7,40
	Mulleres	6,15	2,13	5,47	13,75
46 a 55 anos	Homes	3,39	0,75	1,98	6,11
	Mulleres	3,64	1,25	4,44	9,33
56 e máis anos	Homes	1,68	0,55	3,23	5,46
	Mulleres	0,77	0,50	2,65	3,92
TOTAL COMARCA		55,37	14,85	29,79	100,00
TOTAL PROVINCIA		52,82	14,49	32,69	100,00

Máis da metade dos demandantes parados da comarca de Pontevedra levan buscando emprego menos de 6 meses, en tanto que o 29,79% sitúanse nunha situación de paro de longa duración.

Estes datos correspóndense co conxunto da provincia, onde a tendencia tamén é claramente ao paro de curta duración, aínda que neste caso sitúanse os parados de menos de 6 meses dous puntos e medio por debaixo da comarca, os mesmos puntos que están por encima os parados de máis dun ano.

A distribución dos valores segundo o sexo e a idade segue a mesma tendencia, excepto nas mulleres de máis de 45 anos e nos homes maiores de 56, onde a situación se inverte cara ao paro de longa duración. Ademais, as distancias porcentuais entre homes e mulleres incrementáanse segundo aumenta o tempo de busca de emprego; así, mentres un 21,16% dos que levan máis dun ano nesta situación son mulleres, un 8,63% son homes.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	161	2,52	3,16	99	2,80	3,66
Sector secundario	832	13,04	19,25	448	12,68	18,72
Construcción	692	10,85	9,92	297	8,40	7,12
Sector servicios	3.302	51,76	50,62	2.098	59,37	55,04
Sen actividade previa	1.392	21,82	17,04	592	16,75	15,46
TOTAL	6.379	100,00	100,00	3.534	100,00	100,00

TÁBOA 10: Demandantes por actividade económica.

Tanto no caso dos demandantes parados como no dos non parados, a actividade económica de procedencia da maioría é a do sector servizos -51,76% nos parados e 59,37% nos non parados-, seguida en nivel de importancia tamén en ambos os casos por aqueles que non realizaron ningunha actividade previa e polos procedentes do sector secundario.

En relación cos datos no ámbito provincial, tamén nos dous colectivos proceden a maioría do sector servizos, aínda que se sitúan en segundo lugar aqueles que proceden do sector secundario, seguido dos que non teñen actividade previa.

Máis da metade dos demandantes parados do subsector da industria proceden das actividades da alimentación -35%- e de outras industrias -23%-, seguidos a certa distancia polos procedentes do téxtil e confección, fabricación de material de transporte e metalurxia e fabricación de produtos metálicos.




GRÁFICO 8: Demandantes parados na industria.

Nos servizos cobran maior importancia os parados procedentes das actividades inmobiliarias e servizos a empresas -24%-, comercio -21%-, hostalería -16%- e administracións públicas -14%-.




GRÁFICO 9: Demandantes parados nos servizos.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 11: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Dependente de comercio, en xeral	1.070	10,79	9,31
Empregado administrativo, en xeral	965	9,73	8,97
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	610	6,15	7,08
Peón da ind. manufactureira, en xeral	602	6,07	7,42
Camareiro, en xeral	251	2,53	3,12
Auxiliar de clínica	232	2,34	1,56
Albanel	209	2,11	2,15
Cocedor de peixes e mariscos	147	1,48	2,56
Peón da construción de edificios	143	1,44	1,75
Mestre de educación primaria, en xeral	135	1,36	0,90

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Titulación ensinanza obrigatoria	Titulación ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Dependente de comercio	Dependente de comercio

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Cotobade	25	0,21
Ponte-Caldelas	27	0,23
Poio	107	0,92
Vilaboa	53	0,45
Campo Lameiro	6	0,05
Barro	34	0,29
A Lama	17	0,15
Pontevedra	11.415	97,70
TOTAL COMARCA	11.684	100,00

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	32.805
COMARCA/PROVINCIA:	35,62

Na comarca de Pontevedra recolléronse no ano 2003 un total de 11.684 ofertas de emprego, que representan o 35,62% do total das ofertas realizadas en toda a provincia.

O concello de Pontevedra engloba practicamente a totalidade das ofertas da comarca, posto que o 97,70% recolléronse nesta localidade. Os sete concellos restantes acadan en conxunto só o 2,3% restante.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Ponte-Caldelas	4	17	14	15	27	325,00	-17,65	7,14	80,00	61,19
Cotobade	3	6	55	5	25	100,00	816,67	-90,91	400,00	69,90
Campo Lameiro	1	2	1	3	6	100,00	-50,00	200,00	100,00	56,51
Poio	46	78	257	103	107	69,57	229,49	-59,92	3,88	23,50
Pontevedra	6.159	5.990	10.068	11.309	11.415	-2,74	68,08	12,33	0,94	16,68
A Lama	2	18	6	9	17	800,00	-66,67	50,00	88,89	70,75
Vilaboa	26	39	85	30	53	50,00	117,95	-64,71	76,67	19,49
Barro	0	17	53	52	34		211,76	-1,89	-34,62	
TOTAL COMARCA	6.241	6.167	10.539	11.526	11.684	-1,19	70,89	9,37	1,37	16,97
TOTAL PROVINCIA	22.277	29.137	32.188	35.951	32.805	30,79	10,47	11,69	-8,75	10,16

TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.


A evolución das ofertas nesta comarca no período 1999-2003 vén marcada pola evolución do concello de Pontevedra, dado o pouco peso específico das localidades restantes -onde o baixo número de ofertas existentes fai que as variacións interanuais acaden cifras, en ocasións, extremas-.

Deste xeito, tanto no concello de Pontevedra como na totalidade da comarca, preséntase un descenso no número de ofertas nos anos de 1999 a 2000 -variación interanual de -2,74% no concello e de -1,19% na provincia-, e un incremento xeneralizado nos anos posteriores ata 2003 -destacando entre 2000 e 2001 o 68,08% do concello e o 70,89% da comarca-, reducíndose os niveis de crecemento entre 2002 e 2003. A variación media do período é positiva para os dous territorios -16,68% no concello, 16,97% na comarca-.

Do resto de concellos da comarca cómpre destacar a variación media positiva de Poio e Vilaboa -23,5% e 19,49%-, xa que son os que maior número de ofertas teñen despois de Pontevedra.

No que respecta á comparación coa provincia de Pontevedra, esta comarca presenta unha evolución positiva lixeiramente superior, acadando unha variación media 6,81 puntos superior.

GRÁFICO 10: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.




Tomando como referencia o resto de localidades para comparar a súa evolución coa do concello de Pontevedra, pódese observar o importante crecemento en número absoluto de ofertas que se dá en Pontevedra, sobre todo a partir do ano 2000, e o leve incremento que se produce entre 2000 e 2001 no resto dos concellos.

5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica.

TABOA 15: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Ponte-Caldelas	0	0,00	2	0,19	1	0,05	24	0,28
Cotobade	0	0,00	0	0,00	8	0,42	17	0,20
Campo Lameiro	0	0,00	0	0,00	0	0,00	6	0,07
Poio	0	0,00	8	0,74	44	2,31	55	0,65
Pontevedra	195	97,99	1.049	97,49	1.817	95,58	8.353	98,19
A Lama	0	0,00	5	0,46	1	0,05	11	0,13
Vilaboa	0	0,00	10	0,93	20	1,05	23	0,27
Barro	4	2,01	2	0,19	10	0,53	18	0,21
TOTAL COMARCA	199	100,00	1.076	100,00	1.901	100,00	8.507	100,00
TOTAL PROVINCIA	369		3.563		6.015		22.853	

GRÁFICO 11: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.



A distribución das ofertas por concellos segundo a actividade económica amosa de novo a concentración de practicamente todas estas no concello de Pontevedra. Deste xeito, e tomando como referente esta localidade e a comarca, pódese concluír que case tres cuartas partes das ofertas proceden do sector servizos. A continuación sitúanse en nivel de importancia o sector da construción, co 16% das ofertas, o secundario, co 9% e, por último, o agrario, con tan só o 2% do total.

No ámbito provincial é tamén o sector servizos o predominante en canto á orixe das ofertas, aínda que cunha porcentaxe de 3 puntos inferior á comarcal. En segundo lugar sitúase novamente o sector da construción, 18%.

Dentro da industria, as ofertas xeradas proceden na súa maioría da actividade da alimentación, co 36% do total. Son tamén salientables as ofertas procedentes das actividades de outras industrias -29%- e de metalurxia e fabricación de produtos metálicos -15%-.




GRÁFICO 12: Distribución porcentual das ofertas na industria.

No sector servizos, case a metade das ofertas vincúlanse á actividade de transporte e comunicacións, posto que engloba o 42% do total. A unha distancia porcentual de 20 puntos sitúase a actividade das administracións públicas e a 29 puntos está hostalería.




GRÁFICO 13: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	504	31	45	303	199
Secundario	416	571	764	1.077	1.076
Construción	1.559	1.256	1.827	1.953	1.901
Servizos	3.762	4.309	7.903	8.192	8.507
Sen actividade	0	0	0	1	1
TOTAL COMARCA	6.241	6.167	10.539	11.526	11.684
TOTAL PROVINCIA	22.277	29.137	32.188	35.951	32.805

TÁBOA 16: Evolución das ofertas por sectores económicos.

Segundo os sectores económicos, as ofertas da comarca de Pontevedra presentan unha evolución dispar no período 1999-2003.

Deste xeito, no sector primario redúcese considerablemente o número de ofertas, sobre todo nos intervalos 1999-2000 e 2002-2003, aínda que tamén se produce un importante crecemento nos anos 2001-2002. O balance final deste sector é unha variación media de -20,73%.

Nos sectores restantes, a tendencia é o incremento leve no sector da construción e a un crecemento máis forte nos sectores secundario e servizos, cunha variación media final do 26,82% no primeiro e do 22,63% no segundo.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

Tan só o 5,08% das ofertas da comarca de Pontevedra especifican o sexo como requisito indispensable para ocupar un determinado posto de traballo.





GRÁFICO 14: Ofertas por sexo segundo o sector económico da comarca.

GRÁFICO 15: Ofertas por nivel académico da comarca.



Un 80,87% das ofertas recollidas na comarca de Pontevedra teñen como esixencia a posesión dun determinado nivel de estudos, se ben o 88,18% delas só requiren o certificado de escolaridade. O nivel máis demandado a continuación é o de titulación de ensinanza obrigatoria, co 8,2% das ofertas, seguido do de formación profesional, co 1,52%.

As actividades que máis demandan o certificado de escolaridade son as de transporte e comunicación, construción e administracións públicas. Esta última tamén é a que concentra as ofertas que esixen un maior nivel formativo.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

TÁBOA 17.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

	1999	2000	2001	2002	2003
Axente comercial / Vendedor	182	480	400	403	422
Albanel	77	248	497	111	107
Camareiro - Barman	17	67	150	99	93
Peón de albanel/Peón de obras públicas	18	100	102	95	62
Condutor de mercadorías - Condutor de camión en xeral	2	31	52	24	40
Administrativo	11	14	23	28	39
Repartidor	6	24	21	14	39
Dependente en xeral	12	50	51	26	37
Encofrador	16	85	98	52	33
Perruqueira	2	9	28	27	31

A ocupación máis demandada no 2003 nos centros colaboradores é, con diferenza, a de axente comercial-vendedor. A continuación sitúanse a de albanel e a de camareiro.

Todas as ocupacións incluídas nesta lista teñen unha tendencia ao crecemento, cunha evolución positiva no período 1999-2003, aínda que é salientable o incremento nestes cinco anos das ocupacións de condutor de mercadorías-condutor de camión -variación media anual de 111,47%-, perruqueiro -98,42%-, administrativo -37,22%- e camareiro -52,94%-.

Por outra parte, no intervalo 1999-2000 prodúcese os maiores niveis de crecemento das ofertas para todas as ocupacións, en tanto que no 2002-2003 hai un decrecemento máis notable para o encofrador, variación interanual de -36,54%, e peón de albanel, -34,74%.

	1999	2000	2001	2002	2003
Peón da ind. manufactureira, en xeral	292	204	2.093	2.161	2.367
Estibador	0	0	1	1.267	1.073
Albanel	826	487	750	784	859
Camareiro, en xeral	349	331	285	537	626
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	171	338	360	462	445
Clasificador-repartidor	531	758	898	341	394
Peón da construción de edificios	102	147	184	140	333
Dependente de comercio, en xeral	81	77	117	169	203
Cocedor de peixes e mariscos	12	54	93	271	201
Cociñeiro, en xeral	149	66	85	128	196

TÁBOA 17.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

Nas oficinas de emprego da comarca de Pontevedra, cuns valores absolutos máis altos que os dos centros colaboradores, as catro profesións máis requiridas son as de peón da industria manufactureira, estibador, albanel e camareiro.

Todas as ocupacións, excepto a de clasificador-repartidor, seguen unha tendencia ao incremento do número de ofertas. Entre todas elas, é destacable a aparición e consolidación do número de ofertas da ocupación de estibador no ano 2002, o crecemento de cocedor de peixes e mariscos, que ten unha variación media para o período de 1999-2003 de 102,3%, cun crecemento moi forte no ano 2002, e tamén sobresaí peón da industria manufactureira, cun 68,73% de variación media.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

TÁBOA 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
A LAMA	176	0,67
BARRO	655	2,48
CAMPO LAMEIRO	213	0,81
COTOBADÉ	326	1,24
POIO	2.272	8,61
PONTE-CALDELAS	590	2,24
PONTEVEDRA	21.049	79,78
VILABOA	1.103	4,18
TOTAL COMARCA	26.384	100,00
TOTAL PROVINCIA	281.952	9,36

O concello que concentra o maior número de contratos é o de Pontevedra, co 79,78% do total, seguido a notable distancia polo de Poio, 8,61%, e polo de Vilaboa, 4,18%.

Con respecto á provincia de Pontevedra, a comarca representa, en volume de contratación, o 9,36% dos contratos realizados na provincia no ano 2003, unha cifra destacada en comparación con outras comarcas da provincia.

TÁBOA 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
A LAMA	174	148	166	167	176	-14,94	12,16	0,60	5,39	0,29
BARRO	505	734	804	771	655	45,35	9,54	-4,10	-15,05	6,72
CAMPO LAMEIRO	151	207	192	244	213	37,09	-7,25	27,08	-12,70	8,98
COTOBADÉ	272	292	315	262	326	7,35	7,88	-16,83	24,43	4,63
POIO	1.916	1.912	2.239	2.217	2.272	-0,21	17,10	-0,98	2,48	4,35
PONTE-CALDELAS	317	378	491	487	590	19,24	29,89	-0,81	21,15	16,80
PONTEVEDRA	23.371	22.275	24.762	22.479	21.049	-4,69	11,16	-9,22	-6,36	-2,58
VILABOA	1.097	1.126	1.128	1.100	1.103	2,64	0,18	-2,48	0,27	0,14
TOTAL COMARCA	27.803	27.069	30.097	27.727	26.384	-2,64	11,19	-7,87	-4,84	-1,30
TOTAL PROVINCIA	268.994	284.771	269.975	277.433	281.952	5,87	-5,20	2,76	1,63	1,18

A evolución na contratación entre os anos 1999-2003 reflíte unha evolución e balance desiguais para as diferentes localidades da comarca. No concello de Pontevedra redúcense levemente as contratacións, variación media de -2,58%, do mesmo modo que nos de Vilaboa e A Lama a tendencia é á estabilidade. No resto dos concellos a evolución é positiva, destacando sobre todo o caso de Ponte-Caldelas, que obtén unha variación media do 16,80%.

Todos os concellos sofren descensos no volume de contratación nalgún dos intervalos anuais estudados, aínda que é salientable que no período 2001-2002 en todas as localidades, agás A Lama e Campo Lameiro, descende o número de contratos.

Dado o importante peso do concello de Pontevedra no conxunto da comarca, a tendencia seguida no período de 1999 a 2003 é moi similar. Así, prodúcense decrecementos nos dous ámbitos territoriais entre 1999-2000 e 2001 e 2003 -a variación interanual máis baixa acádase en 2002, cun 9,22% no concello e un -7,87% na comarca-. O único tramo onde se produce crecemento é o comprendido entre 2000 e 2001, 11,16% no concello, 11,19% na comarca.

A evolución da comarca é inversa á da provincia, debido a que, a excepción do intervalo 2000-2001, nesta última increméntase en todos os tramos temporais o número de contratos realizados. Como resultado disto, a variación media anual da comarca acada o valor de -1,30%, en contraposición co resto da provincia, que cerra o período cun balance positivo de 1,18%.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	5.692	3.816	9.508	21,57	14,46	36,04
De 26 a 35 anos	5.090	3.983	9.073	19,29	15,10	34,39
De 36 a 45 anos	2.670	1.972	4.642	10,12	7,47	17,59
De 46 a 55 anos	1.556	871	2.427	5,90	3,30	9,20
De 56 e máis anos	567	167	734	2,15	0,63	2,78
TOTAL COMARCA	15.575	10.809	26.384	59,03	40,97	100,00
TOTAL PROVINCIAL	160.314	121.638	281.952	56,86	43,14	100,00

TÁBOA 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

A contratación na comarca de Pontevedra no ano 2003 caracterízase por unha distribución desigual entre homes -59,03% dos contratos- e mulleres -40,97%-. Por outra parte, o 70,43% das contratacións realizáronse entre menores de 36 anos, do que se deduce un perfil xuvenil nos contratos realizados.

Tanto a contratación masculina como a feminina concéntrase nos segmentos de idade máis baixos, con tendencia ao retroceso conforme a idade aumenta, fenómeno máis agudizado no caso feminino.

No ámbito provincial repítese a característica da masculinización da contratación, aínda que dunha forma máis suavizada, acadando a contratación feminina 2,17 puntos porcentuais máis no conxunto da provincia.


	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	17.317	16.294	18.613	17.056	15.575	-5,91	14,23	-8,37	-8,68	-2,62
Mulleres	10.486	10.775	11.484	10.671	10.809	2,76	6,58	-7,08	1,29	0,76
TOTAL CONTRATOS	27.803	27.069	30.097	27.727	26.384	-2,64	11,19	-7,87	-4,84	-1,30

TÁBOA 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

Polo que respecta á evolución temporal da contratación segundo o sexo, obsérvanse certas diferenzas en canto á evolución dos homes e mulleres.

Os contratos masculinos redúcense en todo o período excepto no ano 2001 -variación interanual de 14,23%-. Deste xeito, a variación media é negativa, cun decrecemento do volume contractual masculino de -2,62%. No que atinxe ao caso das mulleres, a tendencia é á estabilidade, cun decrecemento nos anos 2001-2002 e cun balance final positivo de 0,76%.

GRÁFICO 16: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.



No gráfico 16 pódese observar como neste quinquenio o peso da contratación masculina se vai reducindo paulatinamente, mentres que na evolución da feminina dáse o fenómeno contrario, aínda que en 2001 hai un crecemento menor da contratación feminina.

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	98-03
Menor de 26 anos	10.274	9.815	11.058	9.719	9.508	-4,47	12,66	-12,11	-2,17	-1,92
De 26 a 35 anos	9.572	9.500	10.573	9.695	9.073	-0,75	11,29	-8,30	-6,42	-1,33
De 36 a 45 anos	4.855	4.876	5.163	5.133	4.642	0,43	5,89	-0,58	-9,57	-1,12
De 46 a 55 anos	2.384	2.182	2.580	2.421	2.427	-8,47	18,24	-6,16	0,25	0,45
De 56 e máis anos	718	696	723	759	734	-3,06	3,88	4,98	-3,29	0,55
TOTAL CONTRATOS	27.803	27.069	30.097	27.727	26.384	-2,64	11,19	-7,87	-4,84	-1,30

Tomando como referente a idade, a evolución da contratación na comarca vén caracterizada por unha leve tendencia ao decrecemento nos grupos de idade máis novos e á estabilidade nos máis vellos, cunha evolución temporal semellante.

Prodúcese así o fenómeno de que nos menores de 45 anos as contratacións reducíronse levemente nestes cinco anos, acadando variacións medias de entre o -1,12% e o -1,92%. Pola contra, nos maiores de 46 anos, a variación media do período é de 0,45% para os de 46 a 55 anos e de 0,55% para os maiores de 56 anos.

Ademais, nos anos comprendidos entre 2002 e 2003 prodúcese un decrecemento xeneralizado para todos os tramos de idade, coa excepción do comprendido entre 46 e 55 anos, en tanto que o de 2000-2001 amósase como de crecemento para todos eles.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos.

TÁBOA 23: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	1.100	4,17
Agricultura e pesca	1.100	4,17
SECTOR SECUNDARIO	2.816	10,67
Industria	2.803	10,62
Electricidade	13	0,05
SECTOR CONSTRUCCIÓN	6.259	23,72
Construción	6.259	23,72
SECTOR SERVICIOS	16.209	61,43
Comercio e hostalería	6.594	24,99
Transporte e comunicacións	1.961	7,43
Outros servizos	7.654	29,01
TOTAL CONTRATOS	26.384	100,00

O sector servizos rexistrou no ano 2003 o maior volume de contratos, cun 61,43% do total. A unha considerable distancia sitúase o sector da construción, co 23,72%, seguido do secundario, co 10,67%. Por último o primario engloba o 4,17% dos contratos da comarca.

É destacable o peso dos subsectores de comercio e hostalería e de outros servizos, que supoñen conxuntamente o 54% da contratación comarcal.

Facendo unha análise máis pormenorizada do subsector da industria, obsérvase que as tres actividades máis significativas son as de alimentación, co 29% dos contratos, a de outras industrias -21%- e a de metalurxia e fabricación de produtos metálicos -20%-. O 30% restante queda distribuído de forma regular entre as demais actividades.

Para o conxunto dos servizos, as actividades máis representativas son a de comercio e a de actividades inmobiliarias e servizos a empresas, que supoñen conxuntamente case a metade das contratacións -44%-.




GRÁFICO 17: Distribución porcentual da contratación na Industria.




GRÁFICO 18: Distribución porcentual da contratación nos servizos.

	SEXO		Menos de 26 anos	IDADE			
	Homes	Mulleres		De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	Máis de 55
SECTOR PRIMARIO	2,68	1,49	1,28	1,35	0,83	0,52	0,18
Agricultura e pesca	2,68	1,49	1,28	1,35	0,83	0,52	0,18
SECTOR SECUNDARIO	6,62	4,05	3,82	3,53	1,89	1,11	0,32
Industria	6,58	4,04	3,81	3,50	1,88	1,11	0,32
Electricidade	0,04	0,01	0,01	0,03	0,01	0,00	0,00
SECTOR CONSTRUCCIÓN	22,51	1,21	7,35	7,42	4,99	3,05	0,91
Construción	22,51	1,21	7,35	7,42	4,99	3,05	0,91
SECTOR SERVICIOS	27,22	34,21	23,58	22,09	9,88	4,51	1,37
Comercio e hostalería	9,49	15,50	11,62	8,40	3,31	1,28	0,39
Transporte e comunicacións	5,18	2,25	2,11	2,50	1,78	0,70	0,34
Outros servizos	12,55	16,46	9,84	11,20	4,80	2,52	0,65
TOTAL CONTRATOS	59,03	40,97	36,04	34,39	17,59	9,20	2,78

TÁBOA 24: Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.

Tal e como quedou patente no comentario de táboas anteriores, o colectivo máis contratado é o masculino, co 59,03% do total dos contratos. Dentro deste colectivo masculino, o maior volume de contratos recólleo o sector servizos -27,22%-, seguido polo da construción, co 22,51%.

No caso das mulleres, tamén é o sector servizos o que representa o maior peso na contratación, co 34,21% dos contratos, seguido a considerable distancia polo secundario. É destacable a práctica inexistencia de contratos femininos nos sectores primario e da construción, posto que cada un deles representa pouco máis do 1% dos contratos totais.

No ámbito sectorial, o sector servizos é o que representa un maior peso contractual, representado de novo en maior medida polos tramos de idade de menos de 36 anos, que representan conxuntamente o 45,67% dos contratos da comarca de Pontevedra. Dentro deste sector, os subsectores máis representativos son os de outros servizos e o de comercio e hostalería, que perden presenza a medida que se incrementa a idade dos contratados.

TÁBOA 25: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.


	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
SECTOR PRIMARIO	2.140	1.133	1.038	1.079	1.100	-47,06	-8,38	3,95	1,95	-15,33
Agricultura e pesca	2.140	1.133	1.038	1.079	1.100	-47,06	-8,38	3,95	1,95	-15,33
SECTOR SECUNDARIO	2.654	3.050	3.084	2.962	2.816	14,92	1,11	-3,96	4,93	1,49
Industria	2.647	3.023	3.072	2.939	2.803	14,20	1,62	-4,33	-4,63	1,44
Electricidade	7	27	12	23	13	285,71	-55,56	91,67	-43,48	16,74
S. CONSTRUCCIÓN	5.243	4.782	5.083	5.351	6.259	-8,79	6,29	5,27	16,97	4,53
Construcción	5.243	4.782	5.083	5.351	6.259	-8,79	6,29	5,27	16,97	4,53
SECTOR SERVICIOS	17.766	18.104	20.892	18.078	16.209	1,90	15,40	-13,47	-10,34	-2,27
Comercio e hostalería	5.450	6.001	6.410	6.672	6.594	10,11	6,82	4,09	-1,17	4,88
Transporte e comunicacións	3.328	3.436	4.743	4.064	1.961	3,25	38,04	-14,32	-51,75	-12,39
Outros servizos	8.988	8.667	9.739	7.342	7.654	-3,57	12,37	-24,61	4,25	-3,94
TOTAL CONTRATOS	27.803	27.069	30.097	27.727	26.384	-2,64	11,19	-7,87	-4,84	-1,30

No período 1999-2003, os sectores primario e servizos amosan unha diminución no seu volume de contratos na comarca de Pontevedra. É sobre todo significativa a redución que se dá no sector primario nos anos 1999-2001, que presenta unha variación media de -15,33%. No sector servizos a redución é máis leve, de -2,27%, e prodúcese no intervalo 2001-2003, sobre todo no subsector de transporte e comunicacións (variación media de -12,39%).

No sector secundario increméntase levemente o volume de contratación, aínda que presenta un decrecemento entre o 2001 e o 2003. Este incremento é superior no sector da construción, que ten unha variación media de 4,53%, cunha diminución no intervalo 1999-2000 (-8,79%) e un crecemento nos intervalos temporais posteriores.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 19: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.



A comarca de Pontevedra caracterízase por un elevado predomínio da contratación temporal, posto que o 89% dos contratos presentan esta peculiaridade. A unha gran distancia sitúanse os de prácticas-formación, que supoñen o 5% do total, e os indefinidos co 4%.

TÁBOA 26: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	1,95	1,50	0,78	1,30	0,58	0,56	0,24
Indefinido tempo parcial	0,40	0,81	0,52	0,36	0,22	0,10	0,02
Temporal	46,04	23,11	22,32	24,81	13,19	6,78	2,05
Temporal tempo parcial	6,23	13,45	8,10	7,05	3,07	1,21	0,25
Prácticas/Formación	2,79	1,90	4,00	0,49	0,13	0,05	0,02
Outros	1,63	0,19	0,32	0,38	0,41	0,50	0,20
TOTAL CONTRATOS	59,03	40,97	36,04	34,39	17,59	9,20	2,78

A temporalidade perfírase tamén como predominante nos dous sexos; non obstante hai unha diferenza significativa debido a que mentres a maior proporción de contratos temporais a tempo completo se dá nos homes -46,04%-, a de a tempo parcial sitúase entre as mulleres -13,45%-.

Na distribución por idade, segue sendo a contratación temporal a tempo completo a que conta con maior peso relativo en todos os tramos, acadando o volume máis elevado no intervalo de 26 a 35 anos, seguido moi de cerca polos de menos de 26 anos. Por outra parte, é destacable que, se o 19,68% da contratación é a tempo parcial, un 15,15% desta concéntrase entre os individuos que teñen menos de 36 anos.

	PRIMARIO	SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS				Total
	Agr., Gand.	Industr.	Electric.		Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	
Indefinido	0,09	0,52	0,00	0,52	0,47	1,33	0,22	0,82	2,37
Indefinido tempo parcial	0,00	0,06	0,00	0,06	0,04	0,75	0,05	0,31	1,11
Temporal	3,78	8,27	0,05	8,31	21,38	12,49	6,59	16,60	35,68
Temporal tempo parcial	0,28	1,18	0,00	1,18	0,64	8,89	0,53	8,16	17,58
Prácticas/Formación	0,02	0,60	0,00	0,60	1,18	1,48	0,04	1,38	2,89
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,02	0,05	0,00	1,74	1,80
TOTAL CONTRATOS	4,17	10,62	0,05	10,67	23,72	24,99	7,43	29,01	61,43

TÁBOA 27: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

En todos os sectores económicos o tipo de contratación predominante é novamente a temporal. O sector servizos concentra a maioría dos contratos temporais a tempo completo e mais case todos os contratos temporais a tempo parcial. A continuación en nivel de temporalidade sitúase o sector da construción, co 22,02% do total, e o secundario, 9,49%.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	1.595	1.693	1.899	1.647	911	6,14	12,17	-13,27	-44,69	-13,07
Indefinido tempo parcial	261	359	318	532	321	37,55	-11,42	67,30	-39,66	5,31
Temporal	18.737	17.748	18.748	16.750	18244	-5,28	5,63	-10,66	8,92	-0,66
Temporal tempo parcial	5.096	4.921	5.251	4.842	5192	-3,43	6,71	-7,79	7,23	0,47
Prácticas/Formación	1.161	1.200	1.086	1.254	1237	3,36	-9,50	15,47	-1,36	1,60
Outros	953	1.148	2.795	2.702	479	20,46	143,47	-3,33	-82,27	-15,80
TOTAL CONTRATOS	27.803	27.069	30.097	27.727	26.384	-2,64	11,19	-7,87	-4,84	-1,30

TÁBOA 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

A evolución segundo a tipoloxía de contratación no período 1999-2003 presenta tendencias dispares para as diferentes modalidades de contratos. Deste xeito, os contratos da categoría outros, xunto cos indefinidos a tempo completo, son os que sofren unha maior redución, ao obter como variación interanual o -15,80% e o -13,07%, respectivamente.

Os contratos temporais tenden á estabilidade, con decrecementos nos períodos 1999-2000 e 2001-2002, e crecementos nos restantes intervalos; acadan unha variación media do 0,47% os temporais a tempo parcial e de -0,66% os de a tempo completo.

A categoría de contratación que manifesta un maior incremento no conxunto é a indefinida a tempo parcial, cunha variación media do 5,31%, acompañada nesta evolución positiva pola de prácticas/formación, co 1,60%.

TÁBOA 29: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	TOTAL CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	30	0,11
HOMES	19	0,07
MULLERES	11	0,04
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	1.441	5,46
HOMES	765	2,90
MULLERES	676	2,56
3. Técnicos e profesionais de apoio	1.120	4,24
HOMES	578	2,19
MULLERES	542	2,05
4. Empregados de tipo administrativo	2.788	10,57
HOMES	717	2,72
MULLERES	2.071	7,85
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	5.307	20,11
HOMES	1.432	5,43
MULLERES	3.875	14,69
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	168	0,64
HOMES	94	0,36
MULLERES	74	0,28
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	6.024	22,83
HOMES	5.280	20,01
MULLERES	744	2,82
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	1.549	5,87
HOMES	1.379	5,23
MULLERES	170	0,64
9. Traballadores non cualificados	7.957	30,16
HOMES	5.311	20,13
MULLERES	2.646	10,03
TOTAL CONTRATOS	26.384	100,00
TOTAL HOMES	15.575	59,03
TOTAL MULLERES	10.809	40,97

Segundo os nove grandes grupos de ocupación, e de acordo co exposto na táboa anterior, é preciso sinalar a concentración dun 83,67% dos contratos nos seguintes catro grandes grupos:

- Traballadores non cualificados -30,16%-.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería -22,83%-.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -20,11%-.
- Empregados de tipo administrativo -10,57%-.

Por outra parte, atendendo á distribución por sexo, aprécianse diferenzas significativas nos contratos en función do tipo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados -20,13%-. • Artesáns/traballadores cualificados industria manufacturera, construción e minería -20,01%-. • Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -5,43%-. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores -5,23%-.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio -14,69%-. • Traballadoras non cualificadas -10,03%-. • Empregadas de tipo administrativo -7,85%-. • Artesáns/traballadoras cualificadas industria manufacturera, construción e minería -2,82%-.

Dada a preeminencia da contratación masculina na comarca de Pontevedra, na maioría dos grupos de ocupación predominan os homes sobre as mulleres, excepto nos que seguen a continuación:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio. As mulleres superan en 9,26 puntos aos homes.
- Empregadas de tipo administrativo. A contratación feminina é 5,13 puntos superior á masculina.

Atendendo á evolución dos contratos durante o período 1999-2003, os datos refliten unha evolución negativa para os seguintes grupos de ocupación:

- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais, cunha variación media de -10,60%.
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca, cun descenso do -7,75%-.
- Empregados de tipo administrativo, que se reduce nun -4,93%.
- Traballadores non cualificados, cunha variación negativa de -3,89%.

Pola contra, o grupo que destaca sobre os demais polo seu crecemento é o de dirección de empresas e administracións públicas, que acadou unha variación media positiva de 35,12%, se ben ten un número de contratos moi baixos.

No tocante á evolución segundo o sexo dos contratados, é salientable o incremento da contratación masculina na ocupación de dirección de empresas e administracións públicas, cunha variación media de 24,14%.

Por outra banda, prodúcese un descenso na contratación masculina nos grupos de :

- Traballadores cualificados na agricultura e pesca (-7,75%).
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais (-11,03%).
- Empregados de tipo administrativo (-8,55%).
- Traballadores non cualificados (-5,84%).

No tocante ás mulleres, destaca o incremento medio na contratación nos seguintes grupos de ocupación:

- Dirección de empresas e administracións públicas -82,12%-.
- Traballadoras cualificadas na agricultura e pesca -10,30%-.

É preciso sinalar o decrecemento que se produce na contratación de mulleres nas seguintes actividades:

- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais, -10,10%.
- Empregadas de tipo administrativo, -3,50%.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas.

TÁBOA 30: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO MASCUL. ¹
		N.º	%	N.º	%	N.º	%	
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	3.793	14,38	2.840	18,23	953	8,82	74,87
53300010	Dependente de comercio, en xeral	2.330	8,83	600	3,85	1.730	16,01	25,75
71100016	Albanel	2.285	8,66	2.241	14,39	44	0,41	98,07
96020014	Peón da construción de edificios	1.598	6,06	1.519	9,75	79	0,73	95,06
42100010	Empregado administrativo, en xeral	1.573	5,96	456	2,93	1.117	10,33	28,99
50200018	Camareiro, en xeral	1.527	5,79	537	3,45	990	9,16	35,17
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	1.073	4,07	143	0,92	930	8,60	13,33
86300016	Condutor de camión, en xeral	690	2,62	669	4,30	21	0,19	96,96
41020023	Clasificador-repartidor correspondencia	508	1,93	145	0,93	363	3,36	28,54
25130104	Músico instrumentista, en xeral	485	1,84	432	2,77	53	0,49	89,07
TOTAL		15.862	60,12	9.582	61,52	6.280	58,10	60,41

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

Tendo en conta as 10 ocupacións máis contratadas no ano 2003, é salientable o grao de concentración, posto que representan o 60,12% dos contratos realizados na comarca de Pontevedra, un nivel de concentración que apenas presenta diferenzas segundo o sexo das persoas contratadas.

As mulleres tenden a ser contratadas en maior medida como muller de limpeza, dependente de comercio, empregada administrativa e repartidora de correspondencia. En todas estas ocupacións o ratio de masculinidade é moi baixo, xa que non alcanza un valor do 30%.

En cambio, os homes tenden a ser máis contratados -ratio de masculinidade maior do 70%- en:

- Albanel
- Peón da construción de edificios.
- Condutor de camión.
- Músico instrumentista.
- Peón da industria manufactureira.


CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	5.092	4.813	6.502	5.797	3.793
53300010	Dependente de comercio, en xeral	2.024	2.301	2.516	2.343	2.330
71100016	Albanel	2.171	1.836	1.867	1.842	2.285
96020014	Peón da construción de edificios	1.411	1.019	1.201	1.265	1.598
42100010	Empregado administrativo, en xeral	1.949	1.915	1.818	1.652	1.573
50200018	Camareiro, en xeral	1.300	1.269	1.363	1.511	1.527
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	978	1.204	947	1.004	1.073
86300016	Condutor de camión, en xeral	412	394	715	622	690
41020023	Clasificador-repartidor correspondencia	443	229	236	404	508
25130104	Músico instrumentista, en xeral	692	517	542	530	485
46010025	CAIXEIRO DE COMERCIO	504	250	305	338	290
98000050	MOZO CARGA/DESCARGA, ALMACÉN	381	897	642	343	279
94400012	PEÓN FORESTAL	147	439	152	132	104
94100011	PEÓN AGRÍCOLA, EN XERAL	562	13	71	15	17
41030017	ENTREVISTADOR, AXENTE ENQUISAS, CENSOS	173	37	1.000	43	10

TÁBOA 31: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.

Polo que respecta á evolución da lista das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003, prodúcense lixeiras oscilacións en canto á súa composición. Así, a pesar de manter a súa primeira posición a ocupación de peón da industria manufactureira, perde peso relativo con respecto a 2002; dependente de comercio segue unha tendencia estable e albanel e peón da construción recuperan os valores do ano 1999, unha vez superada a recesión na contratación do ano 2000.

Ademais, cinco ocupacións -caixeiro de comercio, mozo de carga, peón forestal, peón agrícola e entrevistador- aparecen e desaparecen da lista das máis contratadas, tendendo tamén todas elas ao decrecemento na contratación nestes anos.

A ocupación que representa unha maior oscilación é a de peón agrícola, que só aparece na lista das máis contratadas no ano 1999. A actividade de entrevistador é a segunda que máis varía, pois increméntase considerablemente no ano 2001, decrecendo de forma brusca no ano posterior.



Comarca de Tabeirós-Terra de Montes



5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

A comarca de Tabeirós-Terra de Montes caracterízase por unha forte presenza de empresas no sector servizos. Deste xeito, máis da metade das empresas sitúanse neste sector -62%-, seguido en orde de importancia polo sector secundario -18,65%- e polo da construción -18,15%-. Facendo unha análise pormenorizada dos subsectores, son os de comercio e hostalería e outros servizos, ambos incluídos no sector servizos, os que concentran un maior número de empresas.

Do mesmo xeito, é o sector servizos o que ten un maior número de traballadores -39,05%-, seguido neste caso polo sector primario, coa cuarta parte dos traballadores, e polo sector secundario -20,71%-.


Polo que respecta aos traballadores autónomos, é notable a súa presenza no sector servizos, que engloba o 63,36% do total, destacando o subsector de comercio e hostalería. A unha distancia porcentual considerable sitúanse o sector da construción e o sector secundario, o 18,87% e o 15,29% respectivamente dos traballadores autónomos da comarca.

5.1.2. Evolución anual

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	48	58	57	39	12
Agricultura e pesca	48	58	57	39	12
SECTOR SECUNDARIO	190	178	181	185	185
Industria	189	176	179	183	184
Electricidade	1	2	2	2	1
SECTOR CONSTRUCCIÓN	168	158	166	171	180
Construción	168	158	166	171	180
SECTOR SERVIZOS	553	565	586	597	615
Comercio e hostalería	316	324	334	335	343
Transporte e comunicacións	42	43	48	46	40
Outros servizos	195	198	204	216	232
TOTAL	959	959	990	992	992

TÁBOA 1: Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.



O máis salientable en canto á evolución do número de empresas no período 1999-2003 é a gran diminución porcentual de compañías no sector primario, sobre todo nos dous últimos anos, onde se aprecia unha redución de catro veces con respecto ao número de empresas de partida no ano 1999 -pasando de 48 a 12-.

Tanto o sector secundario como o da construción amosan un decrecemento no tramo 1999-2000, iniciando unha recuperación nos seguintes anos, o que provoca no último sector comentado uns valores maiores na actualidade que no ano 1999.


No tocante ao sector servizos, é o que representa un maior incremento no número de empresas, cunha tendencia alcista en todo o período.

TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	1.213	1.326	1.367	1.331	1.337
Agricultura e pesca	1.213	1.326	1.367	1.331	1.337
SECTOR SECUNDARIO	923	968	1.112	1.142	1.086
Industria	922	965	1.109	1.139	1.083
Electricidade	1	3	3	3	3
SECTOR CONSTRUCCIÓN	763	667	788	788	773
Construción	763	667	788	788	773
SECTOR SERVIZOS	1.661	1.715	1.913	2.012	2.048
Comercio e hostalería	842	918	1.016	1.023	1.006
Transporte e comunicacións	150	151	180	182	174
Outros servizos	669	646	717	807	868
TOTAL	4.560	4.676	5.180	5.273	5.244

A evolución do número de traballadores neste período na comarca de Tabeirós-Terra de Montes caracterízase por unha evolución desigual en todos os sectores, agás no sector servizos. Así, no sector secundario prodúcese un incremento de traballadores ata o ano 2002, descendendo no último ano, variación interanual de -4,9%, en tanto que o da construción descende no primeiro e no último e aumenta en 2000-2001, 18,14%.

GRÁFICO 2: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.



En cambio, no sector servizos o crecemento é constante ano a ano, converténdose no sector cun maior incremento de traballadores; destaca o subsector de outros servizos, que a partir do ano 2000 ten un crecemento progresivo. Esta mesma liña evolutiva séguela o conxunto da comarca, dado o importante peso específico dos servizos, cun incremento constante ano a ano.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	20	25	28	35	43
Agricultura e pesca	20	25	28	35	43
SECTOR SECUNDARIO	220	229	244	250	265
Industria	220	229	244	250	265
Electricidade	0	0	0	0	0
SECTOR CONSTRUCCIÓN	252	247	280	304	327
Construción	252	247	280	304	327
SECTOR SERVICIOS	861	891	1.023	1.069	1.098
Comercio e hostalería	588	607	707	744	765
Transporte e comunicacións	118	120	137	120	121
Outros servizos	155	164	179	205	212
TOTAL	1.353	1.392	1.575	1.658	1.733

TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

O número de autónomos incrementábase en todos os sectores produtivos neste período. En todos eles o crecemento foi constante, excepto no sector da construción, no que se produce un leve descenso nos anos 1999-2000, -1,98%. Por outra parte, a excepción do sector primario, o intervalo onde se producen os maiores incrementos é o comprendido entre 2000 e 2001.

O sector no que máis traballadores autónomos se estableceron é o de servizos, impulsado sobre todo polo crecemento do subsector do comercio e hostalería e outros servizos.




GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.


	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Estrada	1.166	592	1.758
Cerdedo	48	29	77
Forcarei	120	46	166
TOTAL	1.334	667	2.001

% comarca/provincia - PARADOS 2,37

% comarca/provincia - NON PARADOS 2,33

O concello da Estrada destaca notablemente sobre os outros dous concellos integrados nesta comarca en relación co número de demandantes. Así, engloba o 87,86% das demandas totais, seguido polo de Forcarei, co 8,29%, e polo de Cerdedo, co 3,84%.

GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.



Diferenciando os demandantes parados dos non parados, obsérvase que a relación dos parados supera á dos non parados en todos os concellos, cunha prevalencia do 66,66% dos parados fronte ao 33,33% dos non parados.

En relación coa provincia de Pontevedra, a comarca de Tabeirós-Terra de Montes apenas presenta diferenzas significativas nas proporcións de demandantes parados e non parados.

5.2.2. Evolución dos demandantes parados

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	1.195	1.143	1.083	1.283	1.334
VARIACIÓN INTERANUAL %		-4,35	-5,25	18,47	3,98
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	2,37	2,29	2,21	2,41	2,37

Para o conxunto dos demandantes parados, obsérvanse oscilacións na súa evolución no período 1999-2003. Existe unha inclinación ao decrecemento entre os anos 2000 e 2001, en tanto que medra nos intervalos posteriores, sobre todo no 2002, onde se produce unha variación interanual do 18,47%, convertendo o crecemento na tendencia actual.

O peso relativo da comarca con respecto á provincia redúcese nos anos 2000-2001 e recupérase no 2002; finalmente é idéntico ao do inicio do período (2,37%).




GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	362	18,09	11,42
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	972	48,58	54,86
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	129	6,45	3,82
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	246	12,29	12,34
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	62	3,10	5,80
	En expediente de regulación de emprego	2	0,10	1,28
	Demandantes de mellora de emprego	181	9,05	7,00
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	39	1,95	2,89
	Resto de demandantes	8	0,40	0,60
TOTAL		2.001	100,00	100,00

TÁBOA 6: Situación laboral dos demandantes

Máis da metade dos demandantes de emprego da comarca -66,67%- son parados; os parados con emprego anterior supoñen o 48,58%.

No colectivo dos non parados -33,33%-, son tamén os que tiveron emprego anterior os máis numerosos, significando o 12,29% do total, seguidos polos que demandan unha mellora de emprego -9,05%-.

Na comparación co resto da provincia, os demandantes parados acadan un valor porcentual similar -66,28%-, aínda que se incrementa en 6 puntos máis o peso dos parados con emprego anterior, en detrimento dos parados sen emprego anterior. Do mesmo xeito, dentro dos non parados, os que posúen emprego anterior seguen configurando o grupo máis numeroso -12,34%-.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	112	175	8,40	13,12	21,51	19,33
26 a 35 anos	141	268	10,57	20,09	30,66	30,92
36 a 45 anos	100	171	7,50	12,82	20,31	21,51
46 a 55 anos	109	101	8,17	7,57	15,74	17,42
56 e máis anos	100	57	7,50	4,27	11,77	10,83
TOTAL COMARCA	562	772	42,13	57,87	100,00	2,37
TOTAL PROVINCIA	21.790	34.575	38,66	61,34	2,37	100,00

Ao conxunto dos demandantes parados da comarca de Tabeirós-Terra de Montes, segundo a distribución por sexo e idade, pódese atribuír un perfil xuvenil e feminino, dado que o 57,87% dos demandantes parados son mulleres e o 52,17% do total teñen menos de 36 anos.

Tanto no colectivo feminino como no masculino, o grupo de idade maioritario é o de 26 a 35 anos -20,09% e 10,57% do total respectivamente-, seguido polo de menos de 26 anos -13,12% e 8,40%, respectivamente-. Tamén en ambos os sexos se dá a circunstancia de que, conforme vai avanzando a idade, o peso porcentual de demandantes redúcese.

No tocante á totalidade da provincia, segue sendo o colectivo de 26 a 35 anos o que lle dá maior peso porcentual ao total -30,92%-, pero neste caso séguelle en nivel de importancia o de 36 a 45 anos -21,51%-, a diferenza da comarca, onde en segundo lugar se sitúan coa mesma porcentaxe os menores de 26 anos.

TÁBOA 7.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	46	94	6,90	14,09	20,99	19,01
26 a 35 anos	55	117	8,25	17,54	25,79	28,25
36 a 45 anos	36	81	5,40	12,14	17,54	21,24
46 a 55 anos	41	56	6,15	8,40	14,54	18,04
56 e máis anos	89	52	13,34	7,80	21,14	13,47
TOTAL COMARCA	267	400	40,03	59,97	100,00	2,33
TOTAL PROVINCIA	10.780	17.899	37,59	62,41	2,33	100,00

Dáse de novo entre os demandantes non parados a mesma situación xa comentada anteriormente da superioridade da demanda feminina, posto que o 59,97% son mulleres.

Segue sendo tamén o tramo de idade de 26 a 35 anos o máis elevado porcentualmente, pero neste caso sitúase en segundo lugar de importancia o colectivo de idade máis avanzada, de máis de 56 anos, co 21,14% das demandas dos non parados.

Tendo en conta as diferenzas entre os dous sexos, no grupo das mulleres o intervalo de idade de 26 a 35 anos é o máis numeroso -17,54%-. Pola contra, nos homes, o maior número de demandas concéntrase nos maiores de 56 anos -13,34%.

No ámbito provincial, igual que na comarca, o grupo de idade máis representativo é o de 26 a 35 anos. A diferenza aparece no grupo que lle segue en volume de demandas, que na provincia é o de 36 a 45 anos -21,24%-, mentres que na comarca o segundo colectivo de referencia son os maiores de 56 anos. Tamén existe unha pequena diferenza con respecto á distribución por sexos dos demandantes non parados, que tende a ser levemente maior o colectivo feminino na provincia -62,41% fronte ao 59,97%-.

Como reflexo do comentado anteriormente, conséntase que tanto para os parados como para os non parados o grupo de idade con maior peso relativo é o de 26 a 35 anos.

Reflítese aquí tamén graficamente que nos non parados o segundo grupo de idade máis significativo é o de máis de 56 anos, mentres que este grupo convértese no menos representativo no caso dos parados.

Evidénciase neste gráfico a preeminencia das demandas femininas, destacando unha maioría feminina tanto nos parados como nos non parados.

Porén, en ambos os dous sexos o peso relativo dos parados é superior ao dos non parados.




GRÁFICO 6: Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.




GRÁFICO 7: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	455	34,11	30,37
Titulación de ensinanza obrigatoria	438	32,83	39,89
Formación profesional	107	8,02	6,19
BUP/Bacharelato superior/COU	164	12,29	11,93
Titulados universitarios	134	10,04	9,08
Outras titulacións	36	2,70	2,54
TOTAL	1.334	100,00	100,00

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

TÁBOA 8.1: Distribución dos demandantes parados por nivel académico.

En relación coa súa distribución segundo o nivel académico, a porcentaxe máis elevada dos demandantes parados sitúase na comarca entre os que só teñen certificado de escolaridade -34,11%, 30,37% na provincia-, en cambio no ámbito provincial concéntrase en maior medida nos que contan con ensino obrigatorio -39,89%, fronte ao 32,83% da comarca-.

Do mesmo modo, sitúanse a continuación os que posúen estudos de bacharelato, os titulados universitarios e os que teñen estudos de formación profesional.

TÁBOA 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	248	37,18	32,64
Titulación de ensinanza obrigatoria	183	27,44	35,31
Formación profesional	52	7,80	6,04
BUP/Bacharelato superior/COU	82	12,29	13,79
Titulados universitarios	87	13,04	10,49
Outras titulacións	15	2,25	1,73
TOTAL	667	100,00	100,00

No caso dos demandantes non parados, tanto no ámbito comarcal como provincial, o grupo maioritario está composto por aqueles que teñen estudos obrigatorios ou non chegaron a acadar ese nivel (64,62% na comarca e 67,95% na provincia).

As disparidades entre a comarca e a provincia prodúcense en canto á orde de importancia dos diferentes niveis académicos. Así, no ámbito comarcal, o máis representativo é o de ata certificado de escolaridade, seguido do de titulación de ensinanza obrigatoria, titulados universitarios, bacharelato e formación profesional. No que atinxe á provincia, o nivel con maior peso é o de titulación de ensinanza obrigatoria, seguido do de ata certificado de escolaridade, bacharelato, titulados universitarios e formación profesional.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	7,05	0,67	0,67	8,40
	Mulleres	8,17	2,85	2,10	13,12
26 a 35 anos	Homes	6,97	2,32	1,27	10,57
	Mulleres	9,90	3,00	7,20	20,09
36 a 45 anos	Homes	4,95	1,27	1,27	7,50
	Mulleres	5,92	2,32	4,57	12,82
46 a 55 anos	Homes	4,80	0,97	2,40	8,17
	Mulleres	2,47	0,97	4,12	7,57
56 e máis anos	Homes	2,47	1,12	3,90	7,50
	Mulleres	0,60	0,52	3,15	4,27
TOTAL COMARCA		53,30	16,04	30,66	100,00
TOTAL PROVINCIA		52,82	14,49	32,69	100,00

Máis da metade dos demandantes de emprego parados da comarca de Tabeirós-Terra de Montes levan menos de 6 meses buscando emprego, 53,3%, situándose 22 puntos porcentuais por encima dos parados de longa duración e 37 puntos por encima dos que levan buscando entre 6 meses e 1 ano.

No ámbito provincial os datos son moi similares, sen diferenzas porcentuais significativas na duración do paro dos demandantes.

A distribución dos valores segundo o sexo e a idade segue esta mesma tendencia, agás nas mulleres de máis de 45 anos e nas mulleres e homes de máis de 56, onde a característica é o paro de longa duración. Ademais, é significativo que mentres un 21,14% das mulleres son paradas de longa duración, esta porcentaxe redúcese ao 9,52% para os homes.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	20	1,50	3,16	21	3,15	3,66
Sector secundario	149	11,17	19,25	78	11,69	18,72
Construcción	249	18,67	9,92	72	10,79	7,12
Sector servicios	554	41,53	50,62	346	51,87	55,04
Sen actividade previa	362	27,14	17,04	150	22,49	15,46
TOTAL	1.334	100,00	100,00	667	100,00	100,00

TÁBOA 10: Demandantes por actividade económica.

Tanto no caso dos demandantes parados como dos ocupados, no ámbito provincial e comarcal a actividade económica maioritaria de procedencia é o sector servizos.

No ámbito comarcal, os demandantes sen actividade previa son os que ocupan un maior peso relativo detrás dos procedentes do sector servizos, tanto os parados -27,14%- como os ocupados, -22,49%-. En cambio, na provincia de Pontevedra, son os demandantes procedentes do sector secundario os que lle seguen aos do sector servizos en peso relativo.

Máis de 3 de cada 4 demandantes parados na industria da comarca de Tabeirós-Terra de Montes proceden das actividades do téxtil e confección -39%-, da alimentación -20%- e de outras industrias -18%-.




GRÁFICO 8: Demandantes parados na industria.

Nos servizos cobran maior importancia os procedentes do comercio -23%, hostalería -21%-, actividades inmobiliarias e servizos a empresas -16%- e administración pública -14%-.




GRÁFICO 9: Demandantes parados nos servizos.

A cuarta parte restante dos demandantes parados do sector servizos repártese de forma dispersa entre as demais actividades.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 11: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Empregado administrativo, en xeral	230	11,49	8,97
Dependente de comercio, en xeral	214	10,69	9,31
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	121	6,05	7,08
Albanel	114	5,70	2,15
Peón da ind. manufactureira, en xeral	104	5,20	7,42
Cociñeiro, en xeral	68	3,40	1,79
Modista/o	55	2,75	1,04
Peón da construción de edificios	48	2,40	1,75
Carpinteiro, en xeral	42	2,10	0,94
Camareiro, en xeral	41	2,05	3,12

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Titulación ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Empregado administrativo	Dependente de comercio

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Cerdedo	9	1,16
A Estrada	739	94,99
Forcarei	30	3,86
TOTAL COMARCA	778	100,00

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	32.805
COMARCA/PROVINCIA:	2,37

Na comarca de Tabeirós-Terra de Montes recolléronse no ano 2003 778 ofertas de emprego, o que representa o 2,37% do total das ofertas da provincia de Pontevedra.

Nesta comarca case a totalidade das ofertas son xestionadas por un concello, debido a que un 94,99% se concentran na Estrada, en tanto que os outros dous concellos teñen un papel marxinal.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Forcarei	1	3	12	7	30	200,00	300,00	-41,67	328,57	134,03
A Estrada	798	751	788	834	739	-5,89	4,93	5,84	-11,39	-1,90
Cerdedo	1	0	9	5	9			-44,44	80,00	73,21
TOTAL COMARCA	800	754	809	846	778	-5,75	7,29	4,57	-8,04	-0,69
TOTAL PROVINCIA	22.277	29.137	32.188	35.951	32.805	30,79	10,47	11,69	-8,75	10,16


TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

A evolución das ofertas nesta comarca no conxunto do período vén marcada pola evolución do concello da Estrada, dado o peso específico practicamente nulo das localidades de Forcarei e Cerdedo, onde o baixo número de ofertas existentes -5,02% do total- fai que as variacións acaden cifras extremas; non obstante dentro dos seus valores modestos destaca o repuntamento de Forcarei no último ano.

Deste xeito, o concello da Estrada presenta unha evolución irregular, con decrecementos na porcentaxe de ofertas nos anos 1999-2000 e 2002-2003, e incrementos nos anos restantes. A variación media do período para esta localidade é de -1,90%, semellante á do conxunto da comarca.

En relación coa provincia de Pontevedra, esta comarca presenta leves diverxencias en canto á súa evolución. Na comarca, dáse un decrecemento das ofertas nos anos 2000 e 2003, mentres que na provincia só se produce este decrecemento no ano 2003. Así, o balance final do período é de 10,16% para a provincia, fronte á porcentaxe negativa de -0,69% para a comarca.

GRÁFICO 10: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.



Debido ao peso específico do concello da Estrada, xa descrito anteriormente, no gráfico 10 tómake como conxunto o resto de localidades -Forcarei e Cerdedo-, para comparar así graficamente a súa evolución con este concello. É preciso recordar que, debido ao baixo valor absoluto que acadan estas dúas localidades, a súa evolución debe ser relativizada.

5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica.


TABOA 15: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Forcarei	0		8	12,12	0		22	4,14
A Estrada	4	100,00	58	87,88	175	99,43	502	94,36
Cerdedo	0		0		1	0,57	8	1,50
TOTAL COMARCA	4	100,00	66	100,00	176	100,00	532	100,00
TOTAL PROVINCIA	369		3.563		6.015		22.853	

En números absolutos, das 778 ofertas totais da comarca, só nacen 30 en Forcarei -o 3,85% do total-, 8 delas no sector secundario e 22 no sector servizos. No caso de Cerdedo, das 9 ofertas que presenta -1,16% do total-, 1 procede do sector da construción e as 8 restantes do sector servizos.


En xeral, e tomando tanto o caso do concello da Estrada como o da comarca, o maior volume de ofertas concéntrase no sector servizos -máis do 60% en ambos os casos-, seguido polo da construción -máis do 20% en ambos territorios-. Pola contra, o peso do sector primario só supón arredor do 1% das ofertas.

GRÁFICO 11: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.



Estes valores son análogos aos que se dan na provincia de Pontevedra, co 69% das ofertas concentradas no sector servizos, o 18,30% no sector da construción e a escasa presenza de ofertas procedentes do sector primario.

GRÁFICO 12: Distribución porcentual das ofertas na industria.



A maioría das ofertas da industria proceden da actividade de outras industrias -36%-, seguida pola de téxtil e confección, co 27% das ofertas, e a de metalurxia e fabricación de produtos metálicos, co 15% do total.

Nos servizos, é de destacar que case a metade das ofertas se vinculan á actividade da administración pública, co 43% do total. A unha distancia porcentual de 26 puntos sitúase a de actividades inmobiliarias e servizos a empresas, co 17% das ofertas do sector servizos.

A de educación supón o 13%, mentres que de comercio proveñen o 9% das ofertas dos servizos. As actividades restantes sitúanse a unha curta distancia porcentual entre si, cun volume de ofertas por debaixo do 6%.




GRÁFICO 13: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	3	4	0	11	4
Secundario	96	119	102	89	66
Construción	288	208	285	171	176
Servizos	413	423	422	575	532
Sen actividade	0	0	0	0	0
TOTAL COMARCA	800	754	809	846	778
TOTAL PROVINCIA	22.277	29.137	32.188	35.951	32.805

TÁBOA 16: Evolución das ofertas por sectores económicos.

Por sectores, a tendencia é o incremento leve no sector da construción e a un crecemento máis forte nos sectores secundario e servizos, cunha variación media final do 26,82% no primeiro e do 22,63% no segundo.

Segundo os sectores económicos, as ofertas na comarca de Tabeirós-Terra de Montes presentan unha evolución dispar no período 1999-2003. Así, nos sectores secundario e da construción redúcese o número absoluto de ofertas, cun descenso xeneralizado no período e repuntamentos leves nos anos 2000 no sector secundario e no 2001 no sector da construción.

O sector primario mantense nuns niveis moi baixos, en tanto que o de servizos incrementa o seu número de ofertas de maneira considerable, con leves descensos nos anos 2001 e 2003, e aumentos no 2000 e sobre todo no 2002 - variación interanual do 36,26%-.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

Só o 3,98% das ofertas da comarca especifican a preferencia de sexo como requisito para ocupar un determinado posto de traballo.

Facendo unha análise pormenorizada por sectores económicos, é salientable que no sector da construción só se requiren homes, mentres que no sector secundario o único requirimento é de mulleres na actividade téxtil e de confección. No sector servizos, aínda que se solicitan os dous sexos, dáse unha maior inclinación a solicitar mulleres.





GRÁFICO 14: Ofertas por sexo segundo o sector económico da comarca.

GRÁFICO 15: Ofertas por nivel académico da comarca.



Na comarca de Tabeirós-Terra de Montes, o 71,72% das ofertas recollidas teñen como esixencia a posesión dun determinado nivel académico, se ben o 61,95% delas só requiren o certificado de escolaridade.

Pola contra, o 4,24% das ofertas solicitan titulados universitarios, e dentro destas, o 66% proceden da administración pública. Esta mesma actividade, xunto coa da construción, é a que concentra as demandas de menor cualificación.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

TÁBOA 17.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

	1999	2000	2001	2002	2003
Azafata de información, feiras, congresos e outros eventos	15	15	16	28	24
Telefonista / Operador de telemarketing	0	0	0	2	17
Peón de albanel/Peón de obras públicas	7	2	21	2	11
Axente comercial / Vendedor	10	13	6	37	9
Camareiro – Barman	5	9	16	5	7
Carpinteiro	7	3	2	1	6
Escaiolista	0	0	0	2	6
Maquinista de confección (coser, bordar, bobinar, ganduxar)	0	0	0	1	6
Porteiro/Gardacoches	1	2	3	4	6
Empregado/a do fogar	0	0	0	3	5

As ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores en 2003 son as de azafata de información, feiras, congresos e outros eventos, telefonista/operador de telemarketing e peón de albanel.

É salientable a flutuación que se produce na ocupación de axente comercial/vendedor: nos anos 1999 e 2000 é a segunda máis demandada, redúcese considerablemente en 2001, pasa a ser a máis demandada no ano 2002 e decrece de novo en 2003.

O caso de telefonista/operador de telemarketing é diferente, posto que non se demanda ata o ano 2002, e no 2003 pasa a ser a segunda ocupación máis demandada.

	1999	2000	2001	2002	2003
Carpinteiro, en xeral	62	77	37	28	106
Albanel	125	99	204	104	89
Peón da construción de edificios	74	78	71	39	45
Técnico de protección civil	37	14	15	29	37
Mozo carga/descarga, almacén	4	15	15	14	28
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	7	31	37	22	25
Condutor de camión, en xeral	41	33	21	11	16
Cociñeiro, en xeral	13	12	11	15	14
Empregado administrativo, en xeral	10	11	14	13	12
Modista/o	15	22	17	10	9

TÁBOA 17.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

Nas oficinas de emprego as profesións máis demandadas non se corresponden co caso anterior. Deste xeito, as ocupacións máis requiridas no ano 2003 son as de carpinteiro, albanel, peón da construción de edificios e técnico de protección civil. Porén, a evolución é diverxente segundo a ocupación; así, mentres que carpinteiro ten unha evolución moi positiva no último ano, a ocupación de albanel descende notablemente, sobre todo se tomamos como referencia o valor de 2001.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

TÁBOA 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
A ESTRADA	2.229	83,92
CERDEDO	117	4,41
FORCAREI	310	11,67
TOTAL COMARCA	2.656	100,00
TOTAL PROVINCIA	281.952	0,94

O maior volume de contratación da comarca rexístrase no concello da Estrada, co 83,92% dos contratos. A continuación colócase Forcarei, co 11,67% do total, e por último Cerdedo, co 4,41%.

Con respecto á provincia de Pontevedra, a comarca de Tabeirós-Terra de Montes representa, en volume de contratación, o 0,94% dos contratos realizados na provincia.

TÁBOA 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
A ESTRADA	2.755	2.354	2.462	2.284	2.229	-14,56	4,59	-7,23	-2,41	-5,16
CERDEDO	99	111	118	94	117	12,12	6,31	-20,34	24,47	4,26
FORCAREI	201	244	221	304	310	21,39	-9,43	37,56	1,97	11,44
TOTAL COMARCA	3.055	2.709	2.801	2.682	2.656	-11,33	3,40	-4,25	-0,97	-3,44
TOTAL PROVINCIA	268.994	284.771	269.975	277.433	281.952	5,87	-5,20	2,76	1,63	1,18

A evolución na contratación entre os anos 1999-2003 reflíte unha evolución e balance desiguais para as diferentes localidades da comarca. Os concellos de Forcarei e Cerdedo teñen unha variación media positiva do 11,44% e do 4,26% respectivamente, e rexistraron flutuacións na súa evolución con crecementos e decrecementos ao longo do período.

Pola contra, para o concello da Estrada, o balance final destes cinco anos é negativo, cunha variación media de -5,16%. Só no período 2000-2001 tivo unha variación interanual positiva -4,59%-.

Debido ao importante peso que supón na comarca o concello da Estrada, a variación media comarcal acada o valor negativo de -3,44%, en contraposición co conxunto da provincia, cun balance positivo de 1,18%. Ademais, na evolución por anos da comarca dáse unha tendencia inversa á da provincia, debido a que a única vez que medra é no intervalo 2000-2001 -3,4%- , en tanto que na provincia é onde se produce o único descenso do período, -5,2%.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	584	348	932	21,99	13,10	35,09
De 26 a 35 anos	454	370	824	17,09	13,93	31,02
De 36 a 45 anos	301	211	512	11,33	7,94	19,28
De 46 a 55 anos	191	87	278	7,19	3,28	10,47
De 56 e máis anos	98	12	110	3,69	0,45	4,14
TOTAL COMARCA	1.628	1.028	2.656	61,30	38,70	100,00
TOTAL PROVINCIAL	160.314	121.638	281.952	56,86	43,14	100,00

TÁBOA 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

Máis da metade dos contratados no ano 2003 son homes -61,30%- e tamén máis da metade dos contratos realízanse entre menores de 36 anos.

Tanto os contratos dos homes como das mulleres tenden a agruparse nos segmentos máis baixos de idade -se ben nos homes tende a prevalecer o segmento de idade de menos de 26 anos e nas mulleres hai unha distribución máis equitativa entre os dous intervalos de menor idade-, sufrindo ambos un retroceso conforme a idade vai avanzando. Este decrecemento é máis agudo no caso feminino, xa que só un 3,73% do total de contratos é feito a mulleres de máis de 45 anos -un 10,88% aos homes-.

No ámbito provincial téndese a unha maior igualdade na contratación, posto que o volume de mulleres contratadas é de 43,14%, fronte ao 38,70% da comarca.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	2.019	1.667	1.731	1.619	1.628	-17,43	3,84	-6,47	0,56	-5,24
Mulleres	1.036	1.042	1.070	1.063	1.028	0,58	2,69	-0,65	-3,29	-0,19
TOTAL CONTRATOS	3.055	2.709	2.801	2.682	2.656	-11,33	3,40	-4,25	-0,97	-3,44

TÁBOA 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

Polo que respecta á evolución temporal da contratación segundo o sexo, obsérvanse leves diferenzas en canto á evolución dos homes e mulleres, aínda que ambos acadan unha variación media negativa ao final do período, -5,24% para os homes e -0,19% para as mulleres.

No caso dos homes, teñen unha evolución negativa en todos os intervalos, agás no 2000-2001 -3,84%-. No tocante ás mulleres, increméntase o número de contratos nos anos 1999-2001 e decrece no período 2001-2003, sobre todo neste último ano, -3,29%.




GRÁFICO 16: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	1.122	1.037	1.061	949	932	-7,58	2,31	-10,56	-1,79	-4,53
De 26 a 35 anos	980	866	879	900	824	-11,63	1,50	2,39	-8,44	-4,24
De 36 a 45 anos	542	483	444	451	512	-10,89	-8,07	1,58	13,53	-1,41
De 46 a 55 anos	299	219	284	275	278	-26,76	29,68	-3,17	1,09	-1,80
De 56 e máis anos	112	104	133	107	110	-7,14	27,88	-19,55	2,80	-0,45
TOTAL CONTRATOS	3.055	2.709	2.801	2.682	2.656	-11,33	3,40	-4,25	-0,97	-3,44

Tomando como referente a idade, a evolución da contratación na comarca vén caracterizada por un decrecemento das contratacións en todos os tramos, máis leve nas idades máis avanzadas e máis agudo nas baixas. Isto dá como resultado a variación media no conxunto da comarca de -3,44%.

Polo que respecta aos diferentes intervalos temporais, a grandes trazos pode considerarse o tramo 1999-2000 como negativo para todos os segmentos de idade, igual que sucede en 2001-2002 -a excepción dos tramos comprendidos entre 26 e 45 anos-. É netamente positivo o de 2000-2001, coa excepción dos que teñen entre 36 e 45 anos. O último intervalo ten un comportamento negativo para os menores de 36 anos, e positivo para os que teñen maior idade.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos.

TÁBOA 23: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	31	1,17
Agricultura e pesca	31	1,17
SECTOR SECUNDARIO	512	19,28
Industria	512	19,28
Electricidade	0	0,00
SECTOR CONSTRUCCIÓN	621	23,38
Construción	621	23,38
SECTOR SERVICIOS	1.492	56,17
Comercio e hostalería	463	17,43
Transporte e comunicacións	120	4,52
Outros servizos	909	34,22
TOTAL CONTRATOS	2.656	100,00

O maior número de contratos no ano 2003 rexistrouno o sector servizos, cun 56,17% do total. A unha considerable distancia sitúase o sector da construción -23,38%- e o secundario -19,28%-. Por último está o sector primario, que supón o 1,17% do total das contratacións.

Tendo en conta os subsectores, o de outros servizos é o que rexistra un maior volume de contratacións, co 34,22% do total, seguido do da construción -23,38%- e do da industria -19,28%-.

Facendo unha análise do subsector da industria, obsérvase que as dúas actividades máis representativas son as de outras industrias e as de téxtil e confección, co 49% das contratacións. O 51% restante está encabezado pola de alimentación, co 16% dos contratos.

Servizos caracterízanse por unha distribución máis equitativa entre todas as actividades. Destacan as de comercio e a de servizos á comunidade, cada unha delas co 17% dos contratos.

Nun segundo plano sitúanse as de administracións públicas, 16%, e actividades inmobiliarias e servizos a empresas, 15%, seguidas de cerca por hostalería, 11%, educación -10%- e transporte e comunicacións -8%-.




GRÁFICO 17: Distribución porcentual da contratación na Industria.




GRÁFICO 18: Distribución porcentual da contratación nos servizos.

	SEXO		Menos de 26 anos	IDADE			
	Homes	Mulleres		De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	Máis de 55
SECTOR PRIMARIO	0,72	0,45	0,30	0,49	0,23	0,15	0,00
Agricultura e pesca	0,72	0,45	0,30	0,49	0,23	0,15	0,00
SECTOR SECUNDARIO	10,50	8,77	7,79	5,08	3,99	1,84	0,56
Industria	10,50	8,77	7,79	5,08	3,99	1,84	0,56
Electricidade	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
SECTOR CONSTRUCCIÓN	22,48	0,90	9,07	5,57	4,78	2,48	1,47
Construción	22,48	0,90	9,07	5,57	4,78	2,48	1,47
SECTOR SERVICIOS	27,60	28,58	17,92	19,88	10,28	5,99	2,11
Comercio e hostalería	5,95	11,48	8,06	5,53	2,33	1,09	0,41
Transporte e comunicacións	3,61	0,90	0,79	1,54	1,17	0,72	0,30
Outros servizos	18,03	16,19	9,07	12,80	6,78	4,18	1,39
TOTAL CONTRATOS	61,30	38,70	35,09	31,02	19,28	10,47	4,14

TÁBOA 24: Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.

Tal e como quedou patente en táboas anteriores, o colectivo máis contratado é o masculino, co 61,30% do total dos contratos. Atendendo aos sectores e subsectores económicos, este colectivo é contratado en maior medida no sector servizos -27,60%-, seguido polo da construción -22,48%-. O sector onde recibe menor volume de contratación é o primario -0,72%-.

No caso das mulleres, tamén é o sector servizos o que representa o maior peso na contratación -28,58%-; a continuación sitúase o secundario -8,77%-. Tanto o sector da construción como o primario representan valores moi baixos no sexo feminino, acadando en conxunto o 1,35% dos contratos.

No ámbito sectorial, servizos é o que presenta un maior volume contractual, representado novamente en maior medida polos tramos de idade de menos de 26 e de 26 a 35 anos. O segundo sector en importancia na contratación é o da construción para todas as idades. O subsector outros servizos é o que acada maior volume de contratación para todos os grupos de idade, seguido do da construción. Nun terceiro nivel estaría o de comercio e hostalería para a xente de menos de 36 anos, e o da industria para os que teñen máis desta idade.

TÁBOA 25: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
SECTOR PRIMARIO	46	59	39	39	31	28,26	-33,90	0,00	-20,51	-9,40
Agricultura e pesca	46	59	39	39	31	28,26	-33,90	0,00	-20,51	-9,40
SECTOR SECUNDARIO	674	640	686	568	512	-5,04	7,19	-17,20	-9,86	-6,64
Industria	673	640	686	568	512	-4,90	7,19	-17,20	-9,86	-6,61
Electricidade	1	0	0	0	0	-100,00				-100,00
S. CONSTRUCCIÓN	714	443	572	495	621	-37,96	29,12	-13,46	25,45	-3,43
Construcción	714	443	572	495	621	-37,96	29,12	-13,46	25,45	-3,43
SECTOR SERVICIOS	1.621	1.567	1.504	1.565	1.492	-3,33	-4,02	4,06	-4,66	-2,05
Comercio e hostalería	559	610	611	610	463	9,12	0,16	-0,16	-24,10	-4,60
Transporte e comunicacións	166	169	179	148	120	1,81	5,92	-17,32	-18,92	-7,79
Outros servizos	896	788	714	807	909	-12,05	-9,39	13,03	12,64	0,36
TOTAL CONTRATOS	3.055	2.709	2.801	2.682	2.656	-11,33	3,40	-4,25	-0,97	-3,44

Tendo en conta o período obxecto de análise, todos os sectores e subsectores amosan unha diminución no seu número de contratos, coa excepción do subsector de outros servizos, que practicamente se mantén estable.


O sector primario é o que máis decrece, cunha variación media regresiva do 9,40%. A súa evolución é de crecemento no 1999-2000, decrecemento no 2000-2001, estabilidade no 2001-2002 e, por último, novo descenso no 2002-2003.

Os sectores restantes rexistran baixas en tres dos catro intervalos anuais analizados, salvo o da construción que descende en dous, resultando a variación media para o sector secundario de -6,64%, o sector da construción acada o -3,43% e o sector servizos o -2,05%.

A tendencia na contratación na comarca é á baixa, obtendo só unha variación positiva no período 2000-2001, dada polo importante incremento que se produciu ese ano no sector da construción -29,12%-. No ámbito subsectorial destaca o incremento dos últimos anos 2001-2003 en outros servizos, ao revés do que sucede en comercio e hostalería e mais en transporte e comunicacións.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 19: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.



A comarca de Tabeirós-Terra de Montes amosa unha clara inclinación cara á temporalidade na contratación. Máis da metade dos contratos son temporais a tempo completo -60%-, seguidos polos temporais a tempo parcial -15%-. Polo tanto, tres de cada catro contratos que se realizan teñen carácter temporal, supoñendo os de prácticas/formación o 11%, e os indefinidos a tempo completo o 6% do total.

TÁBOA 26: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	2,94	2,64	1,13	1,81	1,02	0,94	0,68
Indefinido tempo parcial	0,15	0,79	0,30	0,34	0,11	0,19	0,00
Temporal	42,32	18,11	20,37	18,90	12,31	6,14	2,71
Temporal tempo parcial	3,54	11,56	5,91	5,16	2,71	1,17	0,15
Prácticas/Formación	6,44	4,93	6,97	2,30	1,58	0,45	0,08
Outros	5,91	0,68	0,41	2,52	1,54	1,58	0,53
TOTAL CONTRATOS	61,30	38,70	35,09	31,02	19,28	10,47	4,14

A temporalidade perfíase tamén como predominante en ambos os sexos. Se o 60,43% do total dos contratos son temporais a tempo completo, distribúense entre os homes o 42,32% e entre as mulleres o 18,11%.

O segundo tipo de contratación máis frecuente entre as mulleres é a temporal a tempo parcial -11,56%-, mentres que nos homes é a de prácticas /formación -6,44%-.

Na distribución por idade, segue sendo a contratación temporal a que conta con maior peso relativo en todos os tramos, acadando o volume máis elevado no colectivo dos menores de 26 anos.

	PRIMARIO	SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS			
	Agr.,Gand.	Industr.	Electric.		Construc.	Comerc.	Transp.	Outros
Indefinido	0,15	1,54	0,00	1,54	0,60	1,73	0,15	1,39
Indefinido tempo parcial	0,00	0,30	0,00	0,30	0,00	0,49	0,04	0,11
Temporal	0,94	12,88	0,00	12,88	19,92	7,83	4,07	14,80
Temporal tempo parcial	0,08	2,30	0,00	2,30	0,64	5,46	0,19	6,44
Prácticas/Formación	0,00	2,26	0,00	2,26	2,22	1,92	0,08	4,89
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	6,59
TOTAL CONTRATOS	1,17	19,28	0,00	19,28	23,38	17,43	4,52	34,22

TÁBOA 27: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

A contratación predominante en todos os sectores produtivos é a temporal. Tendo en conta o peso relativo, é de salientar que o sector servizos -26,69%- e o sector da construción -19,92%- acadan conxuntamente máis da metade da contratación temporal.

Por outra parte, do 15% de contratos temporais a tempo parcial, un 11,9% concéntrase nos subsectores de comercio e outros servizos; este grao de concentración reproducése para os contratos en prácticas.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	259	244	343	287	148	-5,79	40,57	-16,33	-48,43	-13,06
Indefinido tempo parcial	35	47	47	56	25	34,29	0,00	19,15	-55,36	-8,07
Temporal	1.877	1.607	1.700	1.558	1.605	-14,38	5,79	-8,35	3,02	-3,84
Temporal tempo parcial	427	383	339	412	401	-10,30	-11,49	21,53	-2,67	-1,56
Prácticas/Formación	263	228	202	181	302	-13,31	-11,40	-10,40	66,85	3,52
Outros	194	200	170	188	175	3,09	-15,00	10,59	-6,91	-2,54
TOTAL CONTRATOS	3.055	2.709	2.801	2.682	2.656	-11,33	3,40	-4,25	-0,97	-3,44

TÁBOA 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

Debido ao decrecemento en xeral do volume de contratación na comarca, en todas as modalidades de contratación -agás na de prácticas/formación- se observa unha redución no balance final do período.

Os contratos indefinidos acadan o maior descenso, cunha variación media negativa do -13,06%, seguidos polos indefinidos a tempo parcial (-8,07%). Por outra banda, a redución é menor nos temporais a tempo completo e a tempo parcial, -3,84% e -1,56%, respectivamente.

No caso particular da contratación en prácticas/formación, detéctase unha evolución negativa ata o ano 2002, onde medra considerablemente -variación interanual de 66,85%-, acadando así a única variación media positiva das modalidades de contratación na comarca -3,52%-. Na modalidade de temporal a tempo completo prodúcese unha evolución irregular, decrecendo nos intervalos 1999-2000 e 2001-2002 e crescendo en 2000-2001 e 2002-2003, en tanto que nos temporais a tempo parcial só medra, pero fortemente, no tramo 2001-2002.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

TÁBOA 29: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

	TOTAL CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	13	0,49
HOMES	10	0,38
MULLERES	3	0,11
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	270	10,17
HOMES	197	7,42
MULLERES	73	2,75
3. Técnicos e profesionais de apoio	131	4,93
HOMES	74	2,79
MULLERES	57	2,15
4. Empregados de tipo administrativo	213	8,02
HOMES	50	1,88
MULLERES	163	6,14
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	397	14,95
HOMES	85	3,20
MULLERES	312	11,75
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	72	2,71
HOMES	39	1,47
MULLERES	33	1,24
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	895	33,70
HOMES	703	26,47
MULLERES	192	7,23
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	246	9,26
HOMES	189	7,12
MULLERES	57	2,15
9. Traballadores non cualificados	419	15,78
HOMES	281	10,58
MULLERES	138	5,20
TOTAL CONTRATOS	2.656	100,00
TOTAL HOMES	1.628	61,30
TOTAL MULLERES	1.028	38,70

Segundo os nove grandes grupos de ocupación, e de acordo co exposto na táboa anterior, hai que sinalar a concentración dun 74,6% dos contratos nos seguintes catro grandes grupos:

- Artesáns e traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería -33,70%-.
- Traballadores non cualificados -15,78%-.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -14,95%-.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais -10,17%-.

Por outra parte, atendendo á distribución por sexo, denótanse diferenzas significativas nos contratos en función do grupo de ocupación, como amosa o seguinte cadro:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería - 26,47%- • Traballadores non cualificados -10,58%- • Técnicos profesionais, científicos e intelectuais -7,42%- • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores -7,12%-	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio -11,75%- • Artesáns/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería - 7,23%- • Empregadas de tipo administrativo -6,14%- • Traballadoras non cualificadas -5,20%-

Na maioría dos grupos de ocupación, e dada a forte presenza masculina na contratación nesta comarca, os contratos dos homes son superiores en número aos das mulleres, agás nos que seguen a continuación:

- Empregadas de tipo administrativo: as mulleres representan o 6,14%, en tanto que os homes o 1,88%.
- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: a contratación feminina é 8,55 puntos superior á masculina.

Atendendo á evolución dos contratos durante o período 1999-2002, os datos refliten unha evolución negativa para os seguintes grupos de ocupación:

- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais, cunha variación media de -10,40%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores: variación de -6,36%.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, cun descenso do 6,99%.
- Dirección de empresas e administracións públicas, cun decrecemento do 3,51%.

Os grupos que destacan sobre os demais pola súa variación media positiva son os que seguen a continuación:

- Traballadores cualificados na agricultura e na pesca, cun incremento do 16,56%.
- Técnicos e profesionais de apoio, que se incrementou o 15,74%.

No tocante á evolución segundo o sexo dos contratados, destaca o incremento da contratación masculina na ocupación de traballadores cualificados na agricultura e pesca, cunha variación media anual de 14,11%.

Pola contra, prodúcese un descenso na contratación masculina nos sectores de:

- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais: -11,14%.
- Operadores de instalación e maquinaria, e montadores: -8,19%.
- Empregados de tipo administrativo: -8,07%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: -7,48%.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería: -6,02%.

No que atinxe ás mulleres, destaca o crecemento medio nos seguintes grupos de ocupación:

- Técnicas e profesionais de apoio: 54,51%.
- Traballadoras cualificadas na agricultura e pesca: 19,84%.

É preciso sinalar o decrecemento que se produce na contratación de mulleres nas seguintes actividades:

- Dirección de empresas e administracións públicas: -19,09%.
- Artesáns/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería: -10,18%.
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais: -8,25%.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas.

TÁBOA 30: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO MASCUL. ¹
		N.º	%	N.º	%	N.º	%	
71100016	Albanel	292	10,99	284	17,44	8	0,78	97,26
25130104	Músico instrumentista, en xeral	178	6,70	159	9,77	19	1,85	89,33
42100010	Empregado administrativo, en xeral	145	5,46	36	2,21	109	10,60	24,83
71300018	Carpinteiro, en xeral	138	5,20	111	6,82	27	2,63	80,43
53300010	Dependente de comercio, en xeral	119	4,48	21	1,29	98	9,53	17,65
96020014	Peón da construción de edificios	118	4,44	114	7,00	4	0,39	96,61
86300016	Condutor de camión, en xeral	113	4,25	111	6,82	2	0,19	98,23
79330033	Modista/o	110	4,14	1	0,06	109	10,60	0,91
50200018	Camareiro, en xeral	109	4,10	19	1,17	90	8,75	17,43
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	81	3,05	5	0,31	76	7,39	6,17
TOTAL		1.403	52,82	861	52,89	542	52,72	61,37

(1) *Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100*

Tendo en conta as 10 ocupacións máis contratadas no ano 2003, é salientable o importante grao de concentración que se produce en ambos os sexos na comarca, posto que estas ocupacións representan o 52,82% dos contratos.

As dúas ocupacións máis contratadas na comarca de Tabeirós-Terra de Montes son a de albanel -10,99%- e a de músico instrumentista -6,70%-, que coinciden en ser tamén as máis contratadas entre os homes -17,44% e 9,77% respectivamente-.

As mulleres, en cambio, tenden a ser contratadas en maior medida como empregadas administrativas, modista/o -10,60%- e como dependentas de comercio -9,53%-.

Outro aspecto a ter en conta é o alto grao que acada a contratación masculina no conxunto das dez ocupacións -61,37%-, destacando cunha ratio de masculinidade máis alta nas seguintes actividades:

- Conductor de camión -98,23%-.
- Albanel -97,26%-.
- Peón da construción de edificios -96,61%-.
- Músico instrumentista, en xeral -89,33%-.
- Carpinteiro, en xeral -80,43%-.

Do mesmo xeito, hai unha serie de grupos de ocupación onde é notoria a presenza feminina, cunha ratio de masculinidade por baixo do 25%:


- Modista/o -0,91%-.
- Mozo/Muller de limpeza, limpador -6,17%-.
- Camareira -17,43%-.
- Dependenta de comercio -17,65%-.
- Empregada administrativa -24,83%-.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
71100016	Albanel	355	238	290	265	292
25130104	Músico instrumentista, en xeral	186	175	162	178	178
42100010	Empregado administrativo, en xeral	152	143	148	150	145
71300018	Carpinteiro, en xeral	184	173	173	142	138
53300010	Dependente de comercio, en xeral	136	137	152	135	119
96020014	Peón da construción de edificios	133	99	101	98	118
86300016	Conductor de camión, en xeral	158	115	118	120	113
79330033	Modista/o	253	221	207	117	110
50200018	Camareiro, en xeral	104	144	154	127	109
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	90	95	100	79	81
97000011	PEÓN DA IND. MANUFACTUREIRA, EN XERAL	41	71	74	105	71
25130225	MÚSICO INSTRUMENTISTA GUITARRA	125	0	0	0	0

TÁBOA 31: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.

Polo que respecta á evolución das ocupacións máis contratadas, non se producen variacións significativas na súa composición ao longo do período, e case todas elas tenden a decrecer, co caso máis extremo de músico instrumentista de guitarra, que só ten contratacións no ano 1999, desaparecendo nos anos posteriores.

As únicas dúas ocupacións que finalizan o período cunha suba na contratación son as de camareiro e peón da industria manufactureira, se ben este último desaparece da lista das 10 ocupacións máis contratadas para o último ano.



Comarca de Vigo



5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

A comarca de Vigo caracterízase por unha forte concentración de empresas no sector servizos, que supón algo máis de tres cuartas partes do total -75,98%-. Séguelle en orde de importancia o sector da construción, que engloba o 10,76% das empresas, e o sector secundario, no que se enmarcan o 10,58%.

Facendo unha análise pormenorizada dos subsectores, son os de comercio e hostalería e outros servizos, ambos incluídos no sector servizos, os que agrupan o maior número de empresas, en concreto o 35,83% e o 34,25%, respectivamente.

Os traballadores da comarca están concentrados tamén maioritariamente no sector servizos, se ben cunha porcentaxe menor, 61,88%. A continuación séguelle o secundario, co 26,52%, e o da construción, co 7,82%. En canto aos subsectores, son os de outros servizos, co 34,26%, e o de industria, co 26,52%, os que engloban a maior parte de traballadores.

Unha gran maioría dos autónomos sitúanse no sector servizos, que acada o 78,85% do total deste colectivo. A continuación sitúanse o da construción e o secundario, co 12,34% e o 8,37%, respectivamente. No que atinxe aos subsectores, o de comercio e hostalería engloba case a metade dos autónomos -48,77%-, seguido do de outros servizos, co 22,12%.

Por último, é salientable a escasa presenza porcentual do sector primario, tanto no que respecta á concentración de empresas -2,68%-, como de traballadores -3,78%-, e autónomos -0,43%-.

5.1.2. Evolución anual

TÁBOA 1: Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	739	724	676	622	500
Agricultura e pesca	739	724	676	622	500
SECTOR SECUNDARIO	2.042	2.030	2.029	2.011	1.975
Industria	2.024	2.011	2.011	1.993	1.957
Electricidade	18	19	18	18	18
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1.782	1.839	1.935	1.906	2.009
Construción	1.782	1.839	1.935	1.906	2.009
SECTOR SERVICIOS	12.065	12.798	13.243	13.647	14.184
Comercio e hostalería	6.050	6.161	6.360	6.467	6.695
Transporte e comunicacións	993	1.017	1.051	1.090	1.095
Outros servizos	5.022	5.620	5.832	6.090	6.394
TOTAL	16.628	17.391	17.883	18.186	18.668

Na táboa 1 e no gráfico 1 pódese apreciar unha redución importante do número de empresas no sector primario para este período, no que acada unha variación media do -9,31%, motivada por un decrecemento das empresas en todos os anos, sobre todo no 2002-2003, no que se reducen un 19,61%.


O sector secundario, con variacións interanuais negativas en todos os intervalos temporais, obtén unha variación media no período do -0,83%, o que se traduce nun estancamento na creación de empresas neste sector, aínda que con certa tendencia á baixa.

Nos sectores da construción e servizos a tendencia é ao crecemento, cunha evolución positiva nestes cinco anos -variación media de 3,04% e 4,13%, respectivamente-, excepto no tramo 2001-2002 onde a construción sofre un leve retroceso.

En consonancia co comentado no ámbito sectorial, hai un estancamento dos subsectores de industria e electricidade neste período; sitúase por riba da media do seu sector o de outros servizos, que acada unha variación media anual de 6,22% e ten un forte incremento entre 1999 e 2000.

Todos estes datos derivan nun lixeiro crecemento global do número de empresas na comarca de Vigo en todos os intervalos temporais, cunha variación media positiva de 2,94%.

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.



TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	5.649	6.246	6.142	5.846	5.643
Agricultura e pesca	5.649	6.246	6.142	5.846	5.643
SECTOR SECUNDARIO	35.229	36.511	37.255	39.924	39.538
Industria	34.689	36.002	36.752	39.418	39.043
Electricidade	540	509	503	506	495
SECTOR CONSTRUCCIÓN	10.394	10.957	11.351	11.553	11.662
Construción	10.394	10.957	11.351	11.553	11.662
SECTOR SERVICIOS	76.822	82.497	85.512	88.805	92.266
Comercio e hostalería	26.485	28.061	29.207	30.623	32.354
Transporte e comunicacións	7.576	8.050	8.318	8.759	8.824
Outros servizos	42.761	46.386	47.987	49.423	51.088
TOTAL	128.094	136.211	140.260	146.128	149.109

O sector primario vén definido por un estancamento do seu número de traballadores no período 1999-2003. De feito, se nos anos 1999-2000 se incrementan os seus valores -variación interanual de 10,57%-, empeza a descender nos intervalos temporais posteriores.

Nos sectores restantes prodúcese un incremento, con variacións interanuais positivas en todos os intervalos, agás no 2002-2003 para o sector secundario. O crecemento máis agudo dáse no sector servizos, cunha variación media do 4,69%, mentres que no secundario e no da construción as variacións medias son do 2,93% e 2,92%, respectivamente.

No ámbito subsectorial destaca a evolución favorable para industria e comercio, incrementando o valor acadado polos seus respectivos sectores -con variacións medias de 3% e 5,13%-

De forma conxunta, o número de traballadores da comarca presenta tamén un leve incremento, cunha evolución positiva en todo o período e unha variación media do 3,87%.




GRÁFICO 2: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	54	61	67	93	101
Agricultura e pesca	54	61	67	93	101
SECTOR SECUNDARIO	1.745	1.835	1.903	1.896	1.954
Industria	1.729	1.821	1.888	1.884	1.941
Electricidade	16	14	15	12	13
SECTOR CONSTRUCCIÓN	2.041	2.235	2.435	2.624	2.880
Construción	2.041	2.235	2.435	2.624	2.880
SECTOR SERVIZOS	14.632	15.729	16.790	17.355	18.401
Comercio e hostalería	9.292	9.836	10.532	10.788	11.380
Transporte e comunicacións	1.618	1.726	1.792	1.834	1.858
Outros servizos	3.722	4.167	4.466	4.733	5.163
TOTAL	18.472	19.860	21.195	21.968	23.336

TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

O número de autónomos crece en todos os sectores no período 1999-2003, aínda que os ritmos de crecemento son diferentes en cada un deles.

Deste xeito, o sector primario é no que se produce un aumento maior, destacando o forte incremento que se dá no tramo 2001-2002, onde se acada unha variación interanual do 38,81%.

Nos sectores da construción e dos servizos, así como nos subsectores que os integran, hai unha evolución positiva estable en todos os intervalos anuais, cunha variación media final do 8,99% no primeiro e do 5,90% no segundo.




GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.

O caso do sector secundario diverxe con respecto aos anteriores, posto que nos anos 2001-2002 sofre unha leve redución, se ben obtén valores positivos para o conxunto do período -variación media 2,87%-.

Globalmente, o establecemento de traballadores autónomos incrementouse neste quinquenio, cunha evolución positiva en todos os anos e un crecemento final do 6,02%.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Baiona	564	256	820
Fornelos de Montes	180	87	267
Gondomar	674	270	944
Mos	895	476	1.371
Nigrán	708	385	1.093
O Porriño	1.186	598	1.784
Pazos de Borbén	255	157	412
Redondela	1.559	1.059	2.618
Salceda de Caselas	436	223	659
Soutomaior	372	268	640
Vigo	19.781	9.830	29.611
TOTAL	26.610	13.609	40.219

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia - PARADOS	47,21
% comarca/provincia - NON PARADOS	47,45

O concello de Vigo agrupa case tres cuartas partes dos demandantes de emprego da comarca, englobando o 73,62% do total. A considerable distancia é seguido polo concello de Redondela, que aglutina o 6,51% da demanda laboral, e polo do Porriño, co 4,43%.

Diferenciando os demandantes parados dos non parados, obsérvase que a relación dos parados supera á dos non parados en todos os concellos, cunha considerable prevalencia dos primeiros, que supoñen o 66,16% dos demandantes totais.

En relación coa provincia de Pontevedra, é destacable que case a metade dos demandantes se localicen na comarca de Vigo, amosando un peso específico entre similar os parados e os non parados.




GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.


5.2.2. Evolución dos demandantes parados

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	23.714	23.920	24.353	25.982	26.611
VARIACIÓN INTERANUAL %		0,87	1,81	6,69	2,42
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	47,05	47,98	49,64	48,83	47,21

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

Para o conxunto dos demandantes parados da comarca, obsérvase unha tendencia a un crecemento leve pero continuo en todo o intervalo temporal, destacando como o máis elevado o que se produce no 2001-2002, cunha variación interanual do 6,69%.

GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.



O peso relativo dos demandantes parados da comarca na provincia segue unha tendencia á estabilidade, con lixeiros incrementos e descensos no período, acadando ao final do quinquenio un valor similar ao do inicio.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 6: Situación laboral dos demandantes

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	4.181	10,40	11,42
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	22.429	55,77	54,86
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.473	3,66	3,82
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	5.230	13,00	12,34
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	2.685	6,68	5,80
	En expediente de regulación de emprego	480	1,19	1,28
	Demandantes de mellora de emprego	2.571	6,39	7,00
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	1.013	2,52	2,89
	Resto de demandantes	157	0,39	0,60
	TOTAL	40.219	100,00	100,00

Cómpre sinalar, en primeiro lugar, que algo máis da metade dos demandantes de emprego son parados con emprego anterior -55,77%-. Este colectivo é seguido en nivel de importancia polo dos non parados con emprego anterior -13%- e polo dos parados sen emprego anterior -10,40%-.

Estas cifras son semellantes ás da provincia de Pontevedra, onde se manteñen os parados con emprego anterior como o grupo con maior peso. O mesmo sucede cos non parados con emprego anterior, nos que a porcentaxe se reduce lixeiramente na provincia, e cos parados sen emprego anterior, nos que se dá a situación inversa, dun leve incremento da provincia con respecto á comarca. No resto de posibles situacións laborais dos demandantes, obsérvase unha similitude entre os valores provinciais e comarcais.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	2.091	2.466	7,86	9,27	17,13	19,33
26 a 35 anos	3.132	4.831	11,77	18,15	29,92	30,92
36 a 45 anos	1.861	3.860	6,99	14,51	21,50	21,51
46 a 55 anos	1.707	3.452	6,41	12,97	19,39	17,42
56 e máis anos	1.466	1.744	5,51	6,55	12,06	10,83
TOTAL COMARCA	10.257	16.353	38,55	61,45	100,00	47,21
TOTAL PROVINCIA	21.790	34.575	38,66	61,34	47,21	100,00

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

No conxunto de demandantes parados da comarca hai unha presenza maioritaria de mulleres -61,45%-. Ademais, un 47,05% do total teñen menos de 36 anos. Estes dous valores están moi preto dos acadados pola provincia de Pontevedra -61,34% de mulleres, e 50,25% menores de 36 anos-.

En todos os grupos de idade, a presenza porcentual das mulleres é superior á dos homes. Tamén nos dous sexos, o grupo de idade máis representativo é o de 26 a 35 anos, seguido no caso das mulleres polo de 36 a 45 anos e no dos homes polo de menos de 26 anos.

A comparación co nivel provincial reflite unha situación análoga, con datos porcentuais moi próximos. Deste xeito, o grupo de idade máis representativo nos dous territorios é o de 26 a 35 anos, seguido polo de 36 a 45 anos e polo de menos de 26 anos.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	1.148	1.445	8,44	10,62	19,05	19,01
26 a 35 anos	1.351	2.477	9,93	18,20	28,13	28,25
36 a 45 anos	808	1.898	5,94	13,95	19,88	21,24
46 a 55 anos	795	1.748	5,84	12,84	18,69	18,04
56 e máis anos	984	955	7,23	7,02	14,25	13,47
TOTAL COMARCA	5.086	8.523	37,37	62,63	100,00	47,45
TOTAL PROVINCIA	10.780	17.899	37,59	62,41	47,45	100,00

TÁBOA 7.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.


Os datos referidos aos demandantes non parados refliten de novo a tendencia comentada no caso anterior. Así, o 62,63% son mulleres, e os grupos de idade máis novos concentran a maioría da demanda.

As mulleres superan porcentualmente aos homes en todos os grupos de idade, agás no máis avanzado, de máis de 56 anos, onde os homes acadan unha porcentaxe levemente superior.

No caso feminino, o grupo máis numeroso está representado polas mulleres de 26 a 35 anos -18,2%-, seguido polo das que teñen entre 36 e 45 anos -13,95%-. No colectivo masculino tamén é maioritario o intervalo de 26 a 35 anos -9,93%-, pero seguido nesta ocasión polo de menos de 26 anos -8,44%-.


Tanto no ámbito provincial como comarcal, a maioría de demandantes non parados reúnense nos grupos de idade que van ata os 45 anos, establecéndose o de 26 a 35 anos como o intervalo máis numeroso en ambos os casos.

GRÁFICO 6: Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.



Pódese observar aquí graficamente o predominio dos demandantes parados sobre os non parados en todos os grupos de idade. Do mesmo xeito, para os dous colectivos, o grupo de idade máis representativo é o de 26 a 35 anos -onde se observa unha maior presenza de demandantes parados- e o que acada un menor peso relativo é o intervalo de máis de 55 anos.

GRÁFICO 7: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.



A presenza feminina é predominante tanto no grupo de demandantes parados como no de non parados. Para os dous sexos, o colectivo de parados acada unha maior proporción que o de non parados.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

TÁBOA 8.1: Distribución dos demandantes parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	7.605	28,58	30,37
Titulación de ensinanza obrigatoria	10.559	39,68	39,89
Formación profesional	1.515	5,69	6,19
BUP/Bacharelato superior/COU	3.779	14,20	11,93
Titulados universitarios	2.586	9,72	9,08
Outras titulacións	566	2,13	2,54
TOTAL	26.610	100,00	100,00

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

A maioría dos demandantes parados teñen estudos obrigatorios -39,68%- ou non chegaron a acadar este nivel -28,58%-. Esta situación dáse tamén na provincia, cunha porcentaxe case idéntica nos estudos obrigatorios e 1,79 puntos superior no caso dos que non acadaron a ensinanza obrigatoria.

O terceiro grupo en importancia é, tanto na comarca como na provincia, o daqueles demandantes que posúen o bacharelato, seguido dos titulados universitarios.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	4.078	29,97	32,64
Titulación de ensinanza obrigatoria	4.879	35,85	35,31
Formación profesional	716	5,26	6,04
BUP/Bacharelato superior/COU	2.270	16,68	13,79
Titulados universitarios	1.437	10,56	10,49
Outras titulacións	229	1,68	1,73
TOTAL	13.609	100,00	100,00

TÁBOA 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

Unha situación semellante repítese nos demandantes de emprego non parados, posto que tanto na comarca como na provincia, a maioría teñen estudos obrigatorios ou non chegaron a acadar esa titulación -65,82% na comarca e 67,95% na provincia-.

De novo, o terceiro grupo en importancia é o daqueles que teñen o bacharelato, seguido dos titulados universitarios. É destacable que as porcentaxes nos dous territorios son practicamente idénticas, debido ao importante peso porcentual que esta comarca posúe en relación coa provincia.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	6,26	1,09	0,50	7,86
	Mulleres	6,32	1,54	1,41	9,27
26 a 35 anos	Homes	7,98	2,09	1,71	11,77
	Mulleres	9,26	3,11	5,78	18,15
36 a 45 anos	Homes	3,93	1,20	1,86	6,99
	Mulleres	5,45	2,23	6,83	14,51
46 a 55 anos	Homes	2,69	0,98	2,74	6,41
	Mulleres	3,08	1,57	8,32	12,97
56 e máis anos	Homes	1,18	0,95	3,39	5,51
	Mulleres	1,07	0,59	4,89	6,55
TOTAL COMARCA		47,23	15,35	37,42	100,00
TOTAL PROVINCIA		52,82	14,49	32,69	100,00

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

Case a metade dos demandantes parados da comarca de Vigo levan buscando emprego menos de 6 meses -47,23%-. A continuación sitúanse os que levan buscando máis dun ano -37,42%-.

A distribución de valores segundo a idade segue a mesma tendencia cara ao paro de curta duración, excepto nas mulleres de máis de 36 anos e nos homes de máis de 45, onde a situación se inverte para ser o paro de longa duración a situación máis frecuente.

No referente ao sexo, debido á maior porcentaxe de mulleres demandantes, a presenza feminina é lixeiramente superior en todas as circunstancias segundo a duración de busca de emprego. Non obstante, é salientable a gran diverxencia que se dá no paro de longa duración, posto que do 37,42% dos demandantes que levan buscando emprego máis dun ano, o 27,23% son mulleres.

Na comparativa co nivel provincial, obsérvase unha leve diferenza porcentual de 5,59 puntos a favor da provincia naqueles que levan buscando emprego menos de 6 meses, así como a situación inversa nos que levan buscando máis dun ano.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia


TABOA 10: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	531	2,00	3,16	242	1,78	3,66
Sector secundario	5.722	21,50	19,25	2.801	20,58	18,72
Construción	2.165	8,14	9,92	792	5,82	7,12
Sector servizos	14.056	52,82	50,62	7.782	57,18	55,04
Sen actividade previa	4.136	15,54	17,04	1.992	14,64	15,46
TOTAL	26.610	100,00	100,00	13.609	100,00	100,00

Atendendo á actividade económica de procedencia, tanto nos parados como nos non parados, a maioría proceden do sector servizos -o 52,82% dos parados e o 57,18% dos non parados-. A unha distancia considerable sitúanse tamén nos dous casos aqueles que proceden do sector secundario -21,5% e 20,58%- e os que non realizaron ningunha actividade previa.


En relación cos datos provinciais, tanto nos parados coma nos non parados, e partindo da similitude na distribución sectorial de demandantes, os datos da provincia son levemente inferiores nos que proveñen do sector servizos e secundario, e lixeiramente superiores nos demais casos.

GRÁFICO 8: Demandantes parados na industria.



Dentro do subsector industrial, cobran especial importancia cuantitativa aqueles demandantes procedentes das actividades de fabricación de material de transporte -23%-, así como a de outras industrias -24%-; a unha certa distancia sitúanse as actividades de alimentación -16%- e a de têxtil e confección -15%.

GRÁFICO 9: Demandantes parados nos servizos.



No sector servizos é salientable a presenza de demandantes parados nas actividades inmobiliarias -26%-, as de comercio -24%- e hostalería -15%-. Entre estas tres actividades concentran o 65% dos demandantes dos servizos, distribuíndose a porcentaxe restante dunha forma regular entre as diversas actividades.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Empregado administrativo, en xeral	3.777	9,39	8,97
Dependente de comercio, en xeral	3.714	9,23	9,31
Peón da ind. manufactureira, en xeral	3.516	8,74	7,42
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	2.641	6,57	7,08
Camareiro, en xeral	1.156	2,87	3,12
Peón da ind. metál. e fab. prod. metál.	763	1,90	1,02
Auxiliar de clínica	690	1,72	1,56
Oper. máquina ind. coser á plana, ex. pel: calzado	658	1,64	0,98
Cociñeiro, en xeral	576	1,43	1,79
Coidadora de gardería infantil	513	1,28	1,04

TÁBOA 11: Ocupacións máis demandadas.

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Titulación ensinanza obrigatoria	Titulación ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Empregado administrativo	Dependente de comercio
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Fornelos de Montes	5	0,04
Soutomaior	35	0,30
Salceda de Caselas	25	0,22
Redondela	590	5,14
O Porriño	1.859	16,19
Pazos de Borbén	18	0,16
Nigrán	339	2,95
Gondomar	207	1,80
Baiona	729	6,35
Vigo	7.398	64,43
Mos	277	2,41
TOTAL COMARCA	11.482	100,00

Total ofertas provincia:	32.805
Comarca/Provincia:	35,00

Na comarca de Vigo recolléronse o 35% do total das ofertas realizadas na provincia de Pontevedra, polo que é a comarca cun maior peso relativo.

O concello de Vigo é o que engloba a maioría destas ofertas, co 64,43% do total, seguido polo do Porriño, no que se produciron o 16,19%. As nove localidades restantes da comarca reciben, no seu conxunto, o 19,38% das ofertas, se ben é salientable que concellos como Fornelos de Montes, Soutomaior, Pazos de Borbén e Salceda de Caselas non acadan o 1% das ofertas realizadas na comarca.

TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
Vigo	6.672	9.021	8.307	9.691	7.398	35,21	-7,91	16,66	-23,66	2,62
Salceda de Caselas	5	101	32	71	25	1920,0	-68,32	121,88	-64,79	49,53
Redondela	734	754	646	570	590	2,72	-14,32	-11,76	3,51	-5,31
Soutomaior	6	20	29	60	35	233,33	45,00	106,90	-41,67	55,41
O Porriño	779	1.536	1.792	2.188	1.859	97,18	16,67	22,10	-15,04	24,29
Nigrán	38	346	338	386	339	810,53	-2,31	14,20	-12,18	72,82
Mos	310	351	311	337	277	13,23	-11,40	8,36	-17,80	-2,77
Baiona	566	649	566	682	729	14,66	-12,79	20,49	6,89	6,53
Gondomar	37	193	218	245	207	421,62	12,95	12,39	-15,51	53,79
Fornelos de Montes	0	0	3	6	5	0,00	0,00	100,00	-16,67	
Pazos de Borbén	1	7	6	13	18	600,00	-14,29	116,67	38,46	105,98
TOTAL COMARCA	9.148	12.978	12.248	14.249	11.482	41,87	-5,62	16,34	-19,42	5,85
TOTAL PROVINCIA	22.277	29.137	32.188	35.951	32.805	30,79	10,47	11,69	-8,75	10,16

A evolución das ofertas no conxunto da comarca vén marcada principalmente pola evolución dos concellos de Vigo e do Porriño, dado o baixo peso específico das localidades restantes, onde o reducido número de ofertas fai que as variacións acaden cifras, en ocasións, extremas.

Deste xeito, tanto no concello de Vigo como no do Porriño preséntase un incremento no número de ofertas no período 1999-2003. De forma individual, o concello de Vigo acadou unha variación media do 2,62%, con reducións nos anos 2000-2001 e 2002-2003. Pola contra, o concello do Porriño vén marcado por un importante incremento no 1999-2000 e unha redución no 2002-2003, acadando finalmente unha variación media do 24,29%.

No ámbito comarcal, a evolución vai parella ao concello de Vigo, debido ao seu importante peso específico. Así, prodúcese un incremento nas ofertas nos anos 1999-2000 e 2001-2002 -variación interanual de 35,21% e 16,66% para o concello de Vigo, fronte ao 41,87% e 16,34% na comarca-, acompañado por reducións nos intervalos restantes.

O balance final do período no ámbito comarcal é unha variación media positiva do 5,85%, 4,31 puntos porcentuais inferior ao do conxunto da provincia de Pontevedra, que só sofre un descenso nas ofertas nos anos 2002-2003.

Tomando como referencia o resto de localidades para comparar a súa evolución coa do concello de Vigo, pódese observar o leve incremento de ofertas que se produce nesta localidade, así como os maiores ritmos de crecemento acadados nos anos 2000 e 2002.

No conxunto dos concellos restantes, apréciase unha tendencia moi semellante á do concello de Vigo, se ben apenas se observa un decrecemento para o intervalo 2000-2001.




GRÁFICO 10: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.


5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica.

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Vigo	30	60,00	818	58,68	1.383	62,21	5.167	66,12
Salceda de Caselas	0	0,00	4	0,29	9	0,40	12	0,15
Redondela	2	4,00	104	7,46	77	3,46	407	5,21
Soutomaior	0	0,00	0	0,00	5	0,22	30	0,38
O Porriño	7	14,00	273	19,58	346	15,56	1.233	15,78
Nigrán	9	18,00	11	0,79	125	5,62	194	2,48
Mos	1	2,00	57	4,09	56	2,52	163	2,09
Baiona	0	0,00	98	7,03	128	5,76	503	6,44
Gondomar	1	2,00	28	2,01	93	4,18	85	1,09
Fornelos de Montes	0	0,00	0	0,00	0	0,00	5	0,06
Pazos de Borbén	0	0,00	1	0,07	1	0,04	16	0,20
TOTAL COMARCA	50	100,00	1.394	100,00	2.223	100,00	7.815	100,00
TOTAL PROVINCIA	369		3.563		6.015		22.853	

TÁBOA 15: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.


A distribución das ofertas por concellos segundo a actividade económica amosa de novo a concentración da case totalidade destas no concello de Vigo. Deste modo, en todos os sectores a maior porcentaxe de ofertas concéntrase nesta localidade. A continuación sitúase o concello do Porriño, tamén en todos os sectores, agás no primario, onde se coloca en segundo lugar o de Nigrán, co 18% das ofertas.

GRÁFICO 11: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.




Na comarca de Vigo é salientable o peso do sector servizos, posto que o 68,1% das ofertas laborais proceden deste sector. O sector que segue en nivel de importancia é o da construción, co 19,4% das ofertas, e o secundario, co 12,1%. No ámbito provincial repítense os mesmos datos, con porcentaxes practicamente idénticas.

GRÁFICO 12: Distribución porcentual das ofertas na industria.



Dentro do subsector industrial, a cuarta parte das ofertas xeradas proceden da actividade de outras industrias. Son tamén salientables as procedentes da fabricación de material de transporte -18%- , metalurxia e fabricación de produtos metálicos -15%- , así como da alimentación -14%- e da téxtil -13%-.

GRÁFICO 13: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



O 25% das ofertas do sector servizos derívanse das actividades inmobiliarias e servizos a empresas. A continuación, con porcentaxes practicamente idénticas, sitúanse as administracións públicas, a hostalería e o comercio. Por último, e distribuídas de forma regular, colócanse o resto das actividades, todas elas cunha representatividade inferior ao 6%.

TÁBOA 16: Evolución das ofertas por sectores económicos.

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	50	39	48	77	50
Secundario	1.722	1.880	1.549	2.012	1.394
Construción	1.566	2.589	2.787	2.443	2.223
Servizos	5.810	8.470	7.863	9.715	7.815
Sen actividade	0	0	1	2	0
TOTAL COMARCA	9.148	12.978	12.248	14.249	11.482
TOTAL PROVINCIA	22.277	29.137	32.188	35.951	32.805

Segundo os sectores económicos, as ofertas da comarca de Vigo presentan unha evolución dispar no período 1999-2003. Deste xeito, no sector primario prodúcese unha redución nos anos 2000 e 2003, e un aumento en 2001 e 2002, acadando finalmente os valores iniciais do período.

O sector secundario é o único no que as ofertas descendén neste período, pois acada unha variación media do -5,15%, tras sufrir variacións interanuais negativas nos anos 2000-2001 e 2002-2003.

Nos sectores da construción e servizos, aínda que con leves diminucións en dous dos catro intervalos anuais estudados, a tendencia é ao incremento, lixeiramente superior no primeiro. Acadan, por tanto, unha variación media do 9,15% o sector da construción e do 7,69% o sector servizos.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

Do conxunto de ofertas xestionadas na comarca de Vigo, tan só o 21,34% delas especifican o sexo como requisito indispensable para ocupar un posto de traballo.

Facendo unha análise máis pormenorizada por sectores económicos, é salientable que no sector da construción a demanda de mulleres é practicamente inexistente, posto que do total de ofertas deste sector que especifican o sexo, soamente o 1,18% delas requiren a este colectivo.

No sector secundario a demanda masculina é tamén superior á feminina, sobre todo se temos en conta que tres cuartas partes das ofertas solicitan persoas do xénero masculino. A demanda de mulleres só supera á dos homes nas actividades de téxtil e confección e na de alimentación.

No sector servizos a demanda de mulleres é superior á dos homes, acadando o 60% do total. As únicas actividades nas que os homes superan ás mulleres neste caso son as de comercio e actividades inmobiliarias e servizos a empresas.

O 31,47% das ofertas recollidas na comarca de Vigo teñen como esixencia a posesión dun determinado nivel de estudos, se ben o 66,45% delas tan só reclaman como máximo o nivel de ensinanza obrigatoria. Os niveis máis demandados a continuación son os de formación profesional -18,9%- e de titulados universitarios -10,49%-.

As actividades que máis requiren traballadores con baixo nivel de estudos son os da construción, administracións públicas e actividades inmobiliarias e servizos a empresas. Estes dous últimos son os que concentran tamén a maioría de demandas de titulados universitarios e con formación profesional.




GRÁFICO 14: Ofertas por sexo segundo o sector económico da comarca.




GRÁFICO 15: Ofertas por nivel académico da comarca.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

As ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores da comarca no ano 2003 son as de axente comercial, camareiro-barman e albanel.

TÁBOA 17.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

	1999	2000	2001	2002	2003
Axente comercial / Vendedor	539	1.119	614	580	682
Camareiro - Barman	130	447	411	542	516
Albanel	172	460	627	599	413
Peón de albanel/Peón de obras públicas	38	222	307	302	233
Empregado do fogar	49	54	62	207	225
Encofrador	31	241	263	227	221
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	60	171	124	184	203
Perruqueiro	10	126	222	205	183
Dependente en xeral	38	117	167	147	162
Axudante de cociña	39	168	95	133	144

Todas as ocupacións seguen unha importante tendencia ao incremento do número de ofertas, agás a de axente comercial, na que o crecemento é máis leve -6,06%-. En todas as demais, aínda que con decrecementos no período, a variación media final supera o 24%, destacando sobre todo o caso da ocupación de perruqueiro, que, debido á súa progresión nos anos 1999-2000, acada unha variación media do 106,83%.

TÁBOA 17.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

	1999	2000	2001	2002	2003
Peón da ind. manufactureira, en xeral	370	851	1.073	1.334	881
Empregado administrativo, en xeral	195	184	309	368	264
Albanel	596	402	299	231	193
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	205	102	143	137	182
Peón da construción de edificios	222	176	274	162	141
Dependente de comercio, en xeral	238	249	156	200	139
Camareiro, en xeral	226	94	337	234	115
Tubeiro industrial de industria pesada	34	52	56	50	101
Peón da ind. metál. e fab. prod. metál.	151	37	69	243	88
Peón de obras públicas, en xeral	0	1	3	10	87

Nas oficinas de emprego da comarca de Vigo, a ocupación máis requirida no ano 2003 é, con diferenza, a de peón da industria manufactureira. A considerable distancia en canto a números absolutos sitúanse as de empregado administrativo e albanel.

Todas as ocupacións sofren unha progresión negativa no período, excepto as de peón da industria manufactureira, empregado administrativo, tubeiro industrial de industria pesada e peón de obras públicas, que, malia presentaren variacións interanuais negativas nalgún dos intervalos, logran un balance final positivo para o conxunto do período.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
BAIONA	2.064	1,28
FORNELOS DE MONTES	97	0,06
GONDOMAR	1.596	0,99
MOS	2.876	1,78
NIGRÁN	1.974	1,22
PAZOS DE BORBÉN	148	0,09
O PORRIÑO	12.083	7,49
REDONDELA	7.824	4,85
SALCEDA DE CASELAS	537	0,33
SOUTOMAIOR	504	0,31
VIGO	131.610	81,59
TOTAL COMARCA	161.313	100,00
TOTAL PROVINCIA	281.952	57,21

TÁBOA 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

A localidade onde se concentran o maior volume de contratos é a de Vigo, co 81,59% do total. A continuación, e con valores máis discretos, sitúanse O Porriño e Redondela, co 7,49% e o 4,85%, respectivamente. Con respecto á provincia de Pontevedra, a comarca de Vigo representa unha proporción moi alta, o 57,21% do total de contratos.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
BAIONA	1.379	1.560	1.629	1.945	2.064	13,13	4,42	19,40	6,12	10,61
FORNELOS DE MONTES	95	96	100	113	97	1,05	4,17	13,00	-14,16	0,52
GONDOMAR	1.458	1.703	1.808	1.760	1.596	16,80	6,17	-2,65	-9,32	2,29
MOS	3.544	3.266	2.983	2.740	2.876	-7,84	-8,67	-8,15	4,96	-5,09
NIGRÁN	1.706	1.744	1.772	1.814	1.974	2,23	1,61	2,37	8,82	3,72
PAZOS DE BORBÉN	188	217	143	120	148	15,43	-34,10	-16,08	23,33	-5,81
O PORRIÑO	8.365	16.350	16.046	13.423	12.083	95,46	-1,86	-16,35	-9,98	9,63
REDONDELA	6.270	8.071	8.184	8.387	7.824	28,72	1,40	2,48	-6,71	5,69
SALCEDA DE CASELAS	919	874	642	499	537	-4,90	-26,54	-22,27	7,62	-12,57
SOUTOMAIOR	622	673	630	446	504	8,20	-6,39	-29,21	13,00	-5,12
VIGO	135.484	134.808	128.848	128.169	131.610	-0,50	-4,42	-0,53	2,68	-0,72
TOTAL COMARCA	160.030	169.362	162.785	159.416	161.313	5,83	-3,88	-2,07	1,19	0,20
TOTAL PROVINCIA	268.994	284.771	269.975	277.433	281.952	5,87	-5,20	2,76	1,63	1,18

TÁBOA 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

A evolución da contratación entre os anos 1999-2003 reflíte unha evolución e balance desigual para as diferentes localidades da comarca. Deste xeito, en cinco das once localidades -Mos, Pazos de Borbén, Salceda de Caselas, Soutomaior e Vigo- redúcese a contratación neste período, onde é salientable o caso de Mos polo seu volume de contratación, e no que o número de contratos descenden todos os anos, agás o último, acadando unha variación media de -5,09%.

Nos seis concellos restantes o número de contratos increméntase, sobre todo en Baiona e O Porriño, onde a variación media é de 10,61% e 9,63%, respectivamente. Nestes dous concellos a evolución da contratación é moi diferente; así, en Baiona prodúcese un crecemento constante do número de contratos durante este período; en cambio, no Porriño, despois do forte aumento no intervalo 1999-2000 -variación interanual de 95,46%- , hai un descenso continuado.

No referente ao concello de Vigo, entre os anos 1999 e 2002 hai decrecementos suaves, para aumentar durante o último ano -2,68%-. Esta situación provoca certa redución do número de contratos, se ben tende a estabilizarse a súa cifra, a variación media é de -0,72%.

Finalmente, o grao de crecemento da contratación é lixeiramente menor na comarca que na provincia, e hai unha diferenza de case un punto a favor da segunda na variación media deste período. Ademais, mentres que na provincia só hai un retroceso no intervalo 2000-2001, na comarca prodúcese entre os anos 2000 e 2002.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

TÁBOA 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	31.931	24.369	56.300	19,79	15,11	34,90
De 26 a 35 anos	29.420	30.301	59.721	18,24	18,78	37,02
De 36 a 45 anos	15.090	14.174	29.264	9,35	8,79	18,14
De 46 a 55 anos	7.878	5.188	13.066	4,88	3,22	8,10
De 56 e máis anos	2.036	926	2.962	1,26	0,57	1,84
TOTAL COMARCA	86.355	74.958	161.313	53,53	46,47	100,00
TOTAL PROVINCIAL	160.314	121.638	281.952	56,86	43,14	100,00

A distribución da contratación na comarca de Vigo caracterízase por ser desigual entre homes e mulleres, acadando os primeiros o 53,53% dos contratos. Por outra parte, a gran maioría dos contratos realízanse nos grupos máis novos, posto que o 71,92% deles asináronos os menores de 36 anos.

Tanto a contratación masculina como a feminina concéntranse nos segmentos de idade máis baixos, con tendencia ao retroceso conforme a idade aumenta, fenómeno un pouco máis presente no caso das mulleres. Non obstante, o tramo máis frecuente para os homes é o de menos de 26 anos -19,79%-, en tanto que nas mulleres é o comprendido entre os 26 e 35 anos -18,78%.

No ámbito provincial repítese a característica da masculinización da contratación, dunha forma aínda máis aguda, acadando os contratos femininos algo menos de tres puntos por baixo do conxunto comarcal.

TÁBOA 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA 99-03
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
Homes	95.511	100.817	91.290	89.053	86.355	5,56	-9,45	-2,45	-3,03	-2,49
Mulleres	64.519	68.545	71.495	70.363	74.958	6,24	4,30	-1,58	6,53	3,82
TOTAL CONTRATOS	160.030	169.362	162.785	159.416	161.313	5,83	-3,88	-2,07	1,19	0,20

Temporalmente, durante o período 1999-2003 reflítense certas diverxencias en canto ao desenvolvemento da contratación de homes e mulleres. Polo que respecta aos contratos femininos, incrementanse en todos os intervalos, agás no 2001-2002, no que sofren unha lixeira redución, variación interanual de -1,58%. Finalmente acadan unha variación media positiva do 3,82%.

En canto aos contratos masculinos, só se incrementan nos anos 1999-2000 e diminúen a continuación os tres anos posteriores; acadan unha variación media no período de -2,49%.

Pódese observar no gráfico anterior como neste quinquenio o peso da contratación masculina se vai reducindo paulatinamente a partir do ano 2000, mentres que na feminina se dá o fenómeno contrario, agás no ano 2002, onde se volve a incrementar a porcentaxe de homes contratados e relación coa de mulleres.




GRÁFICO 16: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	60.052	65.290	58.667	54.400	56.300	8,72	-10,14	-7,27	3,49	-1,60
De 26 a 35 anos	59.246	62.007	61.530	61.641	59.721	4,66	-0,77	0,18	-3,11	0,20
De 36 a 45 anos	27.053	28.313	28.617	28.172	29.264	4,66	1,07	-1,56	3,88	1,98
De 46 a 55 anos	11.314	11.366	11.529	12.249	13.066	0,46	1,43	6,25	6,67	3,66
De 56 e máis anos	2.365	2.386	2.442	2.954	2.962	0,89	2,35	20,97	0,27	5,79
TOTAL CONTRATOS	160.030	169.362	162.785	159.416	161.313	5,83	-3,88	-2,07	1,19	0,20

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.

Tomando como referente a idade, a evolución da contratación na comarca vén definida por unha leve tendencia ao decrecemento nas idades máis baixas e ao incremento nos seguintes intervalos de idade.

Deste xeito, nos menores de 26 anos redúcense as contratacións entre os anos 2000 e 2002, producíndose así unha variación media de -1,6%. No grupo de 26 a 35 anos os contratos descenden nos anos 2000-2001 (variación interanual de -0,77%) e 2002-2003 (-3,11%), tendendo á estabilidade no balance final do período, ao acadar unha variación media de 0,20%. Pola contra, nos colectivos maiores de 36 anos a tendencia é ao crecemento conforme vai aumentando a idade, dándose a maior progresión nos maiores de 56 anos, sobre todo no intervalo 2001-2002, no que se dá unha variación interanual de 20,97%.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	3.226	2,00
Agricultura e pesca	3.226	2,00
SECTOR SECUNDARIO	20.718	12,84
Industria	20.624	12,79
Electricidade	94	0,06
SECTOR CONSTRUCCIÓN	12.762	7,91
Construción	12.762	7,91
SECTOR SERVIZOS	124.607	77,25
Comercio e hostalería	28.071	17,40
Transporte e comunicacións	15.767	9,77
Outros servizos	80.769	50,07
TOTAL CONTRATOS	161.313	100,00

TÁBOA 23: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.

Máis de tres cuartas partes dos contratos da comarca no ano 2003 rexistráronse no sector servizos, co 77,25% do total. A continuación, a unha distancia porcentual de 64,41 puntos, sitúase o sector secundario, e a 69,34 puntos o sector da construción.

GRÁFICO 17: Distribución porcentual da contratación na Industria.





GRÁFICO 18: Distribución porcentual da contratación nos servizos.



É salientable o peso dos subsectores de comercio e hostalería e de outros servizos, que supoñen conxuntamente o 67,47% da contratación comarcal, seguidos a certa distancia polo da industria, co 12,79% do total de contratos.

Para o conxunto do subsector industrial, a actividade máis representativa é a de fabricación de material de transporte, que xunto coa de outras industrias engloban o 56% dos contratos comarcais. A continuación, co 13%, sitúase a metalurxia e fabricación de produtos metálicos, seguida polas restantes actividades, que obteñen porcentaxes similares.

Facendo unha análise máis pormenorizada dos servizos, obsérvase que a actividade máis significativa é a de actividades inmobiliarias e servizos a empresas, co 34% das contratacións. Posteriormente sitúase a actividade de sanidade e servizos sociais, co 16%, seguida polas de transporte e comunicacións e comercio, co 13% e 12%, respectivamente.

TABOA 24: Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e mais
SECTOR PRIMARIO	1,81	0,19	0,25	0,56	0,64	0,47	0,08
Agricultura e pesca	1,81	0,19	0,25	0,56	0,64	0,47	0,08
SECTOR SECUNDARIO	8,90	3,94	4,87	4,83	1,76	0,92	0,46
Industria	8,85	3,94	4,86	4,81	1,75	0,91	0,45
Electricidade	0,05	0,01	0,02	0,02	0,01	0,00	0,01
SECTOR CONSTRUCCIÓN	7,48	0,43	2,53	2,52	1,63	0,99	0,25
Construción	7,48	0,43	2,53	2,52	1,63	0,99	0,25
SECTOR SERVIZOS	35,35	41,90	27,24	29,11	14,11	5,72	1,05
Comercio e hostalería	6,71	10,69	7,54	5,97	2,55	1,04	0,29
Transporte e comunicacións	7,74	2,04	3,09	3,07	2,25	1,09	0,28
Outros servizos	20,90	29,17	16,61	20,08	9,31	3,59	0,48
TOTAL CONTRATOS	53,53	46,47	34,90	37,02	18,14	8,10	1,84

Segundo a distribución porcentual por sexo, e como se comentou anteriormente, o colectivo máis contratado é o masculino. Dentro deste grupo, o maior volume de contratación recólleo o sector servizos, co 35,35% do total, seguido polo secundario -8,90%- e polo da construción -7,48%-. Tendo en conta os subsectores, é salientable a contratación masculina que se dá no de outros servizos, co 20,90% dos contratos.

No caso das mulleres, é de destacar que o sector servizos recolle practicamente a totalidade dos contratos -41,90%-. Dentro deste sector, o subsector de outros servizos supón o 29,17% das contratacións, seguido do de comercio e hostalería, co 10,69%.

En función da distribución por idade, o sector servizos é o que presenta maior volume contractual en todos os grupos de idade, seguido polo secundario tamén en todos os tramos, agás no de 46 a 55 anos, no que é superado case imperceptiblemente polo da construción.

Tendo en conta os subsectores, o de outros servizos é o predominante en todas as idades, e o de comercio e hostalería é o segundo máis importante ata o tramo de 46 a 55 anos, no que pasa a ocupar este posto o de transporte e comunicacións, e o de máis de 56 anos, onde esa posición é ocupada por industria.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
SECTOR PRIMARIO	3.144	3.251	834	3.262	3.226	3,40	-74,35	291,13	-1,10	0,65
Agricultura e pesca	3.144	3.251	834	3.262	3.226	3,40	-74,35	291,13	-1,10	0,65
SECTOR SECUNDARIO	29.565	33.651	28.299	27.355	20.718	13,82	-15,90	-3,34	-24,26	-8,51
Industria	29.518	33.577	28.209	27.264	20.624	13,75	-15,99	-3,35	-24,35	-8,57
Electricidade	47	74	90	91	94	57,45	21,62	1,11	3,30	18,92
S. CONSTRUCCIÓN	13.209	12.715	13.502	12.870	12.762	-3,74	6,19	-4,68	-0,84	-0,86
Construción	13.209	12.715	13.502	12.870	12.762	-3,74	6,19	-4,68	-0,84	-0,86
SECTOR SERVICIOS	114.112	119.745	120.150	115.349	124.607	4,94	0,34	-4,00	8,03	2,22
Comercio e hostalería	23.962	26.745	26.642	28.851	28.071	11,61	-0,39	8,29	-2,70	4,04
Transporte e comunicacións	19.025	17.782	16.771	13.407	15.767	-6,53	-5,69	-20,06	17,60	-4,59
Outros servizos	71.125	75.218	76.737	73.091	80.769	5,75	2,02	-4,75	10,50	3,23
TOTAL CONTRATOS	160.030	169.362	162.785	159.416	161.313	5,83	-3,88	-2,07	1,19	0,20

TÁBOA 25: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.


No período 1999-2003, o sector produtivo que presenta un maior descenso no número de contratos é o secundario, que sofre variacións interanuais negativas a partir do ano 2000, e que obtén unha variación media final de -8,51%, motivada principalmente pola redución da contratación que se dá no subsector da industria.

O sector primario é o que amosa maiores oscilacións na súa evolución ao longo deste período, destacando a caída dos contratos no ano 2001 (variación interanual de -74,35%) e a forte recuperación posterior no 2002 -291,13%-. Finalmente, ao longo do quinquenio prodúcese un lixeiro incremento dos contratos en números absolutos (variación media de 0,65%). Cunha tendencia a un decrecemento moi leve, o sector da construción experimenta breves reducións ao longo deste período, coa excepción do tramo comprendido entre 2000 e 2001.

O sector servizos é o que manifesta o aumento máis significativo, a pesar da baixa que se rexistra no ano 2002 e do decrecemento que se dá no subsector de transporte e comunicacións, cunha variación media negativa do 4,59%. As subas de comercio e hostalería, e outros servizos provocan que a súa variación media sexa positiva -2,22%-, aumentando en todos os tramos temporais, coa excepción do comprendido entre 2001 e 2002, especialmente no último ano -variación interanual de 8,03%-.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 19: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.



A comarca de Vigo caracterízase por un elevado predomínio da contratación temporal, posto que o 91% dos contratos -ben a tempo completo ou parcial- que se realizan presentan esta peculiaridade. A unha gran distancia sitúanse os indefinidos, que sumando as dúas modalidades supoñen o 5% do total.

TÁBOA 26: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	2,43	1,23	0,64	1,35	0,83	0,66	0,19
Indefinido tempo parcial	0,27	0,60	0,26	0,33	0,14	0,10	0,04
Temporal	40,82	30,75	23,68	27,39	13,66	5,80	1,04
Temporal tempo parcial	7,56	12,76	8,40	7,17	3,04	1,16	0,53
Prácticas/Formación	1,19	0,83	1,66	0,32	0,03	0,01	0,00
Outros	1,26	0,30	0,25	0,47	0,44	0,37	0,04
TOTAL CONTRATOS	53,53	46,47	34,90	37,02	18,14	8,10	1,84

Tanto nos homes como nas mulleres, o tipo de contratación predominante é a temporal a tempo completo -40,82% e 30,75%, respectivamente-. Polo que respecta ao segundo tipo máis frecuente, a temporal a tempo parcial, predomina a contratación das mulleres sobre os homes -12,76% fronte ao 7,56%-. Na contratación indefinida, ben sexa a tempo completo ou parcial, apenas se observan diferenzas significativas segundo o sexo -2,7% homes, 1,83% mulleres-.

Na distribución por idade, segue sendo a contratación temporal a tempo completo a que conta con maior peso relativo en todos os tramos, destacando o de 26 a 35 anos, onde se concentran o 27,39% dos contratos temporais, seguido polo de menos de 26 anos, co 23,68%. A seguinte modalidade máis contratada en todos os tramos de idade é a temporal a tempo parcial.

TÁBOA 27: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

	PRIMARIO	SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS			
	Agr., Gand.	Industr.	Electric.		Construc.	Comerc.	Transp.	Outros
Indefinido	0,82	0,45	0,00	0,45	0,26	0,88	0,51	0,75
Indefinido tempo parcial	0,01	0,10	0,00	0,10	0,03	0,38	0,04	0,31
Temporal	1,06	10,01	0,05	10,06	6,94	9,48	8,61	35,41
Temporal tempo parcial	0,05	1,74	0,00	1,75	0,36	5,97	0,58	11,61
Prácticas/Formación	0,01	0,45	0,00	0,45	0,32	0,64	0,04	0,57
Outros	0,05	0,04	0,00	0,04	0,00	0,05	0,00	1,42
TOTAL CONTRATOS	2,00	12,79	0,06	12,84	7,91	17,40	9,77	50,07

O sector económico que acada unha maior temporalidade é servizos, que engloba o 71,66% do total dos contratos que se encadran dentro desta tipoloxía. É destacable que neste sector se encadran case todos os contratos temporais a tempo parcial, posto que representa o 18,16% do 20,32% total. No resto de sectores tamén predominan claramente a contratación temporal a tempo completo.

Realizando unha división por subsectores, obsérvase que no de outros servizos se xeran case a metade dos contratos temporais, en concreto o 47,02%. A continuación sitúase o de comercio e hostalería, co 15,45%.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	11.538	10.313	11.110	10.835	5.908	-10,62	7,73	-2,48	-45,47	-15,41
Indefinido tempo parcial	963	1.276	1.159	2.390	1.391	32,50	-9,17	106,21	-41,80	9,63
Temporal	115.715	126.199	117.806	109.910	115.447	9,06	-6,65	-6,70	5,04	-0,06
Temporal tempo parcial	26.178	25.911	27.218	30.539	32.770	-1,02	5,04	12,20	7,31	5,78
Prácticas/Formación	3.871	3.867	3.609	3.461	3.269	-0,10	-6,67	-4,10	-5,55	-4,14
Outros	1.765	1.796	1.883	2.281	2.528	1,76	4,84	21,14	10,83	9,40
TOTAL CONTRATOS	160.030	169.362	162.785	159.416	161.313	5,83	-3,88	-2,07	1,19	0,20

TÁBOA 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

As tipoloxías de contratación que presentan un crecemento no período 1999-2003 na comarca de Vigo son as de indefinido a tempo parcial, temporal a tempo parcial e a categoría de outros. Esta última é a única que se incrementa de forma paulatina en todo o quinquenio, sen sufrir ningunha caída. Neste sentido, é destacable o caso dos contratos indefinidos a tempo parcial, que se incrementan de forma considerable no 2000, para reducirse a continuación e subir de forma aguda no 2002 e descender de novo no 2003.

É importante ter en conta o descenso que se dá no período entre os contratos indefinidos a tempo completo, que acadan unha variación media de -15,41%. Un descenso menor prodúcese nos contratos de prácticas/formación, cunha variación media do -4,14%.

No tocante á tipoloxía máis importante en números absolutos -a temporal a tempo completo-, cómpre sinalar o seu estancamento nestes cinco anos, tras presentar un crecemento nos tramos 1999-2000 e 2002-2003 e un decrecemento entre os anos 2000 e 2002.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

TÁBOA 29: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

	TOTAL CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	326	0,20
HOMES	218	0,14
MULLERES	108	0,07
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	21.818	13,53
HOMES	7.794	4,83
MULLERES	14.024	8,69
3. Técnicos e profesionais de apoio	9.628	5,97
HOMES	5.593	3,47
MULLERES	4.035	2,50
4. Empregados de tipo administrativo	15.950	9,89
HOMES	4.604	2,85
MULLERES	11.346	7,03
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	26.616	16,50
HOMES	6.782	4,20
MULLERES	19.834	12,30
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	1.840	1,14
HOMES	1.763	1,09
MULLERES	77	0,05
7. Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería	17.549	10,88
HOMES	14.313	8,87
MULLERES	3.236	2,01
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	14.390	8,92
HOMES	11.364	7,04
MULLERES	3.026	1,88
9. Traballadores non cualificados	53.196	32,98
HOMES	33.924	21,03
MULLERES	19.272	11,95
TOTAL CONTRATOS	161.313	100,00
TOTAL HOMES	86.355	53,53
TOTAL MULLERES	74.958	46,47

Segundo os nove grandes grupos de contratación, e de acordo co exposto na seguinte táboa, é preciso sinalar a concentración do 73,89% dos contratos nos seguintes catro grandes grupos:

- Traballadores non cualificados -32,98%-
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -16,50%-
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais -13,53%-
- Artesáns, traballadores cualificados na industria manufactureira, construción e minería -10,88%-

Por outra parte, atendendo á distribución por sexo, denótanse diferenzas significativas nos contratos en función do tipo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados -21,03%- • Artesáns/traballadores cualificados na industria manufactureira, construción e minería -8,87%- • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores -7,04%- • Técnicos profesionais, científicos e intelectuais 4,83%-	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio -12,30%- • Traballadoras non cualificadas -11,95%- • Técnicas profesionais, científicas e intelectuais -8,69%- • Empregadas de tipo administrativo -7,03%-

Dada a forte presenza da contratación masculina na comarca de Vigo, na maioría dos grupos de ocupación predominan os homes sobre as mulleres, excepto nos que seguen a continuación:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio. As mulleres superan en 8,1 puntos aos homes.
- Empregados de tipo administrativo. A contratación feminina é 4,18 puntos superior á masculina.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais. A porcentaxe dos homes é 3,86 puntos inferior á das mulleres.

No referente á evolución dos contratos durante o período 1999-2003, os datos refliten unha evolución negativa para os seguintes grupos de ocupación:

- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería, cunha variación media de -7,35%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores: redúcese nun -6,40%.
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca, cun descenso de -3,98%.

Pola contra, os grupos que destacan pola súa evolución positiva son os seguintes:

- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais -9,80%-.
- Técnicos e profesionais de apoio -5,92%-.
- Dirección de empresas e administracións públicas -5,82%-.

No tocante á evolución segundo o sexo dos contratados, é salientable o crecemento na contratación masculina na ocupación de técnicos profesionais, científicos e intelectuais, cunha variación media do 9,13%.

Por outra banda, prodúcese un descenso na contratación de homes nos grupos de :

- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, -8,18%.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, -3,66%.
- Traballadores non cualificados, -3,36%.
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca, -3,20%.

En canto ás mulleres, destaca o crecemento medio nos seguintes grupos de ocupación:

- Dirección de empresas e administracións públicas -11,45%-.
- Técnicas e profesionais de apoio -11,25%-.
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais -10,18%-.

Por último, é preciso sinalar o decrecemento que se produce na contratación feminina nas seguintes actividades:

- Artesáns/traballadoras cualificadas da industria manufactureira, construción e minería, -18,12%.
- Traballadoras cualificadas na agricultura e pesca, -16,31%.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas.

TÁBOA 30: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO MASCUL. ¹
		N.º	%	N.º	%	N.º	%	
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	21.408	13,27	16.296	18,87	5.112	6,82	76,12
42100010	Empregado administrativo, en xeral	9.404	5,83	2.680	3,10	6.724	8,97	28,50
53300010	Dependente de comercio, en xeral	7.510	4,66	1.331	1,54	6.179	8,24	17,72
98000050	Mozo carga/descarga, almacén	7.247	4,49	6.392	7,40	855	1,14	88,20
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	6.422	3,98	1.185	1,37	5.237	6,99	18,45
50200018	Camareiro, en xeral	6.336	3,93	2.265	2,62	4.071	5,43	35,75
71100016	Albanel	4.480	2,78	4.409	5,11	71	0,09	98,42
81700024	Operario cadea automatizada montaxe, en xeral	4.458	2,76	3.643	4,22	815	1,09	81,72
21210020	Médico especialista	3.902	2,42	1.355	1,57	2.547	3,40	34,73
27200025	Enfermeiro de atención primaria	3.788	2,35	323	0,37	3.465	4,62	8,53
TOTAL		74.955	46,47	39.879	46,18	35.076	46,79	53,20

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

Tendo en conta as 10 ocupacións máis contratadas no ano 2003, é salientable o grao de concentración que se produce en ambos os sexos na comarca, debido a que o seu valor é máis baixo que o producido en outras comarcas da provincia, posto que estas ocupacións representan o 46,47% dos contratos realizados neste territorio.

As mulleres tenden a ser contratadas en maior medida como empregadas administrativas e dependentes de comercio, mentres que nos homes as dúas ocupacións máis contratadas son as de peón da industria manufactureira e mozo de carga/descarga.

Outro aspecto que cómpre ter en conta é o alto grao de masculinización que se produce no conxunto das dez ocupacións, destacando o maior volume de contratación masculina nas seguintes ocupacións -a ratio de masculinidade é superior ao 75%-:

- Albanel -98,42%-.
- Mozo carga-descarga -88,2%-.
- Operador de cadea automatizada de montaxe -81,72%-.
- Peón da industria manufactureira -76,12%-.

Pola contra, existen tres ocupacións con maior grado de contratación feminina -ratio de masculinidade por baixo do 25%-:

- Enfermeira de atención primaria -8,53%-.
- Dependenta de comercio -17,72%-.
- Mozo/Muller de limpeza -18,45%-.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	15.626	21.553	22.088	23.793	21.408
42100010	Empregado administrativo, en xeral	9.081	9.602	10.583	10.645	9.404
53300010	Dependente de comercio, en xeral	6.124	7.182	7.167	7.355	7.510
98000050	Mozo carga/descarga, almacén	10.629	11.346	11.292	6.954	7.247
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	6.216	6.250	6.305	6.452	6.422
50200018	Camareiro, en xeral	6.642	7.202	6.508	6.473	6.336
71100016	Albanel	4.638	4.131	4.555	4.520	4.480
81700024	Operario cadea automatizada montaxe, en xeral	5.496	11.285	7.094	5.842	4.458
21210020	Médico especialista	802	1.753	3.190	2.860	3.902
27200025	Enfermeiro de atención primaria	1.860	2.199	3.700	2.796	3.788
97000084	PEÓN DA IND. METÁL. E FÁB. PROD. METÁL.	5.738	8.000	6.658	7.045	3.750
21210011	MÉDICO, MEDICINA XERAL	2.937	1.679	4.094	2.161	3.188
86300016	CONDUCTOR DE CAMIÓN, EN XERAL	2.682	2.596	2.876	3.180	2.428
78010194	LIMPADOR-PREPARADOR PEIXE PARA CONSERVA	6.132	2.539	684	462	1.049

TÁBOA 31: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.

Polo que respecta á evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003, prodúcese lixeiras oscilacións en canto á súa composición, en tanto que catro delas -peón da industria metalúrxica, médico de medicina xeral, condutor de camiión e limpador-preparador de peixe para conserva- desaparecen da lista das máis contratadas ao longo do período.

É salientable, como evolución positiva, a de médico especialista, que aparece na lista no ano 2003, e na que se produce un crecemento do 48,52% nestes cinco anos. Pola contra, como evolución negativa, é destacable o caso de limpador-preparador de peixe para conserva, que desaparece da lista das dez máis contratadas no ano 2000 e que acada unha variación media negativa do -35,69% neste quinquenio.

As ocupacións máis contratadas teñen unha evolución desigual durante o período, destacando o crecemento de peón da industria manufactureira e dependente de comercio -variación media de 8,19% e 5,23%- , o crecemento moi leve de empregado administrativo -0,88%- e o descenso de mozo de carga-descarga, cun valor de -9,13%.